Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 18/03/2021 11:27:16
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 16

Sesión plenaria
10 de decembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Orde do día (Continuación)

Punto 2. Comparecencias

2.1 5989 (11/CPP-000029)
Do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

2.2 1419 (11/CPP-000013)
Da conselleira do Mar, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Punto 5. Interpelacións

5.1 2705 (11/INT-000154)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co sector eólico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

5.2 4969 (11/INT-000338)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co saneamento das rías
Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

5.3 5670 (11/INT-000384)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 5977 (11/POPX-000011)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dun expediente disciplinario ao responsable de xinecoloxía do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.2 5978 (11/POPX-000012)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dunha estratexia para que Galicia reciba o financiamento necesario para a reactivación económica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 5565 (11/POP-000707)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía de axudas directas ás axencias de viaxes para evitar o seu peche no ano 2021
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.2 5451 (11/POP-000693)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do apoio que lle está a prestar o Goberno central ao corredor mediterráneo de mercadorías, en detrimento do corredor atlántico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.3 5966 (11/PUP-000084)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da convocatoria das axudas posdoutorais correspondentes ao ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

7.4 5591 (11/POP-000712)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis
Sobre os principais resultados e conclusións da macroenquisa realizada pola Xunta de Galicia en relación coa percepción da cidadanía galega respecto da violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.5 5717 (11/POP-000729)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as razóns da dirección sanitaria de Ourense para incoar un expediente disciplinario a un profesional do Hospital de Verín.
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 52, do 25.11.2020

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.6 5071 (11/POP-000648)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do inicio do curso marcado pola covid-19 nas escolas infantís de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

7.7 5676 (11/POP-000726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e cinco deputados/as máis
Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún informe de carácter epidemiolóxico das vinte e cinco granxas de visóns existentes en Galicia respecto da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

7.8 5974 (11/PUP-000085)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as afirmacións do conselleiro do Medio Rural nunha rede social respecto de supostos cobros de traballadores da consellaría á cidadanía por axudar a tramitar as solicitudes de corta de madeira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

7.9 2302 (11/POP-000211)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre a disposición do Goberno galego a iniciar un proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, ao tempo de articular medidas de protección económica e social para as persoas mariscadoras da ría, con figuras como a do paro biolóxico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dun expediente disciplinario ao responsable de xinecoloxía do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S).* (Páx. 10.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 11.)
Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S).* (Páx. 13.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dunha estratexia para que Galicia reciba o financiamento necesario para a reactivación económica. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 17.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 20.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

Antes de pasar ao punto de interpelacións, o señor presidente introduce unha das comparecencias do punto segundo da orde do día. (Páx. 22.)

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comparecencia do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 22.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 33.), *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 36.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 39.)

Réplica do Goberno*: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)* (Páx. 43.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 48.) *Nesta rolda interveñen o señor Arangüena Fernández (S)* (Páx. 48.), *o señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 49.), *a señora Prado del Río (P)* (Páx. 51.) *e o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 53.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria.

O señor presidente anuncia un novo cambio no desenvolvemento da sesión co adianto dunha das preguntas ao Goberno. (Páx. 57.)

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía de axudas directas ás axencias de viaxes para evitar o seu peche no ano 2021. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 57.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 59.)
Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx 60.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 61.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia outra alteración ao introducir a segunda comparecencia da orde do día. (Páx. 62.)

Comparecencia da conselleira do Mar, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 63.)

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 69.), *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 73.) *e Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 76.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 79.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 85.) *Nesta rolda interveñen a señora Otero Rodríguez (S)* (Páx. 85.), *a señora Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 87.), *a señora Egerique Mosquera (P)* (Páx. 89.) *e a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 01.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente anuncia a anticipación, antes do punto de interpelacións, dunha das preguntas ao Goberno. (Páx. 95.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a disposición do Goberno galego a iniciar un proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, ao tempo de articular medidas de protección económica e social para as persoas mariscadoras da ría, con figuras como a do paro biolóxico. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 95.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 96.)
Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 97.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 98.)

Suspéndese a sesión ás tres e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Interpelación de Dª Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector eólico. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 99.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 103.)
Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 106.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 108.)

Interpelación de Dª Mercedes Queixas Zas e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co saneamento das rías. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 110.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 113.)

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 116.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 118.)

Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e Dª Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 120.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 122.)
Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 126.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 127.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do apoio que lle está a prestar o Goberno central ao corredor mediterráneo de mercadorías en detrimento do corredor atlántico. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 130.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 131.)
Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)* (Páx. 132.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 132.)

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da convocatoria das axudas posdoutorais correspondentes ao ano 2020. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodil Fernández (S).* (Páx.133.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)* (Páx. 134.)
Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (S).* (Páx. 135.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 136.)

Pregunta de Dª Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os principais resultados e conclusións da macroenquisa realizada pola Xunta de Galicia en relación coa percepción da cidadanía galega respecto da violencia de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 137.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 138.)
Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 139.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 140.)

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da dirección sanitaria de Ourense para incoar un expediente disciplinario a un profesional do Hospital de Verín. (Procedemento de urxencia) (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 141.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 142.)
Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 144.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 144.)

Pregunta de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do inicio do curso marcado pola covid-19 nas escolas infantís de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Suárez Sarmiento (P).* (Páx. 145.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 146.)
Réplica da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P).* (Páx. 147.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 148.)

Alteración da orde do día.

O señor presidente anuncia o aprazamento dunha das preguntas da orde do día, polo que dá paso á derradeira desta sesión plenaria. (Páx. 148.)

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún informe de carácter epidemiolóxico das vinte e cinco granxas de visóns existentes en Galicia respecto da covid-19. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 148.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 150.)
Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 151.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 152.)

O señor presidente, antes de pechar a sesión, pronuncia unas palabras de despedida de tres membros da Cámara que cesan na súa condición de deputados, aos que lles agradece o seu traballo parlamentario e aos lles desexa sorte nas respectivas responsabilidades e destinos futuros. (Páx. .)

Remata a sesión ás sete e trinta e cinco minutos do serán.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Continuamos a sesión co punto sexto da orde do día.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dun expediente disciplinario ao responsable de xinecoloxía do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Vaian hoxe as miñas primeiras verbas para unha xornada histórica na que estamos asistindo á recuperación do Pazo de Meirás para o conxunto da cidadanía. É unha xornada histórica de celebración, de recuperación da memoria democrática, un feito que ten que acompañar a reconstruír a mellor historia do país e tamén a condenar todo aquilo que supuxo o franquismo. *(Aplausos.)* ¡Todos os parabéns ás asociacións, aos movementos e ás administracións que traballan en prol da memoria democrática fronte a calquera outro escenario!

Señor presidente da Xunta, señor Feijóo, o ano pasado, xustamente nestas datas, o Goberno da Xunta de Galicia que vostede preside tentou pechar o paridoiro de Verín. Falaban vostedes da baixa natalidade nese paridoiro, falaban vostedes da perda de pericia dos profesionais, ou sinalaban que por seguridade e por calidade do servizo había que pechar ese paridoiro. Vostedes mesmos atopáronse cun Partido Popular en Ourense que lles deu as costas, que os rectificou, e houbo unha mobilización masiva dos defensores da sanidade pública baixo o lema «Verín non se pecha» que conseguiu que vostedes tivesen que recuar. En decembro empezaron a recuar e en xaneiro anunciaron esa reapertura. E, xustamente nun diario de tirada nacional, en *El País,* publicábase unha determinada crónica que se iniciaba deste xeito: *«No era la aludida falta de pericia de los ginecólogos por asistir a pocos partos, ni siquiera se trataba sólo de que los pediatras de Ourense no quisieran desplazarse a 75 quilómetros cada vez que alguna mujer daba a luz. Ha sido una decisión política equivocada que optaba por acercar la ciudadanía al servicio en vez del servicio a la ciudadanía con el objeto de abaratar costes y con graves riesgos para la vida de las personas" —así valora el jefe de ginecología del Hospital Comarcal de Verín, Javier Castrillo, el anuncio realizado este sábado por la Xunta de Galicia—.»*

Un ano despois atopámonos coa peor cara do Partido Popular, coa cara da represalia, coa cara da purga, coa cara da vinganza política contra un profesional da sanidade pública que defendeu o paridoiro de Verín e que tiña razón. Vostedes abren un expediente a un profesional da sanidade pública cando había que expedientalos a vostedes por tentar pechar o paridoiro de Verín. *(Aplausos.)*

Hai nesa liña, señor Feijóo, unha sucesión de mentiras continuas, unha sucesión de mentiras continuas que vostede segue mantendo cando di textualmente ao final dun consello da Xunta

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Galicia: *«Hay un error, no es un expediente disciplinario, es una denuncia de una pediatra sobre un ginecólogo por entender..., etc.»* Señor Feijóo, vostede engana. É un expediente. O expedinte está aquí *(O señor Caballero Miguez amosa un documento.)*, o expediente ten un número, o expediente está incoado, está feita a apertura polo secretario xeral técnico da Xunta de Galicia. Hai un expediente que se lle remite. Un expediente do que vostede, señor Feijóo, é o responsable político. É o responsable político desta purga. É un expediente que ten intencionalidade política, porque a propia pediatra, cando se lle pregunta no mesmo expediente polo que acontece, responde: *«¿A quién dio traslado del escrito en el cual se describen los hechos objeto de esta información reservada?»*. E responde a pediatra: *«A la Gerencia, a través de mi jefe de servicio. El informe en aquel momento no se hizo por iniciativa propia, fue mi jefe de servicio, que habló con Gerencia y me pidieron que lo hiciera. »*

Hai un expediente fronte ao que vostede di. Hai unha apertura de expediente por instrución de responsables da Consellería nomeados por vostede. Vostede é o responsable político de abrir ese expediente. E vostede débelle a Verín, á sanidade pública, aos que defendemos o paridoiro de Verín e ao xefe de xinecoloxía un respecto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: É un profesional que ten o recoñecemento do Partido Popular en Verín e en Monterrei, que durante vinte anos exerceu con profesionalidade, segundo din os seus compañeiros do PP, sen ningunha queixa durante vinte anos na súa honorabilidade profesional e persoal.

Pedímoslle que recúe. Hai un ano, señor Feijóo, deu marcha atrás co paridoiro de Verín, e pedímoslle que defenda os defensores da sanidade pública, que recúe e que pare un proceso de expediente que é unha represalia, que é unha purga que Galicia non merece.

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Certamente asombra, asombra en ocasións, o que se pode chegar a dicir e a facer por un interese partidista. Digo que asombra porque sorprende a todo o mundo como se pode retorcer, como se pode manipular e como se pode mentir nun diario de sesións e nun parlamento. Os políticos que acoden a este modelo son políticos que están facendo un pésimo servizo á política. E son políticos que están de forma continuada e constante poñendo en cuestión a independencia dos profesionais.

Todo ten un límite. Falar de represalias, de vinganzas, de purgas, nun Estado democrático, nunha administración pública, nun goberno democrático e nun parlamento é lamentable.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sei que non lle importa para nada o que lle vou dicir, non lle importa absolutamente nada. Vai seguir retorcendo e manipulando a realidade. Podía non contestarlle, pero son demócrata. *(Murmurios.)* Si, son demócrata porque son o Goberno, o presidente do goberno democrático de Galicia, señoría. *(Aplausos.)* Son demócrata porque estou aquí grazas á democracia. E son demócrata e respecto esta Cámara aínda que vostede non a respecte. Respecto os profesionais sanitarios aínda que vostede non os respecte. E respecto ese xinecólogo de Verín, a pediatra de Verín e o inspector médico.

Señorías, deixen de utilizar os profesionais dunha forma tan torticera. Señorías, unha profesional, unha pediatra, informa os seus superiores acerca do que ela entende como un trato irrespectuoso e desconsiderado dun compañeiro xinecólogo de Verín diante dunha familia. E, ante esa acusación —segundo me informan—, coméntaselle que, se considera oportuno, pode instar unha información previa —cousa que insta por escrito—. E, despois desa denuncia, o que simplemente se concreta é o instrutor para facer esa información previa. E ese instrutor, un inspector médico, non recibe instrucións de ninguén, señor Caballero. ¿Vostede non cre na independencia da inspección medica en Galicia? ¿Vostede cre que o inspector médico vai facer o que lle diga fulanito ou menganito? É non coñecer nin a Inspección Médica nin como funciona a Inspección Médica, e é outra vez manipular os profesionais da Inspección Médica de Galicia.

Vostede manipula a pediatra, manipula o inspector médico e manipula o xinecólogo. ¡Deixen en paz os profesionais! ¡Deixen que actúen de acordo cos seus regulamentos e coas súas obrigas!

¿Que é o que pretende trasladarme, señor Caballero? O que pretende trasladarme ¿é que, se unha pediatra considera desconsiderado un trato dun profesional, hai que dicirlle que cale? ¿Realmente o que vostede vén aquí trasladar é que non se debería en ningún caso aceptar esa denuncia e arquivala? ¿Vén aquí dicir que hai inspectores médicos que non instrúen conforme a dereito e conforme a súa calidade deontolóxica? Exactamente, señor Caballero, ¿que é o que lle preocupa? ¿Suxire que algunha instancia superior debería agochar a denuncia da pediatra? Pero, señor Caballero, hai máis de vinte expedientes disciplinarios iniciados o pasado ano. ¿Suxire que todos son expedientes contra alguén instados por unha autoridade maléfica que o que pretende é deturpar o funcionamento do sistema sanitario?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señor Caballero, dáme a sensación de que nin coñece vostede a Inspección Médica nin sabe como funciona nin sabe que son funcionarios independentes. E nin sequera sabe o momento procesual no que se atopa o expediente; que, por certo, parece ser que vostede o ten e eu non. *(Fortes murmurios.)* Eu non, señoría, non entro nunca nos expedientes da Inspección Médica, nin sequera cando fun secretario xeral da Consellería.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, se vostede quixera dicir a verdade, diría que hai unha denuncia dunha pediatra, que esa denuncia se tras-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lada á Inspección, que a Inspección inicia unha información reservada e que neste momento o inspector ten que decidir —opción unha— se arquiva o expediente ou —opción dúas— se inicia o expediente. ¿De que está falando, señor Caballero?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Un pouco de respecto pola sanidade do país e un pouco de respecto polos profesionais da sanidade!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica do señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor Feijóo, pedímoslle un pouco de respecto á verdade. O seu goberno está acurralado no caso de Verín pola sucesión de mentiras continuadas; pola sucesión de mentiras escalonadas que vostedes dixeron día tras día rectificando as súas propias mentiras. Primeiro non se podía abrir porque non tiñan pericia os xinecólogos, e estamos vendo como o paridoiro segue funcionando con normalidade, con profesionalidade e con capacidade. Despois sinalaban que non había profesionais, e logo apareceron os profesionais. Agora vostedes están recuando sobre as súas propias mentiras e as súas propias versións, porque o di o propio Partido Popular de Verín: «A integridade profesional e persoal de Castrillo, con máis de dúas décadas de exercicio na profesión médica no Hospital de Verín, está fóra de toda dúbida».

Vostede di que os deixemos tranquilos. Iso é o que ten que facer vostede, deixar tranquilos os profesionais sanitarios que defenden a sanidade pública. *(Aplausos.)*

E claro que non confiamos neste goberno nin nas súas prácticas en todo o que ten que ver co paridoiro de Verín. Vostede debería estar desculpándose cada día, porque a realidade acurralouno, amosou que o paridoiro pode funcionar. E a vostede dóelle, porque tivo que perder esa batalla nunha decisión de recorte dos servizos públicos.

E, cando vostede fala aquí, está recoñecendo, señor Feijóo, que ten información, que fala cos propios profesionais e coas propias persoas que están detrás do expediente. Está contando como xorde. O expediente xorde, señor Feijóo, porque ten unha motivación política. Vostede dixo que non había expediente, e hai expediente. Eu teño aquí a primeira páxina do expediente. *(O señor Caballero Miguez amosa un documento.)* Descúlpese vostede polas súas verbas de despois da reunión do Consello de Goberno da Xunta. Hai intencionalidade, porque nun diario dixital está publicado parte do expediente, no que por parte da pediatra se sinala que abriu o expediente porque lle deron instrucións para facelo. Non é unha pediatra que vai alí. Díxollo o xefe de servizo, que é o xefe da área sanitaria, que o nomea vostede, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Vostede é o responsable. E teña un pouco de respecto a esta Cámara, señor Feijóo, cando vén falar a ela. Porque vostedes cren que, porque teñen a maioría e teñen os votos, poden facer o que queren. Os votos dan o goberno pero non dan a razón nin dan a calidade democrática.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E vostede tamén o outro día enganou aquí, en sede parlamentaria, cando na súa última intervención dixo que en Verín xa falaran os cidadáns, que tiñan o 48,5 % dos votos e que había que dicir a verdade. Ata enganou niso, mente incluso niso. Porque, señor Feijóo, o Partido Popular tivo o 41 % dos votos en Verín, 11 puntos menos que hai catro anos. E, por certo, o 55 % dos votantes en Verín votaron polas forzas de progreso que estabamos detrás da defensa do paridoiro. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Vostedes van utilizar o mantra de que «o resultado electoral todo mo permite». Eu pídolle calidade democrática, pídolle respecto aos profesionais sanitarios, pídolle que non estea detrás de expedientes que buscan represalias, que retire o expediente que abriu con intencionalidade política a súa consellaría e o xefe da área sanitaria que vostede nomeou e que é da súa máxima confianza. Non siga nesa escalada de mentiras continuas na que ninguén o cre...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...nin en Verín nin en Ourense nin en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Pola sanidade pública, defenda o xefe de xinecoloxía de Verín, fágalle un monumento...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...fágalle unha placa e recúe na súa represalia, nunha política obscena...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que ataca os profesionais sanitarios. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero, terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Máis xinecólogos e menos represalias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Realmente, coa situación sanitaria que estamos vivindo en España e coa pandemia que está afectando a todo occidente, que o que pretende ser secretario xeral dun partido se adique a este tipo de preguntas é, cando menos, sorprendente.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Certamente, trabuqueime, señoría. O dato que me pasou o grupo era o 48 %. O 48 % é no partido xudicial de Verín —e, por certo, todas as mulleres dese partido xudicial van parir a Verín—. Exactamente no concello de Verín é o 41 %. Ten vostede razón. Pero ¿por que non di que vostedes sacaron o 22 %? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah, ben! ¿Vostedes subiron? *(Fortes murmurios.)* ¡Non, non, se vostede fixo un gran resultado electoral, niso hai contundencia absoluta e gran acordo de todas as forzas parlamentarias! Por iso está vostede onde está. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso está vostede onde está.

De verdade que isto é unha cuestión un pouco inmatura, señor Caballero. Ao dicir todos os disparates que vostede di é imposible seguilo. Porque agora resulta que me pide que deixe sen efecto un expediente disciplinario. Pero ¿vostede cre que eu podo e teño competencias para dicirlle a un inspector médico o que ten que facer? ¿Vostede estalle dicindo á pediatra que é unha persoa sen responsabilidade e que inicia unha denuncia porque llo mandan? ¿Pero realmente hai unha forma máis bochornosa de descualificar unha profesional? Vostede di que a esta pediatra lle mandan... Pero, ¡por favor!, ¿vostede cre que hai algún facultativo que inicia unha denuncia contra outro compañeiro porque llo mandan? *(Murmurios.)* ¿Pero é verdade que vostede mantén este disparate en sede parlamentaria?

Non vou entrar, señoría, porque xa na anterior sesión veu dicir isto e estabamos celebrando o Día da Igualdade. Se agora resulta que unha pediatra, polo feito de ser pediatra, di vostede que segue as instrucións dos seus superiores para presentar unha denuncia polo trato desconsiderado doutro profesional, é lamentable. ¡Pero se estou acostumado a case todo, señoría!

Mire, os seus antecesores dicían que este partido político, que este Goberno, pagaba aos médicos do Servizo Galego de Saúde para que deran altas. Está no *Diario de Sesións*. Vostedes, durante as eleccións anteriores —non nestas, nas anteriores—, emitiron panfletos —o Partido Socialista Obreiro Español— nos que dicían o que ía cobrar o Partido Popular por un ingreso, por unha proba diagnóstica, no caso de que gañásemos as eleccións: 206 euros por unha consulta, 500 euros por día de hospitalización. Vostede participou na manipulación máis grande que se recorda en Galicia dicíndolles aos cidadáns de Vigo que o Hospital Álvaro Cunqueiro é un hospital privado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede estaba alí e agora está aquí, señor Caballero, volvendo manipular a sanidade do país. Pero ¿por que non respecta a calidade sanitaria e os profesionais? Deixe en paz o xinecólogo de Verín, que ten todo o respecto do Goberno. Deixe en paz a pediatra, que ten todo o dereito a non ter un trato desconsiderado. E deixe en paz o inspector médico, que o único que vai facer é, opción 1, presentar un prego de cargos, se o considera oportuno, ou, opción 2, decidir o arquivo do expediente.

Son as cousas así, señor Caballero. Créame, isto non é Ferraz nin é a sede do Partido Socialista Obreiro Español nin é un problema do Partido Socialista Obreiro Español contra outro Partido Socialista nunha cidade de Galicia. Non, isto é a Inspección Sanitaria, señoría. Aquí as cousas decídenas os inspectores e nada máis, nin o presidente nin o conselleiro nin o secretario.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Deixe tranquila a esta pediatra, que faga o que considere oportuno, que o xinecólogo de Verín siga traballando —que agora temos pediatras— e que se siga traballando con rigor na sanidade pública.

Mire, que vostede omitira que en dúas ocasións no *Diario Oficial de Galicia* convocamos prazas de pediatras para o paridoiro de Verín acredita cal é o seu respecto pola verdade, señor Caballero. Xa llo dixen unha vez: o problema dun político non é que minta...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o problema é que nin sequera saiba cando está mentindo.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dunha estratexia para que Galicia reciba o financiamento necesario para a reactivación económica

O señor PRESIDENTE: Pregunta de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señoría.

Señor Feijóo, estamos nun momento excepcional no que está en xogo o futuro de Galiza, e unha parte dese futuro vai escribirse cos únicos fondos que nestes momentos hai para a reconstrución, con ese fondo extraordinario *Next Generation*.

Podería usar a miña intervención para criticar a súa falta de liderado e estratexia neste asunto, pero non o vou facer. Non o vou facer porque penso que aínda estamos a tempo de evitar que Galiza quede discriminada. Aínda podemos poñer en marcha unha estratexia de país para evitar que perdamos tamén este tren. Se permitimos que se impoña a centralización dos fondos, Galiza perderá. Ganará Madrid, ganará o eixo mediterráneo, ganarán algunhas grandes cidades, pero Galiza perderá. E a pregunta é moi simple: ¿imos permitilo?

Quero que quede moi clara cal é a resposta do BNG. Parécenos un marco inaceptable e hai que romper con ese círculo vicioso da discriminación e do centralismo. *(Aplausos.)* E para iso o que lle propoño é unha fronte común neste Parlamento para conseguir a xestión directa dos fondos de reactivación; noutras palabras, a descentralización dese fondo e decidir desde aquí, con transparencia, con participación e con acordo, como investir a parte que nos corresponde para sentar as bases da Galiza do futuro.

Se Europa considera eficaz unha distribución territorial deses fondos e lle adxudica ao Estado 140.000 millóns de euros, ese mesmo criterio debe de aplicarse dentro do Estado. Insisto,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sumemos forzas para que Galiza reciba a parte que nos corresponde deses fondos de reconstrución. E, sinceramente, non o imos conseguir, señor Feijóo, se o Goberno galego se dedica a ser unha xestoría dos intereses das multinacionais que cotizan no Ibex 35. *(Aplausos.)* Por contra, o que necesitamos é que se definan os proxectos estratéxicos da Galiza do século XXI.

E desde o BNG propoñemos cinco eixos de actuación.

Primeiro, hai que potenciar os sectores produtivos tradicionais, reorientados á transformación e a crear valor engadido.

Segundo, necesitamos potenciar un sector industrial forte que inclúa unha transición enerxética xusta.

Terceiro, hai que sentar as bases dunha economía verde baseada na ciencia, na investigación e na I+D+i.

Cuarto, hai que modernizar e dixitalizar a pequena e mediana empresa, hai que investir na mediana empresa do noso país, nos autónomos, que son unha parte esencial do emprego.

E, por último, hai que defender unha Galiza con benestar social e, para iso, unha sanidade pública, unha educación pública, un novo modelo de coidados e unha defensa da igualdade de xénero, unha igualdade real para as mulleres. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, espero que por unha vez escoite con ánimo de construír, porque Galiza non pode perder tamén o tren deses fondos de reactivación económica e social. Porque, se os perdemos, iso será darlle un portazo á Galiza do futuro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señoría, pregunta vostede se temos unha estratexia en relación cos fondos *Next Generation* e co resto de fondos que o Goberno de Europa poida adicar á pandemia. Sen dúbida, si.

Para ter unha estratexia fan falta tres elementos. O primeiro deles é a preparación da estratexia; o segundo é a reflexión sobre o contexto no que nos temos que mover; e o terceiro é a acción, o que cremos que podemos facer e que debemos facer.

Certamente, señoría, estamos preparados. E estamos preparados, entre outras cousas —e dígollo con absoluta cordialidade—, porque non fixemos moito caso ao BNG en materia de política económica.

Efectivamente, Galicia é unha comunidade saneada. Se fixeramos caso ao BNG e a outras forzas políticas, Galicia tería neste momento case 6.000 millóns de débeda máis da que temos —se tiveramos simplemente a media da débeda do resto das comunidades autóno-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mas—. E como non fixemos caso desa política económica do BNG e do Partido Socialista, hoxe Galicia é unha comunidade solvente que está preparada e ten folgos para intentar mellorar —incluso con débeda pública— as súas capacidades de investimento.

A segunda cuestión foi a reflexión. ¿Que é o que está ocorrendo? Fomos leais co Goberno central, escoitándoo, indo ás conferencias de presidentes e crendo, efectivamente, que as comunidades autónomas iamos ter un papel relevante nos fondos. E ¿de que nos decatamos? Pois decatámonos de que non, de que este Goberno central é o goberno que nos debe 170 millóns de euros das liquidacións negativas, é o goberno que nos debe 200 millóns de euros da mensualidade do IVE e é o goberno que aproba dous presupostos, un deles sen tramitación parlamentaria e outro —parece ser que de forma inmediata, con aprobación das Cortes—, o presuposto de menor investimento nos últimos quince anos en Galicia.

O que nos pareceu sorprendente, señora Pontón —e dígollo tamén con cordialidade—, é que ese goberno estea gobernando España, entre outras cousas, grazas ao seu voto. Vostedes asinan un acordo de lexislatura, veñen á Cámara, dinnos que se van superar todos os atrancos que ten Galicia e agora resulta, señoría, que me vén vostede pedir unha fronte común. Nesa fronte ¿vai estar o Partido Socialista ou non? Vostedes aquí na Cámara din que o Partido Socialista non respecta os intereses de Galicia e fóra da Cámara goberna en todas as institucións co Partido Socialista. Realmente iso é un pouco complexo para concretalo.

Pero, en todo caso, quedo coa súa proposta. Mire, señoría, falar de sectores primarios, de sector industrial, de economía verde, de dixitalización e de benestar son exactamente as liñas mestras do noso plan. Benvida, por conseguinte. Temos unha comisión, sigamos traballando na comisión. Acabamos de aprobar un proxecto de presupostos con máis de 100 millóns de euros para que este Parlamento e as súas forzas políticas nos digan o que cren que se pode facer con eses 100 millóns de euros e adicionalmente cales dos proxectos do total de 108 proxectos e máis de 9.000 millóns de euros de investimento podemos priorizar.

¿Sabe cales son as nosas propostas? Creo que son coincidentes coas súas. En primeiro lugar, estes fondos teñen que actuar como fondos de cohesión social entre as rexións que conforman os Estados en Europa, e teñen que primar o despoboamento, o reto demográfico, a dispersión no medio rural, a transición industrial inacabada —que é o problema que nos está pechando as nosas industrias— e tamén os niveis de renda per cápita por debaixo da media dos Estados—. Creo que son coincidentes. Esta é a nosa postura. Se nesta postura vostedes están de acordo co Partido Popular e non co Partido Socialista, que é o seu socio, benvida. Non temos máis interese que aceptar, señora Pontón. Non temos ningún compromiso con ninguén, nin co Partido Socialista. Se vostedes rachan os seus compromisos co Partido Socialista, probablemente poidamos facer cousas en común. E se vostedes queren seguir cos seus compromisos co Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...criticar o Partido Socialista e despois dicir que queren pactar propostas co Partido Popular, non hai ningún problema, señoría. Debémonos a Galicia, non nos debemos ao Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, creo que non entendeu vostede nada. E, desde logo, este país necesita algo máis que politiqueo de pouca monta e que empecemos a poñer sobre a mesa o que nos estamos xogando no futuro. *(Aplausos.)*

De verdade que é case unha broma de mal gusto que vostede veña aquí falar de débeda, cando triplicou a débeda pública deste país sen mellorar a sanidade nin a educación. *(Aplausos.)* Por certo, señor Feijóo, se o hospital de Vigo non é privado, ¿como pode ser que estea sendo agora vendido a outro fondo de investimento? ¡Explíquenolo, señor Feijóo! *(Aplausos.)*

Desde logo, tamén me parece un sarcasmo que vostede veña aquí criticar o BNG por defender os intereses deste país en todas as institucións, e tamén no Congreso dos Deputados. Porque —si, si— a discriminación de Galiza no Estado non nace co Goberno de Sánchez, e que é consubstancial aos partidos estatais, que din unha cousa aquí e o contrario en Madrid. *(Aplausos.)* O BNG vai defender sempre os intereses deste país. Nós, desde logo, non imos calar cando se trata de defender Galiza. Non imos facer o que facía vostede cando estaba Rajoy, que nos mentía e enganaba, que o único que tiñamos co presidente da Xunta era un «si, bwana» continuo. *(Aplausos.)*

Pero, mire, hai moito en xogo para o futuro deste país e supoño que vostede non dirá nesta Cámara que un gran acordo de país se ten que reducir a menos do 1 % do investimento que ten a Xunta de Galiza para o ano que vén. Iso non é un gran acordo de país, iso é unha tomadura de pelo. Iso é non crer en que nos estamos xogando o futuro e que, desde logo, este país necesita moito máis.

Miren, a Comisión de Reactivación ten un papel, pero é que agora mesmo se está definindo como vai ser o modelo de xestión deses fondos extraordinarios e o que vemos é que vostede está de brazos cruzados. E neste momento hai unha liña na que ten que decidir vostede de que lado está: se vai seguir defendendo unha visión centralizada do fondo ou se vai poñer sobre a mesa a defensa dos intereses de Galiza.

E para iso hai que reclamar, primeiro, a territorialización dese fondo —a Unión Europea reparte o fondo entre os Estados, ¿por que non se distribúe ese fondo entre as comunidades autónomas?— e, segundo, unha xestión directa dese fondo e que se faga con transparencia —porque, mire, vostede di que ten un plan que é magnífico, pero é que non o coñece ninguén porque non envía documentación a este Parlamento, é un expediente X, señor Feijóo—. *(Aplausos.)*

E cando nos estamos xogando o futuro deste país —insisto— os fondos *Next Generation* son de momento os únicos fondos extraordinarios para a reactivación económica. E estamos vendo que Galiza está demolida e que ten unhas debilidades brutais desde o punto de vista económico. Algunha responsabilidade terá o seu goberno. Pode vir aquí...

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—e remato, señor presidente— a dicirnos que coa súa propaganda se solucionan os problemas deste país. Pero é que isto non vale, porque o que nos vai provocar a soberbia coa que está actuando e o desprezo da man tendida que lle damos dende o BNG, por desgraza, é conducirnos a que Galiza perda tamén ese tren.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: E iso significa darlle un portazo ao futuro da xente deste país.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: É unha irresponsabilidade, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta por parte do señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, menos mal que me tende vostede a man. Non sei se ao pescozo ou a outro lugar, pero vostede verá, señoría, cal é o seu talante desta proposta de pacto. *(Murmurios.)*

Mire, non é un politiqueo de pouca monta recordar que o Partido Socialista goberna con vostedes nas institucións. ¿Pero realmente lle molesta isto? Teno fácil solucionalo. Deixen que goberne a lista máis votada e xa está. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Apuntaríase vostede a unha democracia máis directa.

Mire, señora Pontón, eu comprendo o seu papelón, o papelón do BNG nos presupostos xerais do Estado, compréndoo. Compréndoo perfectamente, é o presuposto con máis investimento e enchido de fondos europeos e de débeda pública —de déficit, iso si—, e é o presuposto máis baixo para Galicia nos últimos quince anos. Increméntase o investimento un 53 % por parte do Goberno central, que vostede apoiou, e para Galicia é o peor nos últimos quince anos. ¡Menudo papelón, señora Pontón! *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*

Veu aquí vostede co seu gran pacto de lexislatura e iamos solucionar os problemas das infraestruturas, das peaxes na autoestrada, iamos solucionar o sistema de financiamento, e agora resulta que o BNG tivo que admitir publicamente que os presupostos do presidente Rajoy eran mellores para Galicia que os presupostos do seu socio, o señor Sánchez. *(Aplausos.)*

Mire, señora Pontón —con todos os respectos—, vostedes querían digamos que parecerse ao señor Rufián. E agora parece, señoría, que vostede se conforma con parecerse á señora Arrimadas. Nós non, señoría. Nós non temos ningún compromiso co Partido Socialista, temos un compromiso con Galicia. E parece que vostede representa a Galicia e o resto da maioría non representamos o país. É excluír a maioría de Galicia da representación lexítima e democrática do país. Se vostede quere traballar a favor de Galicia, traballe dunha vez. E, se

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostede ten que romper as súas alianzas co Partido Socialista, fágao, pero non as pague comigo, ¡se eu non lle fixen nada, señora Pontón! *(Risos.) (Murmurios.)* ¡Non me metín con vostede, non lle fago nada! ¡Se vostedes gobernan co Partido Socialista tan ricamente e saen da sala e se xuntan para seguir gobernando, e agora se critican entre si e incluso me di que fagamos unha fronte común contra o Partido Socialista, é dicir, contra o seu socio...! ¡É algo sorprendente, señora Pontón! *(Murmurios.)*

Non teño ningún inconveniente en seguir traballando por proxectos para o país. Mire, o sector primario, o sector madeireiro, o sector forestal, o sector das fibras téxtiles, é un gran sector desde o punto de vista económico e desde o punto de vista do emprego. Os proxectos de economía circular, sen dúbida. É un gran sector o enerxético para o sector primario. Sen ningunha dúbida o AVE a Lugo, señoría. Agora resulta que licitan 100 millóns do AVE a Lugo. Cando tiña que estar terminado, aínda non está empezado. *(Murmurios.)* Mire, señoría, o corredor atlántico, o ferrocarril do porto exterior da Coruña, a saída sur de Vigo, son infraestruturas estratéxicas para o país.

Di vostede que 100 millóns de euros que o Goberno pon á disposición da oposición para propoñer é algo inaudito. Mire, eu estiven catro anos de xefe da oposición e aquí non se poñían nin 100 millóns de euros nin se poñían 5.000 euros, señoría. E resulta que lle parece a vostede inadecuado. E hai unha comisión de reactivación para que vostedes concreten a súa proposta, que non teñan ningunha dúbida que aceptaremos con moito interese. Pero concreten as súas propostas, non insulten o Goberno, non menosprecen o Goberno democrático do país. Concreten as súas propostas. Dígannos cales son as súas propostas orientadas prioritariamente.

¿Queren vostedes xestionar os fondos? Nós tamén.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero convén non enganar a ninguén. E, como comprenderá, non vou aquí defender o Partido Socialista, pero creo que debo defender a verdade. Os fondos preséntase ante a Unión Europea por parte dos Estados membros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por tanto, non é unha responsabilidade do Goberno de España o feito de que os titulares da presentación dos fondos sexan os Estados membros.

E, segundo, non manipule, señora Pontón, por segunda vez. Os fondos son 70.000 millóns de euros. O resto é débeda, non son fondos. Son débeda, que é cuestión distinta.

E agora ¿impútaseme que incrementamos a débeda pública cando en cada presuposto da Comunidade Autónoma vostedes queren emitir máis débeda pública?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Certamente, señoría...! *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, estamos coa Comisión de Reactivación aberta. Sigamos traballando. ¿Parécelle ben, señora Pontón? Pero, por favor, sigan vostedes practicando co Partido Socialista a arte de *ni contigo ni sin ti*.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, non aprobo os presupostos contigo pero non quero gobernos sen ti. Esa é, señoría, a nova versión do BNG para Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero non se preocupe, non me importa que vostede sexa socia do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Esa é a súa responsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si a invito a seguir traballando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pola utilización correcta dos fondos europeos.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día. Retomámola e volvemos ao punto segundo, que é o de comparecencias.

Comparecencia do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, bos días.

Comparezo, efectivamente, por petición propia, en nome do Goberno, para informar a esta Cámara sobre a evolución da emerxencia sanitaria que se deriva da covid-19, en relación, en primeiro lugar e loxicamente, coas previsións e coas actuacións do departamento que dirixo, pero tamén sobre a actuación conxunta nalgunhas cousas que estimo que son de interese do Goberno da Xunta de Galicia.

Señorías, nestes nove meses de crise sanitaria levamos pasado moitas cousas e evolucionado por situacións diferentes. Foron nove meses, en primeiro lugar, de loito por todas as persoas que faleceron —1.287 en datos de onte— que nin sequera en moitos casos puideron ser despedidos como merecerían polas súas familias e, polo tanto, creo que en toda comparecencia é obrigado facer unha referencia, primeiro, a estas persoas que faleceron e tamén mandarlles todo o cariño ás súas familias. E tamén foron nove meses de moita loita e esforzo de moitas persoas; empezando, en primeiro lugar, por suposto, polo persoal sanitario, que leva nove meses loitando e que segue sen dar unha vida por perdida, con 50 persoas que permanecen nas unidades de coidados intensivos e 321 hospitalizadas en Galicia —tamén son datos de onte—. Polo tanto, vaia tamén o recoñecemento para todo este persoal sanitario que segue loitando, igual que o recoñecemento para todos os colectivos que, dun xeito especial, levan loitando estes nove meses, como os profesionais e as profesionais das residencias de maiores e de discapacidade de Galicia, as forzas e corpos de seguridade do Estado, por suposto, a policía local, o persoal do sistema educativo, o persoal de transporte, loxística alimentaria e, en definitiva, todos os que dun xeito especial —algúns deles especialmente nos primeiros meses da pandemia— foron absolutamente fundamentais.

Non hai que esquecer tampouco, por suposto, o sacrificio daqueles colectivos que están sendo especialmente prexudicados —e a eles me referirei nesta comparecencia— polas consecuencias e polas medidas que hai que tomar derivadas da pandemia. Estou falando de todo o colectivo da hostalería, centros de lecer infantil, ocio nocturno e, en definitiva, con diferentes graos de intensidade pero todos eles moi grandes, de todos os profesionais que se dedican ao turismo en Galicia.

E creo que, como último recoñecemento, é necesario facerllo ao conxunto da cidadanía galega, a pesar das excepcións que lamentablemente aínda vemos e constatamos, e que son cada vez máis illadas e que cada vez hai menos, afortunadamente. Pero, por desgraza, seguen producíndose exemplos ás veces inexplicables. Sempre son inexplicables, pero ás veces son especialmente irresponsables algunhas persoas que nos poñen en perigo a todos. Pero iso non pode empañar a estima do Goberno galego sobre o conxunto da cidadanía, sobre a responsabilidade e o sentidiño da maioría da cidadanía, que permitiu, seguro —unha das causas fundamentais—, que hoxe teñamos datos mellores que outras moitas comunidades autónomas. Sen dúbida é unha boa noticia que nos ten que mover a un optimismo, sempre moi moderado e sempre moi prudente pero a un certo optimismo, sobre todo pensando en todo o camiño que tivemos que percorrer. Falando xa de todo o que ten que ver coa segunda onda, eu recordo que o 14 de outubro xa se restrinxiron, por decisión do Goberno galego, os grupos a 10 persoas en toda Galicia, unha semana despois decretouse o nivel 2 para toda a comunidade autónoma, establecendo ademais medidas máis duras, restricións máis duras,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nalgúns concellos concretos. Despois viñeron os peches perimetrais e hoxe, xa superada a ponte, creo que é unha boa nova pensar que podemos comezar co proceso de desescalada, que a hostalería pechada de xeito xeneralizado comeza a retomar a súa actividade e que hai indicadores significativos que avalan con toda a prudencia do mundo, con toda a prudencia do mundo, que estamos polo bo camiño.

Baixou un 29 % o número de casos, baixaron un 28 % as persoas ingresadas nos hospitais, e tamén nas UCI a ocupación baixou nunha porcentaxe similar, case un 30 %. E, se queremos facer comparacións con outras comunidades autónomas, estamos entre o terceiro ou o cuarto posto entre as comunidades con menor taxa de incidencia, tanto a sete como a catorce días; seguimos no segundo posto —este é un dato moi importante— de menor porcentaxe de ocupación de camas en unidades de coidados intensivos e somos a segunda en menor ocupación hospitalaria global, á parte das unidades de coidados intensivos.

Por tanto, estes son bos datos, que o que nos din é que temos que seguir afrontando esta crise e que temos que seguir tomando medidas, e medidas de calado, empezando polo ámbito sanitario, no que estamos realizando un segundo cribado completo de todo o persoal que traballa en centros sanitarios. Fomos a primeira comunidade autónoma, ademais, en colaborar coas oficinas de farmacia na realización de tests de anticorpos, en zonas onde era moi necesario pola alta incidencia do virus —estou falando do caso de Ourense—. Acordouse —e, por certo, pactouse— cos representantes sindicais un plan de continxencia contra a covid que vai permitir 1.200 contratacións de entre seis meses e un ano, e ademais con garantía orzamentaria, que é como hai que facer as cousas para que funcionen. No 2021 os orzamentos recollen 115 millóns para poder manter os contratos —estes contratos de reforzo— e facer novas contratacións; oxalá que non sexa necesario, pero, se fose necesario, habería respaldo orzamentario para facer novas contratacións de reforzo no eido sanitario.

Os orzamentos de 2021 destinan tamén 45 millóns de euros a adquirir máis EPI en atención primaria e hospitalaria, 18 millóns de euros para material de laboratorio, para poder seguir facendo cada vez máis PCR e máis probas diagnósticas, e unha subida de máis dun 10 %, concretamente un 13 %, nos tan necesarios nestes momentos servizos reforzados de limpeza no eido sanitario.

Tamén nas residencias de maiores nas últimas semanas se reforzou especialmente a capacidade de prevención e detección temperá de gromos. Duplicamos a frecuencia dos cribados por PCR ao persoal que traballa nestes centros. Antes sabían vostedes que se facían cada quince días, pois a partir de decembro estanse facendo xa semanais. Puxemos os tests de antíxenos á disposición de todas as residencias galegas e practícase un cribado quincenal por PCR aos usuarios das residencias onde non hai casos, pero, evidentemente, son lugares moi vulnerables e, polo tanto, estes cribados quincenais estimamos que son moi necesarios. A estas medidas únese tamén unha recentemente aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, que é a creación de equipos de intervención rápida para actuar coa máxima velocidade cando se decida a intervención dunha residencia de xeito practicamente inmediato. O importante é aquí a inmediatez e a profesionalidade dos equipos que alí vaian.

No ámbito educativo, despois de pasar un trimestre certamente complicado —en todas as partes o foi e, dende logo, en Galicia tamén—, absolutamente atípico —con referencia a un

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

trimestre normal— respecto do que sería un principio de curso que non fora nun escenario de pandemia, eu creo que isto foi un reto para toda a comunidade educativa, para todos en xeral, e creo que as cifras falan de que este reto —tamén con toda a prudencia do mundo— está sendo superado eu creo que axeitadamente. Tamén houbo un respaldo orzamentario importante: 162 millóns de euros para atender as necesidades derivadas da covid no eido educativo; 94, ademais, dedicados especificamente ao reforzo dos recursos humanos, con 2.300 novos profesores e profesoras que se incorporan ao sistema de ensino público neste escenario de covid. Creamos un sistema «covid-auto» para facer diagnoses rápidas no ámbito educativo, e unha parte da Central de Seguimento de Contactos está adicada especialmente e especializada nos rastrexos no ámbito educativo.

Tamén se puxo en marcha un plan de ensino virtual ante a covid-19, para que, no caso de corentena, no caso de ter que pechar algunha aula, en ningún caso se interrompa a actividade docente e continúe o ensino. Tamén hai equipos de atención virtual para aqueles nenos e nenas, alumnos ou alumnas que teñan, por razón de enfermidade ou por calquera outra cousa, que estar no seu domicilio para que durante un longo período de tempo poidan continuar a súa educación con estes equipos de atención virtual ao alumnado. E tamén se están realizando —dicíao antes—, con sistemas «covid-auto» e outros sistemas de facer os tests rapidamente, as PCR á comunidade estudantil, onde é lóxico pensar —e así se detectan, ou se poden detectar, aínda que a detección, afortunadamente, é baixa— que pode haber un maior número de portadores asintomáticos. Estanse facendo cribados masivos nos centros de ensino secundario; na provincia de Pontevedra practicamente este proceso está rematando xa.

No ámbito da xustiza, todas as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza seguimos en colaboración —e creo que isto é un exemplo do que hai que facer— co Ministerio de Xustiza para os plans de implantación de medidas no ámbito xudicial derivadas da covid-19: 2,4 millóns de euros investidos neste ano que aínda non rematou e 2,6 para o ano que vén para todo o que ten que ver cos EPI, coa implantación de medidas de separación, co reforzo dos sistemas de limpeza, etc.; en definitiva, todo iso permitiu que no día de hoxe, efectivamente, se detectaran casos, pero eu creo que nun nivel que permite que sigan funcionando coa normalidade coa que poden funcionar nestes momentos a inmensa maioría dos órganos xudiciais en Galicia.

Imos tamén facer un esforzo importante de investimento no que se refire ao Imelga, non só facendo un novo edificio, senón, sobre todo, adecuando todas as salas de autopsia para que se poidan facer autopsias cando hai sospeitas de enfermidades de transmisión respiratoria, entre as que estaría a covid. Ata o de agora non se podían facer, e isto creo que é un avance importante que demandaba, ademais, a sanidade como apoio á súa actuación.

Tamén imos implantar as salas de vistas dixitais no 85 % dos órganos xudiciais e imos acabar de completar a instalación de sistemas de videoconferencia, con todo o que supón isto, para evitar a inmediatez entre as persoas na Administración de xustiza e na loita contra a pandemia nestes momentos.

Seguimos con esa coordinación á que me refería antes coa Administración do Estado e cos concellos nos órganos establecidos para ese fin: a Sacop, ou a Sala de coordinación operativa,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que convoca e dirixe o director xeral de Emerxencias e Interior, que se reúne despois dos comités clínicos para implantar e baixar ao territorio as medidas que acorda o Comité Clínico en cada unha das súas sesións; e despois tamén o órgano superior de coordinación, a Cecor, que preside e convoca o delegado do Goberno. Precisamente o mércores pasado, antes da ponte, tivemos unha reunión na que puxemos en común esa necesidade de seguir transmitíndonos información, a necesidade de determinar onde tiñan que incidir máis os operativos e as vixilancias das forzas e corpos de seguridade do Estado; en definitiva, a necesidade de poder seguir coordinados mentres sexa necesario, e nestes momentos, sen ningunha dúbida, é necesario. Aquí quero facer unha especial mención ao labor que está facendo a Policía Autonómica, a Unidade de Policía Adscrita, con case 60.000 actuacións específicas, identificacións, controis de accesos, control de fluxos, inspeccións de festas privadas... Estano facendo, por suposto, todas a forzas e corpos de seguridade do Estado, tamén a Policía Local, pero, dende logo, como unidade dependente da Xunta de Galicia, quero facer unha especial mención ao esforzo que están facendo os profesionais da Unidade de Policía Adscrita nunhas circunstancias, ademais, moi complicadas. Seguen baixando os efectivos, están en apenas 380, cando tiñan que estar en 500. E volvo facer un chamamento —facémolo continuamente— á necesidade ineludible —sempre o foi, pero nestes momentos da pandemia moitísimo máis— de completar ata os 500 os efectivos da Policía Autonómica. As malas noticias son, en primeiro lugar, non ter ningunha resposta do Goberno central —e non será por non pedirllo cada vez que temos ocasión— e non ter ningunha resposta tampouco onde realmente hai que tela, que é nos orzamentos xerais do Estado, onde non parece que haxa ningunha previsión nin ningunha mención, a pesar dos compromisos verbais e das boas palabras de poder completar a unidade, que —insisto— segue sendo necesaria e imprescindible nestes momentos.

Respecto da colaboración coas entidades locais, quero poñer de manifesto ese convenio asinado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, que vai permitir, unha vez determinadas polo Consello Consultivo as competencias de cadaquén á hora de sancionar as infraccións derivadas da covid, a posta á disposición de 306 concellos galegos na posibilidade de tramitar as sancións por incumprimentos da covid. No día de hoxe son case xa 40 os concellos que se dirixiron á Xunta de Galicia dicindo que desexan que esta coordinación e este exercicio das competencias sancionadas por delegación se realice por parte da Xunta de Galicia.

Isto con respecto á cooperación e ás medidas estritamente sanitarias ou derivadas directamente da crise sanitaria, pero, sen dúbida, están tamén as que teñen que ver coa crise económica e social, que está pegando moi forte no contexto de restricións e no contexto de contracción da economía derivada da covid. Polo tanto, hai moitos colectivos vulnerables. Todos o están sendo, porque todos en maior ou menor medida nos estamos vendo prexudicados pola covid, pero, sen dúbida, hai colectivos que o están sendo dun xeito moi especial e dun xeito moi intenso. Polo tanto, pequenas empresas, micropemes e autónomos son os primeiros que teñen que ser axudados polas administracións, e a Xunta de Galicia, dende logo, estao facendo.

Son coñecidas xa todas as liñas de axuda: 84 millóns de euros para autónomos e autónomas con ou sen empregados e micropemes e as axudas especiais para o colectivo da hostalería.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, queremos chegar con estes 84 millóns de euros —agora mesmo iniciais, ampliables, se fose necesario— a 30.000 persoas autónomas e a máis de 10.000 micropemes, e a evidencia da necesidade e a oportunidade destas axudas está en que dende que se abriu o período de solicitudes foi escalonado, en dúas fases; xa están todas abertas, e xa chegaron, en apenas tres semanas, máis de 36.000 solicitudes para estas axudas. Ao mesmo tempo, xa está aberto o prazo de petición e xa hai solicitudes, préstamos directos, para persoas autónomas e para pequenas empresas, 10 millóns de euros, créditos brandos desde 3.000 o mínimo a 500.000 o máximo, sete anos, incluídos tres de carencia para a súa devolución, con intereses practicamente cero e, por suposto, aos que pode acceder tamén a hostalaría, que, de feito, xa o está facendo.

Tamén hai actuacións específicas para determinados sectores especialmente afectados, ademais de persoas autónomas e micropemes. Estou falando do transporte público, con 20 millóns de euros adicados pola Xunta de Galicia a evitar a quebra derivada da falta de usuarios pola covid; do eido marítimo-pesqueiro, co Plan Avantemar —77 millóns de euros—, e hai 18 millóns de euros aprobados recentemente para axudar os produtores de planta ornamental, flor cortada, carne de vacún e viño. En definitiva, son sectores primarios que tamén están, nestes momentos, sobre todo no que se refire á comercialización, véndose especialmente afectados polos prexuízos derivados da covid.

Volvendo ao sector da hostalaría, sen ningunha dúbida —e todos estamos de acordo—, ao estar pechados, non poden exercer —agora coa desescalada empezan a facelo, pero durante tempo non puideron— a súa actividade; polo tanto, teñen que ser obxecto dunha especial axuda. E, ademais, dentro deses 82 millóns, dos 63 aos que poden acceder e están accedendo, xunto con persoas autónomas e micropemes —non especificamente hostaleiros—, teñen 17 millóns no día de hoxe adicados especialmente a este colectivo, con criterios xa máis flexibles, con rebaixa do nivel de facturación necesario para poder acceder e cun cómputo no que poderían chegar aos 9.200 euros de axuda, combinando todas as liñas de axudas ás que, insisto, poden acceder e están accedendo. Con isto a Xunta de Galicia colócase nos postos de cabeceira, sen ningunha dúbida, entre as comunidades autónomas que están axudando o sector hostaleiro, que en todas partes —ou en case en todas partes— está sufrindo ou sufriu restricións.

A esta axuda específica de 17 millóns hai que engadir os 3 millóns de euros máis xa convocados para a adaptación dos seus espazos; estou falando das terrazas e da adquisición de elementos de envasado de comida para a comida a domicilio e para a recollida no local. En definitiva, son actuacións necesarias para adicarse á actividade tal como ten que estar sendo desenvolvida nestes momentos.

A isto, ademais, hai que engadir as cantidades adicadas ao ocio nocturno, que xa foron obxecto de petición e que están sendo agora mesmo obxecto de resolución. Se houbese algunha cantidade que sobrase desta convocatoria, inmediatamente sería aumentada para engadirse ás que xa están destinadas ao sector da hostalería en xeral.

En definitiva, señorías, son axudas para un colectivo especialmente afectado, e da man do sector, ademais —polo menos maioritariamente—, creo que estamos respondendo en tempo

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e forma a un colectivo especialmente prexudicado e que, polo tanto, ten todo o dereito do mundo a pedir e a recibir axudas.

Ao mesmo tempo, referíame non só ao sector da hostalería, que tamén é turismo, senón tamén ao sector turístico en xeral, que necesita e vai recibir da Xunta de Galicia axudas neste momento, que é cando realmente ten que recibilas, cando máis as necesita, e ademais tamén cunha previsión —no orzamento do 2021— de seguir facéndoo ata que a situación turística poida retomar a situación normal, que, sen dúbida, o fará, pero, como neste momento nin sabemos cando *(Murmurios.)* nin sabemos en que condicións respecto da cadencia, é a nosa obriga facer estes plans de choque, estes plans de axudas. Estou falando tanto de axudas directas como de incentivos ao consumo, de axudas indirectas, que, ao final, tamén redundan nos profesionais do turismo e da hostalería.

Neste sentido, despois teño unha pregunta formulada polo Partido Socialista respecto das axencias de viaxes, pero xa, por ir adiantando, direi que falaremos dun colectivo, por certo, especialmente damnificado dentro do sector turístico, que necesita liñas de apoio. Imos destinar 1,2 millóns de euros ao fomento da cooperación entre turoperadores para que creen novos paquetes e produtos turísticos adaptados á situación da pandemia, polo menos mentres esta dure; e axudas tamén para contribuír ao sufragamento dos seguros de caución que teñen que destinar as axencias de viaxes a principios de ano. Polo tanto, son cantidades que teñen que achegar nun momento especialmente difícil, e aí estará a Xunta de Galicia para axudalas. E tamén aumentaremos, aínda máis do que o fixemos este ano —este ano foron un millón e medio de euros—, pero máis que duplicaremos, pasaremos aos 3 millóns de euros as axudas a albergues turísticos, hoteis e restaurantes para obras de adaptación dos seus locais non só á situación da pandemia, senón que serán obras de mellora que fagan, sen ningunha dúbida, máis accesibles e máis atractivos e, polo tanto, con máis potencia de negocio, os seus locais cando poidan reabrir e poidan funcionar sen ningún tipo de restricións.

Unha axuda tamén especial irá para os balnearios, sector especialmente afectado neste momento pola suspensión do aboamento do canon da auga, mentres dure esta situación. Tamén faremos un especial fincapé en habilitar máis prazas, dende a Xunta de Galicia, para estancias en balnearios, sobre todo vendo como todo o sector turístico, pero especialmente o sector dos balnearios, sufriu un forte impacto coa suspensión dos programas do Imserso. Había moitísimas persoas, sobre todo doutras comunidades autónomas, que acudían aos balnearios galegos, e este programa foi suspendido sen ningunha compensación por parte do Estado. Polo tanto, a Xunta de Galicia aquí tamén fará un especial esforzo para o ano que vén en destinar moitas máis prazas das que destinaba para compensar esta perda de prazas do Imserso por parte do Goberno central.

Axudaremos tamén as vivendas de uso turístico a reformularse e a aproveitar o potencial das novas tecnoloxías, agora moito máis, nesta situación de pandemia, para poder seguir desenvolvendo o seu negocio.

Faremos tamén un especial fincapé no ano que vén, como falaba antes, nos incentivos indirectos, nos estímulos ao consumo, que, ao final, redundan no beneficio dos profesionais

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do sector. Estou falando do Bono Turístico especialmente. No día de hoxe teño que dicir que o Bono Turístico é certo que naceu entre determinadas críticas no momento da arrancada, pero hoxe o 98 % das súas posibles solicitudes están realizadas. É dicir, converteuse nun programa de éxito; agora só falta que poidan funcionar os establecementos turísticos para os que os solicitaron, os activaron, é dicir, as persoas do ámbito sanitario e sociosanitario —insisto, o 98 % dos seus destinatarios—. Dado o éxito, o ano que vén aumentarémolos; dotaremos xa no proxecto de orzamentos do 2021 máis consignación, ata os 6 millóns, para este tipo de fórmulas, e para iso pediremos a colaboración tanto das deputacións como das grandes empresas que desexen que as súas plantillas se beneficien destes incentivos, para multiplicar o efecto beneficioso deste tipo de medidas indirectas. A mesma idea ten o programa de Elixe Galicia: 1,3 millóns de euros para colectivos específicos, para estimulalos, mediante un cofinanciamento, a que fagan consumo turístico.

Insistiremos moito tamén, señorías, nun concepto que creo que todos debemos de empezar a asimilar, a repetir e a exercer, porque, ademais, ten que ser certo, que é o concepto de Galicia como destino seguro, sen ningunha dúbida. A seguridade no consumo turístico será algo que se busque moitísimo, a partir de agora; non de xeito inmediato, neste ano 2021, senón que eu creo que durante moitísimos anos. Polo tanto, aí ten que estar a Xunta de Galicia, aí vai estar e aí está. Aprobaremos un seguro coronavirus para que todos os turistas, todas as persoas que veñan a Galicia nesta condición, teñan unha seguridade fronte a un posible contaxio, e para que todos os gastos de aloxamento, transporte e gastos médicos, tanto para eles como para un acompañante, estean perfectamente cubertos e, polo tanto, teñan tranquilidade e non teñan ningún obstáculo, ningunha dúbida, para acudir a Galicia por algunha circunstancia derivada dun posible contaxio por coronavirus. Creo que esta é unha medida potente, unha medida coa que, en canto estea en vigor o orzamento —agora haberá que facer un concurso público—, seremos das primeiras comunidades —sobre todo pensando no Xacobeo 2021— que a teña en vigor.

Imos seguir insistindo na aplicación PassCovid. No día de hoxe ten 55.000 descargas e é unha medida moi importante para os que acoden aos locais hostaleiros á hora de coordinar todo o que ten que ver cos rastrexos e as detecciónns de contaxios co Servizo Galego de Saúde. Xa digo, no día de hoxe ten 55.000 descargas, grazas aos profesionais que están colaborando, sen ningunha dúbida, na súa difusión, e temos que chegar aínda a moitísima máis xente; esperamos chegar á práctica totalidade da xente, como o outro día acordamos cos representantes dos profesionais da hostalaría que traballan nos locais que van retomando a súa actividade. Polo tanto, faremos eses cribados voluntarios, que xa están comezando, e a nosa intención —anunciabámolo o pasado luns— é chegar ás datas do Nadal con estes cribados practicamente rematados. Son miles e miles de persoas as que requiren unha boa coordinación, pero ao igual que a estamos tendo á hora de negociar as axudas e de falar da situación co colectivo turístico, esperamos tela tamén neste importante reto, porque é un reto facelo con tanta xente e en pouco tempo.

Imos seguir insistindo na formación dos profesionais da hostalaría, tanto no que se refire ás prácticas seguras como en xeral a todo o que vai vir agora sobre reformulación dos modelos de negocio. Aínda haberá que facer moito máis fincapé na promoción turística a través das novas tecnoloxías, talleres de emprendemento e novos xeitos de comercialización, des-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pois dun escenario pospandemia. Son moitos os profesionais —miles— os que se teñen sumado a estas actividades formativas, e queremos seguir complementándoas e facéndoas durante estes meses que veñen.

Tamén se vai poñer en marcha no ano 2021, no Centro Superior de Hostalaría de Galicia, unha aceleradora empresarial. Queremos tutelar proxectos que nazan nesta nova época e que se abran no eido turístico; proxectos de persoas que queiran emprender un negocio, porque segue habendo persoas, moitas persoas xoves, moi ben formadas en materia turística en Galicia, que queren emprender negocios e que queren facelo neste momento difícil, e, polo tanto, merecen ser apoiados dende a Administración. Por iso imos facer esta aceleradora empresarial para, primeiro, captar eses investimentos e acompañar eses emprendedores e os expertos que os acompañen en todo momento, ata que ese proxectos, eses proxectos de emprendemento, poidan funcionar por si mesmos. Imos dedicar a esta acelaradora empresarial 400.000 euros.

Tamén imos ir dedicando cartos a seguir potenciando, xunto co Instituto Español da Calidade Turística, os «Q» de calidade. Xa son moitos os establecementos turísticos que teñen este distintivo que, sen dúbida, marca unha diferenza á hora dun consumo turístico e da captación de clientes que lles interesan máis. Saben, ademais, que este distintivo non só hai que obtelo, senón que tamén hai que renovalo periodicamente. Isto supón un investimento, un esforzo para os profesionais turísticos, e a Xunta de Galicia vainos axudar tamén —e moito máis nestes momentos—, xa que aumentamos un 15 % a liña de axudas para a súa renovación.

Sen ningunha dúbida, estamos en vésperas, a menos dun mes —tres semanas—, para que comece o Ano xacobeo. Aínda que xa tiven ocasión de explicalo tanto nesta Cámara, nunha comparecencia anterior, como na comparecencia de orzamentos, sen dúbida temos que reformular neste escenario o que ten que ser o Xacobeo, temos que ser intelixentes dabondo para adaptar o Xacobeo á circunstancia de cada momento e pensar que non vai ser o mesmo agora que dentro duns meses, que non vai ser o mesmo a mobilidade, que non vai ser o mesmo a concentración de persoas, que non vai ser o mesmo as persoas que, sobre todo, poidan vir de fóra. Pero isto temos que aproveitalo dende o primeiro momento cunha campaña de promoción intelixente que estamos deseñando agora mesmo e que empezará gradualmente, insisto, adaptada ás circunstancias que se vaian dando en cada momento para non desaproveitar os impactos publicitarios de promoción que, sen ningunha dúbida, hai que facer, e elixindo as canles de distribución máis axeitadas en cada momento. Eu creo que os recursos son importantes, pero tamén o labor que hai que facer é inxente. Polo tanto, adaptémolo á evolución da pandemia e intentemos que sexa o máis útil posible en cada momento para conseguir, ao final, ese labor de promoción que neste momento vai ser imprescindible para ter un magnífico Xacobeo, o mellor dos xacobeos posibles.

Vai haber moitísimas actividades. Ao principio serán durante todo o ano, porque o Xacobeo é moitas cousas, pero, sobre todo, é galego e ten que chegar a toda Galicia; polo tanto, faremos actividades descentralizadas, intentaremos que sexan en toda Galicia, e despois irémolas estendendo paulatinamente para chegar a todas partes, sobre todo para que moitísima xente chegue aquí. Para iso tamén hai que ter os albergues preparados, o plan de albergues,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto para os que xa existen, que hai unha rede pública de albergues moi ampla e tamén de albergues privados —axudándoos con esa liña de obras ás que accederon este ano, por certo—, como para seguir aumentándoos, como antes lle dicía, no ano 2021. E igual que cos albergues, cos Camiños. Estamos rematando o último Camiño que faltaba por adaptar, o Camiño de Inverno, e queremos chegar a principios do ano 2021 con todos os Camiños en perfecto estado.

Ao final, para rematar, neste escenario de pandemia, neste escenario de tantas novidades e de tantos retos, queremos deseñar —xa estamos deseñando— a planificación turística do futuro da man do *cluster* do turismo; é dicir, da man dos profesionais e da man tamén dos expertos que máis poden saber, que son os que están nas universidades. Para iso asinamos hai apenas un mes a elaboración do Plan director 2021-2023, Galicia, destino seguro de turismo, precisamente para interpretar todo o que nos pasou, aprender de toda esta situación e intentar ver o que vai ser o turismo, por onde vai ir e por onde ten que xirar, polo tanto, a planificación turística de Galicia dende un punto de vista público, asesorada —insisto— da man dos profesionais nos vindeiros tres anos.

Este vai ser o esforzo, isto é o que está facendo a Xunta de Galicia neste escenario de pandemia, sobre todo pensando no escenario pospandemia. Houbo un esforzo importante, pero non vai ser suficiente —remato xa, señor presidente—. Non podemos estar sos nesta tarefa, e, polo tanto, eu remato como intento facelo sempre que teño ocasión cando me toca falar do que quere facer a Xunta de Galicia e do que necesitamos que fagan os demais, para que o efecto sexa multiplicador, que é dicindo que cada un faga o seu. Todos temos competencias e responsabilidades. Por suposto, tenas a Administración local. Hai algunhas que creo que están dando un magnifico exemplo de implicación, nestes momentos, sobre todo cos profesionais do turismo e da hostalaría, outras non tanto. Polo tanto, eu agardo que estas rectifiquen e que se dean conta de que son tamén unha administración moi importante, dende o punto de vista fiscal, tamén das axudas directas, sobre todo as que teñen máis capacidade económica, pero en xeral todas as administracións locais poden facer algo —e algunhas moito— para axudar tamén un sector que o está pasando especialmente mal. E tamén as ten a Administración estatal, que ten que facer moitas cousas, pero, vou resumilas en catro principais, que son as que lle estamos pedindo recorrentemente cada vez que temos ocasión:

Primeiro, fondos *Next Generation.* Falaba antes a señora Pontón, nas preguntas ao presidente da Xunta, da necesidade de que haxa unha planificación e da necesidade de que Galicia estea preparada para aproveitar esta oportunidade. Pois, por suposto, é o que estamos intentando facer, pero tamén necesitamos saber, unha vez que coñecemos, segundo nos di a secretaria de Estado de Turismo, que o Goberno central vai dispoñer de case mil millóns de euros para a planificación turística, o que van facer, porque todo isto terá que aterrar nun territorio, e para facer iso terán que falar coas comunidades autónomas que temos tamén competencias en materia de turismo. Teño que dicir que no día de hoxe non sabemos absolutamente nada de que planificación hai, de cales son os criterios e de como se pode acceder a todos eses fondos. Por suposto, Galicia presentou, no ámbito *Next Generation,* proxectos no eido turístico, pero necesitamos tamén que aqueles que teñen os cartos hoxe —ou din que os teñen— nos digan cal ten que ser a coordinación para que eses cartos se utilicen do xeito máis eficaz posible. Iso, o primeiro, porque estamos falando dunhas cantidades moi importantes.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén necesitamos —igual que o está facendo Galicia, tamén o está facendo esta Cámara— que haxa unha lexislación, porque iso nolo reclaman os turoperadores que queren traer turistas a Galicia, os profesionais que se dedican ao turismo, sobre todo a gran escala; unha lexislación sanitaria xeral, polo menos con criterios xerais, con certezas e con uniformidade para que calquera que se desprace dun territorio a outro saiba que hai unha serie de cousas que están coordinadas a nivel xeral, e sobre todo adaptadas a esta época de pandemia. Non ten ningún sentido que no día de hoxe, sobre todo cando estamos falando de mobilidade, se siga coa mesma lexislación —estou falando a nivel estatal— que cando non había pandemia. Polo tanto, reclamamos aquí tamén que haxa esa lexislación sanitaria axeitada a nivel estatal.

Despois, queremos ese plan de choque que tantas veces se nos ten anunciado por parte da Administración do Estado. Era para outubro, ía ser para novembro, e a nós dinnos que é para decembro porque é moi complicado. Por suposto que é complicado; tamén son complicadas todas estas medidas que lles anuncio nesta comparecencia e que está facendo a Xunta de Galicia e por suposto que tamén hai que coordinar os propios departamentos da Xunta de Galicia, pero hai que facelo, e hai que facelo urxentemente, e moito máis neste momento. Non pode ser que vaian pasando os días e os meses e se diga que o plan de choque se vai diferindo porque é complicado e que aínda hai que darlle moitas voltas. Este é o momento, agora é cando hai que facelo. Polo tanto, reclamámoslle ao Estado que o faga, que baixe o IVE, que poña o IVE superreducido. O outro día dicía a ministra responsable de Turismo que non ten ningún sentido baixar o IVE porque beneficiaria os empresarios turísticos. Pois neste momento os empresarios turísticos necesitan ser axudados especialmente.

Polo tanto, hai que pensar un pouco que estas medidas van dirixidas aos que máis o necesitan nestes momentos, igual que todo o que ten que ver coa planificación dos ERTE. Certeza, xa dunha vez. Non valen globos sonda, non vale dicir o que van durar os ERTE, pero non dicilo con toda a certeza que permite unha planificación. Agora que encarrilamos, cando empece o ano 2021, nos meses que van antes da Semana Santa, é necesario saber canto van durar os ERTE para que os empresarios turísticos poidan facer as súas planificacións, e no día de hoxe seguen sen sabelo.

E, por último, señorías, necesítase unha implicación directa. Non ten ningún sentido que se votase en contra... Primeiro, non ten ningún sentido que non haxa ningunha previsión orzamentaria para o Xacobeo 2021 nos orzamentos do Estado, sendo, como recoñecen todos os profesionais do turismo e mesmo responsables políticos da Administración xeral do Estado en materia de turismo, que vai ser o acontecemento, sen dúbida, dende o punto de vista turístico, máis importante que vai existir en España durante o ano 2021. Pois consignación orzamentaria, cero. Estivo o secretario Xeral de Turismo en Santiago de Compostela —eu acompañeino, por suposto— hai un mes, foi preguntado e dixo que si, que por suposto que habería un compromiso, que como non ía habelo. Pois os compromisos orzamentarios onde se fan figurar é nos orzamentos, e os orzamentos do Estado, polo menos no día de hoxe, teñen cero; non é así para outras comunidades autónomas, pero para Galicia, o Xacobeo, cero. Presentáronse emendas, e todas foron rexeitadas polo Partido Socialista no Congreso dos Deputados, en Madrid, dicindo que non é necesario, parece ser, que o Xacobeo 2021 teña ningunha axuda económica por parte do Estado. Polo tanto, creo que isto é un exemplo pal-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mar da non implicación no día de hoxe e da necesaria implicación que nós demandamos. Se hai coordinación, creo que todos poderemos neste momento axudar os sectores que peor o están pasando. O turismo, dende logo, non o está pasando nada ben, e creo que é importante que nestes momentos todos sexamos conscientes de que o esforzo hai que facelo. A Xunta de Galicia estao facendo, e disto quería dar conta hoxe nesta Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Rueda, vou comezar falándolle de algo no que coido que estaremos de acordo. Os orzamentos do Estado transferidos polo Estado neste ano 2020, con independencia absoluta dos orzamentos do 2021 da Xunta, do Estado etc., foron 417 millóns para sanidade, 93 millóns para educación e 224 millóns para compensar a caída da actividade económica. Se sumamos, son 734 millóns en total, soamente no ano 2020, con independencia do que lle vai caer á Xunta de Galicia no ano dos orzamentos máis expansivos do Estado, que será o 2021.

Falando e contrastando estas cifras coas que vostedes ofrecen, eu ensínolle aquí un anuncio publicado o 29 do mes pasado, é dicir, hai aproximadamente dez ou quince días, e ese anuncio di: «*Plan de axudas de Galicia*» —di «da Galicia», non sei por que, como están vostedes xa mudando o tema da Galiza...; non sei se están nunha especie de mutación lingüística— *á hostalería e microempresas.» E di: «De 1.200 a 2.000 euros para autónomos; de 4.000 a 5.000 para microempresas e autónomos; de 1.500 a 2.000 euros ao mes namentres o local de hostalería estea pechado por normativa sanitaria; de 12.000 a 20.000 euros para melloras na terraza., etc., etc.» E logo di: «Investimento total: 87 millóns de euros.»* É dicir, o Estado transfírelles 224 —ou se compromete en 224— millóns de euros, pero vostedes anuncian e publicitan un investimento total de 87 millóns de euros.

Pero, a continuación, hai que interpretar esas cifras. O que fan vostedes é sumar os 17 millóns de axudas á hostalería aos 70 millóns de axudas aos autónomos e microempresas que xa anunciaran anteriormente.

Segundo os últimos datos dispoñibles antes da pandemia, existían en Galicia 18.892 bares e restaurantes. Se dividimos os 17 millóns de euros prometidos á hostalería entre eses aproximadamente 19.000 bares e restaurantes, a cifra que sae son 899 euros; un único pago de 899 euros, supoñendo que esas axudas cheguen a ser distribuídas despois de ser tantas veces anunciadas.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero vostedes prometen 1.500 ou 2.000 euros ao mes namentres o local de hostalería estea pechado por normativa sanitaria. Por tanto, é mentira, como a maior parte da súa propaganda oficial; é unha completa, total e absoluta mentira. O que si é certo son os 224 millóns que lles comprometeu ou lles transferiu xa o Estado, que contrastan cos 87 millóns de euros que vostedes publicitan, porque son 2,5 veces menos.

A finais do 2019 Galicia tiña 209.000 autónomos, e no último informe do Ministerio de Industria tiña 190.000 microempresas. En total, 390.000 autónomos e microempresas. Se dividimos eses 70 millóns de euros restantes —apartados os outros 17 do seu plan— entre eses 390.000 autónomos e microempresas, sae un único pago de 175 euros; unha vez 175 euros. Pero vostedes están dicindo que lles van tocar entre 4.000 e 5.000 euros; é dicir, entre 22 e 28 veces máis do que as matemáticas máis elementais indican que lles podería corresponder.

Tan groseira é a súa manipulación propagandística que teño que dicirlles que teñen vostedes sorte de que o delito de publicidade enganosa non se aplique ás administracións públicas, porque nese caso deberían, certamente, vostedes preocuparse moito.

En todo caso, á parte da publicidade enganosa, o que teñen que facer vostedes cos orzamentos máis expansivos da historia é dotar axudas verdadeiras e significativas, máis alá de publicitalas. Sen ir máis lonxe, unha comunidade como Murcia, coa metade de poboación, dedica 38 millóns de euros de axudas á hostalería; máis do dobre que os 17 millóns que prometeron vostedes, con aproximadamente a metade de poboación e aproximadamente a metade de establecementos hostaleiros que Galicia.

Non se xestiona esta crise contando trolas; é moi importante que deixen vostedes de contar trolas, é unha cuestión ética da máxima importancia. Falando de ética e de trolas, se non a viron xa, recoméndolles encarecidamente a todos os aquí presentes o visionado de *Borgen*, que é unha serie danesa sobre a política, na que un bo día ao marido da primeira ministra de Dinamarca lle ofrecen un estupendo contrato nunha empresa. O marido de Birgitte Nyborg tiña un estupendo currículum, anterior á chegada á política da súa muller, pero Birgitte Nyborg dille que ten que rexeitar ese contrato porque, a pesar de ser completamente legal, sería pouco estético. A famosa cuestión da ética e a estética. ¿Poden imaxinar que lle diría Birgitte Nyborg ao seu marido se lle ofrecesen ser asesora de Sargadelos? *(Murmurios.)* Imaxinar a resposta a esa pregunta é un exercicio moi interesante, na miña opinión, tanto como comparar a política galega coa danesa, e fíxense que lles estou falando moi respectuosamente de ética e de estética e nin por asomo me quero eu meter na vida privada de ningunha parella. *(Murmurios.)* Estoulles falando de política, e estoulles falando de ética e de estética e dunha serie danesa. Se queren vela, eu invítoos encarecidamente, como xa fixen. *(Murmurios.)*

Señor Rueda, saudamos a súa chegada ás responsabilidades en materia de turismo, unha asignatura pendente do seu Goberno. E, falando de turismo, permítame que lle poña como exemplo da súa política o Camiño dos Faros, probablemente o maior éxito turístico dende que se inventou o Camiño de Santiago no século IX, só que neste caso a iniciativa non partiu nin da igrexa nin de ningunha administración pública como a Xunta, senón dun pequeno

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo de veciños e veciñas da Costa da Morte, que o idearon a partir dese momento, e recibiu a visita de decenas, de moitas decenas de milleiros de sendeiristas sen ningún tipo de axuda da Xunta. Antes ben, a asociación que hai detrás dese camiño considera que a Xunta está boicoteando activamente esa ruta, pola que, contra a desidia burocrática, a xente segue transitando por milleiros.

Eu non digo que esa ruta non deba ordenarse, limitarse, ou que haxa que facer o que haxa que facer, ¿pero non lle chama a vostede a atención que teña moitísimo máis éxito para promocionar a Costa da Morte un grupo de veciños autoorganizados e sen financiamento de ningún tipo, sen outra cousa que entusiasmo e coñecemento do país, que a Xunta de Galicia, que é quen ten a competencia, os recursos, o persoal e o orzamento para promocionar o turismo en Galicia? ¿Non fala ás claras da incompetencia do seu Goberno na promoción turística de Galicia que entre uns poucos veciños consigan atraer moito máis turismo —¡de lonxe!— á Costa da Morte que a Xunta de Galicia con todos os seus medios e a súa competencia? ¿En que lugar os deixa a vostedes esa iniciativa? ¿Non será por iso que non lles gusta esa iniciativa, porque pon de manifesto a súa inutilidade, os deixa en evidencia e por iso queren rematar con ela?

E mentres catro veciños da Costa da Morte atraen máis turistas que toda a política turística da Xunta de Galicia, falan vostedes de reactivar o sector e dun novo modelo turístico. E parécenos moi ben, o que nos estraña é que se poñan agora vostedes a pensar nun novo modelo turístico, cando o sector leva unha década reclamándollo e cando ese novo modelo turístico do que falan non se compaxina en absoluto co destrozo do noso patrimonio que vostedes amparan e consenten cando non o perpetran directamente, como é o caso do mosteiro de San Pedro de Rocas, unha auténtica xoia que votedes parecen converter nunha especie de feira, facendo destrozos na paisaxe para ampliar unha estrada que non necesita ser ampliada e facendo actuacións de presunta limpeza. Segundo foi denunciado a semana pasada, danaron irreversiblemente parte do conxunto.

Tampouco se compaxina ese cambio de modelo turístico con converter Galicia nun inmenso eucaliptal, como están facendo vostedes.

E permítame falarlle tamén de transparencia, porque se nun momento ordinario a transparencia é esencial como requisito operativo da democracia, nun momento de crise a transparencia faise máis necesaria que nunca, porque a xente ten máis necesidade de transparencia que nunca nesta pandemia, e se algo recomendan os expertos e as institucións públicas é transparencia. Pois no tempo que leva vostede como presidente da Xunta pronunciou nesta Cámara a palabra «transparencia» en centos de ocasións, pero semella que canto máis pronuncia esa palabra vostede menos transparencia hai en Galicia. E máis de catro anos despois da aprobación da Lei galega de transparencia, esa lei segue ata sen contar con regulamento que a desenvolva.

A opacidade coa que manexan vostedes esta pandemia é tal que nun comunicado emitido o 23 de setembro o Colexio Oficial de Xornalistas —un colexio oficial, non unha banda de comunistas perigosos— denunciaba a súa falla de transparencia na xestión do coronavirus dicindo que —e cito literalmente—: «Galicia é neste momento, xunto con Estremadura, a

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autonomía máis opaca do Estado na comunicación de datos sobre a covid-19, e só algúns autos xudiciais feitos públicos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia permiten coñecer parcialmente algúns datos pormenorizados sobre a enfermidade, o que provoca, ademais, unha disparidade na información dispoñible». Por todo isto, o decano do Colexio de Xornalistas solicítalle ao conselleiro de Sanidade que todos os datos nos que se basean as decisións que está a tomar a Consellería sexan abertos para a súa consulta, tanto para os xornalistas como para a poboación en xeral».

E logo reclámalle unha serie de cousas máis concretas que permitan un seguimento puntual da incidencia da covid-19, como o que se está a facer na maioría das comunidades autónomas. Repito, o Colexio Oficial de Xornalistas di que quere un tratamento informativo como o que se está a facer na maioría das comunidades autónomas. Que o Colexio Oficial de Xornalistas teña que reclamarlles a vostedes transparencia, lembrarlles que son a segunda comunidade autónoma menos transparente de España e pedirlles que fagan o que se está a facer na maioría das comunidades autónomas, acredita fehacientemente ata que punto chega o seu divorcio coa realidade e a súa separación da verdade. Vostedes non cansan de pregoar que son líderes en transparencia, como din que son líderes en non sei cantas cousas máis, cando no único no que son líderes é en dicir que son líderes e en facer masivamente propaganda con cartos públicos.

Nada máis. Seguiremos despois. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bo día, señor presidente.

Señorías.

Señor vicepresidente, a verdade é que o escoitado hoxe nas preguntas ao presidente é desas expresións que quedan no frontispicio de todo político; polo menos eu penso que me vai quedar gravado de por vida. O problema non é que un político minta, senón que non saiba cando mente. Despois diso, moito do que estou vendo en comisións e mesmo en pleno, e na comparecencia de hoxe, non sei se ten sentido. Claro que é un problema que o político minta, é un problema gravísimo, é un problema de democracia. Eu non sei se o señor vicepresidente está de acordo con que que un político minta non é un problema. En todo caso, é unha reflexión e unha teima miña.

Por outra banda, quero compartirlle unha preocupación miña por unhas manifestacións da conselleira de Vivenda en varias comisións e no último pleno que entran de cheo dentro da súa vicepresidencia por moitos sentidos, por cooperación e Administración local, por xustiza e mesmo por relacións institucionais. Manifestaba a señora conselleira a súa intención de prohibir o empadroamento de persoas que habiten ilegalmente un inmoble. Eu pregún-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tolle, señor vicepresidente, porque atinxe a diferentes aspectos da súa consellería, se ten realizado algunha xestión sobre este particular. Porque, xa digo, a min, á parte de indignarme, preocupoume moito, máxime neste tempo de pandemia. ¿Que entenderiamos por ocupación ilegal? ¿Cumpriría a resolución xudicial previa ou é algo á marxe ou mesmo paralelo? E, sobre todo, unha persoa á que lle estamos negando o empadroamento para efectos neste momento de emerxencia sanitaria, de atención sanitaria, de atención e de acceso ao ensino, ¿como podería facer sen ese empadroamento? É que vostedes pretenden negarlle algo que nin sequera fixo —todo o contrario— don M. Rajoy. Esa é unha dúbida que plantexamos, xa digo, dende a máis fonda preocupación, e que atinxe moito á pandemia e á súa consellería.

Por outra banda, tamén quero darlle a máis sincera en hora boa por unha rectificación, que chegou non sen tempo. E dá igual, pero eu creo que rectificar non é un desdouro, é algo honesto e que honra a quen o fai. Rectificaron da súa inicial intención de suprimir o Servizo de Mediación Intraxudicial Familiar, polo menos nalgúns colexios —non en todos e non en toda Galiza—. O 27 de novembro asinaron eses convenios; convenios que, por certo, rematan ao final do ano. Eu creo que para o ano que vén, xa que fixeron esa rectificación que os honra, deben continuar, e non teñan en precario este servizo aproximadamente once meses, un servizo necesario, e máxime nesta época de pandemia.

Tamén lle damos a en hora boa por outra rectificación, por recoñecer a necesidade do uso de mascarillas en lugares pechados e por deixar de investir en material sanitario que se tiña desaconsellado. En definitiva, cando rectifican, acertan; rectifiquen e talvez rectifiquen máis.

Despois, centrándome nisto, primeiro, en relación con esta crise sanitaria, creo, sen lugar a dúbidas, que o máis importante é a protección. Como falaba onte Angela Merkel, o importante é adoptar as medidas de protección sanitarias e de prevención e tratamento da saúde e posteriormente —importante, mais secundario— eliminar ou mitigar as consecuencias económicas e sociais desta crise sanitaria. Para iso cómpre a solidariedade e dotar de recursos públicos as persoas que máis poden sufrir as consecuencias desta pandemia.

En relación con isto e con esta prelación de prioridades, quero facerlle unha pregunta. Cando falabamos en xuño —e ridiculizouse bastante— de limitar o acceso perimetral a Galiza, ¿considera que era acertado ou non? ¿Considera que esa decisión que se adoptou en novembro, se se chega a adoptar en xuño, podería aforrar vidas, si ou non?

Mire, nas múltiples comparecencias que levamos nesta lexislatura vostede nunca —nin hoxe tampouco, a pesar de que, a diferenza de nós, a súa intervención é ilimitada no tempo— falou dunha área que lle corresponde, que son as relacións institucionais. Mire, ¿ten algo que dicir sobre isto e algo sobre que reflexionar? ¿Considera que durante estes oito meses a interlocución administrativa, en termos democráticos e de lealdade institucional, foi correcta? ¿A lealdade coa oposición política deste Parlamento foi correcta? ¿A transmisión da información aos concellos e entidades locais foi correcta? ¿Entende razoábel que ata hai quince días os concellos de Galiza non tiveran información directa sobre o número de contaxiados nin sobre a súa localización no seu termo municipal? ¿Parécelle normal que as medidas restritivas —que, por tanto, teñen que controlar as medidas restritivas do tránsito—

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que, ao mellor, entraban en vixencia ás 12 da noite, moitos concellos non as puideran coñecer ata as 11 desa noite? ¿Parécelle que iso é normal?

Despois tamén lle pediría unha reflexión sobre o material subministrado aos concellos, que foi escaso, chegou tarde e moitas veces en mal estado —roto, caducado ou estéril—, nesa lealdade institucional e nesa colaboración e coordinación; por certo, coordinación moitas veces solicitada polas deputacións e polos concellos, algo ao que se lle fixo caso omiso.

Como tamén me gustaría que explicase as achegas económicas que dende a Xunta de Galiza fixeron chegar aos concellos deste país, que non é algo graciábel, é algo que xa estaba comprometido e, por tanto, que era obrigado polo Pacto local asinado en 2016. Semella que non existe vontade de cumprir nin con eses sobrecustos nesas tarefas de limpeza de centros de saúde ou de conservatorios, nin incluso nesas emerxencias, que tampouco parece que teñan moita intención de corrixilas en 2021, porque todo isto son partidas que sofren importantes recortes.

E despois, unha referencia. Onte un deputado do Grupo Popular manifestaba —xa en ton de brincadeira— que parece ser que ao Grupo Parlamentario Socialista non lle collían o teléfono en Madrid, ou unha cousa así. Ben, debía de ser bastante gracioso para el. Pois, mire, a Deputación de Ourense non se lles puxo ao teléfono a alcaldes do Bloque Nacionalista Galego nin en quince ocasións durante esta pandemia, ¡nin en quince ocasións! *(Aplausos.)* Nin se lles pon ao teléfono nin se lles devolve a chamada. *(Aplausos.)* Reflexionen dende a Xunta de Galiza —nas responsabilidades que ten tamén dende esa deputación— sobre o que é a lealdade institucional á que están obrigados e obrigadas por lei.

Bueno, no eido das emerxencias —que non tocou—, só quero falar de dúas cuestións. Ofreceuse e fíxose unha desinfección por ozono, a pesar de que estaba desaconsellado tanto pola loita contra a covid como por ser moi perigoso para quen o facía. Mire, hai unha cousa en positivo, recoñecémolo: esta pandemia evidenciou a Galiza real; non a Galiza da TVG, senón a Galiza real. Manifestou a imposibilidade de teletraballar. Non hai máis que ver unha das primeiras actas da Cecop onde, dalgunha maneira, o vicepresidente da Xunta dicía: «Bueno, que teletraballe quen poida. Algúns poderán teletraballar, e o que non teletraballe, pois, bueno, que fique na casa sen realizar traballo ningún». Vale, esa era a situación real que tiña a Administración galega en marzo ou abril de 2020. Temos que recoñecerlle que se puxo vontade de corrixir, que houbo un acordo co nacionalismo —porque co nacionalismo se pode chegar a acordos— para poder teletraballar. Aí recoñecémoslle a súa axilidade, pero o único que queremos é pedirlle, por favor, que cumpra, porque non basta co acordo. E, como consecuencia dese acordo, haberá que dotar Galiza de banda ampla e os funcionarios e funcionarias que pretendan que teletraballen dos mecanismos para que se poida facer efectivo.

Despois, en relación coa Administración de xustiza, bueno, dixo que as salas de vista se dixitalizaron. Algunhas, porque está claro que nalgunhas non será así. E despois, en todo caso, para iso haberá que avanzar na dixitalización.

Respecto do turismo, quero comentar dúas cousas brevemente. Mire, non houbo medidas directas, non houbo axudas directas á hostalería. *(Murmurios.)* Dígame o contrario, dígame

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se en Ourense ou en Carballo houbo algún hostaleiro que recibira algunha axuda directa. Tampouco houbo outras medidas tan sinxelas como a intermediación para aforrar custos, custos de aluguerio ou custos mesmo do canon de auga para autónomos... Por certo, eu creo que empezaba ao principio por esa pouca importancia que ten a veracidade. Eu xa sei que le as ordes, pero dígolle que, nesa orde de finais de novembro, eses 35 millóns están vedados para as autónomas que non teñan traballadores ao seu cargo. Expresamente o di a resolución que seguramente lemos os dous. Por tanto, todos eses millóns para autónomos... Non, non, non... Hai 17 millóns... E eu aí discrepo dos cálculos que facía...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...o Grupo Parlamentario Socialista.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...—perdón, señoría, remato—. Só poderán afectar un 7 % dos eventuais beneficiados —só un 7 %— as axudas directas que no día de hoxe non recibiron.

E, como xa dixemos —e repetirei na réplica—, Galiza é moito máis que Xacobeo. Non se corresponde que o 80 % dos orzamentos —segundo manifestou— vaian dedicados ao Xacobeo; Galiza é moito máis. E aplaudimos —aínda que entendemos que é moi tarde— que a planificación, que o *big data*, que os convenios coa universidade se estean a facer no día de hoxe, cando levan toda a vida —agás certas ventás de liberdade— gobernando este país.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor vicepresidente, as súas primeiras verbas foron de recordo para todas as persoas que faleceron por mor da crise sanitaria que padecemos e de agarimo para as súas familias, ás que me quero sumar. E tamén me quero sumar —e o Grupo Parlamentario Popular queremonos sumar— ao recoñecemento do esforzo e do sacrificio que fixeron e están a facer tantos profesionais do ámbito sanitario, educativo, policial e de todos os servizos esenciais que traballaron e traballan de forma incansable, con verdadeira vocación de servizo público, para facer fronte a esta situación inédita na que estamos inmersos.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, ademais dunha crise sanitaria, estamos a vivir unha crise económica e social que tamén xera dor, angustia e ansiedade a todas aquelas persoas que ven esmorecer o seu traballo, o seu negocio, o seu sustento; o seu medio de vida: o turismo, a hostalería, os centros de lecer, de ocio nocturno, o pequeno comercio, o sector servizos que depende deles e colabora con eles, e moitos outros negocios que están a pasalo moi mal. Por tanto, é o momento de demostrar que os políticos podemos ser útiles, e temos que ser capaces de dar o mellor de nós mesmos, de conquerir acordos para sacar adiante iniciativas que consigan paliar os efectos da crise social e económica e de poñer os intereses da cidadanía por riba dos intereses partidistas.

O presidente Feijóo ten demostrado altura de miras apoiando as medidas que adoptaba o Goberno de España para facer fronte á crise facendo propostas en positivo, como foi o caso da reforma da Lei de saúde pública. Por desgraza, parece que caeu en saco roto. Agora critícana, e non temos un instrumento xurídico —como vostede pedía, señor vicepresidente— para facer fronte a esta crise sanitaria que dea seguridade xurídica a todas as medidas que se están adoptando. E non só non fan, senón que tampouco deixan facer; o máis puro estilo do Partido Socialista.

O outro día eu lía este titular: «*España cae diez puestos en igualdad con Sánchez y Montero en el Gobierno*». Bueno, eu vou falar un pouco disto, señor presidente, se mo permite. Non tiña pensado facelo, pero recupereino da miña carpeta porque a verdade é que hai algún tempo que nesta Cámara estamos escoitando actitudes absolutamente machistas dalgún deputado, e non podemos consentir nin unha soa máis nesta Cámara. *(Aplausos.)* Porque o que non pode ser é que se cuestione a profesionalidade de mulleres —de calquera muller deste país, sexa quen sexa, aínda que sexa a señora do señor Sánchez, que está onde está...; espero e confío na súa profesionalidade *(Murmurios.)* e non por ser a muller de...— *(Murmurios.)*. Isto lévanos a unha actitude como a do humorista José Mota —non sei se viron a semana pasada o lío que se montou e a crítica de todas as feministas deste país polo humor tan machista do señor José Mota—, que está ao nivel dalgún deputado do Partido Socialista. Pois ben, cada vez que fala algún deputado do Partido Socialista ao máis puro estilo de José Mota, están poñendo este Parlamento aos niveis da época de máis populismo e de máis taberneirismo parlamentario que se escoitou nesta Cámara. Pero, por sorte, eses xa están fóra da Cámara, porque os galegos e galegas non consenten iso e a eles non lles gustan esas actitudes machistas, tabernarias e de baixo nivel de debate político e parlamentario. *(Aplausos.)*

Señor vicepresidente, falouse aquí dun goberno opaco. Mire, o goberno máis opaco que hai en España non é o de ningunha comunidade autónoma, ¡é o do propio Goberno de España!: «*Transparencia ya ha obligado 275 veces al Gobierno a dar información que quería ocultar*». *(A señora Prado del Río amosa un documento.)* Entre outras, o nome dos expertos —que din que hai un comité de expertos, que parece que non existe, pero ben...—. Agora Transparencia obrígaos a dar ese nome. Estamos agardando se o van dar ou van seguir nesa liña.

Medio Goberno non transparenta os seus contratos, señorías. Este é o Goberno de España, o Goberno socialista e comunista que nos está gobernando en España *(Risos.)* —non rían, é certo—, os que tiveron confinado o Portal de Transparencia. *(Murmurios.)* ¡Tiveron confinado ata o Portal de Transparencia, non publicando nin un só contrato! ¡Nin un só contrato! ¿E veñen vostedes aquí dar lecciónes de transparencia? Tíñalles que caer a cara de vergoña.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, claro, veñen comparar as axudas da hostalería de Galicia coas de Murcia ou con non sei que, e empeza aí facer as contas dos habitantes... Compáreas coas do Estado. ¡Ah!, é que non hai. Non hai, o Estado non ten axudas para a hostalería. Non, non ten; non ten. Mire, non ten. Di aquí —esta noticia é destes días—: «*El Gobierno intenta calmar la indignación del turismo con un plan para antes de final de año*». Ben, a ver se é verdade. A ver se é verdade e se hai algo.

Dicían vostedes que non saben se van pedilas, se van cobralas. Claro, é que están vostedes tan entretidos coas súas liortas e coas súas purgas internas que non falan coa xente. Miren, señor Tabarés e señor Arangüena, hai moitos hostaleiros que non é que xa teñan pedido as axudas, é que xa as teñen cobradas. Falen vostedes coa xente, achéguense á cidadanía, saian do despacho, deixen de pisar moqueta, deixen as súas liortas internas e dedíquense a atender os problemas da xente, que é para o que os elixiu a cidadanía galega, para resolver os seus problemas, e non para estar cos seus problemas de partido todo o día aí coas súas purgas.

Miren, nas axudas á hostalería: Galicia, entre 6.700 e 9.200 euros; País Vasco, entre 3.000 e 4.000; Cataluña, 1.500 —¡Cataluña, 1.500!—; La Rioja, entre 3.500 e 5.000; Castela-León, 3.500. Comparen con quen queiran, incluso coas do Estado. A min gustaríame que subira aquí un deputado socialista e comparase non con Murcia, senón con onde están gobernando vostedes, co Estado. *(O señor Arangüena Fernández asente.)* Si, si, isto despois o verán os hostaleiros... (O señor *Arangüena Fernández xesticula.)* Si si, agardo a súa resposta, porque seguro que lles vai gustar moito aos hostaleiros —que están todos os días aí, diante da Delegación do Goberno, manifestándose— que vostede lles diga cales son esas axudas que parece que hai e que non poden pedir. Claro, se vostede me fala dos 4.000 millóns de euros que vostedes din que lles deron... ¡Claro! Pero mire *(A señora Prado del Río le unhas notas de prensa.): «Las ayudas de Pedro Sánchez para salvarlo solo cubren el 5 % de las pérdidas que prevé el sector». «Sánchez se olvida de la hostelería y el turismo en su plan de reconstrucción de España».* E esta: «*El plan de Sánchez para ayudar al turismo se basa en créditos a empresas*». Vostedes axudas directas, cero, salvo as aeroliñas, ás que lles dan 25 millóns de euros, e nin sequera llelas dan en efectivo, descóntanllelas das taxas aeroportuarias que teñen que pagar a AENA; se voan, que, se non voan, a ver de onde os van descontar, señorías.

Vostedes veñen aquí dicir que hai axudas á hostalería e axudas ao turismo. ¡A cara de vergonza lles debería de caer! Miren, se vostedes tivesen un mínimo de lealdade, poderían facer críticas, por suposto, porque todo é mellorable, claro que todo é mellorable, pero o que non poden facer é vir aquí e nin sequera aplaudir o que está aplaudindo todo o sector, o que está aplaudindo o *cluster* do turismo e o que están aplaudindo os representantes da hostalería. Falen vostedes con calquera representante da hostalería de España. ¿Saben o que piden?: *Queremos las mismas ayudas que da Feijóo en Galicia*. Iso é o que están dicindo os representantes doutras comunidades autónomas. *(Aplausos.)* Rían, rían; a eles non lles fai ningunha graza. Moitos teñen os locais pechados e moitos igual non os poden volver abrir, e vostedes rían, que lles fai moita graza isto.

Pois claro que si, señor vicepresidente, hai cousas que teñen que ser aplaudidas, e nós aplaudímolas. Nós aplaudimos toda a xestión que están facendo. ¿Que é mellorable? Por suposto,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ninguén é infalible, somos humanos. Pero vostedes teñen que facer propostas en positivo, non vir aquí falar doutras cousas, porque eu lembro a súa comparecencia de orzamentos, señor vicepresidente, e falaron 30 ou 40 segundos de turismo. Iso é o que lles importa a vostedes o turismo.

Non, non faga así, señor Tabarés, porque hoxe aquí non lle dedicou moito máis. Falou ao final; dixo: ben, para acabar, vou falar aquí algo de turismo. ¡Home! ¿iso é o que lles importa a vostedes o turismo, señor Tabarés? Cero. Vostede só falou 40 segundos de turismo na comisión onde presentou o señor vicepresidente os orzamentos para ese sector para criticar o Xacobeo, e hoxe fixo o mesmo. Dixo: non só é o Xacobeo.

O señor vicepresidente acaba de dicir que teñen actividades descentralizadas por toda Galicia para favorecer a toda a comunidade autónoma dun evento que xa lles gustaría ter a moitas comunidades autónomas e a moitos estados. Porque Santiago é un dos tres centros de peregrinación mundial, señorías, ¡mundial! Aproveitemos esa potencia que temos. Non, non todo é Xacobeo. ¿Pero vostede que...? Claro, porque como o Estado non pon un euro para o Xacobeo nos orzamentos, vostedes nese pacto de Ana e Adriana tampouco contaron co Xacobeo nin con nada para Galicia, porque nada lles deron e nada lles van dar, por iso veñen hoxe pedirlle ao señor Feijóo axuda, claro: firmemos algo, pactemos aquí os fondos *Next Generation. (Murmurios.)* Pídanllos ao señor Sánchez, que o puxeron vostedes alí. Resulta sorprendente, vostedes poñen o señor Sánchez na Moncloa e agora veñen pedirlle ao señor Feijóo un pacto para facerlle fronte ao señor Sánchez. Isto é surrealista, señorías, ¡isto é surrealista! Fagan unha addenda a ese convenio de Ana e Adriana e pídanlle ao señor Sánchez algo para o Xacobeo, pídanlle algo para a hostalaría... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, se é a carta aos Reis Magos, ¡é a carta aos Reis Magos! Si, si, señor Rodríguez, claro que é a carta aos Reis Magos, por desgraza.

Mentres a Xunta de Galicia axuda os autónomos e as microempresas, ¿que fai o Goberno do Estado? Sóbelles a cota aos autónomos. ¡Ah, claro, non, é que foi un pacto que se asinou en decembro do 2018! Vostedes non tiveron tempo de xestionar e de modificar ese pacto ante a situación que se estaba tendo, porque en decembro de 2018 subía a economía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...ao 3 % e agora está caendo ao 12 %. A situación non é igual. Subiron a cota dos autónomos agora e vánllela volver subir en xaneiro. Vostedes non teñen tempo para resolver o problema dos autónomos, pero teñen tempo para meter a Pablo Iglesias no CNI, teñen tempo para traer os inmigrantes de Canarias... Esa é a súa gran aportación ao turismo, traer oito avións de inmigrantes... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRADO DEL RÍO: ...á Península; esa é a súa gran aportación ao turismo, señorías. Pois non..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO DEL RÍO: ...son persoas vulnerables, con necesidades, que teñen que ser atendidas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo. *(Murmurios.)*

A señora PRADO DEL RÍO: E non poden ser... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Vou intentar ir respondéndolles a todo o que manifestaron na réplica á comparecencia, empezando polo señor Arangüena.

Señor Arangüena, falando de anuncios, claro, a vostede probablemente lle deron un argumentario dicindo que aquí se nos traspasaron 700 millóns de euros. *(O señor Arangüena Fernández amosa un documento desde o seu escano.)* Non, non, vou falar do seu Goberno e dos cartos que di que pasa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Di: teñen 700 millóns de euros e, polo tanto, se non dan cartos, é porque non lles apetece repartilos. ¿A vostede, cando lle dan o argumentario dos 700 millóns de euros que di que nos pasou o Estado, cóntanlle tamén, nese argumentario, que case 400 están pendentes de traspaso aínda? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso non o sabe aínda, ¿verdade? Iso non lle vén no argumentario. Non lle din que no Goberno central teñen que estar pensando que, total, dende que empezou a pandemia, non tivemos gastos sanitarios, non tivemos gastos educativos, non tivemos gastos no eido social... e que, polo tanto, se pode seguir esperando. ¡Ah!, iso si, critica a Xunta de Galicia porque hai unha orde convocada hai unha semana e di que non cobrou todo o mundo xa. Ben, iso é criticable e hai que ir a por iso. Pero, claro, ¡que estean sen traspasar no día de hoxe a metade dos fondos que dixo o Estado que nos ía pasar, non sabemos por que...! Iso si, anuncios e propaganda, toda a do mundo, pero non están transferidos. Debe ser porque pensan que non nos fan falta, porque non temos gastos derivados da pandemia.

Claro, despois dinos —anotei textualmente o que vostede dixo—: «...sen contar o que lle vai caer á Xunta de Galicia o ano que vén». Como se isto fora un premio da lotaría. Claro, como se se repartira aleatoriamente: «o que nos vai caer», «xa veremos...» Ben, agora me explico: o secretario de Estado de Turismo ten 1.000 millóns e non nos conta nada, vostedes

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teñen a metade dos fondos urxentes e de emerxencia para transferilos para a covid sen transferir... Ben, «o que nos vai caer». Crúcense de brazos e mentres, iso si, critiquen as axudas que realmente se están producindo.

Vostede fai unha conta da que eu lle pediría un pouco de responsabilidade, porque persoas, como son moitísimos hostaleiros, que agora mesmo están nunha situación moi complicada e que non teñen costume de tramitar axudas e de tramitalas rapidamente porque rapidamente as necesitan, se vostedes se adican, primeiro, a confundilos dicindo que non lles tocan... Non, 17 millóns tócanlles exclusivamente, pero tamén teñen ata os 82 —dixémolo dende o principio e está neses anuncios informativos que vostede critica, pero o que pretenden é contrarrestar a desinformación que vostedes difunden todos os días—. Pódenas pedir tamén ata 82 millóns de euros e, de feito, estanse pedindo. Eu na miña primeira intervención dicíalle que xa son máis de 34.000 as solicitudes. ¿Que cre?, ¿que nesas 34.000 dos fondos para autónomos e micropemes non hai solicitudes de moitísimos profesionais da hostalería tamén? ¿Que cre?, ¿que toda esa xente o vai crer a vostede cando lle fai esa conta de que 17 entre miles de hostaleiros tocan a 800? Non, non, como dicía a señora Prado, hai xente que xa as está cobrando. O que pasa é que, ao mellor, a vostede iso non llo contan, e, se llo contan, non o vai recoñecer... Pero hai xente que xa está cobrando; aí esta a diferenza entre 400 millóns pendentes de ingreso e xente que xa está cobrando axudas convocadas hai dúas semanas.

Non metan esa confusión dicindo que non as van poder pedir. Vostedes dicían tamén: «...é que a letra pequena...». Antes de estar publicadas as ordes, vostedes xa falaban da letra pequena de ordes que non coñecían en absoluto. Espero que agora as coñezan. Se as coñecen, polo menos conten a verdade e non confundan a xente que as necesita dicíndolle que só teñen esa cantidade e que as outras non as poden pedir. Iso foi o que lle entendín eu e sei de que van as axudas, supoño que aos que non o saben aínda e realmente as necesitan pois probablemente todo iso non lles axuda moito.

Polo tanto, un pouco de responsabilidade, señor Arangüena; igual que lle pido un pouco de responsabilidade á hora de falar do turismo planificado en serio. As exaxeracións non son boas. Entendendo que, por suposto, son unhas paisaxes magníficas e un zona cun potencial turístico enorme, pero, ¡home!, dicir que o Camiño dos Faros é o Camiño máis importante en Galicia tras o descubrimento, no século IX, do Camiño de Santiago, ao mellor é moito dicir, pensando que hai moitos produtos turísticos en Galicia moi importantes. Pero, en todo caso, dígolle unha cousa. Supoño que vostede saberá —e, se o sabe, preocúpame, porque, entón, se queremos facer un debate serio, escoitando o que dixo aquí, non entendo nada, e, se non o sabe, debería sabelo— que a Xunta de Galicia non pode promocionar o Camiño dos Faros porque non está homologado. É que é a Xunta de Galicia a que... *(Murmurios.)* ¡Pero dá igual homologar que non homologar! Como é o máis importante dende o século IX, dá igual homologar as cousas, dá igual que as cousas non sexan seguras, dá igual que uns se teñan que someter a unhas normas e outros non... Dá todo igual, señor Arangüena. Vostede vén aquí cun recado, ten que dalo e o demais dálle igual, e a planificación e a responsabilidade da administración turística é o de menos. Se a Federación Galega de Montañismo non o homologa, que é quen ten que homologalo, a Xunta de Galicia ten que facer oídos xordos, ten que saltar todas as normas e ten que facer o que a vostede lle peta porque vén aquí cun re-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cado. Pero iso non pode ser, porque a planificación turística é outra cousa e nós intentamos ser serios e respectar, por suposto, o potencial turístico que ten todo o mundo, pero facendo as cousas ben. *(Aplausos.)*

Como xa lle dixo a señora Prado, a verdade é que que vostede adique 3 ou 4 minutos —por suposto, está no seu dereito— a dicir frases tan gloriosas —perdoe que llo diga— como que «a transparencia nas institucións é fundamental, e moito máis nunha época de pandemia e referido a datos que teñen que ver coa seguridade sanitaria», que o diga o membro dun partido que no día de hoxe segue ocultando o comité que decide vidas e facendas de todos os españois e que iso estea moi ben, que non teña nada que dicir, pero que a nós nos critique iso, perdoe que llo diga pero fai moi difícil tomar en serio o seu discurso sobre a transparencia, sinceramente. Igual que cando terxiversa os datos e me fala dunha denuncia do Colexio de Xornalistas que é do mes de setembro, cando sabe de sobra —ou debería sabelo; xa dubido de se o sabe ou non o sabe— que dende o mes de outubro está na páxina web con todos os datos abertos. Polo tanto, que me fale dunha denuncia de setembro no mes de decembro, ignorando todo o que pasou no medio, evidentemente, fai moi difícil que lle conteste, polo menos cun mínimo de seriedade, aínda que eu quero intentalo e non sei se o estou conseguindo. Dende logo, o meu deber é intentalo, a pesar —perdoe que lle diga— da bastante falta de rigor nese plantexamento e noutros que me fixo.

Señor Tabarés, falou de varias cousas. Intentarei contestar a todo. É certo que eu quería centrar a miña comparecencia especialmente no turismo, porque creo que é unha responsabilidade moi delicada nestes momentos e que ten que centrar ou está centrando os esforzos da Xunta de Galicia, pero, como falou doutras cousas, vou intentar contestalas.

Falábame da medicación. Di que que se alegra de que rectificara porque no mes de novembro asinamos os convenios de mediación. Vostede dicíame que non os iamos asinar, e eu xa lle dixen no mes de setembro, cando comparecín, que si que os iamos asinar. Ao final, asinámolos e resulta que teñen vixencia para todo o ano. Señor Tabarés, aínda que se asinen en novembro, teñen vixencia para todo o ano. Polo tanto, claro, se eu lle digo que si e o fago, e vostede dime que non o ía facer, pero, ao final, resulta que si, eu simplemente lle diría quen tería que rectificar e quen tiña a razón, pero é o de menos, efectivamente; ao final, aos dous nos interesa a mediación. Xa lle dixen na miña comparecencia de orzamentos que a mediación tamén ten que ir acompañada de iniciativa privada. Eu non creo —nin cre a Xunta de Galicia— que só exista a mediación porque ten un apoio público e nada máis. Chegará un momento en que a mediación teña que ter tamén unha parte de movemento dende o eido privado porque, se non, ao final, aquí e noutros sitios acabará por non funcionar. É un sistema no que eu creo —xa vexo que vostede tamén, e creo que iso é un acerto— como un apoio importante no funcionamento dos órganos de xustiza.

Igual que me fala de que rectificamos no tema das mascarillas, porque agora se utilizan as mascarillas no interior, —supoño que se refire ao interior dos órganos xudiciais—. É que eu non rectifiquei. Recórdolle que ese ministro que vostedes puxeron —porque apoiaron a investidura— nos dixo durante moitísimo tempo que as mascarillas eran contraproducentes e que, polo tanto, non se debían usar nin no exterior nin no interior. Agora resulta que son obrigatorias, cousa que nós inmediatamente aplicamos, por iso agora hai mascarillas e antes

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non as había. En canto se estableceu a necesidade e por fin a máxima autoridade sanitaria se puxo de acordo consigo mesma, a Xunta de Galicia foi a primeira. E xa lle dixen tamén que levamos gastados nos EPI moitos millóns de euros na Administración de Xustiza, e hai que facelo.

Alguén preguntaba polas salas de vistas dixitais, pois temos o 86 %. Imos rematar o ano 2021 co 86 % de salas dixitais. Eu diríalle que me dixese cantas comunidades autónomas, incluído o territorio do Ministerio, poden dar esa porcentaxe de dixitalización na Administración de Xustiza en algo tan importante —porque iso é a base de todo— como dixitalizar as salas de vistas e en, polo tanto, facer vistas e o proceso anterior ás vistas totalmente dixital.

Preguntaba tamén se eu creo —contrariamente ao que diciamos en xuño e que vostedes pedían— que perimetrar o territorio galego tivera ou non salvado vidas. É que, ¿sabe que pasa, señor Tabarés? Que aquí hai unha contradición, porque todo político do BNG leva un experto sanitario en si mesmo. Eu non me atrevo a dicir tanto. Eu fíome do Comité Clínico porque aquí temos un comité clínico con nomes e apelidos e, polo tanto, facemos o que nos propón, por moi duro que nos pareza ás veces e por moi previsibles que sexan as reaccións —lexítimas tamén— da xente que se ve prexudicada. Pero facemos o que nos di o Comité Clínico. Non dicimos o primeiro que se nos ocorra nin lanzamos ao ar propostas sanitarias sen ter autoridade nin capacidade sanitaria —eu supoño que vostede non a ten, pola súa formación, igual que non a teño eu— para dicir cousas tan alegremente como fan moitos responsables políticos do BNG, que enseguida se lanzan a dicir que hai que aplicar medidas sanitarias que inflúen, sen ningunha dúbida, na vida e na economía de todo o mundo, sen ter moita base científica, ou, polo menos, que non a coñecemos. Eu prefiro o método da Xunta de Galicia, que é asesorarse polos comités de expertos e aplicar as súas determinacións. *(Aplausos.)* E non hai que pensar se nos valen ou non nos valen. Son as que hai, e iso é o que hai que facer, e hai que facelo, por certo, colaborando coas outras administracións.

Dicíame que non adiquei ningún tempo da miña intervención a falar das relacións institucionais. Perdoe que lle diga, pero non me escoitou. Falei de que había órganos —é que, ademais, os nomeei—: o Cecop, as relacións coa Fegamp, na tramitación coas multas, a reunión que tiven co delegado do Goberno e o contacto continuo que temos... Ao contrario, é que aquí as relacións institucionais e a coordinación son fundamentais, e non me doen prendas en dicilo; cando funcionan, hai que dicilo, e, cando non funcionan, hai que dicilo tamén. Polo tanto, se temos unha coordinación e somos capaces entre todos de dirixir e coordinar a magnífica actuación, a encomiable actuación, das forzas e corpos de seguridade do Estado, pois hai que dicilo. Así que non me diga que non falei de relacións institucionais. É que niso se basea. Os expertos, os que saben, deciden e nós despois o que temos que facer é aplicalo e tamén establecer medidas para sancionar aqueles que non queren cumprir, as condutas que xa lle dixen na miña primeira parte da intervención que nos poñen en perigo a todos. Hai mostras constantes.

Dicíame que desprezamos a cooperación coas deputacións. Coa Deputación de Ourense e coa Deputación da Coruña, de signos políticos diferentes, non é só que non houbera cooperación, é que lles distribuímos o material, os EPI, que eles ían adquirindo, porque nós tiñamos unha

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rede loxística, co cal, era moito máis fácil distribuír as cousas rapidamente. Polo tanto, diríalle, señor Tabarés, con toda a cordialidade, que se entere se coordinamos. Hai deputacións, que, por suposto, antes que coordinar coa Xunta, preferirían facer calquera outra cousa, aínda que non tivera ningunha utilidade. Xa o sei, xa o sei, pero hai deputacións razoables que están dispostas a cooperar, e póñolle eses dous exemplos onde a Xunta de Galicia —sen custo para as deputacións, por suposto, porque, ao final, os beneficiados serán os cidadáns— distribuíu, durante a época da pandemia, material sanitario que eles estaban adquirindo.

Falaba tamén do teletraballo —e vou rematando, xa señor presidente—. Dicía que nunha das primeira sesións da Cecop, efectivamente, no mes de marzo, eu dixen que nese momento había que intentar teletraballar; que quen puidera teletraballar, o fixera e que xa iriamos mellorando. Despois recoñeceume que fomos mellorando, e fomos mellorando nun tempo récord. ¡Home!, se nunha administración... Por certo, na Xunta de Galicia xa había case 500 persoas teletraballando antes da pandemia, moitas máis que en ningunha outra administración pública en proporción aos funcionarios, porque co teletraballo hai un antes e un despois da pandemia; probablemente agora lle descubramos moitas das vantaxes que ten, pero antes non. Nós xa tiñamos 500 traballadores públicos teletraballando antes da pandemia e un mes e medio despois tiñamos miles e miles. Creo que ese esforzo hai que recoñecelo antes que criticalo. E tamén hai que dicir que eu no primeiro Cecop que houbo no mes de marzo, cando acababa de empezar todo o confinamento, dixen que non era posible que teletraballara máis xente da que tecnicamente naquel momento puidera facelo. ¡Oia!, eu creo que isto é bastante entendible. E se despois, no día de hoxe, temos un plan que permite teletraballar a moitísima xente, incluída a da Administración de Xustiza, creo iso é bo; e non por min, nin polo Goberno da Xunta de Galicia, senón polos técnicos, magníficos técnicos da Axencia Galega de Tecnoloxías, Amtega, que foi capaz de implementar todo isto en tempo récord.

Por último —e remato xa—, quero contestar —xa intentei facelo antes, e quero pararme nisto— ao tema das axudas directas, que vostedes tanto critican. Di que non hai xente que recibira axudas. Xa llo dixo a señora Prado, fale un pouco coa xente. Hai axudas convocadas hai una semana, outras que non van nin tres, e xa hai xente que está cobrando. Iso compároo coas que tiñan que estar cobrando, efectivamente, do Plan estatal de choque, que non é que non se estean cobrando, é que non están nin convocadas, non están nin deseñadas, coa escusa de que é moi complicado. Polo tanto, aínda están pensando —total, como non levamos nove meses de pandemia; total, como non levamos moitísimo tempo de restricións nin de crise no sector turístico— en como se lles pode axudar. A Xunta de Galicia, efectivamente, tivemos moitas consultas —estamos tendo, e agardo seguir tendo moitísimas— doutras comunidades autónomas —algunhas gobernadas polo Partido Socialista e outras polos nacionalistas— que nos piden o noso deseño, porque saben que a xente xa está empezando a cobrar e porque saben que temos máis de 35.000 solicitudes en axudas que non teñen nin tres, nin unha semana de vixencia nalgúns dos casos. Xa se están facendo e, ademais, están pactadas co sector. Vostedes están criticando e dicindo que son un desastre, pero despois de sentarnos co propio sector e de ter conversas duras e tensionadas con eles —porque a situación é certo que é de moita tensión—, ao final, conseguimos pactalas e convocalas, e agora o que nos piden é que as paguemos rapidamente. Canto antes deixe de haber necesidade de pagalas porque xa poden traballar, moitísimo mellor, pero iso terán que decidilo os expertos. Polo tanto, nisto imos seguir traballando con seriedade.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu xa sei que facer demagoxia, sobre todo sen falar cos afectados, é moi sinxelo, pero un goberno que pretende xestionar isto con certa seriedade —e o Goberno da Xunta de Galicia preténdeo— iso non o pode facer, e eu, dende logo, non o vou facer.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, todos sabemos por que VOX non ten representación en Galicia. VOX non ten representación en Galicia porque está perfectamente acomodado dentro do Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)*

Pero, que saibamos, este feito obxectivo non significa que poidamos permitir que se diga aquí o que dixo a señora Prado, cando dixo que o noso plan para o turismo é traer inmigrantes de Canarias, porque o que fixo foi unha manifestación repugnante de xenofobia impropia e indigna deste Parlamento democrático. *(Aplausos.)* E por iso eu vou pedirlle á señora Prado que retire, cando teña a súa intervención, o que dixo; que retire o que dixo, si, si, porque lle volvo repetir que é unha manifestación de xenofobia. Vostede pode ser xenófoba, pero o que non ten que facer é manifestar aquí, neste Parlamento democrático, a súa xenofobia. Ten ocasión de responderme despois. Vostede referiuse a min antes e non pedín turno de alusións. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Por certo, señora Prado, eu non falei aquí... Eu, se falo de numismática celestial ou se falo de micoloxía, vostede vai sacar a relucir o seu argumento principal e máis querido, que é a cuestión do machismo. Pero, mire, nin as setas nin a numismática celestial teñen nada que ver co xénero das persoas.

Por certo, pídolles desculpas porque o que fixen foi un *spoiler* e tiña que ter avisado, porque eu o que me preguntei foi que faría a primeira ministra de Dinamarca desa serie televisiva —que lles recomendo encarecidamente que vexan, xa que vexo que non a viron— se ao seu marido lle ofrecesen o posto de asesor de Sargadelos ou fose nomeado asesor de Sargadelos. Por certo, está aí o mural do señor Isacc Díaz Pardo —que flota, digamos, no ambiente—; tamén estaría ben saber que opinaría o señor Pardo. Simplemente lle fixen esa reflexión, esa pregunta. Estou falando dunha serie televisiva, nin sequera falei de ningún personaxe galego; non mencionei a ninguén aquí. Se iso, falar dunha ministra muller e do seu marido, a vostede lle parece unha manifestación de machismo, pois ten que facelo mirar, xunto co seu problemiña de xenofobia.

Pero mire, señor Rueda, teño que dicirlle que é un excelente momento para reformular e cambiar o modelo produtivo de Galicia, é unha oportunidade absolutamente histórica, por-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que a Xunta vai recibir o ano que vén —non lle van caer dos ceos, son cuestións orzamentarias; é un enorme esforzo de solidariedade que se está facendo por parte de Europa e por parte do Goberno central— máis de mil millóns extra, adicionais, dos que recibe cada ano, en fondos de reconstrución, á parte dos máis de setecentos millóns de fondos covid que recibiu ou que ten comprometidos para este ano. E a Xunta, como o resto de comunidades autónomas, está tramitando uns orzamentos expansivos, en liña cuns orzamentos xerais do Estado máis expansivos, aínda que están asociados, como digo, á maior aposta pola solidariedade colectiva feita pola Unión Europea en toda a súa existencia. Con estes mimbres, teñen vostedes que deixar de ser alumnos avantaxados do austericidio e reconverterse ao keynesianismo. Xa entendemos que non lles cadre a vostedes acomodarse ás ideas de Keynes, porque lles parecerá algún tipo de marxista perigoso, pero é o que toca agora, entre outras cousas porque toda a dereita civilizada e europea da que vostedes, en teoría, aspiran a chegar a formar parte, abrazou ese keynesianismo, e iso implica que non poden vostedes practicar unha especie de recuperación *low cost*. Eses 87 millóns son recuperación *low cost.* Eu non digo que sexan malos, eu digo que son recuperación *low cost* e que o esforzo que teñen vostedes que poñer enriba da mesa en materia orzamentaria, en materia de axudas a autónomos, a pemes, á hostalaría, etc., é moi superior, e non presuman vostedes de ser vangarda porque iso cae polo seu propio peso.

Eu o que lles digo é que están facendo publicidade enganosa, porque se dividimos os 17 millóns de euros prometidos á hostalaría entre eses aproximadamente 19.0000 bares e restaurantes o que saen son 899 euros dunha soa vez. Iso son matemáticas. Eu non veño aquí falar de política neste tema, veño falar de matemáticas elementais. Porque vostedes prometen 1.500 ou 2.000 euros ao mes namentres o local de hostalaría estea pechado pola normativa sanitaria, e iso é incompatible coas matemáticas, con sumar, restar e dividir. A finais do 2019, do mesmo xeito, Galicia tiña 399.000 autónomos e microempresas, e se dividimos os 70 millóns de euros do seu plan entre ese número, entre 399.000, sae un único pago de 175 euros, ¡175 euros! Pero vostedes están dicindo que lles van tocar entre 4.000 e 5.000 euros; é dicir, entre 22 e 28 veces máis do que as simples matemáticas indican. Por tanto, é unha trola, é unha auténtica tomadura de pelo, e nós o único que lles pedimos é que afronten a recuperación decididamente, que fagan cos orzamentos máis expansivos da historia o que teñen que facer e, sobre todo, que deixen de contar trolas á cidadanía, que é o que están facendo reiteradamente.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Mire, señora Prado, deixen de utilizar este Parlamento ao servizo de Xénova; isto non está para facer oposición a un goberno do Estado. Lideren, defendan os intereses de Galiza. O

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pacto de hoxe á mañá non é un pacto con Núñez Feijóo, é un pacto co presidente da Xunta en defensa dos intereses de Galiza, porque estamos nun momento moi preocupante, estamos nun momento histórico. Non é cuestión de andar en debates partidarios: que se Madrid, que se Pedro Sánchez, que se Ana-Adriana... ¡Por favor! Estamos aquí para outra cousa, e iso é un pacto en defensa dos intereses do país, porque pode ser o último tren, ¡e de tren tardío en Ourense sabémoslle moito! *(Aplausos.)*

Aquí a verdade tamén anda nun xogo perverso: cando propomos porque propomos e cando non propomos porque non propomos. Non lle entro ao trapo.

En relación co do empadroamento, que si lle comentaba e empezaba a miña intervención preocupándome por ese tema, creo que co ton da súa intervención e con algunha outra manifestación que fixo xa me dou por contestado coa sensibilidade sobre o tema.

Sobre as relacións institucionais, dígolle que se as relacións institucionais da Xunta de Galiza cos concellos foron que en novembro e con base nun informe non vinculante do Consello Consultivo —é dicir, que hai boa vontade polas partes de chegar a un acordo— sobre a tramitación das multas, esa é a relación institucional cos concellos..., en fin, ¡chégalle! A relación institucional cos concellos é facilitarlles información para que poidan tomar medidas en beneficio da cidadanía, é cumprir o Pacto local, é facer as achegas de material. E, efectivamente, si, hai colaboración coa Deputación na subministración de material. Por certo, o material subministrado pola Xunta de Galiza aos concellos, polo menos aos da provincia de Ourense, chegáballe para dúas mascarillas ao mes para os traballadores do Concello, sen repartir entre a poboación. Ese é o material subministrado e esa é a relación das traballadores e traballadoras do Concello. Por tanto, tampouco é como sacar moito peito.

En relación coa mediación, eu facíalle así dous *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro levanta a man e amosa dous dedos.)* non porque restaran dous meses, porque resta un mes, senón porque só foi con dous colexios profesionais, co de Vigo e co de Santiago; é dicir, a mediación que pactaron só foi en Vigo e en Santiago, e por iso sinalei o dous. Pero non son dous meses, queda un mes. ¿En xaneiro do 2021 haberá mediación?, ¿e en febreiro? ¿Ou farán como todos os anos, onde na mediación os colexios profesionais estarán ao pairo dese servizo de mediación? Por tanto, non saque peito sobre iso.

E din: falen cos hostaleiros... Bueno, está claro que en *Facebook* non me segue, pero tampouco segue un pouco a situación de Galiza. É dicir, os hostaleiros estaban fechados, e algúns estarán fechados para sempre. (A señora PRADO DEL RÍO: Si, si.) Claro, ese é o problema.

Sobre a relación de axudas, señor conselleiro, claro, despois me afea que lle diga que non le as cousas, pero as axudas estas dos 17 millóns, en primeiro lugar, son para a hostalaría a partir do 7 de outubro. Por tanto, todos aqueles servizos de hostalería ou de restauración que tiveron algún problema antes do 7 de xullo, segundo a súa orde... Eu estou convencido de que a súa orde non a van cumprir, porque, como a cumpran, non haberá beneficiarios, xa que, se tardaron oito meses para facer isto, e creo que podían e que teñen medios para facelo porque hai moi bos técnicos na Consellería, podían telo feito un pouco mellor.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Despois, o dos 35 millóns, repito que é para os que estiveron en ERTE. Os que estiveron aguantando e perdendo o 75 %, ¿eses non teñen dereito a outra parte das axudas? Creo que está mal reformulado.

En relación co turismo, xa falamos no seu momento e repetimos no día de hoxe que o modelo é outro. Nós entendemos que Galiza é moito máis diversa e que ten moitas máis posibilidades de ofrecer que non só Camiños de Santiago. O 80 % da riqueza turística de Galiza non pode ser Camiño de Santiago. Pode ser turismo urbano, porque aí incluso é onde hai máis postos de traballo e onde se pode xerar máis riqueza; pode ser turismo termal... Pero hai que apostar, non vale con facer de Ourense a cidade termal e despois perdemos un balneario, estrágase, e a Xunta de Galiza nin comparece. Nin pode ser que haxa balnearios ocultos e a Xunta de Galiza non faga todo o posible por pólos en valor. Non só é unha denominación. Pode ser medioambiental. Temos seis parques naturais, e algúns estanos deixando estragar. Temos tamén o das Illas Atlánticas, poñámolo en valor. Temos unha estación de inverno —Manzaneda—, pechada o outro día, e os turistas que ían nin encontraban a estación de inverno aberta nin tampouco se lles daban outras alternativas para retelos en Galiza. Pero, en todo caso, os indicadores falan de turismo estranxeiro, que é o que máis evolucionou nos últimos anos. Explíquenos se hai algún pacto coas liñas aéreas ou de cruceiros para trasladar ese turismo.

En todo caso, isto, como falamos, pasa, e tarde chegan, pero, se chegan, benvidos por fornecer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...—remato xa, presidente— os datos, por saber onde están os fluxos turísticos, por saber a oferta e a demanda que temos, e, con base niso, planificar. Non empecemos xa por andar repartindo o 80 % do Xacobeo sen saber cales son as nosas potencialidades e, sobre todo, cal é o obxectivo económico e social que perseguimos co turismo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, xenofobia é tratar os inmigrantes coma se fosen mercadorías e espallalos por todo o país sen falar coas autoridades competentes para prestarlles a axuda humanitaria que precisan. Por iso lles dixen que non teñen alma nin teñen corazón. Esa foi a forma na que trataron vostedes os inmigrantes. ¡Esa!, e esa é a xenofobia que vostede di, e haina instalada no Goberno de España. Se esa é unha actitude xenófoba, é do Goberno de España, que foi o que os tratou como mercadorías e o que non lles prestou nin axuda humanitaria, nin

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

axuda sanitaria, nin a axuda social que precisan cando veñen dos seus países de miseria, señor Arangüena. *(Aplausos.)*

Señor vicepresidente, eu diríalle que igual temos que crear unha consellería da verdade, como hai un ministerio da verdade, ¿non? Porque a tanta mentira, a tanta falsidade, a tanta media verdade non se pode contestar en tan pouco tempo. Pero, bueno, eu creo que os galegos e as galegas saben quen lles di a verdade e quen lles mente, e cada vez que son preguntados nas urnas poñen a cada un no seu sitio. Queren un goberno que lles diga a verdade; por iso, cada catro anos, seguen confiando no Partido Popular.

Mire, señor Tabarés, defender os intereses de Galicia é defender as actividades máis importantes que hai no noso país. Eu non sei se vostede é consciente de que o turismo é o 11 % do PIB e o 12 % do emprego, e vostede, ao turismo, dedícalle 40 segundos. Mire, a vostede parécelle mal que nós lle exixamos ao Goberno de España que Galicia, que o turismo, que o Xacobeo teñan máis peso nas contas do Estado. Pois imos seguir pedindo que Galicia teña máis peso nos orzamentos do Estado, *(Aplausos.)* imos seguir pedíndolle ao Estado que rebaixe o IVE turístico ao 4 % e imos seguir pedíndolle ao Estado que lles dea axudas directas, porque non poden seguir pechando locais de hostalería e locais de turismo, e destruíndo emprego. Claro que lle imos seguir exixindo ao Goberno de España todas esas cousas, que nós cremos que son importantes para Galicia, a pesar de vostedes, señorías.

Mire, eu díxenlles que falen máis coa xente, que pisen menos moqueta, que saian do despacho, e agora engado: que deixe un pouco máis o *Facebook* e vaia máis á rúa, señor Tabarés, porque, efectivamente, a xente está cobrando as axudas. Pero, mire, cando a Xunta toma a decisión de pechar a hostalería —porque o Goberno de España se desentendeu da segunda onda da pandemia e delegou nas comunidades autónomas as decisións—, fíxoo acompañado de axudas directas a ese sector, á diferenza do Goberno de España, que, cando pechou a hostalería e cando pechou o ocio nocturno no mes de agosto, lle dedicou cero euros para esas actividades económicas, ¡cero euros para esas actividades económicas! ¡Cero euros! Eu convidei o señor Arangüena a que subira a esta tribuna, no segundo turno, e nos dixera cales eran as axudas directas do Goberno de España á hostalería. E dixo: agora, agora. Pero non dixo nada, porque nada pode dicir: cero euros do Goberno de España para a hostalería, para o turismo, para os sectores máis golpeados pola crise económica.

Miren, señorías, é que nin sequera teñen solicitado a Europa ningún plan específico: «*España no ha solicitado a la Unión Europea ningún plan específico de ayudas al turismo*». Nin sequera á Unión Europea, cando é un dos sectores estratéxicos do país, cando xera milleiros postos de traballo, cando xera moita actividade económica para todos os sectores que están relacionados con eles, porque a actividade alimentaria... Non só vaian á hostalería, vaian falar coas praceiras das prazas de abastos, pregúntenlles a quen lles están vendendo o produto que lles vendían antes á hostaleira. Hai moitos sectores afectados polo peche da hostalería. A vostedes nin lles importa a hostalería nin lles importa o turismo.

Mire, a nós si que nos importa todo iso e tamén nos importa a coordinación. Vostedes falaban de descoordinación. Descoordinados están no Goberno de España, que pola mañá din unha cousa, pola tarde se contradín e despois, bueno...

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes seguen apoiando ese goberno. Vostede dixo hoxe aquí que igual era o último pacto. ¡A ver se é verdade! ¡A ver se é verdade! Porque, mire, cando gobernou o señor Zapatero, vostedes apoiaron anos e anos consecutivos os orzamentos do Estado. Agora non queren cometer o mesmo erro. A pesar de que os orzamentos do señor Zapatero prexudicaban a Galicia, vostedes, paca, paca, cada ano; apoiárono ata que quedaron sen representantes en Madrid, porque os galegos e as galegas dixeron que non querían un aliado do socialismo en Madrid. *(Murmurios.)* E agora vostedes están tomando boa nota, e eu alégrome, eu alégrome, pero tomen nota tamén nas administracións que cogobernan con eles.

En Galicia hai coordinación co Comité Clínico, co Comité de Expertos, con nomes e apelidos..., por certo, a pesar de que, como dixo vostede, señor vicepresidente, contamos con menos efectivos da Unidade de Policía Adscrita. E a pesar de que houbo unha deputada socialista que, cando veu comparecer o fiscal Superior de Galicia, lle dixo que necesitabamos máis efectivos policiais, logo votaron en contra de incrementar os efectivos da Unidade de Policía Adscrita, tan necesarios para moitas cousas, pero, sobre todo, para a seguridade no Camiño. Agora están facendo un excelente traballo —que eu dende aquí quero felicitar e reivindicar o traballo que está facendo a Unidade de Policía Adscrita nesta pandemia—, controlando que se cumpran todas as medidas que se están ditaminando dende o Comité Clínico. *(Aplausos.)*

Remato, señor vicepresidente. Xa vimos como a Xunta adiantaba os cartos dos ERTE, cando milleiros de persoas non os estaban cobrando porque o Goberno de España non lles pagaba. Vostede insiste en que facemos..., pero é que, mire, é que son galegos os afectados, son galegos os que non cobran os ERTE, señor Tabarés. ¿Como non lles imos reclamar ao Goberno de España que lles pague os ERTE aos galegos e galegas que non cobran? E ten que facelo a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: A vostede parécelle mal que eu arremeta contra o Goberno de España. Pois sempre que sexa para defender a Galicia, os galegos e as galegas, fareino; sempre, sempre.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paula Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da comparecencia. Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, igual que no caso anterior, intento responderlles ao que me dixeron e con vostede é fácil, señor Arangüena. É a terceira vez que temos ocasión de debater no Parlamento e eu

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xa o vou coñecendo; e ademais, perdoe que lle diga —é unha impresión persoal—, con vostede é moi útil para interpretalo, simplemente ter un cronómetro na man, saber do tempo de que dispón e ver cales son as súas prioridades. Vostede dispoña de 5 minutos, as comparecencias para os grupos da oposición teñen o tempo taxado e, bueno, máis da metade do tempo non hai problemas de turismo, non hai problemas de pandemia, non hai problemas de hostalería, non importan os contaxiados, non importan as Urxencias, e as axudas económicas. O importante para vostede —foi máis da metade do tempo que tivo— é VOX, Borgen —que eu tamén a vin, sinceramente—, pero creo que se tivera 5 minutos para falar de tantos temas pois intentaría falar de temas máis importante. Polo tanto, xa vou coñecendo as súas prioridades e teño que dicirlle que as prioridades do Goberno da Xunta de Galicia son outras e, polo tanto, non quero consumir o meu tempo en falar de algo que creo que non ten a importancia nestes momentos da xente que nos está escoitando e que lle importa saber, por exemplo, como van ser as axudas, ¿que axudas reais vai ter neste momento cando as necesitan?

Vostede, claro, segue... fíxoo na primeira intervención e volveuno facer na segunda. Vostede é o heraldo do Goberno que todo o compromete e nada o paga e di: bueno, pois se non están transferidos están comprometidos, ¿que máis dá? ¡Non dá igual! É que, claro, se están comprometidos e non chegan... a xente quere cobrar. Se nos lles dixeramos aos autónomos, aos hostaleiros, a todos os que están pedindo axudas: oe, que saibades que poden pasar meses e meses e nós comprometémonos pero outra cousa é que vos cheguen e isto non ten importancia. ¡Ten moita importancia, señor Arangüena! Por tanto, antes de facer estes anuncios grandilocuentes do moito que nos dan hai que saber se nolo deron para saber se realmente é útil, e mentres non confundir. E volve vostede facelo, e volve facer esa conta de 800... oia, e cando un hostaleiro pida agora unhas axudas e reciba polas diferentes liñas ata un máximo de 9.200 euros, ¿que lle temos que dicir? Non, non, os tedes que devolver porque ao señor Arangüena non lle cadran as contas *(Risos.)* e, polo tanto, como son máis de 800 ¡hai que devolvelos porque algo debe estar mal! Porque vostede fala publicamente como parlamentario —e ten esa repercusión pública— e segue confundindo e segue insistindo en que máis de 800 euros non lle van corresponder. Vou dicirlle, cando unha persoa cobra e algúns están obtendo máis de 800 euros —bastante máis—, ¿que hai que dicirlle?, ¿que os devolvan? Porque quen sabe como son as ordes —por suposto, da Xunta de Galicia porque as outras... os cartos sen transferir é moi difícil repartilos— é vostede? ¿Non sería moito máis útil falar como falamos nós coas asociacións de hostalería para pactar as axudas e a partir de aí convocalas canto antes e empezar a repartilas. Eu creo que iso é moito máis útil que protestar e exixirlle aos demais o que vostede nunca lle vai exixir aos seus. E, polo tanto, iso que lle dicía ao principio e por iso quero insistir moito en que todos temos que poñer da nosa parte e todos os gobernos e todas as administracións temos que aportar é moito máis importante do que vostede se cre sinceramente.

A pesar de que haxa decisións que non son nosas, efectivamente —dicíallo a señora Prado—, o ocio nocturno non o pechamos nós, pechouno o Goberno de España. Agora, quen tivo que reunirse inmediatamente para darlles as axudas somos nós. A día de hoxe tamén o ocio nocturno segue esperando ese plan de choque do Goberno de España que nunca chega. E como vostede dicía: xa nos prometeu 1.000 millóns de euros que nos van caer o ano que vén, pois que sigan esperando a ver cando caen, e tamén dicirlles que comprometidos, o de pagar é outra

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cousa completamente diferente. Eu pediríalle aquí —igual que llo pedín cando falaba do Camiño dos Faros e cando falaba dalgunha cousa máis— un pouco de seriedade, saber como están as cousas. Non é o mesmo facer proclamas que despois ter que planificar e gobernar, non é o mesmo sinceramente.

E, señor Tabarés, falaba do informe do Consultivo, o informe non vinculante. ¡Ah!, por suposto, alá cada un. O Consultivo é un órgano de asesoramento xurídico superior ao Goberno da Xunta de Galicia e nós facémoslle caso, o que non lle queira facer caso... alá cada un coa súa responsabilidade e a súa actitude. Así está pasando o que está pasando agora, que moitas sancións impostas no confinamento, na primeira parte da pandemia, estanse tomando os tribunais. Bueno, claro, se os informes xurídicos son o de menos e cada un ten que facer o que queira, bueno, desde logo a Xunta de Galicia iso non o vai facer.

E nós por iso, unha vez que está sentado xuridicamente un criterio o que intentamos facer é axudar, é aportar. Se aquí do que se trata é de ser eficaces e de que quen estea incumprindo as normas sanitarias pois terá que pagar —nunca mellor dito— economicamente sobre todo para que non o volva facer e que non nos poña en perigo a todos. Entón intentamos aportar solucións e falamos cos concellos, e dáballe o dato antes; a día de hoxe —é un dato de onte, claramente hoxe haxa máis— 40 concellos de todas as cores políticas adheridas a un convenio voluntario. O que non se queira adherir... as relacións institucionais son para iso, plantéxanse solucións e despois aí está a voluntariedade do que quere solucionalo así dun xeito máis sinxelo —na nosa opinión—, máis operativo, ou que quere facelo pola súa conta. Aquí ninguén impón nada a ninguén, agora, hai que ser eficaces, hai que colaborar e hai que poñer solucións inmediatas nun momento tan complicado coma este enriba da mesa.

Falábame da mediación, que é un asunto que lle interesa moito, e paréceme ben porque nós levamos moito tempo apostando pola mediación. Ten mal os datos —non pasa nada—, asinamos convenios nas 7 cidades e con todos os colexios, salvo o caso de Lugo; e o ano que vén vai volver habelos, polo tanto, vostede quedouse con 2 que estaban sen asinar, agarrou iso e puxo a parte polo todo. Pero xa viñamos traballando antes e non se preocupe que o ano 2021 con ese condicionante que lle dicía de que a mediación non pode ser só mediación pública —isto ten que ser un sistema de convencemento e non só funcionando porque hai recursos públicos—, nós imos seguir apoiando porque tamén cremos na mediación.

Do material subministrado, oia, eu pediríalle un pouco de prudencia. É que, efectivamente, había moi pouco material que subministrar no mes de marzo, pero ¿sabe por que?, porque o Goberno que vostedes investiron dous meses antes dixo que se encargaban eles de todo; e, polo tanto, fixo acopio —que ao final non acopiou nada porque nada tiña—, pero non nos deixou aos demais. Nós iamos intentar compralos e dicían que non porque todo estaba intervido por orde da Administración xeral do Estado, o Goberno de España, e por iso non había material que subministrar e por iso había que intentar conseguilo debaixo das pedras para darllo a quen nada tiña, empezando polos concellos. Tamén concellos do Partido Socialista, que supoño que falarían co seu Goberno Socialista de Madrid e lles diría que eles non tiñan nada pero tampouco podían ter eles porque había unha especie de acopio fantasma onde as mascarillas non aparecían por ningunha parte. E nós conseguímolas e cada vez máis, e normalizamos o subministro, e máis de 1 millón de mascarillas subministradas a custo

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cero. Por certo, para todos os concellos e para todos os centros de servizos sociais, ¡faltaría máis!, a Xunta está para axudar e para propoñer solucións. *(Aplausos.)* Bueno, a crítica é moi fácil pero non leva a ningunha parte. *(Aplausos.)*

E falábame de... oia, eu, por suposto, admito que toda orde de axudas nun momento tan crítico como este, con tantos solicitantes, con tanta necesidade, con tanta urxencia en dispoñer das axudas... todo é mellorable pero intentamos facelo o mellor posible. Por iso digo que esas proclamas de confundir a xente que as está solicitando e analizando, mesmo os profesionais, as xestorías e as consultorías axudan pouco. Por tanto, toda a aportación para mellorar ¡perfecto! Eu pódolle asegurar que están moi pensadas. E falámolas —volvo insistir porque isto é algo importante— cos profesionais, as asociacións do sector que van ser destinatarias. E que lle dimos voltas e corriximos cousas.

Vostede plantexábame aquí —chamoume a atención— que só son para os establecementos que estean pechados a partir do 7 de outubro, ¡é que aí é cando se deron as ordes de pechar! É que antes podían estar abertos. É moi difícil, os que estiveran pechados antes non sería porque a Xunta de Galicia dera orde de pechar porque o dixo o Comité Clínico —que foi a partir dese momento cando puxemos axudas enriba da mesa—. Volvo ao plan de choque que nos están prometendo e que aínda non está. E a partir de aí, oia, ten unha confusión; o que pedimos é unha baixa —e tamén dicíao na miña primeira parte da comparecencia— do 45 % do beneficio respecto do ano 2019, ano normal; o Estado está aplicando para outras cousas —non para estas axudas, que non as dá— criterios moito maiores. A nós os profesionais pedíronnos que baixaramos ao 45 % e o baixamos, *(Murmurios.)* comparado co ano pasado durante todo o ano pero pechado a partir de que se deu orde de pechar, señor Tabarés. Pero isto, non pasa nada, eu o que lle pido é que se ten algunha dúbida está ben que se consulte pero que non se confunda a xente, que estas cousas as ten que ter claras porque ten que ser destinataria destas axudas.

E, por último —remato xa, señor presidente—, xa mo dixo con ocasión da miña comparecencia para explicar os obxectivos da Vicepresidencia. Eu xa sei que o turismo é moito máis que o Xacobeo, por suposto, temos a sorte de ter unha comunidade autónoma, creo que un dos mellores lugares do mundo. E dicir o mellor sempre é complicado. Pero eu creo sinceramente —igual que o cre moitísima xente, e o cren os 5 millóns de turistas que viñeron no ano 2019—, home, non me negará que falar do Xacobeo nun Ano Xacobeo que hai 11 anos que estabamos esperando ten certa lóxica. Non me pode acusar de que falemos do Xacobeo un pouco máis que un ano que non é Ano Xacobeo, e que aproveitemos esta oportunidade. E non é por convencemento propio, que tamén, é porque no pouco tempo que levo cos responsables de Turismo tiven ocasión de falar con moita xente, co sector que está especialmente apertado nestes momentos, e todo o mundo diche o mesmo: oe, pisade o acelerador no tema do Xacobeo que é a nosa gran oportunidade.

E vostede se falara —non sei se fala—, desde logo eu si, cos representantes doutras comunidades autónomas e con compañeiros de partido doutras comunidades autónomas, todos dinme o mesmo: oe, que sorte tedes, no momento en que máis se necesitaba ides ter un Ano Xacobeo, oxalá que o aproveitedes ben; e se o aproveitades vós, ben. Por iso era importante o da promoción en medios ao que me refería antes, eses 8 millóns de euros, pois iranos ben

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a todos; polo tanto, aproveitemos isto neste ano, sen esquecer todo o demais que vén engadido. E os que veñan aquí para o Ano Xacobeo van disfrutar de moitísimas cousas, e volverán —que é o que queremos, que é un dos grandes problemas—. E que os peregrinos que veñan unha vez non se vaian ao rematar o Camiño, que se queden aquí máis días e sobre todo que repitan, e que o conten; e que cheguemos a cifras récord cando todo volva ser normal. Pero aproveitemos o Xacobeo, que temos esa gran vantaxe que non teñen outras.

Polo tanto, señorías, nunha situación moi difícil, nun ano complicadísimo nós imos seguir traballando, imos seguir aplicando criterios obxectivos, imos seguir guiándonos por un Comité Clínico que en Galicia existe e toma decisións e é coñecido. Imos seguir alegrándonos dos pequenos triunfos de que as cousas vaian mellorando pouco a pouco, eu creo que é algo que deberiamos facer todos. Imos non perder a perspectiva de isto é moi complicado, de que quedan tempos difíciles por diante, pero que pouco a pouco se vamos avanzando e non dando pasos atrás volveremos a unha vida normal, que é todo o que queremos.

Estas proclamas: «*hemos vencido al virus*», «*salimos más fuertes*», que todos coñecemos do señor Sánchez, e estes manás que se nos prometen agora: non vos preocupedes porque van chegar miles e miles de millóns de euros; como se fora un regalo do ceo e non tivera ningún condicionante e os estiveramos desfrutando xa e non foran a día de hoxe máis que promesas. Creo que isto non nos pode facer esquecer que o traballo serio e o traballo planificado ao final é o que dá resultado, a xente ao final obsérvanos e tamén actúa en consecuencia cando lle pedimos a confianza. E nun momento moi difícil é cando se demostra os gobernos que traballan de verdade e a Xunta de Galicia, dende logo, quere traballar e quere traballar de verdade.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Aplausos.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Tal como foi comunicado, procedemos agora a substanciar unha alteración da orde do día, en concreto, unha pregunta ao Goberno.

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía de axudas directas ás axencias de viaxes para evitar o seu peche no ano 2021

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Deputados e deputadas.

Grazas, presidente.

Bo día, vicepresidente.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na situación pandémica actual o sector turístico foi e é, sen dúbida, un dos sectores económicos máis golpeados. Os ingresos de case a totalidade de empresas turísticas son escasos ou nulos desde que estamos nesta situación de crise sanitaria e económica. Dentro do sector turístico un dos sectores máis afectados pola pandemia é o das axencias de viaxes. Dende os primeiros meses do ano están sufrindo cancelacións constantes das reservas feitas, o que implica que de todo o traballo que levan feito dende o 2019 para as viaxes previstas en 2020 non obteñen beneficio. As axencias de viaxes tiveron que devolver o 100 % de todas e cada unha das reservas dos clientes, tendo cero ingresos.

En Galicia a primeiros deste 2020 eran máis de 600 puntos de venda con máis de 2.000 empregados directos, ademais de todos os empregados indirectos; os cales afrontan a recta final do ano e o inicio do próximo con moi malas perspectivas. Calcúlase que 2 de cada 3 axencias de viaxes pecharán as súas portas co inicio do 2021. Dende a Xunta de Galicia elaborouse o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19. Un plan no que as axencias quedaron practicamente excluídas con accións que non aportaron nin unha mínima reactivación real deste sector.

O bono turístico —que hoxe falou del—, pois, ben, este bono turístico promovido polo Goberno galego e a súa forma de articulado estivo mal exposto dende a súa presentación. Por unha banda, non ten en conta o funcionamento e modo de vida das axencias de viaxes, descoñecendo que é inviable aplicar un 15 % de descontos nos produtos destinados aos usuarios destes bonos, cando a meirande parte das comisións que perciben non son superiores ao 10 % bruto. Agora ademais atópanse cunha problemática bastante importante para garantir a continuidade das empresas, que é a renovación dos seguros de caución e de responsabilidade civil. Seguros que condicionan as axencias de viaxes e as súas licencias e, en consecuencia, a continuidade da actividade. Están recibindo cartas das compañías aseguradoras onde se lles confirman que non van facerlles renovación das pólizas e outras onde, a pesar de si aceptar esa renovación, se lles informa dunha subida das primas dos seguros dun 15 % mínimo; primas que parten, como mínimo, dos 400 euros.

Ante esta situación tan desesperada das axencias de viaxes, a pregunta, señor presidente, é se a Xunta de Galicia vai garantir axudas directas ás axencias de viaxes e se as ditas axudas van recoller medidas para gastos fixos e renovación dos seguros.

Vexo que a raíz desta pregunta vostede acaba de anunciar, na súa anterior intervención, unhas axudas para as axencias de viaxes. Alégrome de que recolla...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego. Terminou. Grazas.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...esta iniciativa para tomar medidas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, non, non se confunda. Eu, por respecto, creo que é o que hai que facer.

Efectivamente, é unha pregunta sobre as axencias de viaxes. Hai liñas de axuda que levan moito tempo planificándose e creo que este é o lugar para anuncialo. Podería anuncialo en calquera outro foro, pero creo que o lugar —se se me pregunta polas axencias de viaxes— é este para anunciar algo no que levamos traballando hai moito tempo. Isto non se improvisa. É un pouco o que intentaba dicir na miña comparecencia anterior. A planificación é importante e escoitar —ás veces hai que escoitar o que non che gustaría oír, xa que estamos nun momento moi complicado para o sector turístico— é moi necesario, é imprescindible. Polo tanto, por suposto que sabemos que as axencias de viaxes —eu téñoo dito en bastantes intervencións públicas nestes últimos meses— son, probablemente, do sector turístico, o subsector —por así chamalo— que máis duramente está sufrindo os efectos derivados da covid-19, sen ningunha dúbida. Estamos falando de negocios que se basean na mobilidade da xente, de negocios que se basean na planificación cun certo tempo. ¿Quen pode facer planificación nestes momentos para moitas cousas de desprazamentos, sobre todo, e baseados ás veces na formación de grupos, que se integran nos paquetes turísticos? Fíxese como está agora mesmo todo o tema que ten que ver cos grupos e coa reunión de persoas.

Polo tanto, claro que están moi damnificados, pero isto xa o sabiamos dende o principio. E nese plan de reactivación turística que fixemos hai meses, na primeira fase da pandemia, falando coas asociacións maioritarias do sector, que son dúas, Atrega e Agavi, xa estaban previstas axudas específicas —xa se están pagando e o están xustificando— de 500.000 euros para o sector, sobre todo para reorientar paquetes turísticos e produtos que se estaban ofrecendo.

Creo que isto, ao final, se notou. Foi un esforzo conxunto, pero, nos mellores datos que tivemos nos meses do verán en Galicia respecto do conxunto do turismo, sen dúbida as axencias de viaxes tiveron bastante que ver. Vinte puntos menos, e despois houbo programas xerais dos que tamén se beneficiaron as axencias de viaxes, como o Programa Reactiva Turismo, con 5,9 millóns de euros; o cheque dixital, con 7 millóns; liñas de liquidez do Igape, ás que tamén accederon as axencias de viaxes e, por suposto, a liña que hai agora —non a específica para a hostalería, pero si o resto—, por iso é tan importante saber as compatibilidades. Sesenta e sete millóns de euros —dos 82— tamén son para as axencias de viaxes, que a inmensa maioría son ou persoas autónomas ou microempresas, e pódense beneficiar. E desas 35.000 solicitudes hai varias que son de axencias de viaxes.

E, por suposto, o Bono turístico —se non me dá tempo falarei del na segunda parte da miña intervención— é fundamental para a axencias. ¡Oia!, era sinxelo dicir que isto —o do Bono turístico— non se fixera a través das axencias de viaxes. Estou seguro de que moitos hoteis e moitos restaurantes preferirían que se fixera directamente, pero as axencias de viaxes tiñan que entrar, sen ningunha dúbida, nun incentivo deste tipo, e entraron. Pódolle dicir que hai moitos paquetes turísticos do Bono turístico contratados a través das axencias de viaxes.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten vostede unha confusión respecto de quen debe soportar ese 15 % adicional…,

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente, terminou o seu tempo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): …pero podemos aclararllo na segunda parte da intervención.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Señor vicepresidente, se saben dende o principio o problema das axencias de viaxes, teño que dicirlle que levamos nove meses de pandemia e que o anuncio o fixo hoxe. Pois, non sei, podía facelo antes. *(Aplausos.)*

Tamén lle vou pedir que se reúna coa Plataforma polos Dereitos das Axencias de Viaxes, para que tamén lle conten de primeira man o que está a acontecer con todas as axudas e demais.

E, ben, este anuncio que acaba de facer sobre os bonos turísticos e os seguros espero que se materialice inmediatamente e que non quede nun mero anuncio. Gustaríanos que aparecera nos orzamentos do 2021 —que está aínda a tempo de meter estas axudas—, porque as axencias de viaxes, o comercio, a hostalería e tantos outros sectores non queren máis promesas, queren feitos, señor Rueda; queren feitos.

Mire, voulle contar. Ao balance negativo dos primeiros meses do ano temos que sumar tamén a mala tempada de verán, a nova onda de cancelacións debido ás limitacións perimetrais e ademais a descapitalización derivada dos depósitos entregados aos prestadores de servizos, como, por exemplo, as aeroliñas, e non devoltos, ou a suspensión destes, que as axencias reembolsaron aos viaxeiros e que as compañías aéreas se negan a devolverlles nos prazos estipulados por lei. Moitas axencias de viaxes galegas decidiron pechar definitivamente. Señor vicepresidente, as súas portas están pechadas. E outras tantas intentan sosterse cunha oficina *online*, debido á imposibilidade de cubrir os gastos básicos de alugueiro e incluso de subministracións.

Señor Rueda, o turismo ten que ser un sector estratéxico para as políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta gran crise económica, como vén defendendo o noso grupo dende o inicio desta lexislatura.

O grupo do Partido Popular ten que realizar un investimento máis ambicioso e transformador do turismo galego…

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora GALLEGO SANROMÁN: O problema non é salvar a tempada, o problema...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, moitas grazas.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...é salvar o turismo... *(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o tempo, señora... *(Aplausos.)*

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, ou sexa que estes anuncios que estou facendo son cousas que imos pagar cos orzamentos do 2021. Vostede, ¿que quería, que no mes de maio eu falara de cousas que iamos facer no 2021? Iso xa o fan vostedes por meter cousas e despois están meses e meses e meses sen pagalo. *(Aplausos.)* Non, eu anúncioo agora e imos facelo agora.

Por certo, na comparecencia que tiven de orzamentos —unha comparecencia longa— a deputada do Partido Socialista non preguntou en ningún momento polas axencias de viaxes. Supoño que para vostedes non era unha prioridade naquel momento e o é agora, que me parece moi ben, porque para nós xa o é dende o primeiro momento.

Claro que sabemos como o están pasando porque nos reunimos coas asociacións. Eu pídolle un respecto para as asociacións maioritarias das axencias de viaxes, ¡eh!, porque, claro, se me reúno con elas, iso non vale porque non me reunín coa outra. Entón, ¿é que esas dúas que representan maioritariamente o sector, sen ningunha dúbida, non teñen ningunha representatividade para vostedes? Téñena, e pódolle asegurar que din cousas moi duras —e a iso me refería antes— cando che contan a verdade, que non che gustaría escoitar como responsable público porque che gustaría escoitar que as cousas están mellor, pero as cousas están como están.

Por iso actuamos, e actuamos dende o principio. Faláballe antes de 500.000 euros directamente dirixidos ás asociacións, que están xustificando agora; faláballe dos 63 millóns que agora mesmo xa se poden solicitar e que xa se están cobrando para micropemes e autónomos; faláballe do cheque dixital; faláballe dos créditos do Igape; faláballe do Bono turístico, que estaría moi mal plantexado pero ten o 98,5 % de solicitantes agora mesmo.

Todo isto é deste ano, é real, e agora falamos do do 2021. Xa lle digo, nós, cos cartos que temos, actuamos, poñémolos á disposición de quen os necesita e cos cartos que imos ter inmediatamente o artellamos todo, e agora, a tres semanas de empezar o ano 2021, xa estamos falando do que faremos inmediatamente cos cartos do 2021. Ademais, son anuncios que non valen de nada e que non lle solucionan nada á xente cando vostede os ve cara a cara e lle din: ¿como me vas axudar agora e como me vas axudar dentro de tres meses? Polo tanto, é o que estamos facendo, e claro que haberá medidas.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¡Oia!, o seguro covid é moi importante, pedíronnolo. De feito, a primeira idea veu das axencias de viaxes: «tedes que facer isto, é fundamental para nós despois poder contratar e atraer xente. Que existira ese seguro sería fantástico». Pois imos poñer o seguro.

Efectivamente, os depósitos de caución, son un problema. Tres centos euros agora mesmo para un autónomo que ten unha axencia de viaxes son cartos importantes. Pois a Xunta de Galicia vainos axudar para que os poidan poñer. ¡Oia!, pero vainos axudar cando o teñan que poñer, no ano 2021, co orzamento do 2021. Vostede dime: Non, é que isto vostede o tiña que ter dito hai seis ou sete meses. Iso non lle aproveita a quen necesita os cartos. Hai sete meses aproveitábanlles os cartos que recibiron durante todos estes meses, e agora interésalles saber o que van recibir o ano que vén. Igual que axudaremos as axencias maioristas, que non poden acceder ás axudas de micropemes, pero que traen moitísimos turistas a Galicia e necesitan o apoio da Xunta de Galicia. Igual que seguiremos co Bono turístico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...e o ampliaremos a máis xente, para que veña xente, igual que seguiremos con calquera causa real...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...para axudar a quen realmente o está pasando mal, e as axencias de viaxes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...non o están pasando nada ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora, coa seguinte alteración da orde do día, á segunda das comparecencias.

Comparecencia da conselleira do Mar, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día a todos.

Comparezo hoxe nesta Cámara para dar conta da proposta de actuación que debe marcar o rumbo da Consellería do Mar para estes catro anos. A proposta debe de adaptarse a unha cuestión como é a pandemia da covid-19, que afecta, por suposto, toda a actividade marítimo-pesqueira, pero iso non indica que debamos apartar a vista dos grandes retos e problemas que se presentan como resultado dun proceso incerto do *Brexit*, da aplicación práctica do acordo sobre o novo Fempa, da determinación dos TAC e cotas para o 2021 ou da orientación do novo regulamento de control.

Quero comezar por sinalar a nosa aposta no relativo aos eidos da xestión e da ordenación do sector, tendo neste eido como elemento básico o reforzo da cogobernanza, para o que afianzaremos o contacto co sector en todas as vías. Nesa liña, crearemos unha rede de asesoramento nas zonas costeiras dirixida a prestar apoio na formulación de proxectos, na realización de solicitudes de axuda e na axilización da execución e xustificación en cuestións relacionadas cos apoios dos fondos europeos marítimo-pesqueiros.

Queremos seguir mantendo a liña de traballo en común co sector para seguir avanzando naquela normativa vinculada á protección social dos profesionais do mar, tal e como fixemos coa adecuación da directiva comunitaria que dispón os requisitos para os botiquíns e que agora debe ser trasposta ao marco español para cobrar efectividade. Así o fixemos cos botiquíns e así o queremos facer con outras cuestións como o axeitamento da normativa sobre o control horario a bordo dos barcos de pesca ou a posta ao día das disposicións que rexen os coeficientes redutores para a xente do mar, traballando tamén para que as vantaxes do segundo rexistro español poidan chegar á frota de pesca.

Facilitar a actividade marítimo-pesqueira é unha tarefa que vai máis alá do labor extractivo. Non todo se basea en cotas e TAC, onde o traballo sempre é intenso, nin só ao abeiro de cada consello de ministros de decembro en Bruxelas. Neste senso, a proposta de Galicia baséase na consideración dunha estabilidade de cotas que ben puidera vir dada polo seu carácter bienal, así como por apostar pola inclusión do impacto do cambio climático, que debería variar para mellorar a distribución delas segundo as áreas de pesca.

Estamos demandando e seguiremos traballando para que a actividade da nosa frota no exterior sexa realizada en pé de igualdade con outras frotas internacionais. Queremos estender as normas *anti- finning* que se nos aplica a nós e apoiar as posibilidades de que todos os barcos pesquen en terceiros países de maneira sostible e respectuosa, tal e como fan os galegos.

Pero a liña máis importante neste ámbito pesqueiro ha de ir obrigatoriamente a potenciar e facer competitivo o futuro do sector pesqueiro da costa artesanal. Nese ámbito, temos como clave de bóveda o Plan de acción da pesca costeira artesanal... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¿enténdeseme ben?— *(Asentimento.)* de artes menores de Galicia para 2030.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En particular, este plan confórmase atendendo a aspectos como a investigación e o coñecemento, a mellora do sector, a conservación do medio e a eficiencia da frota, a comercialización e procesado dos seus produtos, tamén os aspectos económicos e sociais, a diversificación de actividades, o patrimonio cultural marítimo-pesqueiro e a promoción, difusión e imaxe dos seus produtos.

Nesa mesma liña irá enmarcado o traballo no marisqueo, onde levaremos adiante o Plan de acción do marisqueo Galicia 2030, co obxectivo de garantir a explotación sostible e a conservación dos recursos marisqueiros.

Este plan centrarase en liñas orientadas a unha xestión sostible e á conservación dos recursos, á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, ao desenvolvemento socioeconómico e de emprego, ao apoio á comercialización dos produtos e á gobernanza. É dicir, deberemos avanzar en liñas como a de potenciar o semicultivo, a de rexenerar as zonas improdutivas, a de ampliar a produción de semente e a de frear máis aínda o furtivismo, todo sen descoidar a boa marcha no saneamento das rías e a potenciación das canles comerciais vitais neste tempo, pero tamén no futuro.

Na actividade da acuicultura, nin podemos nin queremos renunciar ao liderado de Galicia no ámbito acuícola, sempre desde a perspectiva de que a ampla potencialidade deste sector e o seu desenvolvemento debe ser compatible coa conservación do medio e o seu aproveitamento pesqueiro e marisqueiro.

Para recuperar e consolidar ese liderado, cómpre guiarse polo rumbo marcado na Estratexia galega da acuicultura, que constitúe o documento de articulación e organización que deberá rexer a planificación e xestión da actividade acuícola en Galicia cara ao horizonte 2030. Seguimos sinalando a nosa vontade de ir da man do sector e contar coa súa codirección para dispor dos instrumentos adecuados para a toma de decisións administrativas e defender a máxima garantía de compatibilidade e respecto ambiental das explotacións.

A xoia da coroa segue sendo e vai seguir sendo o mexillón, polo que continuaremos a potenciar o seu cultivo, reforzando a súa trazabilidade e favorecendo a innovación neste sector, de forma que lle permita un óptima aproveitamento dos fondos europeos e un aumento do valor engadido obtido para este produto. Falando de valor engadido, o apartado de transformación e comercialización que propoñemos vai nesa liña, xa que a consecución de máis prezo e rendemento é unha cuestión na que debemos afondar.

Imos traballar na articulación dunha liña que nos leve á reorientación do sistema comercial marítimo-pesqueiro, xa que entendemos que Galicia debe poñer en marcha unha iniciativa do seu sistema comercial pesqueiro para adecuarse á nova situación social e produtiva. Esta planificación, na que xa se está traballando dende hai varios meses, ten a súa base en tres aspectos: na organización da oferta, apuntalando na agregación da oferta de produtos e no seu sostemento e dispoñibilidade; na adecuación da oferta á demanda, baseada nos novos hábitos de consumo; e no estímulo do consumo, baseado na realización de campañas de promoción dos produtos do mar e do seu consumo.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, a planificación do futuro da transformación é tamén fundamental. A este respecto, sinalaremos como básico o labor de actualizar e renovar o Plan estratéxico da conserva, que tiña o seu horizonte en 2020, para levalo ata 2020-2030, e apostaremos por levar adiante a redacción, consensuada co sector, do Libro verde do conxelado en Galicia.

Toda esta planificación debe ir fundamentada sobre a seguridade xurídica para as empresas que transforman e comercializan produtos do mar, especialmente daquelas que se asentan nas franxas costeiras, e que deben ter capacidade para programar os seus investimentos e posibilidade de traballo no maior prazo temporal posible.

Pero está claro que esta proposta debe contar tamén con outra carga de apostar por dinamizar o consumo de peixe e marisco, tanto en fresco como en transformado. Debemos conseguir unha estimulación dese consumo, non só en tempos de pandemia, senón para etapas da vida normal. Para tal fin, deberemos avanzar na reformulación e actualización de campañas que van destinadas aos nenos e nenas e proseguir as campañas destinadas ás persoas adultas. Esta expansión do consumo debe ser sustentada sobre unha máxima indeleble: a seguridade alimentaria destes produtos, para o que deberemos afianzar as tarefas de control das condicións hixiénico-sanitarias, feito para o que Intecmar é clave. Neste senso, estamos reforzando xa o funcionamento do mesmo centro.

Neste ámbito, tamén terá un papel relevante Gardacostas, onde traballaremos por exhaustivizar a eficiencia do Plan de loita contra o furtivismo, que xa tivo bos froitos. Reforzaremos a coordinación coas confrarías e daremos entrada a novos medios, como pode ser o uso de drones.

Gardacostas tamén reforzará a súa faceta como elemento clave na seguridade e salvamento marítimo. Para iso, entendemos que debemos traballar para conseguir un mellor financiamento deste servizo, máxime tendo en conta que somos a comunidade autónoma con maior despregamento de medios e que esa situación de aforro para o Estado debe ter un retorno xusto.

No eido da loita contra a contaminación, propugnaremos unha ampliación do traballo contra a presenza do lixo mariño e artellaremos un plan de loita e concienciación contra o lixo mariño que integre todas as medidas e iniciativas levadas a cabo neste ámbito de actuación e que contemple medidas de concienciación, coñecemento e loita directa contra o lixo presente no medio mariño. Terá un papel primordial o Plan de loita contra a contaminación mariña accidental de Galicia, coñecido como Plan Camgal, en cuxa actualización traballamos, mediante a adecuación ás novas normativas xurdidas e a mellor integración dos medios e protocolos baseados na experiencia acumulada.

Señorías, se temos que sinalar dúas cuestións que marcan a competitividade, a presente e *ad futurum*, creo que todos concordaremos en que estas son a formación e a investigación.

No eido da investigación debemos seguir facendo a aposta polo desenvolvemento da ciencia aplicada ao sector, xa sexa a que se desenvolve dende o Cima ao Intecmar, para a pesca e o marisqueo, ou a Unidade Técnica de Baixura para as pesquerías costeiras.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, dentro desta aposta queremos expandir tamén aquela que conta coa participación activa do sector e da sociedade. Queremos ampliar a mesma, dinamizando a recollida de datos da Unidade Técnica de Pesca de Baixura cara a outras frotas do litoral, ou a posta en marcha da plataforma dixital Redogal, Rede de observación do medio mariño galego, para integrar a información subministrada pola sociedade sobre a presenza de especies novas ou outras cuestións do eido oceanográfico.

Hanme permitir aquí que me deteña nunha cuestión de actualidade que debemos pór enriba da mesa: a transferencia dos medios do Instituto Español de Oceanografía, cuestión á que non renunciamos, mais previamente ha de ser saneado economicamente e reorganizado funcionalmente, porque sen iso o IEO non podería responder á tarefa que o sector lle demanda.

No eido da formación, debemos seguir sumando boas cifras nas matrículas, afondando na saída e incorporación dos mozos e mozas no sector, para o que se fai fundamental ampliar a faceta práctica de ensinanza, motivo polo cal seguiremos apostando pola FP dual neste campo formativo.

Facilitaremos tamén a programación da formación non regrada coa creación dunha plataforma dixital na que acceder á programación dos cursos planificados nos portos e centros de ensino regrado.

Con todo, señorías, traballar polo sector marítimo-pesqueiro e polo seu futuro sen abandonar o seu papel central non escapa a que poidamos diversificar e complementar esta actividade económica e laboralmente, cuestión que xa foi realizada de forma abondosa, grazas ao traballo realizado polos grupos de acción costeira, primeiro, e polos actuais grupos de acción local do sector pesqueiro.

Nesta liña, e tendo por firme a aposta xeral que a Unión Europea fai por este tipo de liñas orzamentarias e de traballo, cremos que o Xacobeo 2020-2021 pode ser un elemento de estímulo para esta vía, polo que procederemos ao artellado e desenvolvemento dun plan de promoción dos camiños de Santiago a percorrer polo mar. Queremos implementar unha liña que promova a chegada de peregrinos a través dos peiraos galegos, executando unha liña de mellora dos atracadas, puntos de amarre, abrigos e fondeadoiros.

Ademais, o turismo mariñeiro e de pesca pode ser unha nova oportunidade para xerar ingresos e coñecemento da actividade, reforzando un valor agregado e intanxible que mellore as cotizacións dos produtos do mar. Nesta liña, aproveitaremos a redacción e o desenvolvemento dun plan de acción, dispoñéndose a recompilación de presenza de elementos culturais, patrimoniais e etnográficos.

Non queremos máis que seguir facendo que a vida das vilas e aldeas costeiras siga xirando arredor dos portos. Os portos son e deben seguir sendo pancas económicas e, como tal, debemos seguir apostando por eles. Planificar, xa que logo, vólvese unha cuestión fundamental, e esa etapa xa está en marcha coa licitación, por 4,7 millóns de euros, de dous paquetes de proxectos que permitirán ir atendendo máis de trinta dragaxes e por riba de cincuenta actuacións de melloras nas estruturas portuarias.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ir desenvolvendo estas actuacións, coordinadas e conexas, debe ser unha vía fundamental de traballo na mellora dos usos e na relación dos peiraos coas contornas urbanas, na que a cesión de espazos aos concellos en base aos acordos acadados no grupo de traballo establecido coa Fegamp vai ser unha das liñas a desenvolver.

Pero se hai algo que poidamos considerar como grande aposta para estes anos, estaría centrado nas persoas, en conseguir un relevo xeracional que asegure o futuro da actividade. Defender o orgullo de traballar no mar é un sentimento e unha actitude, e coidala e expandila debe ser unha constante. Por iso, imos continuar coa liña de rodaxe e lanzamento de vídeos e accións promocionais que redunden nun mellor coñecemento do sector dende o punto de vista social, con especial referencia ao reforzo da autoestima dos traballadores do sector.

Aumentar o número de tripulantes dos barcos pesqueiros e afianzar a entrega de novos permex para o marisqueo son feitos que deben levarnos a redobrar a aposta e na que estamos traballando dende hai tempo.

Mellorar os barcos para axeitar as súas habilitacións e seguridade, así como traballar na conectividade con terra, coas persoas queridas, que son unha das cousas que custa deixar cando se trata de embarcar. Para adecuar os barcos, é precisa a renovación da frota, para estes casos con axudas públicas do novo FEMPA, e que non debe ir relacionado cun aumento de capacidade de pesca, xa que esta está limitada polos TAC e as cotas. Pero ter barcos novos e adecuados non tería sentido sen ter o persoal formado e coa capacitación para facelos rendibles e competitivos.

Nesa liña social, a competitividade vai vir sempre —e sabémolo ben— pola formación, especialmente pola práctica, porque o mar quere experiencia. De aí que promovamos a extensión dos programas de FP dual aos centros de Ribeira e ao Igafa, coa inclusión progresiva de novos proxectos en todos os ciclos e aumento dos alumnos e alumnas matriculados nos mesmos baixo esta fórmula.

Ademais, o recoñecemento social da muller do mundo do mar ten que vir tamén incorporado de xeito destacado dentro desta aposta social, circunstancia que debe vir acompañada de avances en materias como a atribución de coeficientes redutores axeitados para a súa actividade. A este respecto, recoñecer e expandir o papel das redeiras e difundir e ampliar o seu campo de traballo debe ser unha constante cara a garantirlle o futuro a este oficio que é clave na actividade pesqueira.

Toda esta aposta ha de recollerse en detalle na redacción dun ditame sobre a reforma da política pesqueira común, a iniciar de cara ao 2022, con propostas e demandas no eido social, para conseguir esa axeitada remuda xeracional e un nivel digno de vida e ingresos.

Neste senso, propugnamos o sometemento do ditame á aprobación do Consello Galego de Pesca e ao Parlamento de Galicia e a defensa do mesmo diante das institucións do marco decisorio comunitario.

Todas estas medidas *ad futurum* están marcadas por un presente difícil, e este ano e o seguinte veñen marcados irremediablemente pola influencia da pandemia da covid-19.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa en xuño contabamos cun plan que abarcaba todas esas dimensións, o plan Avantemar. Este plan está artellado arredor de vinte e dúas medidas, que se integran en cinco liñas. Todo isto conleva a inxección directa ou a posta á disposición do sector de 77 millóns de euros, dos cales unha parte importante foron articulados, mediante ordes de axuda, para entidades xestoras de lonxas, redeiras, persoas mariscadoras a pé que cesaran a súa actividade e buques de pesca que seguisen traballando e que visen reflectida esa actividade en perdas económicas.

Ademais, de cara ao futuro queremos levar adiante o xa citado plan para a reorientación do sistema comercial marítimo-pesqueiro, avogando pola dixitalización e o emprego das plataformas *on line* e a loxística de porta a porta, de tal forma que se sosteñan as canles comerciais e se poida seguir traballando en puntos afastados situados na nosa costa.

Señorías, diante de nós temos ese reto e moitas cuestións que teñen apartado de futuro pero que xa veñen do pasado. Fálolles do *Brexit*, da necesidade de obter mellores cotas, de lograr unha boa modificación do Fondo Europeo Marítimo de Pesca ou de adecuarnos a unha economía azul, que debe de integrar todas estas actividades.

No *Brexit* levamos traballando arreo nestes últimos anos. Cinco informes, ducias de xuntanzas, participación activa en foros e eventos europeos, alianza clara coas frotas europeas e seguimento activo da negociación son un balance no que sempre tivemos un obxectivo claro: conseguir un *statu quo* e un acordo no que se equilibre o acceso ás augas e aos mercados de forma recíproca entre a Unión Europea e o Reino Unido.

Agora que asistimos aos últimos compases de negociación, non queremos que a pesca acabe sendo moeda de cambio do resto das negociacións. Se finalmente non hai acordo, queremos estar preparados, e por iso demandamos do Goberno central o apoio para levar adiante medidas de continxencia, como a adecuación de puntos de inspección fronteiriza nos portos de Celeiro e Burela. Temos tamén que acabar de definir, con trazo fino, unha ferramenta básica e fundamental como é o novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e da Acuicultura. O novo FEMPA debe traernos apoio para adecuar a actividade e o futuro e facelo en termos simplificados e áxiles.

Entramos tamén na recta final da definición doutra cuestión importante na aplicación da política común de pesca como é o réxime de control da actividade. Flexibilidade e adecuación de pesaxe e transporte, cargas de seguimento da pesca acaídas ou control dos descartes que non invada o barco de cámaras son materias nas que traballamos e nas que agardamos acadar un bo resultado.

Toda esa planificación debe encaixar nun desenvolvemento da economía azul que Europa propugna, que a realidade demanda e que o futuro precisa. Calquera avance que se faga debe ser traballado co sector marítimo-pesqueiro, coa participación activa e buscando un beneficio conxunto. Temos exemplos de potencias pesqueiras que o seguen sendo e que se erixen novamente en líderes na economía marítima; nese grupo de rexións e países queremos que siga estando Galicia.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Remato, e fágoo polo reto de futuro máis próximo no tempo: a fixación de TAC e cotas para o 2021. A proposta da Comisión Europea sobre os TAC e cotas de pesca para o 2021 é claramente negativa, especialmente no relativo ao caladoiro Cantábrico-Noroeste, pero temos que lembrar que non é definitiva. Ademais, exclúe os caladoiros de Gran Sol e Francia, á espera de que conclúan as negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido sobre a relación post-*Brexit*, polo que a proposta que xurda neste ámbito se vai analizar case sen tempo antes de adoptarse decisións no Consello de Ministros de Pesca da semana que vén. Neste consello, Galicia volverá representar ás comunidades autónomas españolas en materia de pesca. Traballaremos con argumentos sólidos para mitigar eses recortes e convencer a Comisión de que hai que aplicar unha política pesqueira común sustentable. Tamén demandamos do Goberno central que sume argumentos e informes para acadar un resultado positivo nesta negociación.

Neste senso, Galicia traballa dende o primeiro momento en obter os datos e argumentos socioeconómicos, aspectos necesarios para suavizar as decisións de impacto, facéndoos valer ante os organismos competentes. Este é o caso do informe de impacto potencial do axuste negativo de cotas no caladoiro Cantábrico-Noroeste, e estima que Galicia soportaría o 60 % da cantidade total de minoración económica que España sufriría como derivación do axuste negativo de cotas no caladoiro Cantábrico-Noroeste para o 2021. Cos datos existentes da proposta a 1 de decembro, sumariamos 12,5 millóns de recorte económico.

Este axuste sería asumido de forma diferente pola frota, con grave impacto, de máis de 150.000 euros de perda potencial por barco no arrastre, e cunha frota de 128 barcos de artes menores, que teñen nestas cotas máis do 25 % da súa facturación, polo que unha rebaixa na mesma podería dar ao traste coa súa rendibilidade.

Estamos, xa que logo, señorías, diante dun futuro complexo, onde os riscos se amosan a cada paso e onde todos os esforzos son poucos. Dicíalles a semana pasada que todas deberiamos remar, porque todas e todos imos no mesmo barco. Por iso lles volvo pedir o apoio para o sector, para os profesionais do mar e para o futuro da xente que vive por e para o mar. Pídolles o apoio para o futuro que agarda moverse arredor do mar, pídolles o apoio para o mar, para o mar de Galicia, para o mar que nos move.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Benvida, señora conselleira.

A verdade é que eu quería empezar polo final da intervención da señora conselleira cando dicía e pedía o apoio, que todos e todas imos nese mesmo barco, esperemos que remando na mesma dirección. Eu xa lle dicía o outro día na comparecencia de orzamentos que o meu grupo, o Grupo Parlamentario do PSdeG, vai estar ao lado da consellería, sempre e cando se diten medidas e se goberne para todo o sector, e, polo tanto, reitero ese ofrecemento de apoio do noso grupo parlamentario.

Vostede tamén falaba de que nos atopamos nunha situación excepcional, nunha situación da covid-19, desta pandemia, e dende o meu grupo quero facer un recoñecemento a todos eses traballadores do sector do mar, sector que foi declarado esencial nesta pandemia, e que estivo sempre en primeira liña a pesar de todos os riscos que iso conlevaba, para que a ninguén de nós nos faltara un elemento fundamental na nosa dieta. *(Aplausos.)*

Vostede hoxe comparece nesta cámara para explicar as liñas xerais da súa consellería, pero, claro, cómpre recordar que isto son proxectos, o que se quere levar a cabo, por parte da consellería, pois ao longo do ano 2021. É certo que, escoitándoa a vostede, nós coincidimos en moitas das cousas que se expuxeron aquí. Gustoume algo que xa tiña adiantado vostede na Comisión de Orzamentos, o de facer ese reforzo da cogobernanza, con esa instauración desas oficinas de apoio, sobre todo na tramitación deses fondos europeos, e recoñecemos iso como unha gran actuación. Nós dende logo que o pediamos tamén para facilitar, polo tanto, esa tramitación —sabemos que é engorrosa— dos fondos europeos, e esperamos que traia os éxitos que se pretenden.

Pero, claro, vostede hoxe falaba aquí desas liñas xerais. Perdóeme que volva ser un pouco reiterativa no que dixen na Comisión de Orzamentos do outro día, pero, claro, é que para poñer en práctica esas liñas que vostede presenta, á parte de ter vontade política, o fundamental —repito— é que hai que ter cartos e que hai que ter unha partida orzamentaria. É certo que o diciamos o outro día: a partida da Consellería do Mar increméntase para o ano 2021, pero increméntase moito menos que outras consellerías ou que incluso outros departamentos.

Non lle gustaba que lle falara, doce anos despois e doce orzamentos despois, dos 48 millóns menos que respecto aos orzamentos do Goberno presidido polo señor Touriño, pero é que incluso os orzamentos do Goberno central do ano 2021 soben un 25 % con respecto a eses últimos orzamentos do Partido Popular. Estas liñas, moitas delas, esperamos que cheguen a bo porto, pero repito que, claro, fai falta unha dotación orzamentaria e que despois se executen.

Permítame que lle diga que vostede falaba de todo o sector, pero creo que ao longo da súa intervención se olvidou dalgunhas artes do sector, e por exemplo olvidouse de facer unha aposta por unha arte sostible, selectiva e respectuosa co medio mariño como é a arte do xeito. Levamos discutido moito nesta cámara sobre esa arte, e o Grupo Parlamentario Popular sempre vota en contra das iniciativas que soe traer a oposición a esta cámara, que recordemos que é unha arte que se realiza de xeito artesanal e predominantemente en auras

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

interiores; e aí vai o quid da cuestión: a competencia é da propia Xunta de Galicia, porque así o atribúe o propio Estatuto de autonomía.

Por iso nós sempre lles pedimos que gobernen contando con todo o sector, e non queremos pensar que este goberno da Xunta de Galicia pois adopta medidas en función da rendibilidade política que lle poida acarrear; ao mellor pensan que esas 429 embarcacións non lle darán moita rendibilidade en termos electorais e abandónanos á súa sorte.

Pero, claro, cando vostede fala de planificación e do que pensan facer, permítame aquí que o meu grupo pois poña en dúbida que vaian levar a cabo e vaian trasladar todas esas promesas a feitos, porque, claro —non me canso de repetilo—, a execución orzamentaria da Consellería do Mar é baixísima. No ano 2018 deixaron sen executar 75 millóns de euros, o 48 % do orzamento da súa consellería, e no ano 2019 deixaron sen executar o 50 % do crédito vixente e o 60 % do crédito inicial.

Polo tanto, con estes niveis de execución ao que nos acostuma a súa consellería, dificilmente poderán levarse a cabo moitas das actuacións das que vostede hoxe falou aquí. E, claro, moitas desas actuacións englóbanse dentro dese programa 723A, e volvo repetir —e non me cansarei de repetilo—: os datos de execución deste programa falan por si sos. No 2017 deixáronse sen executar 6 de cada 10 euros orzados, no 2018 executouse só o 23 % do crédito orzado e no 2019 executouse só o 36 % do crédito orzado. Polo tanto, estes son os números e esta é a realidade.

Vostede falaba da grande aposta da consellería para o ano 2021, centrada nas persoas e centrada en garantir o relevo xeracional, e, nembargantes, cando hai que facer esa aposta decidida, que é nos orzamentos, vemos como baixamos a partida orzamentaria para ensinanzas pesqueiras, a pesar de que seguimos perdendo traballadores no sector da pesca. Dende o ano 2009 ao ano 2019, co exercicio pechado do 2019, perdéronse un 15 % de afiliados ao réxime especial do mar.

Vostede falaba tamén —pero pasouno así moi por riba— do saneamento das rías, pero non dixo nada máis; nomeouno, pero non se parou no saneamento das rías. E vostede, coma min, sabe que aquí hai moito traballo por facer e vostede non dedicou nin un só minuto a falar do saneamento das rías. Algo fundamental para que o noso sector poida traballar é ter unhas rías saneadas, e vostede non dixo nada ao respecto.

Vostede falou tamén do Servizo de Gardacostas, un servizo que cada vez asume maiores funcións, que participa en toda a cadea, dende a extracción ata a posta á disposición do recurso, pasando polo transporte e pola comercialización, pero, en cambio, vemos como nin se cobren as vacantes nin existe unha verdadeira carreira profesional —existen interinidades moi longas—, nin se cobren as vacacións. Esa é a aposta dun servizo que cada vez asume máis competencias.

A verdade, compartimos con vostede a situación preocupante de partida que temos con esa proposta da Comisión Europea sobre a repartición de TAC e cotas para o ano 2021. Coincidimos tamén en que existe marxe de mellora e esperamos que, como aconteceu noutros

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exercicios, nese Consello de Ministros de Pesca que se vai celebrar a vindeira semana, e no que vostede soe acompañar o ministro, dende logo se melloren estas expectativas. Non é un documento pechado. Vimos como noutros exercicios anteriores se melloraron estas propostas da Comisión Europea. Polo tanto, nesas negociacións será prioritario para o Ministerio de Pesca defender a sostibilidade económica e social das distintas pesquerías e a necesidade para o sector de maiores niveis de TAC.

O Ministerio de Pesca abandeirará a sostibilidade social para corrixir as reducións propostas. Nesa prememoria á que vostede tamén facía alusión —e trátase dunha prememoria da Comisión, porque estamos a expensas do que saia dos resultados do *Brexit*— proponse xa unha redución de cotas en trece especies.

Polo tanto, co fin de consolidar os altos estándares acadados pola frota galega, no coñecemento científico e na aplicación de medidas de carácter medioambiental, será necesario mellorar o coñecemento do compoñente socioeconómico da pesca. E aquí, señora conselleira, quero agradecerlle que —seino— dende o seu departamento tamén insisten constantemente nese valor socioeconómico que ten a pesca na nosa Comunidade Autónoma.

Pero neste senso eu creo que é fundamental traballar de forma conxunta entre as administracións e tamén co sector, para ser quen de trasladar unha visión obxectiva e real da actividade pesqueira, poñendo en valor os aspectos positivos nos que contribúe a pesca, e trasladarllo a unha sociedade que cada día demanda máis información sobre os produtos que consome.

Polo tanto, cremos, esperamos e desexamos que haxa unha mellora nesa proposta da Comisión, que nós consideramos que é unha pésima proposta e é unha mala proposta para a nosa frota. Pero hai que traballar, hai que dotarse de informes técnicos e científicos que avalen as pretensións do sector, e o que queda agora é debater e negociar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: —Remato, presidente—.

Xogámonos moito, e para conseguir eses mellores resultados na repartición de TAC e cotas, cremos que é fundamental que se dea esa lealdade institucional, lealdade institucional entre institucións, e tamén ir da man do sector.

Pola miña parte, nesta primeira quenda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día, presidente.

Señorías.

Señora conselleira, bo día.

Comparece hoxe vostede na véspera practicamente do Consello de Ministros de Pesca da semana que vén, onde se tratarán seguramente —e polo que vostede acaba de dicir queda claro— as novas reducións no TAC e nas cotas do 2021. Tamén comparece na véspera dos últimos xiros, efectivamente, da negociación do *Brexit*. Baixo o noso punto de vista, comparece, polo tanto, tarde, e, por certo, dun xeito bastante escueto, practicamente cos nomes dos plans e dos programas que pretende poñer en marcha e desenvolver os que xa están postos en marcha e pouco máis. Ben, tarde para que os grupos da oposición neste parlamento, por exemplo, poidamos debater con tempo e facer aportacións que, se cabe, nestes dous temas —é dicir, *Brexit* e cotas— pois van marcar, desde logo, a vida e o discorrer do sector pesqueiro galego nos vindeiros anos.

Conselleira, os datos do sector pesqueiro, a pesar de máis de trinta anos de recortes, de normativas leoninas e de discriminación por parte sobre todo da Unión Europea pero tamén do Estado, seguen a ser impactantes. Galiza é o principal provedor de pesca de todo o Estado, temos máis de 4.400 buques dos arredor de oito mil que hai en todo o Estado. En fin, o sector pagou no ano 2019 máis de 550 millóns de euros en salarios. En definitiva, a pesca significa no PIB galego máis do 2 % —exactamente, o 2,1 %— e para un de cada cinco concellos galegos a pesca significa moito máis do 10 % do seu PIB.

Vostede hoxe veu aquí facer unha exposición que reincide, efectivamente, nas liñas que nos explicou o outro día na súa comparecencia dos orzamentos para o 2021. E nós, señora conselleira, vimos precisamente de presentar unha emenda á totalidade deses orzamentos que vostede nos presentou. E agora, despois destes datos que acabo de dar, catro datos —porque se poderían dar moitos máis— sobre o sector pesqueiro galego, entendemos aínda menos que a semana pasada a mingua e a devaluación absoluta na que o Goberno da Xunta vén mantendo un sector absolutamente estratéxico para o noso país tanto no económico como no social, xa como se dixo. E digo mingua e digo devaluación porque calquera estudo que miremos, calquera dato indica a minoración precisamente progresiva da capacidade da nosa frota e a imposición dos grandes poderes económicos, que son os que mandan á fin e ao cabo na Unión Europea e tamén no Estado, na desregulación para permitir a entrada de produtos foráneos practicamente sen controis, e, por outro lado, para poñerlle todo tipo de trabas lexislativas á nosa xente do mar.

En realidade, a fotografía que nos deixan os últimos dez anos de goberno —do seu goberno, porque cadra así— no sector pesqueiro galego é demoledora. A día de hoxe esa altísima dependencia que Galiza ten da pesca segue sen estar recoñecida absolutamente en ningún sitio. E o Goberno galego nin traballou por iso, senón que tamén, ademais, veu consentindo medidas impostas pola Unión Europea e polo Estado español que abocaron o sector ao despezamento e á expulsión da actividade. Desde o ano 2009 máis de catrocentos barcos despezados; para iso fundamentalmente serviron aquí os fondos FEMP —que agora son FEMPA— e non

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para garantir a actividade e o emprego ou polo menos toda a actividade e o emprego que quixeramos e serían desexábeis. Aquí si que se encargaron de levalos a cabo, de executalos.

Cotas. A asignación das posibilidades de pesca para os estados membros da Unión Europea debe ter en conta criterios medioambientais, económicos e sociais. Pero, curiosamente, os sociais, que no noso país son case os que máis pesan, non contan case nunca. Agardemos —como vostede dixo— que agora efectivamente se lles dea peso, tendo en conta tamén todo o problema da covid. O peso real desa asignación segue a ter o criterio histórico, casualmente o que máis nos prexudica e ao que se lle dá un peso máis que excesivo, tal e como vén mantendo e reiterando o sector en todos estes últimos anos.

Agora —cotas, estamos falando de cotas— para a semana virá de novo o gallo, a pescada, a cigala, o abadexo..., en fin, cotas para o 2021 que suporán máis mingua aínda, máis barcos sen cota, máis perda de emprego... Vostede mesma hoxe nos medios de comunicación vén de valorar en preto de trinta millóns de euros o impacto que tería na economía galega o recorte de cotas propostas para o Cantábrico-Noroeste en 2021. Pero non só eses trinta millóns de euros, máis de dous mil trescentos tripulantes cunha redución potencial dos seus salarios en máis de 4,6 millóns de euros. En fin, este é o punto de partida e o Goberno do principal produtor de peixe do Estado español actuando, baixo o noso punto de vista, pouco máis que de espectador.

O *Brexit*. Segundo vostede, levan feito —xa llo dixen— non sei cantos estudos sobre a súa repercusión no sector pesqueiro galego. Hai algún tempo linlle unha entrevista que lle facían e na que a principal medida que vostede poñía enriba da mesa a respecto do *Brexit* era que ían estar atentos a todo o que fora pasando. Traducido, señora conselleira: ían estar á espera de que outros moveran ficha e de que outros, evidentemente, negociaran. E isto foi exactamente o que ocorreu. Aí vostede non mentiu: máis de cincuenta barcos e oitocentos tripulantes galegos que faenan no Gran Sol; cento corenta barcos de capital galego faenando tamén pero con bandeiras inglesa, francesa ou irlandesa, aos que habería que sumar os das Malvinas, que xa veremos efectivamente como quedan.

¿Reivindicou, señora conselleira, vostede nalgún momento a importancia, o peso, todo ese peso —que antes dixemos en datos e en moitos máis que se poden engadir— do sector pesqueiro para Galiza? ¿Púxose vostede, señora conselleira, ou o seu Goberno —o Goberno da Xunta—, en disposición de negociar directamente e defender os intereses do sector? ¿Plantouse nalgún momento en Madrid para dicir que non pode volver pasar en ningún momento coa pesca galega o que xa ocorreu co Tratado de adhesión do Estado español á Unión Europea?

En fin, se se limitou só a estar atenta agardando os pasos que outros foron dando, a nós sinceramente non nos chega, e penso que ao sector tampouco. Era agora, xustamente agora, cando se está a debater do *Brexit*, é dicir, da saída definitiva do Reino Unido da Unión Europea, cando tiñamos que batallar efectivamente pola desaparición do obsoleto principio de estabilidade relativa e de todas as nefastas consecuencias que vén traendo desde o principio para o noso mar. Pero, claro, para todo isto, para debater sobre o principio de estabilidade relativa, etc., etc., principalmente o que fai falla é capacidade de decisión. Levamos anos,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moitos anos, dicindo: o grave problema de fondo é que non é Galiza, non somos nós, non é o Goberno da Xunta quen decide sobre a pesca.

En fin, para crer na necesidade, efectivamente, de capacidade de decisión hai que crer no país e tamén no sector, e comezar por traballar para ter cada vez máis competencias propias. Van alá máis de once anos, señora conselleira, e realmente a súa folla de méritos neste sentido —no de adquirir, no de termos competencias propias— está en branco; ou en negro, depende como se mire. Nin competencias en portos de interese xeral, nin en salvamento marítimo, nin en seguranza e loita contra a contaminación marítima. E traballo lles custou e aínda meteron unha emenda —aprobamos a iniciativa do outro día na Comisión de Pesca— a respecto da transferencia do IEO; traballo lles custou. En fin, nós comprendemos que é moito máis doado estar atenta simplemente —como vostede dixo— a botarlle as culpas a Madrid ou a Bruxelas.

E falando de competencias, señora conselleira, imos ao único ámbito onde efectivamente temos/ten vostede competencias, aínda que moitas veces non o pareza: augas interiores. Por primeira vez unha arte como é o xeito, sobre o que vostede ten competencias directas, tivo cotas desde o ano 2016.

A respecto do sector marisqueiro, ¿cales son os datos a día de hoxe?, porque vostede deu moi pouquiños datos hoxe na súa intervención. A renda das mariscadoras está moi por baixo do salario mínimo interprofesional. En canto ao valor dos seus produtos, o prezo en lonxa é claramente inferior ao prezo final, quedando precisamente o maior volume de negocio nas mans dos intermediarios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Vou rematando, señor presidente.

O traballo das mariscadoras implica —vostede sábeo perfectamente, igual ca min ou mellor— en moitos casos graves problemas de saúde. A día de hoxe seguen sen resolver —xa sei que non é só competencia do Goberno galego, aproveito para que se o PSOE quere levar o recado pois estaría ben— o axuste...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Vou rematando, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, ten que rematar. Ten despois outro turno.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...da idade de xubilación das mariscadoras ou o recoñecemento de enfermidades incapacitantes.

Remato nesta primeira quenda, señora conselleira, pero eu si teño máis que títulos de plans e programas para dicirlle na miña segunda quenda.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

E benvida, conselleira. E grazas polo esforzo, que onte estivo traballando por Galicia e polos intereses do mar de Galicia lonxe —chegou onte tarde e está hoxe aquí comparecendo—, polo rigor, pola transparencia, por amosar as liñas de traballo da consellería, que é o que vén hoxe vostede aquí amosar.

Eu teño que aproveitar xa o tempo, señora conselleira, para responder a tantas cousas que dixeron aquí as voceiras do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Porque a verdade é que hai que lembrar a referencia que temos do Goberno do Bipartito con referencia á pesca, porque son as referencias que temos do seu Goberno en Galicia, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

En primeiro lugar, a señora Otero, ben, pois amosouse moi disposta a ofrecer tamén por parte do Goberno central todo o apoio á Xunta. Pero, claro, é que o Goberno tamén ten que facer os seus deberes, e no que respecta hoxe ao que dixo a señora conselleira temos a Lei de cambio climático, que afecta directamente o sector do mar e as empresas de transformación, con 759 emendas e co artigo 18 moi perigoso para Galicia; a colaboración cos puntos de inspección fronteiriza, cos PIF, dos que falou tamén a señora conselleira; o tema do *Brexit* e o apoio tamén a Galicia; os campos de investigación... Temos que estar tamén da man. Vostede ofrece a colaboración á Xunta de Galicia por parte do Goberno, pero o Goberno ten que facer tamén os deberes con Galicia.

Os orzamentos —que xa foi o debate de orzamentos—. Vostede hoxe fixo unha intervención igual á dos orzamentos; moi ben, quixo falar do mesmo —quizais non lle importaban moito as liñas de traballo e con iso xa tirou para adiante—. Xa o tivemos, e hai un incremento —como di vostede— dun 12,7 % nos orzamentos para cumprir todas estas liñas de traballo que di a conselleira do Mar. E, como digo, se miramos para atrás e vemos as políticas de Pesca desde o ano 2009, son datos positivos e vemos unhas políticas aplicadas e uns resultados positivos. Non pasou o mesmo no Bipartito —vou lembralo despois—.

Vostede non fixou o posicionamento do Partido Socialista de Galicia, señora Otero, en moitos temas nos que, como digo, atinxen ao Goberno do PSOE en España. E, ademais, dígolle unha cousa: di que pasou por riba o tema das dragaxes. Hai trinta dragaxes en marcha, hai orzamentos xa clarísimos que debatemos na Comisión 3ª, Portos de Galicia ten infraestruturas en marcha tamén para mellorar todo o que son as dragaxes e os calados, e, polo tanto, vostede sabe ben que iso xa o debatemos e está perfectamente disposto nos orzamentos.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Do xeito? A maior defensa do xeito que se fixo en Galicia e neste parlamento fíxoa un deputado que é o señor Balseiro, cando se aprobou aquí un plan de xestión do xeito, grazas a un goberno do Partido Popular. E, grazas a ese plan, os datos desde que hai plan non desvelan que quede desamparado o xeito, porque vostedes teñen esa teima, pero non é certo. Porque a media de capturas desde que hai plan é superior á media da década anterior, cando non o había. E, polo tanto, vostedes teñen esa teima. Pon hoxe catro datos que quere botarlle en cara á Consellería do Mar pero que non son certos. O maior traballo —insisto— foi por parte dun goberno do Partido Popular e tamén o sector e os traballadores do xeito tamén o saben ben.

Sobre o Servizo de Gardacostas, que é un exemplo en todo, é un exemplo en Europa, é o máis eficiente, ¿lembran como xestionaron vostedes o Servizo de Gardacostas no Bipartito? ¿Lembran que había facturas pendentes de pago? ¿Lembran que a eficiencia non era tal como é agora? Pois tamén teñen que facer unha revisión, porque é a referencia que temos. E hoxe en día, así como a xoia que dicimos moitas veces que é o Intecmar, o Servizo de Gardacostas que temos na Consellería de Pesca é un exemplo, e están moito mellor xestionados, por non dicir que si, que estaban desamparados, totalmente desamparados co Bipartito e que agora xa nolo tomamos en serio.

Mire, co Bipartito entre 2005 e 2009 perdemos 538 embarcacións, señora Pérez, e entre 2009 e 2020 só 533. A proporción en anos en número de embarcacións é bastante elevada. Polo tanto, tamén teñen que ver vostedes o que fixeron cando xestionaban vostedes, porque veñen aquí botar en cara unha serie de cuestións que a verdade é para rirse.

¿Que aportacións fixo o BNG ao *Brexit* no seu pacto co Goberno de España? Ningunha. ¿Que liñas referentes á pesca en Galicia están no pacto do Bloque Nacionalista Galego co apoio a Pedro Sánchez? Cero. Entón, claro, veñen aquí e fan os discursos como se a pesca pertencese ao Bloque Nacionalista Galego, pero, á hora da verdade, cando din que a conselleira está ausente e que é a embaixadora de todas as comunidades autónomas para defender os nosos intereses, vostedes veñen aquí acusala non sei de que, cando realmente ela é a que está implicada na pesca con Galicia.

Realmente, parece mentira que vostedes non lembren ou queiran olvidar ese Bipartito, que nós non esquecemos, porque hoxe temos outro multipartito en Madrid que tamén nos está facendo moito dano a Galicia, que lle queda moi lonxe a Galicia. E, ademais, cando estaban gobernando o Bipartito e Zapatero, resulta que nos representaba en Galicia unha persoa de Estremadura, creo que era de Estremadura, que sabía moito de pesca e defendía moito os intereses de pesca de Galicia.

Polo tanto, nós imos defender o noso sector. A conselleira puxo enriba da mesa unha serie de plans que realmente están dando froito, que no 2019 acadamos o maior valor na pesca fresca, que rompemos barreiras para que a xente do mar viva mellor, que temos que seguir traballando nesa liña para facer o que é a reformulación e todo o que é a renovación das persoas, que haxa máis xente que se dedique á pesca, formación, FP; é dicir, son liñas de traballo nas que se está traballando e que funcionan.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, ¿que cousas lembramos tamén do Bipartito moi curiosas, cando di vostede que estamos aquí apostando polas especies de fóra? O panga nos comedores escolares. Ese foi un logro enorme cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego en Galicia.

E estamos —teño que dicilo— bastante fartos de oír dicir que o Partido Popular é o inimigo da pesca en Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, da man do Partido Socialista, son os amigos. E iso non é certo, porque foron uns anos desastrosos para o noso sector pesqueiro en Galicia.

O modelo de TAC e cotas, porque temos o debate aí enriba da mesa. Á conselleira eu agradézolle, de verdade, a transparencia, o rigor, a realidade e as verdades enriba da mesa, cando estamos escoitando sempre cantos desexarían por parte doutros gobernos e doutras administracións que non se concretan en nada. Ela veu aquí con moita humildade a pedir axuda dos grupos políticos para que Galicia non se esqueza en Europa. E cando Galicia defendeu un cambio de modelo na xestión das pesquerías dentro do ditame unánime do Consello Galego de Pesca, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista votaron en contra. Entón, claro, agora o sistema de cotas é o malo malísimo da película, pero realmente Europa está para todo. Non se pode agora tomar o que nos gusta ou o que non nos gusta da Unión Europea.

Falamos tamén aquí de temas moi positivos, de fondos europeos no ámbito dos GALP e acceso ao mellor a moitas axudas que poden ser moi favorecedoras para o sector pesqueiro.

No sistema de cotas nese momento —insisto— o Bloque Nacionalista Galego e o PSOE non apoiaron ese cambio de modelo. Polo tanto, debemos de pensar neste momento qué nos interesa nun país eminentemente exportador de produtos do mar. Cabe lembrar que Galicia exportou máis de 2.100 millóns de euros en produtos do mar en 2018, e este concepto teno claro o sector e teno claro a conselleira, e son as liñas de traballo nas que estamos traballando para que no futuro —insisto— sexan ademais os criterios socioeconómicos e a sustentabilidade da nosa pesca a que prime. Que o Goberno nos axude cos informes para levar e defender en Bruxelas que a nosa maneira de pescar e a nosa maneira de vivir da pesca é unha maneira sustentable. ¿Como imos presentarnos con estes criterios socioeconómicos, cunha Lei de cambio climático que no artigo 18 o que fai é eliminar dun plumazo, dun plumazo, todas as empresas da cadea mar-industria? ¿Que pensará Bruxelas? Que o Goberno central está atacando directamente o xeito de traballar en Galicia. Polo tanto, iso tamén é importante telo en conta e traballalo dende aquí.

Hai que lembrar outra cousa tamén á hora de negociar, e é a falla de esgotamento das cotas atribuídas a España. Porque é verdade que en Galicia supuxo que en 2019 deixamos de consumir no Cantábrico-Noroeste. Polo tanto, tamén hai que saber como ten que ser a repartición e como hai que xestionar todas esas cotas e poñer moito empeño tamén no que é a solidariedade, no intercambio de cotas con outras comunidades autónomas.

Polo tanto, eu vou rematar cun dato que creo que xa dixen na miña intervención: é que Galicia rompeu no ano 2017 un teito de 500 millóns de euros en primeira venda de peixes e mariscos frescos e acadou a mellor cifra de facturación dende que hai datos. Isto quere dicir

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que, canto maior sexa esa cifra e canto máis se recoñeza fóra, mellor vivirán as xentes do mar, maior atractivo terá para a xente nova e haberá ese relevo xeracional do que falamos; ademais, tamén coa mellora da habitabilidade dos barcos, cun traballo conxunto no que poidamos defender o noso xeito e a nosa forma de pescar.

Polo tanto, creo que as liñas que expuxo a conselleira, e despois nas preguntas que lle fixeron vostedes, son unhas liñas que están totalmente asentadas na realidade, que van acompañadas por suposto duns orzamentos, que van asentadas nesa realidade, no ano covid-19, e co Plan Avantemar, que son 77 millóns enriba da mesa para o sector da pesca. E claro, ninguén fala diso. Vostedes veñen aquí botar en cara ao Partido Popular toda a negatividade que pode haber no sector da pesca, e realmente os datos non avalan o que vostedes din. E o Bipartito, a xestión da pesca no Bipartito —habería que facer unha comparecencia unicamente diso— foi desastrosa.

Polo tanto, nós queremos felicitar e animar a conselleira de Pesca a seguir nesta liña.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Sabemos que as negociacións en Bruxelas son complicadas, pero ten todo o noso apoio, e sabemos que daqueles pos estes lodos; é dicir, que con esas políticas de pesca os resultados están sendo moi positivos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de réplica, ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, eu vin aquí, como dicía a señora Egerique, pedir apoio de toda a sociedade, de todos os grupos políticos, na defensa dun sector que creo —e entendemos dende o Goberno e dende o grupo que sustenta o Goberno— que é imprescindible para Galicia. E a verdade é que me acusan de ter feito só unha enumeración de determinados aspectos na miña primeira parte da exposición e que deixei moitos temas sen tocar.

A verdade é que eu podería estar falando aquí horas e horas do sector pesqueiro, porque son moitos os temas que teñen relación con este sector. Entendín que, despois xa da comparecencia da semana pasada en orzamentos, algúns xa foran explicados e que, polo tanto, non merecía a pena volver tocalos, pero vexo que non lles quedou claro ás señoras deputadas, á señora Otero e á señora Pérez, algúns dos casos que expuxen na comparecencia de orzamentos, e, polo tanto, vou ter que volvelos tocar.

Falábase de que teño que gobernar para todo o sector. É o que fixen dende o minuto en que cheguei, o 20 de abril de 2009, á Consellería do Mar. Traballei por todos e cada un dos dife-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rentes subsectores que conforman a cadea mar-industria. Dunha das cousas que me sinto orgullosa, despois xa de todos estes tempos no Goberno, é de que se impulsou o traballo do Consello Galego de Pesca, onde están representados absolutamente todos os subsectores da cadea mar-industria; síntome orgullosa da última formación que se fixo dunha confederación que representa absolutamente todo o sector da cadea mar-industria; síntome orgullosa de que a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, forme parte tamén do padroado da Fundación FREMSS, unha fundación que xorde do propio sector e da que formamos parte tamén a Consellería do Mar. E esas son as claves de funcionamento, señoras deputadas. Necesitamos todas e todos formar parte do mesmo proxecto común que é a defensa do mar de Galicia, e nesa liña é na que estou traballando, e con algúns datos que lles darei creo que debe de quedar posto de manifesto.

Dicíanme que falei, case sen citalo, do saneamento das rías. O saneamento das rías foi algo que xa lles recordei durante a comparecencia orzamentaria e do que volvo poñer os datos enriba da mesa. Cando chegamos ao Goberno no ano 2009 había un 15,3 % de zonas C catalogadas en Galicia; no ano 2020 as zonas C que hai en Galicia son do 8 %. As zonas A que había en Galicia no ano 2000 eran o 4,1 %; no 2020, o 15,9 %. Melloraron 112 polígonos, 936 bateas. No ano 2009 había 26 zonas de produción, actualmente temos 46. No que son bancos marisqueiros, nos infaunais, melloraron 22 zonas, 138 bancos beneficiados. No ano 2009 había 72 zonas e actualmente hai 86.

Creo que con isto está dito o traballo que levamos facendo dende o ano 2009 e que seguimos facendo, porque, como vostede poderá imaxinar, o traballo de saneamento das rías é un traballo complexo e no que non levamos descansado dende que chegamos ao Goberno.

Claro, a min acúsame a señora Pérez de que estou actuando de espectador. Non estou actuando de espectador, señora Pérez. E vostede hoxe aquí deu algúns datos que os ten grazas ao traballo que se fixo dende a Xunta de Galicia, dende a Consellería do Mar, para acreditar o impacto social e económico que ten a proposta que nos fai a Comisión Europea. ¿Dígame vostede se alguén máis lle aportou algún dato? ¿Quen fixo ese traballo? Fíxose dende a Xunta de Galicia, fíxose dende a Consellería do Mar. E os datos son públicos.

Cando se me acusa de ser un espectador co tema do *Brexit*, mire, dende o minuto un en que se firmou o referendo onde o Reino Unido decidiu que ía saír da Unión Europea, nese mesmo momento encargamos o primeiro informe, encargouno a Xunta de Galicia. Dende aquela van cinco informes, que están todos á disposición de toda a sociedade; todos, en lealdade institucional, entregados ao Goberno central, todos entregados ao comisionado señor Barnier, que é o encargado das negociacións. Dende aquela nós fomos quen de potenciar unha plataforma de defensa do sector pesqueiro comunitario para manter unido todo o sector pesqueiro de todas as rexións da Unión Europea na defensa dos intereses comúns de todos os pescadores da Unión Europea con respecto ás negociacións do *Brexit*.

Firmáronse dúas declaracións nesa plataforma. O primeiro en firmar esas dúas declaracións foi o presidente da Xunta, o presidente Núñez Feijóo.

Estamos agora a falar do FEMPA, do novo Fondo Europeo Marítimo da Pesca. A comunidade autónoma que fixo o ditame sobre o que debería conter o novo Fondo Europeo Marítimo da

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pesca e da Acuicultura foi a Xunta de Galicia. Defendeu este ditame o propio presidente da Xunta de Galicia no Comité das Rexións, conseguimos que se aprobara por unanimidade a proposta de Galicia do que debería conter o novo Fondo Europeo Marítimo da Pesca. E agora as declaracións dun eurodeputado coñecido, o señor Francisco Millán Mon, facían referencia a que este novo fondo dende logo ten acento galego, porque recolle a inmensa maioría das cuestións que se plantexaron por parte do propio presidente da Xunta de Galicia. E ese é o valor que a Xunta de Galicia lle dá a este sector pesqueiro cando o propio presidente é o que defende os intereses deste sector na Unión Europea. *(Aplausos.)* Non estamos de espectadores, nós traballamos, traballamos con datos, traballamos con argumentos e levamos eses datos, con toda lealdade institucional, ao Goberno do Estado e tamén ás institucións comunitarias. E nesta liña traballamos. E cando vexan o resultado do FEMPA verán que a maior parte das cousas positivas que recolle este fondo saen do propio Parlamento comunitario. É dicir, outros verán o que fixeron, pero os eurodeputados traballaron en defensa dos intereses deste sector.

Acúsanme tamén de que non falei do xeito, de que o xeito non debe de ser unha arte menor. Mire, eu do xeito podería estar falando aquí quizais dúas horas. Recórdolle que houbo unha proposta de alguén —que non vou dicir quen— de suprimir as artes de deriva, sen darse conta de que polo camiño levaban a arte do xeito, que é unha arte de deriva. Tivo que ser a Consellería do Mar a que fixo catro informes para defender que o xeito era unha arte defendida de forma sustentable que estaba regulada en Galicia dende o ano 1991, que é unha arte que se practica de forma selectiva e que é unha arte coa que se pode seguir traballando.

Agora claro, eu non sei se saben moi ben o que son as competencias e o que deixan de ser as competencias, e cara a que especie se dirixe cada arte de pesca. O xeito diríxese á pesca da sardiña. É certo que levamos uns anos cunha crise da sardiña, unha crise da sardiña que é un feito cíclico. Eu recórdolle que o Instituto Español de Oceanografía, en Vigo, se abriu hai cento un anos, e abriuse como consecuencia da crise da sardiña naquel momento. Pois a sardiña non é unha especie estática que se atope única e exclusivamente dentro da ría de Arousa. A sardiña é unha especie migratoria, e, polo tanto, ao estar a sardiña nunha crise, todas as artes que se dedican a esta pesquería víronse afectadas pola redución da pesca da sardiña.

Pero mire, voulle dar datos, e como non quero falar de memoria, tróuxenos aquí para que lle recorden o que fixemos polo xeito. Fixemos un plan para a recuperación da sardiña, para evitar que puidera entrar en sistema de TAC e cotas, como están o resto das especies. E, dende que fixemos ese plan, en consenso co sector, temos que as descargas se incrementaron, dende que hai plan do xeito, un 12 % con respecto a cando non había plan. A facturación do xeito incrementouse un 25 % dende que hai plan e os prezos medios da sardiña capturada co xeito, dende que hai plan, incrementáronse un 16,6 %. Polo tanto, non me acusen a min de abandonar o xeito, acúsenme de calquera outra cousa, pero non de non defender ningunha das artes nas que temos competencias. *(Aplausos.)* Defendémolas aquí, defendémolas en Madrid e defendémolas en Bruxelas, e traballamos con argumentos.

Ao mellor a vostede non a informan dalgunha das cousas que pasaron nas anteriores lexislaturas, porque non levaba vostede os temas de pesca, pero o tema do xeito non se defende

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

levando nunha maleta unha arte de xeito a Bruxelas. Non, non. En Bruxelas deféndense as cousas con datos e con argumentos, como estamos a traballar, como fixemos o ano pasado, cando fomos quen, cos informes que se fixeron en Galicia, aportándollos ao Goberno central, de cambiar a proposta da iniciativa que tiña a Comisión Europea para as posibilidades de pesca do ano 2020. E así o volvemos facer con estas posibilidades de pesca. Coñecendo o día 1 de decembro as propostas da Comisión Europea, nós xa fixemos un informe, que lle foi entregado onte ao señor ministro, para que utilice os datos e para que poida ser capaz de defender os argumentos que estamos a defender dende Galicia.

Mire, síntome moi orgullosa, porque cando cheguei ao Goberno, no ano 2009, se tiña que estar traballando na proposta sobre o que debería conter a nova política pesqueira común. De traballo feito polo Bipartito había dúas follas, dúas follas. Nós presentamos un ditame que se aprobou por unanimidade no Consello Galego de Pesca. Foi un esforzo titánico, porque alí todo o sector entendeu que todos tiñan que perder un chisquiño para que gañara a Galicia mariñeira, e fomos quen de sacar un documento consensuado e aprobado por unanimidade. E foi a primeira vez que na Unión Europea, na política pesqueira común, se empezou a falar dos tres aspectos que son necesarios para manter a actividade pesqueira: o aspecto medioambiental, o social e o económico. Agora, xa ninguén dubida de que estes son os tres aspectos que hai que ter en conta para levar a cabo a política pesqueira común. Ata daquela non se tiña plantexado na Unión Europea.

E ¿saben vostedes como apoiaron o sector pesqueiro galego naquel momento? O Bloque votou en contra da aprobación desta proposta, cando viña aprobada por unanimidade polo Consello Galego de Pesca, e o PSOE abstívose. Aínda sendo así, recolléronse todas as propostas que plantexou o Partido Socialista e recolléronse todas as propostas, excepto unha, que propoñía o Bloque; a única proposta que non se lle aceptou ao Bloque naquel momento foi a que facía referencia á acuicultura; xa veremos como acaba este tema.

Pero vostedes dixéronlle que non naquel momento á Galicia mariñeira e séguenlle dicindo que non a día de hoxe, e dixéronlle que non cando se decidiu o Goberno bipartito. Porque, señora Pérez, vostede vénme acusar a min aquí de ser espectadora, pero eu sentinme moi orgullosa cando o presidente da Xunta, das primeiras consellerías que nomeou, foi a Consellería do Mar.

No Goberno bipartito eu recórdolle que a última consellería que tivo a asignación foi a Consellería de Pesca. O Bloque non pediu a Consellería de Pesca, non a pediu. Non sei por que, se tanto queren defender este sector, naquel momento en que tiñan a oportunidade de sacar adiante as súas ideas e a súa política para este sector, puideron ter pedido a consellería, pero non; a Consellería de Pesca foi a última que tivo nome no seu departamento.

Dinme agora que diminúo a partida orzamentaria en formación e que non aposto polo relevo xeracional. Xa o defendín tamén na comparecencia nos presupostos. Na partida de formación só diminúen os gastos correntes, porque, no presuposto do 2021, o único gasto que diminúe na Consellería do Mar é o gasto corrente; o gasto para o resto dos temas formativos mantense inalterable.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E mire vostede, o relevo xeracional non é como consecuencia da falta de alumnos nas nosas escolas, que aumentaron nos últimos anos un 46 %. Nos últimos anos levan saído das nosas escolas máis de 1.570 titulados para exercer o mando en buques. O problema está —e xa o teño dito, por activa, por pasiva e por perifrástica— en que é difícil que a xente moza se dedique a traballar nuns barcos de pesca que non reúnen as condicións de habitabilidade e de seguridade que son precisas para que a nosa xente siga vendo atractiva esta actividade. Cos seus argumentos, co seu poñer pouco en valor todo o que ten que ver coa pesca, dende logo, iso non fai que sexa atractiva esta actividade para a nosa xuventude. Se non falamos en positivo desta actividade, se non nos sentimos orgullosos do traballo que fai a nosa xente do mar, dificilmente seremos capaces de conseguir convencer a nosa xuventude de que aposte por traballar polo mar.

E acúsanme vostedes, tanto a señora Otero como a señora Pérez, de que o único que fixemos por este sector foi desguace da frota. Ben, eu a verdade é que non quero falar do Goberno bipartito, pero é que vostedes me conducen a ese tema, porque miren, en catro anos escasos que estiveron no Goberno despezaron 538 embarcacións, en catro anos. Tiñan previsto no período que vai do 2008 ao 2010 despedazar 93 máis, que se sumarían a estes 538. Nós, no 2008 ao 2010, desguazamos 37 buques. Dende que estamos no Goberno despezáronse menos buques que durante os tres anos e pico que vostedes estiveron no Goberno. Ese é o balance. Din que non dou números, pero é que os números que dou dende logo son para deixalos un pouquiño en evidencia.

Fálanme a min da renda das mariscadoras. Mire, é que eu non quería recordar como estaban as mariscadoras cando cheguei ao Goberno no ano 2009, non soamente con ese número de zonas C que había, con ese escaso número de zonas A que había, coa baixa produción nos bancos marisqueiros. Nuns momentos onde en teoría e economía estaba nos valores máis altos, as mariscadoras perdían todos os anos, e perdéronse postos de traballo.

E agora, pois mire vostede, voulle dar os datos, porque, a verdade, a media de ingresos do ano 2017 foi a máis alta da serie histórica, un 46 % por riba da media. A media de ingresos medrou dende o 2009 un 40 %, e a media de ingresos durante o Goberno do presidente Feijóo, sabendo que pasamos uns anos críticos dende o punto de vista económico, onde caeron os prezos de todos os produtos, aínda así, foi un 13 % superior á media dos ingresos que tiñan as mariscadoras durante o Goberno bipartito.

Señora Otero, xa o outro día me falaba do Servizo de Gardacostas, de que ten máis funcións e ten menos persoal. Pois os dous conceptos que di vostede son erróneos. Mire, nin ten o Servizo de Gardacostas máis funcións, porque ten exactamente as mesmas que cando se creou nos anos 80 —e pódollo dicir con toda seguridade porque eu aprobei as oposicións de inspector de Pesca no ano 1987 e dende esa traballo nesta consellería—; as competencias que ten o Servizo son as mesmas. E nestes últimos anos incrementamos en corenta postos de traballo o persoal do Servizo de Gardacostas. Renováronse dez embarcacións. E eu non vou dicir o que pasaba co Servizo de Gardacostas mentres gobernaba o Bipartito, hai testemuñas aquí que o poden... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, é que eu vin cunha exposición moi clara de buscar lealdade institucional e hai quen saca datos que eu creo que necesitan corrección, porque dende logo a min de mentir non me

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

van acusar, e todo o que digo dígoo porque teño datos que así o acreditan *(Aplausos.)*. Ao Servizo de Gardacostas durante o Goberno bipartito chegáronlle a cortar ata a luz. Nós estamos destinando máis de 22 millóns de euros ao Servizo de Gardacostas de Galicia, nós temos todas as lanchas en funcionamento, incrementamos as incautacións e incrementamos os comisos, porque entendemos que o furtivismo é unha lacra. Había quen dicía que o furtivismo era ser insolidarios.

Eses datos están aí, forman parte da historia da Galicia mariñeira, e cada un terá que defender o que fixo. Eu estou defendendo con moita honra o que fixen, e non quero dicir que estea satisfeita de todo o que levo feito, porque nos queda moito traballo por facer. Pero, dende logo, o que sigo tendo é forzas para facer cada día un pouquiño máis polo meu sector, e iso é o que estou facendo día tras día, *(Aplausos.)* non actuando como espectador, senón actuando con datos, con argumentos e con traballos.

Coeficiente redutor para as mariscadoras. Señora Pérez, levamos falando deste tema catro, cinco, seis anos; eu non sei o que lle teñen contado. A postura do Goberno do Partido Popular foi sempre a mesma. É necesario revisar os coeficientes redutores de todo o sector que ten que ver co mundo do mar. Entendemos que é unha lexislación que está anticuada, que hai xente que está cobrando coeficientes redutores cando entendemos que non é preciso que os cobren e que hai outros colectivos que o necesitan, que o precisan, e que é necesario sentarse dunha vez xa. E nós así o fixemos.

Como fixemos co caso dos botiquíns. Non era unha competencia da Xunta de Galicia, e, non obstante, como nos dicían que non se podía cambiar porque había unha directiva comunitaria que impedía a reforma dos botiquíns, sen dubidalo, nós fomos a Bruxelas, conseguimos unha entrevista co director xeral de Emprego, levámoslle os argumentos, levámoslle un informe elaborado polo Issga, polo 061, con traballo conxunto co sector, coa Unidade Técnica de Pesca de Baixura, convencemos a Unión Europea da necesidade de cambiar esa directiva, cambiouse esa directiva. ¡Ah! perdón, tamén levaba o acordo unánime de todo o Consello Galego de Pesca, incluídos os tres representantes sindicais. Conseguimos cambiar esa directiva comunitaria. E agora levamos un ano esperando que o Estado español traspoña esa directiva comunitaria e se poida aplicar por fin o novo regulamento sobre botiquíns, que é moi necesario, dende logo, para a nosa frota.

Estabilidade relativa. ¿Que lles vou contar, se, cando eu falo de estabilidade relativa, me din que sempre intento botarlle a culpa a outro? Eu non lle boto a culpa a ninguén, eu creo que aquí todos temos a nosa historia, dende logo non gobernaba o Partido Popular en España cando se decidiu a entrada de España na Unión Europea e en que condicións entrabamos. E nós, dende sempre, todos os gobernos do Partido Popular recorreron o mal chamado principio de estabilidade relativa. Se o perderamos, cuestión das institucións comunitarias, pero un, cando está en Europa, ten que estar para o bo e para o malo, e a Galicia non lle convén saír de Europa, porque dende logo de Europa recibimos moitos cartos para cambiar políticas que foron moi necesarias para o desenvolvemento do noso sector e o seguen sendo. Pero, dende logo, a Europa hai que ir con traballo, con argumentos e con datos, que é como soemos ir nós, non como espectadores. Nunca o fomos, a min non me gustou ser espectadora.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, en canto á execución presupostaría, pois eu o outro día xa llelo dicía e vólvenme levar a que o diga. Executar o Fondo Europeo Marítimo de Pesca é unha cuestión complicada, complexa, e por iso pedimos que o novo FEMPA permita maiores flexibilidades para poder executar o presuposto. ¿É difícil executalo? Si. ¿Ás veces se desincentiva o propio sector en presentar proxectos pola cantidade de documentos que ten que aportar? Si. Nós ¿que temos que facer? No Goberno bipartito poñíanse á disposición do sector o 69 % dos fondos dos que dispoñía a consellería. Nós, só no ano 2020, puxemos á disposición do sector o 92,6 % dos fondos dos que dispoñemos. É certo que os fondos europeos non se perden; xa llo expliquei esoutro día; o que non se execute este ano pasa para o ano seguinte, porque ás veces no momento en que se resolven os proxectos non lle dá tempo ao sector a executalos, ou non poden conseguir determinadas licenzas que necesitan dos concellos, autorizacións, concesións, proxectos de reforma de embarcacións... E nós o que facemos é aprobalos de forma plurianual para que poidan ter o tempo suficiente para executalo.

Dende logo, non sei que máis dicirlle, senón que resumo a miña comparecencia en dúas palabras: lealdade institucional. Por suposto, sempre a defendín, nunca busquei o enfrontamento con ningún grupo da oposición. Todos os documentos que se aproban no Consello Galego de Pesca se traen ao Parlamento, os informes todos que se fixeron para defender a situación do *Brexit* están aí, todos os datos dos que vostedes dispoñen teñen unha única fonte, e esa fonte chámase a Consellería do Mar.

Esta é a nosa liña de traballo, e nesta liña seguiremos apostando por defender todos os eslabóns da cadea mar-industria, e gustaríame de verdade que deixaramos de facer política coa pesca e empezaramos a facer un pouquiño de política pesqueira.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Abrimos a posibilidade dunha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno, e, en primeiro lugar, ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, para non querer falar do ano 2009, do Goberno bipartito, dedicou vostede máis da metade da súa intervención a falar del. Só unha puntualización: faltoulle dicir eses 48 millóns menos que faltan polo camiño, que se perderon dende o ano 2009 ao ano 2021. *(Aplausos.)*

Lealdade. Eu creo que, na miña primeira intervención, man tendida do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, porque, señora Egerique, eu aquí non podo comprometer o Goberno central, porque eu non son quen de falar en nome do Goberno central, que non son delegada do Goberno. Eu o que lle comprometín é o apoio do Grupo Parlamentario Socialista

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para aquelas decisións que melloren o sector. Dende logo, non podemos dar un cheque en branco e non criticar aqueles datos ou aquelas actuacións da consellería que cremos que non son as máis acertadas para o sector.

Unha puntualización, señora Pérez, porque falaba e dirixíase ao Partido Socialista. Vaia por diante que consideramos que queda traballo por facer no tema das baixas, nas incapacidades temporais por continxencias profesionais para redeiras e mariscadoras, pero só unha puntualización. No ano 2009 recoñecéronse novas enfermidades profesionais das redeiras e mariscadoras no relativo a doenzas e recorrentes: epicondilite, enfermidades infecciosas e parasitarias causadas por traballar en zonas húmidas, pero vaia por diante que hai que seguir traballando niso.

A verdade, claro, é que a señora Egerique viña co discurso preparado, veu directamente a atacar o Grupo Parlamentario Socialista, cando eu creo que no meu discurso as palabras que máis utilicei foi lealdade e man tendida á propia Consellería do Mar, porque é certo que en moitas liñas compartimos ese posicionamento que fixo hoxe a conselleira, e o que achacamos é esa falla de execución orzamentaria.

Eu creo que vostede falaba de que eu comprometía aquí o Goberno central. Eu creo que vostede hoxe se equivocou na súa intervención, porque falaba en nome da Xunta de Galicia, cando está a propia conselleira do Mar aquí.

Eu o que dixen é que a conselleira non falara nin un só momento do tema do saneamento da ría, e veumo corroborar no seu segundo turno, que foi cando falou do saneamento das rías. E quedei cunha frase que dixo: «Con estes datos de saneamento das rías que acabo de dar, está todo dito.» Pois eu pregúntolle, con eses datos que vostede parece hoxe que está tan orgullosa de dar do tema do saneamento das rías: ¿como se explica a perda de permex dende que vostede chegou á Xunta de Galicia? Porque vostede, por moito que diga que non, comprometeuse a duplicalos e o que fixo foi baixalos á metade. Polo tanto, deberá de explicar por que, con eses datos de saneamento das rías que vostede dá, se seguen a perder os permex.

Dicía a señora Egerique da teima que temos o Grupo Parlamentario Socialista coa arte do xeito. Non, non é a teima do Grupo Parlamentario Socialista, é a teima do sector. E despois veu a conselleira deixar caer como que os socialistas intentamos acabar co xeito. Eu só dicirlle que no ano 2014 e no ano 2015, cando Europa quería eliminar esta arte, os deputados e as deputadas socialistas nas distintas administracións defendemos esta arte.

Vostede dicía que podería estar falando do xeito moito tempo, pero non o fixo, vostede, que ademais non ten tempo limitado, como temos os grupos da oposición, que tivemos que poñer este tema enriba da mesa.

Vostede falaba do relevo xeracional. Non é só cuestión de formación —niso coincidimos—, pero nunha das medidas para poder garantir ese relevo xeracional vostedes baixan a partida orzamentaria para a formación. É que nos chegou a acusar á oposición de non facer atractiva a pesca para os nosos xoves. É que é vostede a que ten a competencia en exclusiva para impulsar medidas e políticas para facer máis atractiva a pesca para o noso sector. Nós non

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

damos unha visión negativa da pesca, o que facemos é traer en moitas ocasións a esta cámara a voz de certa parte do sector que parece que dende a consellería non se quere escoitar. Iso é o que facemos dende o propio Grupo Parlamentario Socialista.

Vostede volvía falar do tema de Gardacostas, tamén comparándoo co Goberno bipartito. Mire, fale co servizo, porque, nas bases en que debería haber catro ou cinco persoas por tripulación, nas que máis hai, hai tres. Polo tanto, algo está a fallar.

Eu repito: lealdade, apoio do Grupo Parlamentarios Socialista en todo o que sexan medidas para beneficiar o sector, toda, pero dende logo non imos poder estar coa boca calada naqueles aspectos que vemos que van en contra do sector.

E desexamos tamén, xunto co ministro de Pesca, que a vindeira semana poidamos mellorar esas posibilidades de pesca. É un traballo conxunto de todos, das administracións e tamén do propio sector, e dende logo esperamos que se melloren esas posibilidades de pesca porque nos xogamos todos e todas moito.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, á representante do Partido Popular non lle podo dedicar tempo, pero dixo aquí nun momento da súa intervención que parece que a pesca é do BNG. Ben, tal e como se puxo a señora conselleira na súa segunda intervención, parece que a pesca é da señora conselleira de Pesca, e iso non é certo, nin é do Partido Popular. O que pasa, señora conselleira, é que non se pode vir ao Parlamento tarde, como lle dixen ao principio, e agardar escoitar só o que se quere escoitar. Non, non, aquí é onde hai que escoitar tamén o que a un ou a unha non lle gusta escoitar, ¿verdade? *(Aplausos.)* Por iso debatemos, por iso debatemos.

O señor PRESIDENTE: Pode quitar a máscara se quere.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

E dixo vostede que, efectivamente, o noso discurso —ben, dixo que o discurso da oposición— é de non falar en positivo, de non estar orgullosos da xente do mar, e que estamos contribuíndo a que a xente nova non opte por este traballo, por vir ao sector do mar.

Señora conselleira —xa llo dixen o outro día na comparecencia dos orzamentos—, nós estamos moi moi orgullosas, estamos moi, moi, moi, moi orgullosas do sector do mar galego. Do que non estamos tan orgullosas é da política que vén levando a cabo dende hai once anos

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o Partido Popular co sector do mar galego, porque alguén o dicía tamén: daqueles pos veñen estes lodos.

Por certo, moitas grazas por aclararme —eu non o sabía, igual que, claro, como non estaba aquí tampouco, descoñezo tantas cousas, ¿verdade?— como foi a repartición de consellerías no Bipartito; agradézollo moito; agora tereino en conta no sucesivo. *(Aplausos.)*

Vostede dixo que, efectivamente, non estaban no Goberno do Estado cando se negociou o tratado de entrada do Estado español na Unión Europea. É certo, é certo, pero si estaban no Goberno do Estado non nese momento inicial, pero si no momento en que o señor Arias Cañete, ministro de Pesca durante bastantes anos no Goberno do Estado, do Partido Popular, levou a cabo a política máis arrasadora para o sector do mar galego, baixo o noso punto de vista, señora conselleira.

Vostede quere lealdade institucional, vostede fala de honestidade e fala de humildade. Mire, a lealdade institucional demóstrase, por exemplo, admitindo os grupos da oposición aínda que sexa como observadores dentro do Consello Galego de Pesca, para que tamén os demais poidamos observar, xa non digo opinar, pero efectivamente ter en conta todo o que se fai alí.

Non teño tempo, señora conselleira, pero mire, dúas ou tres cuestións.

Relevo xeracional. Están tan preocupados polos titulares do relevo xeracional, non por facer unha política en prol do relevo xeracional, que lle dedican vostedes nos orzamentos do 2021 a mesma partida que lle dedicaron o ano pasado, 100.000 euros menos que no ano 2019: 300.000 euros. Se con iso imos facer unha política de relevo xeracional do sector do mar en Galiza, ¡adiadas imos!

Fala vostede do saneamento das rías. Por certo, señora Egerique, xa llo dixen o outro día: constaba no pacto de investidura do señor Sánchez que asinaron co BNG, constaba o saneamento das rías. Se a vostede non lle parece unha razón principal para incrementar a produtividade das nosas rías, pois ben; quero dicir: é unha opinión.

Saneamento das rías. Señora conselleira, gustaríame, de verdade, que fora vostede hoxe, ou mañá ou cando teña tempo, pero coa maior brevidade posíbel, a Ferrol. Gustaríame moito que fora a Ferrol e falase coas confrarías de Barallobre, de Ferrol e de Mugardos, a respecto da situación que están a padecer, da súa situación límite. Non me vou estender, porque logo hai unha pregunta a respecto concreto dese tema. Pero non só imos falar da de Ferrol. Gustaríame tamén, a estas alturas, despois de vinte e pico anos de traballarmos todas e todos a prol da dragaxe e da rexeneración da ría do Burgo, que fose á Coruña, tamén cando teña tempo —ou que o faga telematicamente, dá igual—, e que lles diga ás mariscadoras e mariscadores da ría do Burgo que a Xunta non está disposta a poñer máis que 100.000 euros para pagar as compensacións económicas para os mariscadores e mariscadoras da ría do Burgo. E non só iso, quere poñer só 100.000 euros, pero, ademais, exixe que os concellos ribeireños aporten exactamente a mesma cantidade que a Xunta de Galiza, que a Consellería do Mar, non tendo absolutamente ningunha competencia sobre o tema. Señora conselleira, se iso é apoiar o sector, realmente nós non o entendemos así.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, ademais —e xa remato, señor presidente—, non entendemos como nun momento como no que estamos, onde se está a falar absolutamente por todo o mundo dos famosos proxectos tractores do señor Feijóo, a Consellería do Mar é a única, ou practicamente a única, que aínda non abriu a boca a día de hoxe sobre reclamar fondos extraordinarios europeos, dese maná que dis que vai vir de Europa, non se sabe cando, nin como, pero dis que vai vir. É a única consellería que aínda non abriu a boca para dicir: nós, o sector produtivo da pesca galega, é dicir, estratéxico para o país, tamén temos proxectos para presentar en Europa e tamén os imos presentar. Vostedes, a Xunta de Galiza, ao que se adican, ao que se están adicando cos fondos extraordinarios covid, é a representar determinadas empresas que nin sequera a maioría delas pagan os impostos no noso país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Pois mire, señora conselleira, neste país existe unha empresa grandísima, unha empresa enorme: é o sector pesqueiro galego. Nós, o Bloque Nacionalista Galego, estamos orgullosos dela. Por iso, o noso orgullo lévanos a non avergonzarnos en absoluto, a non practicar o autoodio...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e lévanos a levar —valla a redundancia— a Bruxelas a rede do xeito. Xa sabemos que esa non é a única forma de conseguir que o xeito non teña cotas, pero, mire, é unha maneira de enorgullecerse e de levar o sector a onde o hai que levar, señora conselleira.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señora Pérez, non sei que lle pasou, que vostede se anoxou moito, veu aquí moi enfadada. A min non me ofende que vostede non me conteste e me ignore, non me ofende en absoluto. Eu aquí vou dicirlle sempre as verdades e as realidades. Se hai unha persoa que leva dende o ano 2009 traballando arreo polo sector da pesca en Galicia, é a señora Quintana. *(Aplausos.)* O que non lles gusta a vostedes é que lles lembremos que o BNG, cando puido e tivo ocasión de gobernar en Galicia, abandonou a pesca, abandonou o sector do mar; iso non lles gusta. E non lles gusta que esteamos no ano 2020 e que a pesca de Galicia teña un bo posicionamento, que melloren os datos, que se estea apostando polo relevo xeracional, que se estea apostando por tantos plans e tantos plans que presentou aquí a señora Quintana. Porque vostedes teñen unha visión moi cativa da pesca, pero é que hai que abrir un pouco a visión, e iso é ao que veu hoxe aquí defender a señora Quintana. Mire, o que digo: a pesca, o mar,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as mariscadoras, as rías, os portos..., desprezaron todo e realmente despois os galegos falaron de novo.

E nós, ademais, temos coordinación co Goberno, señora Otero. Falaba de novo este grupo parlamentario á señora Quintana; nós temos coordinación, sostemos o Goberno porque temos unha maioría absoluta, porque os galegos nos dan a súa confianza. E temos coordinación. A min non me estraña nada que vostede renegue do señor Sánchez e do Goberno de España, que veña aquí desprenderse do Goberno do PSOE, como se non fora con vostede, ¡non me estraña nada!, porque, claro, despois do desprezo que lle fan permanentemente a Galicia nas contas, os desprezos que lle fan a Galicia lexislando... Realmente quédalles moi lonxe, a Sánchez e a Pablo Iglesias Galicia quédalles moi lonxe. E vostedes, os representantes do Partido Socialista, deberían ir alí falar con eles e dicirlles cal é esta realidade, como estamos traballando aquí, como pescamos, e que nos defendan, porque parece que de defendernos, nada de nada, nin en pesca nin en materia portuaria —como digo—, que tamén atinxe a esta consellería.

Señora Pérez, lúcelle moi pouco o saneamento no pacto. Luciulle moi pouco nos orzamentos e lucíronlle moi pouco eses puntos de saneamento, que —digo eu— medioambientalmente son fundamentais. A señora Quintana expuxo aquí a evolución dende o ano 2009 das zonas C a zonas A. ¡Por favor!, é que eses son feitos e son datos tamén.

Dígame vostede algún dato, algo, algo que xustifique que o señor Cañete fixo a política máis depredadora para Galicia, porque dicilo queda ben, pero non é certo, é que non é certo. Porque nós, por exemplo, cando falamos de comisarios europeos como Joaquín Almunia, por exemplo, co naval, co *tax lease*, si, feito, aprobouno en Europa. ¿Que fixo o señor Cañete en contra de Galicia? É que, realmente, non sei, ten que dicirmo vostede, porque a veces soltan aquí expresións e frases que moi ben, é un debate político totalmente lexítimo, pero que non teñen datos para dicir que foron agresivas con Galicia, porque non é verdade.

E —insisto— aquí, dos grupos parlamentarios representados no Parlamento de Galicia, un esfumouse, esfumouse e tamén defendía moito a pesca e xa non existe. Non sei se imos todos da man para ir xuntos a Bruxelas realmente ou para adiante dos gobernos. Porque a señora Quintana, tanto con Cañete como con Planas —e é certo—, é absolutamente leal. É a maior coñecedora do sector pesqueiro, porque leva moitos anos xestionando a política pesqueira. E, ademais, os informes cos que traballa a Xunta de Galicia son de organismos oficiais, son de universidades, do 061, non os fai ela na casa pola noite. Que moitos din: ten que ir falar vostede coas confrarías, ten que ir falar vostede... A señora Quintana móvese por toda Galicia e coñece perfectamente este territorio. Máis ben diría eu que o ten xa na súa cabeza, porque —insisto— creo que é o que as molesta.

Eu vinas a vostede realmente enfadadas coa conselleira polo que dixo, veu xustificar as súas acusacións. Igual que eu —como digo—, o Grupo Parlamentario sostén este goberno, imos na mesma liña. Na Comisión 8ª intentamos apoiar e facer propostas, non con dificultade nin timidamente; cando apoiamos, apoiamos, e cando rexeitamos, rexeitamos, porque non facemos cantos de serea. Cando hai que rexeitar algo que ás veces é complicado, facémolo tamén, porque sabemos que non se pode cumprir. Aquí estamos acostu-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mados a gobernos de esquerda, que é todo —como digo— unha defensa de pacotilla, unha lealdade de pacotilla.

Entón, eu aquí, señora Quintana, tamén me enfadei un pouco polas respostas das deputadas, porque, a verdade, non lle recoñecen nin o mínimo traballo, que, ademais, custa agora en Bruxelas defender co tema medioambiental, co tema da pesca, co difícil que é amosar eses informes e realmente xustificar que unha pesca económica sostible é socialmente moi importante para Galicia. Parece mentira que nin sequera recoñezan que iso é importante e que, ademais, seguramente a conselleira vai deixar alí a pel, como fai sempre.

Tiña datos aquí —insisto— coa proporción do desguace do Bipartito. Hoxe en día non teriamos frota. Se deses catro anos aumentamos a tres lexislaturas que agora levamos, é que non habería frota, estaría totalmente arrasada. Polo tanto, como dixo a señora conselleira, vostedes fan moita política coa pesca, pero, de feitos, nada de nada. Aquí hai datos enriba da mesa, hai solucións, hai unha planificación para o futuro, hai plans ademais a desenvolver con temas importantes agora, e, sobre todo —como dicimos—, cada vez que teña máis valor o noso produto para que a calidade da vida das persoas que viven do mar sexa maior e que as vilas costeiras teñan máis reforzo e fixen poboación nelas.

Ese é o traballo que está facendo a conselleira, e, aínda por riba, representar a toda España en Bruxelas. Como digo eu, non podemos ter mellor embaixadora —e menos mal que a temos— e non un conselleiro de Estremadura, ao que imaxino que lle soaría pois —non sei— igual os cangrexos de río ou algo parecido. Grazas, señora Quintana.

Eu insisto en que, como deputada do Grupo Parlamentario Popular, tamén hai que poñerlle deberes ao Goberno de España. Esa lexislación medioambiental é moi moi nociva. E o *Brexit* teñen que telo en conta cos informes tamén que partiron de Galicia. A colaboración cos PIF é fundamental no futuro, se vai haber un acordo co *Brexit*. E os campos de investigación son prioritarios e non poden arrasar con eles así como así, sen que nada se note e tapalo.

Moitas grazas, señora Quintana, polo seu traballo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da comparecencia, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

A verdade é que non sei como me teño que dirixir a todos vostedes. Eu son unha persoa que, por suposto, acepto as críticas pero sempre que esas críticas sexan construtivas. Co que, dende logo, creo que non aportamos nada nin á sociedade nin ao sector pesqueiro é botándonos á cara cousas que non se sosteñen porque non hai datos por detrás que as sosteñan.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A min acúsaseme de vir comparecer tarde. ¡Home!, eu teño rexistrada a petición de comparecencia con data do día 7 de setembro, creo que debín de tomar posesión o día 5 ou o día 6. Pero eu entendo que o Parlamento ten os seus plenos, ten as súas comparecencias, somos once conselleiros, estamos vivindo unha pandemia, e os grupos da oposición tiñan ganas de que comparecera cos datos da pandemia. Eu atéñome ao que se me establece dende o Parlamento. Pero nunca deixarei de vir ao Parlamento, porque eu creo profundamente nesta institución. Por iso, cando veño aquí, veño intentando traer a maior cantidade de datos posible e a maior cantidade de información posible.

Señora Pérez, ou interpretoume mal ou eu non dixen que non fora motivo de orgullo defender a arte do xeito. Eu o único que lle critico é que non se pode ir a Bruxelas levar unha rede nunha maleta e pensar que con iso se arreglou o problema do xeito, porque iso foi como o venderon vostedes, e iso non é así. A Bruxelas si que é certo que hai que explicarlle como é o noso sector e hai que levarlle argumentos de como é o noso sector. E hai que invitar a xente de Bruxelas a que veña aquí e nos coñeza, e nós iso facémolo. E eu trouxen a responsable do Fondo Europeo Marítimo da Pesca para que viñera aquí e vira como eran os nosos barcos e vira a habitabilidade que teñen os nosos barcos. E subina a bordo dun buque onde puido ver que compartían camarote seis persoas que tiñan que estar durante quince días traballando no Gran Sol. E esas son as maneiras que temos nós de convencer a Unión Europea de que é necesario mellorar a habitabilidade dos barcos para que poidamos ser unha actividade atractiva para a xuventude, e iso hai que argumentalo. E para iso sentímonos orgullosos, si, pero non vale con dicir: síntome orgullosa; o de síntome orgullosa é levar despois xa os datos que acrediten por que me sinto orgullosa.

E o que non se pode é —como pasou o ano pasado— dicir que as cotas de pesca eran malas malísimas e que tiñan un impacto grandísimo para España sen levar un informe con datos. Temos que dicir que a proposta da Comisión Europea é mala malísima, pero témolo que argumentar; e temos que dicir: señores, con esta proposta de rebaixa que vostedes nos fan só no caladoiro do Cantábrico-Noroeste España vai perder 29 millóns e medio de euros directos. Que, se iso o multiplicamos polo 3,8, que significa de traballo indirecto, supoñen 60 millóns de euros, que creo que España non está disposta a renunciar a eles.

E, a maiores, temos que dicir que soamente en Galicia afecta a 2.300 mariñeiros, datos que vostede expuxo na súa intervención. E vostede expuxo eses datos porque os coñece grazas ao esforzo do traballo dos técnicos da consellería, que buscaron eses datos e os argumentamos para levarllos onte ao noso ministro para que os poida utilizar e aportar á Comisión Europea. E hoxe mesmo á mañá xa llos enviamos tamén á directora xeral da DG MARE en Bruxelas para que dispoña deses datos e poida utilizalos na defensa dos argumentos da pesca española.

Non lle podo dicir como vai saír a repartición das posibilidades de pesca no Gran Sol, porque aínda non as coñecemos a día de hoxe, porque está pendente de que o Reino Unido decida se sae, se non sae, como sae e en que condicións sae. Polo tanto, quédannos moitos días de traballo moi duros en Bruxelas para ver a proposta que nos fan e como argumentamos a contraproposta, que é do que estamos a falar.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora Otero dime que só escoito unha parte do sector. Señora Otero, ¿será que vostede só escoita unha parte do sector?, ¿será que vostede só escoita a alguén do sector? Porque, dende logo, eu non son a que decido quen son os representantes do sector, non os elixo eu, elíxeos o sector. Como a sociedade elixe quen a goberna votando nas urnas e decide que sexa o Partido Popular o que goberna. Pois no sector tamén son os propios socios das diferentes organizacións os que deciden quen son os representantes diante das institucións dese sector. E eu escoito todo o sector, por suposto, non soamente cando veñen ao pleno do Consello Galego de Pesca, senón que terei moitos defectos pero, dende logo, o meu número de teléfono poderá haber poucos pescadores que non o teñan; atendo todas as chamadas que me fan e contesto todas as mensaxes que me mandan polo Facebook e por todas as redes sociais. É dicir, intento estar en contacto directo co sector e resolverlle ao sector todos e cada un dos problemas que vai tendo e para os que eu podo ter solución. E para os que non teño solución, tamén llo digo abertamente ao sector e comprométome a traballar para seguilo defendendo.

Claro, o xeito. Hoxe púxose de moda o xeito, do que xa levabamos días sen falar. Pois ben, eu ¿que queren que lles diga? Eu veño aquí dunha maneira institucional, pero é que, se me atacan, eu téñome que defender. É que, se vostedes me atacan co tema do xeito, eu téñolles que dicir que foi unha proposta do PSOE de suprimir as artes de deriva e que logo se tivo que cambiar esa proposta porque se deron conta de que o xeito é unha arte de deriva, e tivemos que argumentalo. Si, señora Otero, non lle dea voltas á cabeza, é así, e iso está argumentado e documentado. E foi o traballo da Xunta de Galicia o que permitiu modificar a disposición do xeito na Unión Europea, e pode buscar toda a información que considere oportuna. Mire, a min non me gusta que digan aquí que o señor Arias Cañete foi o devastador da pesca, porque entón eu teño que dicir o que pasaba, e vanme dicir que veño falar do Bipartito, e non quero falar do Bipartito, pero é que, ¡oia!, en tres anos e pico que gobernaron perderon o 44 % de posibilidades de pesca, e non gobernaba o señor Arias Cañete.

Dende que chegou o señor Arias Cañete ao Goberno, melloráronse nun 75 % as posibilidades de pesca, e Galicia saíu beneficiada en todos os criterios de repartición para toda a frota de artes menores. *(Aplausos.)* Eses son os datos. É que tivemos que chegar ao Goberno no 2012 e cambiar os criterios de repartición para darlles máis peso aos aspectos socioeconómicos. Non estou falando da prehistoria, estou falando do ano 2012.

¿Como me poden chegar aquí, tranquilamente e dicir: o señor Arias Cañete foi o maior devastador da pesca? *¡Oiga!, yo no estoy diciendo que el señor Zapatero fuera el mayor devastador*; agora, se vostedes mo din, eu dígolles: vale, pois o señor Zapatero fixo que perdera Galicia e España o 44 % de posibilidades de pesca en tan só tres anos. Como seguiramos así, como ben dicía a señora Egerique, nestes momentos non teriamos nin barcos nin pesca, nin mariscadoras nin mariscadores.

E xa por último, señora Pérez, téñolle que dicir que podía entender moitas posturas do Bloque Nacionalista Galego, pero dende logo o da ría do Burgo si que non son capaz de entendelo. Mire, cando chegamos ao Goberno no ano 2009, a ría do Burgo estaba clasificada como zona C. Investíronse 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo, 100 millóns de euros que investiu a Xunta de Galicia; cambiouse a clasificación microbiolóxica desa zona; e só quedaba pendente na ría do Burgo facer a dragaxe da ría do Burgo, obra que lle corres-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ponde ao Goberno central. E digo eu: quen fai a obra, quen é o promotor da obra debe ser o que indemnice os afectados pola obra que fai. Se, polo tanto, o Estado é o que vai a facer esa obra, é lóxico pensar que deba ser o Estado o que indemnice os mariscadores polo período de afectación que ten.

E eu o que digo —e as miñas palabras están aí e non as vou negar— é que o proxecto de dragaxe no período de alegacións públicas se incrementou en máis de 2 millóns de euros de presuposto, e eses máis de 2 millóns de euros de presuposto foron para facer melloras nunha senda verde, nun tema dun paseo marítimo dun concello, en non sei cantas cousas máis que pediron os concellos limítrofes coa ría do Burgo.

E digo eu: ¿por que se lles tiveron en conta as alegacións aos concellos e non se tiveron en conta as alegacións que presentaban os socios da confraría, que dicían: «*¡Oigan!, señores, mientras están haciendo la obra y yo no puedo trabajar, por favor, indemnícenme para que yo pueda seguir viviendo*»?

Pois ben, isto non o fixo o Estado, nós demandamos que o faga o Estado. No momento en que a Xunta de Galicia fixo a ponte sobre a ría de Noia, a propia Xunta de Galicia indemnizou a Confraría de Noia polo importe necesario para cubrir as posibles indemnizacións que foran precisas durante o tempo que se facía a obra. Pois o mesmo, o Estado, xa que fai a dragaxe, terá que ver que ten que indemnizar estes mariscadores.

Pero, indo máis alá, a Xunta de Galicia, xa hai dous anos, nunha reunión na Delegación do Goberno, onde estaban presentes tamén os concellos limítrofes, ofertou a maiores facer un plan social para axudar os mariscadores nesta tarefa. E nese plan social nós propoñiamos que Xunta poñería o 10 %, cada un dos concellos o outro 10 %, porque non debemos olvidar que desa obra se van beneficiar tamén os concellos, e a maiores os mariscadores da ría do Burgo son veciños dos municipios que están ao lado da ría do Burgo, e, polo tanto, a Xunta de Galicia, aínda non sendo a competente para facer a obra, intenta axudar os mariscadores facendo un plan social e está disposta a poñer cartos.

A min que dende o Bloque, que se nos acusa sempre de non sei que, se pretenda sufragar con cartos dos galegos algo que ten que pagar o Goberno central, non me acaba de encaixar na miña lóxica nacionalista; de verdade que non. Eu non sei como o ven todos os demais, pero eu creo que o lóxico é que, se o Goberno ten que pagar unha indemnización, primeiro, que pense nos mariscadores, que son os máis afectados; logo, se hai que facer unha mellora no paseo marítimo, pois que a fagan tamén; eu non digo que non se faga. Pero, ¡oia!, ¿por que se modifica o proxecto en máis de 2 millóns de euros para atender as peticións dos concellos e non se bonifica os mariscadores cun millón de euros polos danos que teñen de ter que deixar de mariscar?

Que esa foi outra. Xa querían que deixaran de mariscar dende hai un ano, cando aínda non licitaron a obra a día de hoxe. Iso si, xa a anunciaron tres veces. Logo acúsannos a nós de que nós somos os que máis facemos en publicidade e os que máis vendemos. Pero eu nos periódicos xa vin dende hai tres meses que estaba a obra licitada; reviso o BOE todos os días e aínda non a vin licitada, pero vendida xa está por tres veces.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu —xa lles digo— as críticas vounas aceptar sempre, sempre que sexan construtivas. Se son críticas para destruír o sector, dende logo me van ter enfronte, e todas as críticas intentarei defendelas con datos. Eu veño aquí sempre apoiando os meus argumentos con datos. Nesa liña comprométome a seguir traballando na defensa do sector marítimo-pesqueiro de Galicia.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Hai unha alteración da orde do día agora, e pasamos a substanciala, que é unha pregunta.

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a disposición do Goberno galego a iniciar un proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, ao tempo de articular medidas de protección económica e social para as persoas mariscadoras da ría, con figuras como a do paro biolóxico

O señor PRESIDENTE: Señor Fernández, cando queira.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señora conselleira, sen dúbida é vostede coñecedora do acordo adoptado por unanimidade neste parlamento por iniciativa do BNG, que di textualmente: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta e mais o Goberno central a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, cos técnicos da Consellería do Mar e coa Estación de Bioloxía Mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas de protección económica e social dos mariscadores e mariscadoras pactadas co propio sector.»

Non tivemos ocasión de coñecer en sede parlamentaria as actuacións que a Xunta —agardabamos nós— estaría realizando para darlle cumprimento a este acordo, ata que na súa comparecencia na Comisión de Orzamentos se referiu vostede á ría de Ferrol. E dixo, ademais dalgunha inexactitude sobre o feito de ser toda a ría de Ferrol zona B, cando hai dúas zonas C e outra sen clasificar, o que non está disposta a facer na ría de Ferrol. Fáltalle agora dicirnos cal é o plan da súa consellería para salvar a ría de Ferrol, tal como acordou este parlamento.

Señora conselleira, supoño que lle consta que o BNG vén reunindose dende hai tempo coas confrarías da ría, así como co persoal da Estación de Bioloxía Mariña da Graña. Todo o mundo comparte que a acumulación de lamas durante tantos anos, no que o saneamento non existiu, así como a continua incorporación de barreiras artificiais dentro da ría, parecen ser dun xeito evidente os dous factores determinantes da actual situación, aínda que seguramente non son os únicos.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os técnicos da Estación da Graña e as confrarías coinciden na necesidade de elaborar un estudo integral da ría, antes de acometer calquera traballo de rexeneración, un estudo que debería conter parámetros de auga, sedimentos e dinámicas hídricas. Polo que nos indican, a realización deste estudo non debería ter un elevado custo. O principal problema será o prazo para a súa realización, xa que para facelo con rigor deberá realizarse durante distintas fases mareais, e tempo é precisamente o que non teñen as persoas do sector hoxe por hoxe na ría de Ferrol.

En todo caso, coinciden na necesidade de realizalo sen demora, para poder deseñar o necesario proceso de rexeneración sobre bases sólidas, confirmando ou desbotando a incidencia dalgúns dos factores que a priori poden parecer relevantes, pero sobre todo para evitar acometer algún traballo que a posteriori resulte improdutivo ou mesmo prexudicial.

Señora conselleira, sabe vostede que a situación na ría de Ferrol é practicamente de colapso, coa metade do banco marisqueiro das Pías totalmente perdido, o que foi no seu día o banco máis produtivo de toda Galiza, co problema que isto supón ademais para a cría no resto dos bancos.

É coñecedora tamén da situación social que isto está a provocar no sector e, polo tanto, na nosa comarca.

¿Cal é o plan, polo tanto, da Xunta para acometer a rexeneración da ría e cales son as medidas de protección social pactadas co sector?

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonzo.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, para comezar voulle dicir xa que si, que estamos dispostos a iniciar o proceso de recuperación marisqueiro da ría de Ferrol, incluso máis, xa non só de inmediato senón que xa o viñemos facendo nestes tempos atrás, mesmo en solitario e sen ningún apoio doutras administracións salvo o da Autoridade Portuaria de Ferrol. Por iso esta pregunta ao mellor llela tiña que formular a outras administracións, que mesmo en días pasados amosaron o seu apoio a este proceso, e que agardo que o plasmen onde se ten que plasmar, en compromisos, porque algunhas das súas demandas son sobre cuestións polas que levamos agardando un par de anos.

Estamos dispostos a avanzar na mellora da ría de Ferrol, porque foi o que viñemos facendo dende o ano 2009. Traballamos nesta liña cando, coa axuda doutros gobernos, do Concello de Ferrol e de Augas de Galicia, se executaron as obras de saneamento que permitiron mellorar en catro das zonas marisqueiras e non empeoraron en ningunha.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Traballamos nesta liña cando conseguimos frear a caída dos permex de marisqueo, ao pasar de 123 que había no ano 2010 a 233 que houbo no ano 2019, e estabilizar o número de embarcacións que contan con permiso de marisqueo a flote dende o 2013.

Traballamos nesta liña cando procedemos á implantación do sistema de bateas de reinstalación no ano 2012, grazas ao cal se puido retomar gran parte da actividade extractiva na ría durante todo o ano e poñer no mercado 320 toneladas de marisco extraído, e xerar 2,7 millóns de euros en primeira venda.

Traballamos nesta liña cando aprobamos, dende o 2010, 42 proxectos de rexeneración ás confrarías da ría e desenvolvemos traballos con investimento propio da consellería para mellorar o estado dos bancos, sumando arredor de 2 millóns de euros de achega económica.

Traballamos nesta liña cando empezamos xa hai case un ano a analizar a posibilidade de desenvolver labores, xunto coa Estación Biolóxica da Graña, de cara a sumar esforzos no coñecemento das circunstancias que minoran a produción da ría, e que outras formacións parecen simplemente saber con só botarlle un ollo.

Xa que logo, con este balance, e a vontade intacta, nós —e xa llo digo, xa llo dixen tamén na comparecencia dos orzamentos— estamos dispostos a seguir traballando pola ría de Ferrol e polo seu colectivo de persoas mariscadoras, e apostamos por poñer 1,5 millóns de euros para esta tarefa durante o ano 2021. Outros son, señor Fernández, os que se deben sumar, porque unha cousa é predicar e outra é dar trigo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señora conselleira, coñecemos de memoria a súa letanía sobre o moito que leva feito pola ría de Ferrol, pero terá que aceptar dunha vez e á vista da situación actual que non dá vostede no cravo. A día de hoxe, a acumulación de lamas é tal que practicamente pode vadearse a ría coa marea baixa dende Neda ao Couto. As achegas de áridos, efectivamente, os arados, a batea, malia o seu custo —isto non llo nega ninguén—, non solucionaron o problema ata o de agora, e non parece que o vaian solucionar no futuro.

O sector marisqueiro en Ferrol morre por inanición, estase expulsando a xente do sector; até o de agora foi pouco a pouco, é moi probable que despois da campaña do Nadal aumente dun xeito importante. Asumindo que estea vostede actuando de boa fe —cousa que na ría de Ferrol xa hai moita xente que o pon en dúbida—, terá que rectificar o que veu facendo até o de agora.

Se o que pasa é que está adiando a solución ao problema da ría porque para resolverse definitivamente, máis aló dos parches habituais, require de fortes investimentos e da participación doutras administracións, dígao, trace unha folla de ruta e póñase mans á obra para

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conseguir os fondos e a colaboración de quen sexa preciso, pero asuma isto como unha obriga irrenunciable do seu departamento e do Goberno da Xunta no seu conxunto.

A ría de Ferrol pode e debe ser produtiva, moi produtiva, pode e debe ser esa fonte de riqueza que tanto precisa a nosa comarca, e o investimento público na ría para conseguir ese obxectivo —fíxese ben o que lle vou dicir— terá que ser o que faga falta. Non é asumible deixar morrer unha ría, que é o que está pasando en Ferrol. Non é asumible, non neste país, non na Galiza.

O mesmo pode dicirse de expulsar as persoas traballadoras do sector. A ría é a empresa —dicíao vostede, dicíao antes a miña compañeira— na que traballan. A Xunta de Galiza é a responsable de que a ría estea en boas condicións para a súa explotación. Se para rexenerar a ría cómpre paralizar a actividade, hai que darlles unha solución efectivamente ás persoas durante o tempo no que non se poida traballar, e aí hai que negociar co sector.

Encargue un estudo técnico sobre o ría aos organismos da consellería e da Estación da Graña, tal como se aprobou neste parlamento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández. Rematou o seu tempo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Tracen en consecuencia unha folla de ruta, a que corresponda, pero non adíen máis a necesaria solución. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Peche da pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Fernández, mire, eu xa non sei como llo vou explicar, xa llo expliquei esoutro día na comparecencia de orzamentos: non son eu a que decide o que hai que facer na ría de Ferrol, son os técnicos os que nos fan as propostas, e nós o único que facemos é atender as recomendacións dos técnicos e buscar os cartos necesarios para darlles cobertura a esas peticións que fan, e así o estamos facendo.

Non fai falta que se aprobe aquí no Parlamento de Galicia a necesidade de traballar coa Estación de Bioloxía da Graña, xa estamos traballando con ela, xa lles pedimos aos investigadores da Graña, como coñecedores que son do funcionamento da ría de Ferrol, que nos digan qué é o que cren que é necesario facer para recuperar a produción nesa zona.

Nós todo o que acordamos co sector, absolutamente todo, témolo en marcha. Hai outros que non o teñen en marcha e que teñen o compromiso de facelo. Hai dous anos que a subdelegada do Goberno se comprometeu co sector a encargar un estudo ao Cedex para ver qué é o que pasaba nos sedimentos. Nós estamos esperando por ese estudo. Se o estudo decide que hai

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que facer algo a maiores, farase, pero nós todo o que temos que facer estámolo poñendo en marcha.

É ben certo que hai que ter moito coidado co que se fala, co que se di e co que se fai, porque eu vólvolles recordar que no ano 2006 se decidiu pagarlles aos mariscadores por facer uns traballos para manter a produtividade da ría. Investíronse 38 millóns de euros de fondos europeos coa condición de recuperar e de manter a produción na ría. Non podemos estar dicindo que non se recuperou a produción na ría despois de todos estes cartos investidos. Ao mellor non teñen culpa os mariscadores dunha mala inversión que se fixo no ano 2006 e seguintes. Por iso, nós non queremos dicir o que hai que facer. Teñen que ser os técnicos os que nos digan que é o que hai que facer.

É certo que os técnicos atoparon que había infectación por *Perkinsus*, pero tamén os propios técnicos recoñecen que este non debe ser o único elemento causante da desaparición da produción na ría, porque é ben certo que o *Perkinsus* é un parasito que afecta moito as ameixas e que o temos noutras zonas de Galicia onde non se viu diminuída a produtividade.

Polo tanto, entendemos que ten que haber algo a maiores, que non temos unha boliña de cristal, que eu non lle podo dicir que é o que está sucedendo. O único que lle podo dicir é que o meu compromiso segue vixente, que é necesario que se fagan todos os estudos, que todas as administracións se teñen que comprometer; nós xa o estamos facendo. O compromiso co Instituto da Graña está en marcha. E agora esperamos que tamén o informe do Cedex, dende hai dous anos, que en teoría ía estar feito, pois dunha vez o teñamos e poidamos tomar en base a ese estudo as actuacións necesarias para recuperar a produtividade dunha zona tan importante para a Galicia mariscadora como é a ría de Ferrol.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as 16.30, catro e media.

Suspéndese a sesión ás tres e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto quinto da orde do día, interpelacións.

Interpelación de Dª Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector eólico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos. Boa tarde, señor Conde.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor conselleiro, hoxe interpelámolo sobre a situación do sector eólico no noso país, e teño que comezar dicíndolle que o facemos ademais con enorme preocupación, con enorme preocupación polas consecuencias do pasado que aínda arrastramos, pero sobre todo por como se está dando nestes momentos no noso país o desenvolvemento do sector eólico. Porque mire, vostedes primeiro foron responsables de que o noso país perdera posicións e sufrira unha década de parón de vida, única e exclusivamente —e é necesario recordalo hoxe— polo seu sectarismo político *(Aplausos.)* e unha política industrial e enerxética que tivo o neoliberalismo exacerbado como única estratexia.

Vostedes empregaron o sector como ariete político, e o noso país pagou as consecuencias. Desa forma, na primeira década do seu Goberno —vostede xa estaba alí—, paralizaron o sector; houbo anos nos que mesmo se instalaron cero megavatios no noso país. Renunciaron ao control da participación pública, e iso supuxo non só perda de ingresos económicos nun período ademais que foi de crise económica, senón que renunciaron tamén a ter unha participación activa no deseño do modelo.

Tamén tivo consecuencias como o pago de máis de tres millóns de euros dos orzamentos da Xunta de Galiza en materia de sentenzas xudiciais, por ter anulado o concurso do Bipartito. Vimos como mudaron esa participación pública, tamén por un retorno moi limitado para os concellos, cunha política impositiva fracasada, que nos deixa un Fondo de Compensación Ambiental onde quen reina é o escurantismo e que nos deixa por exemplo situacións como a analizada polo Observatorio Eólico de Galiza, que estima que as rendas locais e rurais para propietarios de terras eólicas só pesan ao redor dun 5 % do total desas facturacións multimillonarias que se xeran grazas ao vento do noso país.

En definitiva, este modelo non serviu para transformar a realidade económica e social das poboacións do rural, que é onde maioritariamente se asenta este recurso.

E tamén vostedes patrocinaron unha perda de garantías económicas e de emprego e tamén de proxectos industriais, porque o que fixeron, no lugar de exixir eses proxectos apegados ao territorio, foi dar pasos como por exemplo permitir a modificación dos parques, de forma que os promotores tiveron máis fácil eludir compromisos.

En definitiva, Galiza perdeu posicións, perdeu un tempo moi valioso, perdeu un esforzo investidor moi importante que fixera anteriormente, viuse afectada polos cambios regulatorios do ámbito do Estado, por certo a maioría impulsados polo Partido Popular, e desta forma perdeuse emprego e perdeuse tamén un tecido empresarial que había asociado a este sector.

Así, temos historias de fracasos como T-Solar, como Isobar, ou mesmo hoxe os medios de comunicación recollían como Emesa está abocada a un ERE extintivo. Pero isto non quedou aquí, senón que hoxe temos unha realidade na que o presente, sobre todo o futuro, son moi preocupantes.

E de aí o sentido desta interpelación, porque estamos en certo modo diante do dito de que «é peor o remedio que a enfermidade», porque vimos dun escenario anterior de paralización pero agora mesmo estamos vendo como vostedes están a patrocinar un pelotazo eólico,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cun modelo que é alleo aos intereses sociais, económicos e ambientais deste país, señor Conde.

Só no ano 2019, por poñer un exemplo deste novo pelotazo, houbo no noso país dezanove parques máis, instaláronse máis de 400 megavatios nun só ano; na década anterior, ata o ano 2018, non chegaran nin a 300. Isto, aparentemente, podería ser unha boa nova, pero a cuestión é que a forma en que están facendo este novo desenvolvemento do eólico está sendo unha desfeita. Estamos vivindo un pelotazo que está ao servizo, señor Conde, simplemente dos oligopolios e non ten unha adecuada planificación ao longo do territorio.

Sobran os exemplos. Continúa ese divorcio existente entre o desenvolvemento eólico e o tecido universitario e innovador do noso país. Non hai unha planificación específica sobre que rumbo ten que ter o noso novo modelo enerxético neste contexto de transición. As directrices enerxéticas da Xunta de Galiza son un folio e medio que non marcan esa folla de ruta e o marco legal é obsoleto; seguen deseñándose eses proxectos con base no marco do ano 1997; e iso é así porque vostedes se negaron a consensuar e impulsar un novo plan sectorial eólico neste país.

O Inega non ten un papel vector, e nada sabemos tampouco de que papel van ter os fondos europeos no desenvolvemento eólico do noso país. Por exemplo, vostedes falan de macroplantas de hidróxeno verde, cando saben que que serían máis eficientes, desde todos os puntos de vista, plantas máis a pequena escala e próximas a instalacións eólicas, para que así aproveitaran unha maior eficiencia.

E van tamén vostedes en dirección contraria ao que marca Europa e ao que marcan países avanzados respecto da protección ao medio ambiente, de forma que a día de hoxe as figuras de ordenación e protección do noso territorio son unha especie en extinción, e de forma que vostedes están facendo unha vulneración absoluta da Rede Natura, que non está a súa ampliación nin se lle espera; permiten vostedes proxectos que afectan tanto as zonas que se querían ampliar no ano 2008 como no ano 2012. Temos exemplos dramáticos, como por exemplo a serra do Suído.

E, en definitiva, neste contexto que estamos a vivir, onde a transición enerxética e a precipitación da fin do carbón invitan a un novo modelo enerxético, vemos como ese novo *Green Deal* no que se está a converter é nunha coartada do capitalismo para reinventarse como un capitalismo verde pero que non está a ter en conta os nosos intereses. Non estamos diante, en absoluto, dun cambio de paradigma, senón dunha reconversión enerxética sen diálogo, sen consenso e sen ter en conta os intereses deste país.

Paradigmático é o exemplo dunha das grandes precursoras dese capitalismo verde, como é Enel-Endesa. Ao mesmo que está pechando practicamente unha comarca, pretende ser unha das máis beneficiadas desas novas poxas de renovables e do novo desenvolvemento eólico sen asumir nin unha soa responsabilidade con este país.

E lamentamos desde o BNG que vostedes non actúen diante desta situación, porque realmente este pelotazo acontece porque vostedes son parte activa, porque vostedes son cóm-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

plices deste proceso, no que parece que quen manda son as eléctricas e logo quen lexisla son vostedes.

Vímolo coa Lei de implantación empresarial, que foi basicamente unha coartada para introducir un cabalo de Troia, de forma que vostedes o que fixeron foi, por exemplo, impoñer que as decisións arbitrarias dos consellos da Xunta teñan máis poder que a utilidade pública dos montes comunais por exemplo, de forma que os promotores, sen dar apenas xustificación, poidan adherirse a esta cuestión.

Fixeron das expropiacións a norma. O propio Observatorio Eólico do noso país sitúa como, a partir de 2017, a partir desa lei, incrementáronse con moito as expropiacións. E, efectivamente, é mellor calquera mal acordo que unha expropiación forzosa, e vostedes sábeno perfectamente.

Sábeno perfectamente, porque o que fixeron foi poñerse de espalda aos intereses sociais, poñerse de perfil como administración. Non hai ferramentas públicas de consulta, de asesoramento, de apoio, e a xente, os concellos e as comunidades de montes están abandonadas diante destes grandes xigantes para os que vostedes cociñaron e fabricaron unha declaración de proxectos de especial interese para acurtar prazos e furtar así a capacidade da opinión pública e da sociedade civil de cuestionar eses proxectos cando non concordaban.

E iso ten consecuencias, ten consecuencias cun gran *boom* tamén de resposta social ao longo do noso país a todas estas cuestións; unha resposta social que vostedes xa non son quen de silenciar, señor Conde. E poderiamos poñer aquí moitísimos exemplos —e non me chegaría o tempo de intervención—: serra do Galiñeiro, da Groba, os montes do Morrazo, o Oribio, Costa da Morte e contorna, que está sobreexplotada, e con resposta social en concellos como Carballo, Laxe, Santa Comba, Negreira, Mazaricos, Outes, Coristanco. O Macizo Central, a serra de San Mamede, a comarca de Ordes por exemplo, exemplo da fragmentación absolutamente fraudulenta de proxectos macro en miniproxectos para sortear así trámites ambientais, co silencio, coa complicidade da súa consellería e tamén da Consellería de Medio Ambiente.

Vemos como aplican iso tamén noutros sectores. Recentemente, na minaría, despois da presión política e social, tiveron que rectificar vostedes respecto da mina Alberta I, que estaba facendo exactamente o que están facendo moitas empresas de eólica no noso país para sortear trámites, co seu silencio e coa súa complicidade.

Porque así é como está a funcionar a Xunta de Galiza, neste novo escenario no que, no lugar de aproveitar as oportunidades para cambiar o modelo, o que están facendo é poñerse de perfil como administración e deixar que outros gobernen.

E, por iso, o pasado 19 de novembro tamén máis de sesenta colectivos do noso país apelaban a un novo plan sectorial eólico, apelaban a un novo modelo. E eu pregúntolle, señor Conde, se vai atender esas reivindicacións sociais, se van rectificar ou se van continuar nesta liña, que é unha barra libre de concesións sen garantías sociais, económicas e ambientais e que non se pode consentir. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque, ademais, vostedes só están cedendo cando a Xustiza actúa, ¡claro! Por exemplo, moitas veces é tarde. Temos o exemplo de Sasdónigas, o dano feito, e actúa o Tribunal Superior de Xustiza, e antes vostedes non estableceron medidas porque non quixeron. Parece que non lles dá vergoña e parece que simplemente se conforman con facer xestos cosméticos, como cargarse o señor Tahoces, cando sabemos que vostede e que o presidente da Xunta de Galiza son os máximos responsables desta política. *(Aplausos.)*

E, como se fora pouco, lonxe de aprender de sentenzas tan recentes como esta, o que fan é traer este pasado luns a este parlamento, rexistrar de forma espuria a través do Grupo Parlamentario Popular, unha lei que é a lei de depredación *bis*, que é a lei da barra libre para o sector eólico transnacional neste país *(Aplausos.)*, que nun 99 % para este sector acurtan prazos de tramitación...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...relaxan e privatizan a tramitación ambiental. O da Rede Natura, simplemente, non ten nome.

Polo tanto, hoxe traemos unha serie de cuestións que vostede ten na iniciativa, que nos gustaría que contestara, pero sobre todo o que queremos facer é apelar a un cambio de rumbo, trasladar a este parlamento o sentimento maioritario deste país, que é: eólico si, pero non así, e, desde logo, que vostedes sexan o Goberno que defenda os intereses deste país e non do grande oligopolio eléctrico.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, é difícil dicir e trasladar tanta arbitrariedade e tanto sectarismo nunha intervención parlamentaria como vostede vén de facer agora mesmo. *(Aplausos.)* Eu entendo perfectamente que na súa intervención vostede tentou reescribir a historia de como foi o desenvolvemento eólico durante o Goberno bipartito. *(Murmurios.)* Enténdoo perfectamente, porque seguramente ten moi mala conciencia e seguramente non lle contaron toda a historia. Pero eu vou intentar respostarlle, loxicamente, a todas as súas inquedanzas, pero con datos. Vostede trasladou aquí unha intervención dun sector económico sen un só dato, voulle trasladar datos concretos. Mire, trinta e cinco dos trinta e seis proxectos eólicos que foron postos en funcionamento durante o Bipartito iniciaron a súa tramitación antes do ano 2005; vostedes puxeron en funcionamento un parque.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, ao igual que o señor Seco a semana pasada —o seu socio de goberno, do Partido Socialista—, vostede esquece que en agosto do ano 2005 o conselleiro de Industria —BNG— declarou que Galicia non podía soportar máis parques eólicos e que a idea era non facer máis pero si aumentar a produción enerxética. Esa era a liña de goberno do Bloque Nacionalista no sector eólico. En xaneiro do ano 2006 —curiosidade— o BNG cambia de opinión e decide que a enerxía eólica é unha industria estratéxica para reducir a dependencia enerxética do carbón ou do petróleo, e anuncia —iso si— a refundación do negocio eólico coa única forma que vostedes entenden a economía, que é nacionalizar, neste caso nacionalizar o vento, que foi a súa proposta.

Pouco despois —é certo— renunciaron a esa idea por temor ás posibles trabas legais —unha vez máis teñen que corrixirse— e, no seu lugar, optan por un decreto eólico que acumulou varios recursos da industria e —como ben sabe— tivo oito obxeccións do Consello Consultivo na súa redacción. Pero, sobre todo, esquece na súa intervención que a anulación do concurso do ano 2008 pola Lei 8/2009 foi validada polo Tribunal Supremo, un revés que se sumou ás anulacións xudiciais dos concursos previos de 2006 e de 2007, por ser declarados contrarios ao dereito.

Sorpréndeme que vostede veña aquí dicir que temos que desenvolver a política eólica a través das súas visións, dos seus posicionamentos. Eu resúmolle o que foi o sector eólico do Bipartito —vostedes gobernaban—, en palabras do entón presidente Emilio Pérez Touriño. Leo: «Fixeron un concurso eólico que non ofrecía garantías, desde a óptica da ordenación do territorio, da sustentabilidade ambiental e da viabilidade económica dos proxectos que acompañaban as ofertas. A finais do proceso tiña practicamente tomada —polo menos en dúas ocasións— a decisión de cesar o conselleiro de Industria; a súa actuación era inadmisible e dunha grande deslealdade». Ese era o seu conselleiro de Industria, do Bloque Nacionalista Galego, o que estaba intentando desenvolver dunha forma absolutamente arbitraria e sectaria o sector eólico. *(Aplausos.)*

Pero mire, eu veño aquí falar do sector eólico e dunha industria, porque, señora Presas, a industria do sector eólico en Galicia é unha industria seria e a Administración autonómica é unha administración seria, aínda que vostedes entendan e queiran trasladar unha situación totalmente distinta. Galicia foi quen de superar esa herdanza do Bipartito e esa campaña que vostedes permanentemente intentan trasladar do «non» desde o seu grupo parlamentario, en contra permanentemente da economía, en contra da industria e en contra do sector eólico. Eu lamento profundamente que iso sexa así.

Pero mire, señoría, o sector eólico galego xera máis de sete mil empregos directos e indirectos. Achega 581 millóns de euros ao produto interior bruto, preto do 1 %, e paga prego de 130 millóns de euros en impostos, tributos e rendas. Eses son os datos concretos e reais do sector eólico. E isto ten sido posible porque este goberno, señora Presas, o que está trasladando ao sector é seguridade xurídica, unha seguridade xurídica que non tiña o sector eólico antes da aprobación da Lei 8/2009, pola que se trasladou unha mensaxe clara de confianza á cidadanía sobre como Galicia está desenvolvendo o seu sector eólico.

Creamos o canon eólico, señoría. Vostede sabe perfectamente que somos a única comunidade autónoma, xunto con Castela-León e Castela-A Mancha, que temos un imposto vinculado

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ao impacto medioambiental dos parques; un tributo que ademais está permitindo recadar ata o de agora cerca de 230 millóns de euros, financiando máis de dous mil proxectos dos concellos. Sabe perfectamente que, cando foi posible e así o permitía o ordenamento xurídico, establecemos plans industriais asociados, que teñen mobilizado máis de 1.200 millóns de euros de investimento e preto de dous mil seiscentos postos de traballo. E sabe —un dato máis— que este goberno desenvolveu 741 novos megavatios, o 68 % nos últimos dous anos; entre outras cousas, grazas ás subastas de renovables que foron impulsadas polo Goberno de Mariano Rajoy, que tivo antes que resolver unha profunda crise económica que vostede esquece. E obvia tamén o déficit de tarifa de máis de 29.200 millóns de euros que deixou o Goberno de Zapatero, por certo, señoría, co respaldo do Bloque Nacionalista Galego.

En definitiva, estamos falando da realidade. Eu lamento que vostede queira reescribir a súa historia, a historia do Bloque Nacionalista Galego, intentando cargar contra un sector que está xerando emprego e que está participando no desenvolvemento económico e social de Galicia. E lamento enormemente tamén que vostede intente trasladar aquí que non estamos cumprindo a normativa medioambiental; laméntoo profundamente.

Saben vostedes que os proxectos eólicos só se autorizan se son compatibles co resto de actividades económicas e se cumpren todas as garantías xurídicas, técnicas e ambientais. E nese sentido recórdolle —porque vostedes normalmente cando veñen a esta tribuna esquecen a normativa, e eu creo que realmente deberían de incluír nos seus argumentarios os contidos da lei, e sábeno perfectamente— que todos os parques están suxeitos á avaliación de impacto ambiental, que está perfectamente regulado polas directivas europeas e pola lexislación básica. Seguramente vostede entende que, unha vez que se sae de Galicia, o ordenamento xurídico non ten validez, pero a avaliación, señoría, está axustada a esa lexislación europea nacional. E sabe perfectamente que está prohibida a localización de novos parques en Rede Natura desde abril do ano 2014, e en Galicia está restrinxida tamén a súa repotenciación.

Polo tanto, se quere falar do sector eólico, falemos con datos, falemos da realidade e, por favor, non intente reescribir a súa historia. Tampouco a través da declaración de utilidade pública. Vostede sabe que a declaración de utilidade pública está recollida na Lei do sector eléctrico do Estado e que a Lei eólica establece que, efectivamente, se teñen que presentar todas as relacións de bens e dereitos afectados e presentar os acordos alcanzados na declaración responsable. Doulle un dato, señora Presas. Datos do ano 2019: puxéronse en marcha dezaoito parques e, deses dezaoito parques, o 85 % tivo acordo cos propietarios no desenvolvemento das diferentes iniciativas.

Polo tanto, señoría, esta é a realidade. Eu lamento a súa vocación de paralizar o sector eólico. E, dende logo, o que si quero esta tarde é lanzar unha mensaxe de confianza á cidadanía fronte ás dúbidas que vostedes sempre pretenden xerar ao redor da enerxía eólica en Galicia e xerar tamén esa mesma desconfianza no sector industrial e no sector económico do noso país. A tramitación administrativa que se realiza sobre calquera parque eólico conta con todas as garantías xurídicas, técnicas e ambientais, e, ademais, esa tramitación inclúe, como ben sabe, un proceso de participación pública no cal a cidadanía pode ter acceso a todos os proxectos e presentar todas as consideracións que estime oportunas.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta, en definitiva, ten en conta toda a normativa, é garantista dende o punto de vista dos impactos, e, dende logo, a Xunta de Galicia non autorizará ningún proxecto que non sexa compatible coa protección e a sostibilidade do medio ambiente. Esa é a nosa forma de entender o sector eólico, e eu lamento que vostedes sigan instalados no «non» a Galicia, no «non» á industria, no «non» ao sector eólico, no «non» ao emprego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica da señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor Conde, paralizar o sector, non; paralizar este *boom* eólico ao servizo única e exclusivamente das grandes empresas e de fondos de investimento en detrimento dos dereitos sociais, medioambientais e económicos deste país e perder outra oportunidade de desenvolvemento que se converta non nunha década de tempo perdido senón nunha lexislatura de destrozos irreparables, ¡claro que si!, ¡claro que si! *(Aplausos.)*

E non é unha cuestión na que o Bloque Nacionalista Galego estea en solitario. Abra un pouco os ollos, saia fóra, mire tamén o rexistro da súa consellería, onde ten colectivos que están pedindo a inaplicación da actual normativa eólica da Xunta de Galiza pola súa inseguridade xurídica, onde están pedindo un novo plan sectorial eólico —que non é a primeira nin esta vai ser a última vez que pedimos tamén nesta cámara— e onde están tamén facendo unha recompilación e poñendo enriba da mesa —señor conselleiro, vostede que é tan legalista— sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que o que din é que vostedes non cumpriron garantías medioambientais, señor conselleiro, nin patrimoniais, señor conselleiro, nin Rede Natura.

Faleille de Sasdónigas antes, pero podemos falar do Oribio. *(Aplausos.)* Non hai mellor xordo que o que non quere oír, e iso é o que lle pasa a vostede. Porque, claro, vén aquí dicirme: datos, datos. Non dei datos eu. O que pasa é que non dei datos que lle gustan a vostede, claro. Falamos deses anos con 0 megavatios e dese desenvolvemento agora no ano 2019 amparándose nesas declaracións de utilidade que lle dan manga ancha ao Consello da Xunta de Galiza, a vostedes e aos señores que se sentan nesa mesa, pero non á xente que está no territorio, recibindo, tal e como estima o Observatorio Eólico do noso país, aproximadamente só un 5 % das grandes rendas e beneficios que xera ese vento galego e que xera ese territorio. Esa é a cuestión, señor Conde, eses son os datos que vostede non quere oír, porque son indiscutibles.

A cuestión do emprego. Claro, vostede vén aquí con esa cifra que dá a Asociación Eólica Galega —con todos os meus respectos— de sete mil e pico empregos, no que se computa dentro de pouco a quen pasou ao lado dun aeroxerador. Porque contan, entre outros, os de Navantia

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—que, efectivamente, fan carpintería metálica con elementos que van para a eólica— pero que non hai aquí un equipo co desenvolvemento de valor engadido. Porque vostedes, entre outras cousas, ao longo deste tempo tamén perderon oportunidades nese ámbito, de que quedara aquí a parte do valor engadido. E foron moitas as empresas e os sectores que pecharon tamén grazas á súa parálise.

Claro, seguridade xurídica, en fin, *dices mientras clavas tu pupila en mi pupila azul*, *(Risos.)* señor Conde. *(Murmurios.)* Porque, de verdade, sentenzas dos tribunais do noso país, sentenza do Tribunal Supremo, queda clarísimo. Señor conselleiro, *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* non sei se lle teño que volver sacar nesta cámara as modificacións orzamentarias da Xunta de Galiza, que nos custou aos galegos e galegas máis de tres millóns de euros polo que vostedes fixeron co concurso eólico do Bipartito. Señor conselleiro, efectivamente ese é o prezo que tivo que pagar o noso país por ese sectarismo político.

Veu vostede tan emocionado que nos dixo que recadabamos 320 millóns do canon eólico. Revise vostede, por favor, xa que é deputado, a Lei de orzamentos, que tamén vai aprobar co seu voto. E revise tamén eses 38 millóns de euros que estamos pagando todos os galegos e galegas, tamén vostede, tamén eu, nas nosas facturas da luz por eses suplementos territoriais grazas a vostedes e ao señor Rajoy.

Ou repase o descontento que hai no noso país, porque, claro, agora repoténciase. A repotenciación non é inocua, porque son máquinas máis grandes, porque teñen por exemplo unha afectación maior nas servidumes de paso e un longo etcétera, e os concellos cada vez van cobrar menos a través desa parte que lles corresponde do canon eólico. Porque está pensado para cobrar por muíño e non cobrar por potencia. Vostedes non o cambian, porque non lles debe gustar aos amigos cos que se abrazan despois vostede e o señor Feijóo. Por iso non o cambian. *(Aplausos.)* E así con todo, señor conselleiro.

Non se pode amparar en que a norma é garantista, porque sabe vostede perfectamente que as sentenzas xudiciais e que as reclamacións que están recibindo non din o mesmo. E o que di este país é que eólica, si, pero —repítolle— non desta maneira.

E, por último, un breve apuntamento. Os exemplos doutra forma de facer as cousas, porque, claro, aquí falou vostede de que queriamos nacionalizar o vento. Efectivamente, queremos aproveitar os recursos naturais dos galegos e galegas non para especular coa enerxía eléctrica, senón para conseguir que sexa un ben garantido para a poboación e para as pequenas e medianas empresas do noso país. E iso podíase conseguir con esa participación pública que reinviste no sistema económico. Iso é o que deberían mirar vostedes. Igual debería saír vostede de Galiza, porque hai exemplos de participación pública desde Estados Unidos, que é o paradigma do capitalismo, a Euskadi. *(Aplausos.)* Vaian a Euskadi e fagan algo máis que copiarlle as datas electorais, cópienlle algo máis. *(Aplausos.)* Onte mesmo saía na prensa como a empresa pública vasca de enerxía vai ter un 40 % dos parques eólicos do grupo público. O Goberno de Euskadi non é comunista —que eu saiba—, pero hai algo que tampouco é, nin parvo nin, polo que se ve, está demasiado ao servizo das grandes eléctricas. Podían copiar esa cuestión.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén, por certo, podían copiarlle o de facer un pleno monográfico dos fondos europeos. Así logo non ten que pasar o bochorno de vir a este parlamento comparecer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...nunha comisión, non dicir absolutamente nada dos fondos europeos e que logo o seu grupo parlamentario pida que vostede volva comparecer, *(Aplausos.)* a ver se así parece que é un pouco máis democrático o procedemento que están a facer vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...con esa oportunidade temo que perdida para o noso país.

Polo tanto, señor Conde, tome un pouco máis en serio esta cuestión e responda algunha das preguntas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, isto non é un certame de poesía. *(Risos.)* Eu entendo perfectamente que vostede non teña ningún interese no desenvolvemento económico de Galicia, non teña ningún interese, máis ben todo o contrario. O seu interese é pechar empresas. Por certo, revise a súa intervención, pero iso da precipitación do peche do carbón debería aclaralo seguramente co seu grupo parlamentario, porque non é precisamente a súa posición a que vostedes defenderon aquí.

En calquera caso, eu creo que si deberían ser prudentes nas súas afirmacións, porque, señoría, non todo vale en política. Cando vostedes gobernaron, a eólica en Galicia simplemente foi cara a atrás. Esa é unha realidade perfectamente constatada e ademais non só dende o punto de vista económico, tamén dende o punto de vista político e dende o punto de vista xurídico. E, polo tanto, creo que deberían de ser un pouquiño máis humildes, recoñecer os erros e, dende logo, se pretenden o desenvolvemento económico de Galicia, intentar colaborar co desenvolvemento do sector. Porque parece que o único interese que ten o Bloque Nacionalista Galego é simplemente bloquear, bloquear neste caso o desenvolvemento dun sector.

Mire, se vostedes realmente están seguros de que se están incumprindo os criterios ambientais, deben de acudir aos tribunais *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e, polo

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto, non utilizar esta cámara simplemente para trasladar posicións sectarias e posicións demagóxicas por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Teña por seguro que a Xunta de Galicia sempre respecta o Estado de dereito —témolo demostrado— e que sempre toma todas as medidas defendendo o interese xeral —como temos demostrado—. Entendo perfectamente que vostedes teñan como único obxectivo a nacionalización do sector; lamentablemente, aí non nos atopará. Iso si, a diferenza con respecto ao Goberno é que nós intentamos trasladar coherencia, porque o sector eólico entendemos que é unha oportunidade para levar a cabo unha transición enerxética xusta e, dende logo, unha oportunidade para seguir xerando emprego e riqueza en Galicia, e, dende logo, seguirémolo facendo con todas as garantías dende o punto de vista xurídico e con todas as garantías dende o punto de vista normativo.

E, efectivamente, señoría, unha nova lei de reactivación que vai servir para ser máis áxiles na tramitación administrativa; claro que si, máis áxiles. Entendo que vostedes non compartan esta posición, pero nós intentaremos impulsar a axilización administrativa dentro do sector eólico buscando precisamente que os proxectos empresariais teñan unha resposta, independentemente do seu tamaño —sexan grandes, sexan medianos, sexan pequenos— e, dende logo, mantendo todas e cada unha das garantías que ata o de agora tamén estaban dentro da propia normativa.

Polo tanto, temos unha oportunidade co desenvolvemento dos fondos europeos, dos cales vostede parece que pretende mofarse, e, dende logo, dende a Xunta de Galicia nós intentaremos impulsar esas iniciativas para que se poida producir unha transformación económica e social real e, dende logo, para que eses fondos tamén sirvan para o desenvolvemento do sector eólico. E por iso nesta lei, señoría, se implantará un procedemento uniforme e simplificado para as autorizacións das instalacións eléctricas, porque entendemos que son relevantes para o conxunto dos sectores produtivos.

Polo tanto, imos traballar nesa axilización administrativa. Eu espero que neste caso os grupos parlamentarios se poidan unir a esta vocación do Goberno de dinamizar a nosa economía.

En canto ao canon eólico, díxeno ben, señoría: 229 millóns de euros foron recadados por este goberno dende a implantación do canon eólico. E, polo tanto, hai unha medida que claramente intenta xerar e reverter ese impacto medioambiental que xera o desenvolvemento do sector. Só hai tres comunidades autónomas que teñan este canon ou similar, e, polo tanto, nós seguiremos traballando para ser garantistas dende o punto de vista do desenvolvemento do sector.

En definitiva, señoría, non hai ningunha razón para que o Bloque Nacionalista Galego volva iniciar unha campaña contra o sector eólico, é sinxelamente irresponsable e non ten ningún tipo de criterio nestes momentos en que estamos traballando por esa transformación enerxética e económica.

Temos unha industria seria, —repítollo— unha industria eólica seria e temos tamén unha administración seria que vai impulsar o sector eólico sempre que sexa compatible co resto

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das actividades económicas, buscando o consenso con todas as partes, respectando os acordos e, polo tanto, facilitando que o sector sexa un vector de crecemento, un vector de riqueza e un vector tamén de creación de emprego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de Dª Mercedes Queixas Zas e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co saneamento das rías

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Boa tarde. Boa tarde, señora conselleira.

Esta interpelación que fai o BNG é para facer preguntas e tamén para facer propostas. As propostas farémolas principalmente a través da moción. Tamén hoxe aquí faremos algunhas propostas.

E o primeiro que queremos dicirlle é que esta interpelación é froito da preocupación do BNG pola situación das rías, dos ríos, dos ecosistemas fluviais, dos humidais, das concas fluviais, que realmente forman un conxunto, e o que pase na serra da Groba, na serra do Suído, no parque do Eume afecta tamén as rías onde verten os ríos que nacen neses hábitats e neses ecosistemas. E por iso é tan importante protexelos e non destruílos, como se está facendo sistematicamente nos últimos anos con esas leis que está aprobando o Partido Popular —temos que dicilo así— ao servizo dos intereses de grandes empresas transnacionais que veñen aquí depredar os nosos recursos coa complicidade da Xunta de Galiza, que se pon do seu lado, en contra dos intereses da xente.

Mire, non sei se sabe onde é esta fotografía que teño aquí. *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* Non sei se ven ben as imaxes que teño aquí. Son en Corme, no promontorio do Roncudo. Supoño que coñecerá esta zona, que está sendo arrasada por unha repotenciación, unha zona protexida pola figura da Rede Natura, onde hai un humidal protexido que está sendo literalmente arrasado. A verdade é que doe, doe estar alí e doe ver estas imaxes. Non sei se a vostede lle doen, dende logo a nós dóennos. E se fan isto coa Rede Natura, ¿que farán co resto do país, señora conselleira? Isto non se pode consentir. E vostede debería facer algo para evitar esta desfeita. Non é xusto que se faga isto con lugares que debían estar protexidos como lugares sagrados case.

Porque as rías son ecosistemas únicos, son reservas ecolóxicas, son paraísos da biodiversidade, e tamén son factorías de produción e de xeración de riqueza, con actividades económicas sustentables que se levan facendo dende hai moitísimo tempo, aínda que nalgúns

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sitios non o queiran entender. E son tamén lugares privilexiados para as actividades de lecer, recreativas, deportivas, turísticas, que tamén xeran dinamismo e actividade económica, benestar e riqueza. Por iso é tan importante mimalas, coidalas, protexelas. Unha das grandes lecciónns que nos deixa esta pandemia é que os espazos naturais, que a biodiversidade son escudos protectores, son como un seguro de vida colectivo. Non podemos permitirnos destruílos, desfacelos, arrasalos, como se está facendo en moitos deles.

E o primeiro problema, a primeira necesidade é que necesitamos capacidade de actuación sobre todos estes espazos. Necesitamos capacidade de decisión sobre eles. Nós a iso chamámoslle soberanía; non sei como lle chaman vostedes. Podemos chamarlle tamén capacidade de goberno das cousas de comer, que son moi importantes. E a primeira pregunta é se vostedes comparten esta visión que temos no BNG, que é importante que teñamos o control e a decisión sobre todas estas cuestións. Porque, se comparten isto, non se nota.

E quero recordarlle que vostedes no programa electoral do 2009 puxeron que ían demandar ao Goberno central —non lles recordo quen gobernaba daquela— as competencias en ordenación do sector pesqueiro, en investigación oceanográfica —recórdolle o acordo que tivemos recentemente nunha comisión—, os portos de interese xeral, as titulacións profesionais náutico-pesqueiras, a ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre —é dicir, as competencias en costas—, as cuncas hidrográficas, a meteoroloxía... ¿Que foi de todo isto, señora conselleira, que vostedes dicían que ían pedir no ano 2009, cando o señor presidente da Xunta dixo que empezaba a época de maior autogoberno da historia de Galiza? ¿E sabe cal é o balance, sabe cal é o resultado? Cero, cero patatero. Cero patatero con Zapatero... *(Murmurios.)* Non vou facer poesía, como fixo antes; tampouco prosaísmo, como fixo o señor conselleiro. Pero con Zapatero, con Rajoy, con Sánchez, con todos, cero competencias, cero transferencias, e son cuestións fundamentais para xestionar globalmente, integralmente, cunha visión conxunta, estes ecosistemas tan importantes. E non o fixeron.

¿Vostedes teñen pensado defender os intereses do mar e da costa galega e demandar estas competencias? É a primeira pregunta que lle quero facer. Competencias que xa teñen outras comunidades, nacionalidades históricas, nacións, como lles queiran chamar. Xa as teñen.

A terceira pregunta, señora conselleira: ¿como valora vostede o estado de saúde das rías galegas? Nós pensamos que é moi preocupante. E é moi grave, ademais, porque vostedes presumen de que investiron máis de 1.100 millóns de euros no saneamento das rías. Pois os resultados a verdade deixan moito que desexar. E non o dicimos nós. Dino vostedes. Dío Augas de Galicia cando di, por exemplo, que fixeron unha auditoría das depuradoras, das EDAR de xestión municipal, e que a metade —máis da metade— funcionan mal. Algo terán que ver vostedes, que deseñaron os proxectos e construíron moitas destas depuradoras.

Por certo, outra pregunta: ¿cando van facer unha auditoría das vinte e oito depuradoras que xestiona directamente Augas de Galicia, señora conselleira? O BNG pediullo na pasada lexislatura. Nesta estamos agardando unha resposta.

Miren, un titular de prensa con datos de Augas de Galicia: «As rías galegas soportan case 1.600 vertidos no ano 2019, un 21 % máis que en 2014». Imos a peor con esa marabillosa

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xestión e eses millonarios investimentos que din que fan. A realidade é esta, son os datos de Augas de Galicia. ¿Sabe cal é a ría que ten máis vertidos contaminantes? Pois é a ría máis produtiva de Galiza. Unha compañeira miña di que é a ría máis produtiva do mundo, eu non me atrevo a dicir tanto. É a ría de Arousa. É a que ten máis vertidos contaminantes. Ten 60, e tiñan 66 o ano anterior. Non mellorou moito. E a seguinte é a ría de Muros e Noia, con 45. Logo vén Vigo, con 30; Ferrol, con 29; Ares e Betanzos, con 19; e Pontevedra, con 18. Son vertidos contaminantes, tóxicos e perigosos. E vostedes ¿que fan ante esta situación?

Nós pensamos que é necesario facer unha auditoría de todos os investimentos que fixo a Xunta de Galiza nestes anos. ¿Están dispostos a facelo? É outra pregunta que lle deixo aquí sobre a mesa, espero unha resposta.

Numerosos estudos científicos das universidades, de organismos científicos, levan alertando dos graves problemas ambientais que teñen as rías galegas, que fan que perdan produtividade e biodiversidade. E falan das causas desta situación. Unha das principais é o mal funcionamento da rede de depuradoras e de saneamento —incluso das de tecnoloxía máis avanzada construídas pola Xunta de Galicia recentemente—. E hai estudos da Universidade de Vigo feitos en varias rías que lle podo entregar e que demostran que é así.

E podería poñer moitos exemplos. Hoxe xa se falou da ría de Ferrol e tamén se falou da ría do Burgo pola mañá. Pero poderíalle falar por exemplo da Foz do Miñor. Hai un estudo que di que a situación deste espazo, que está declarado Rede Natura, é equivalente a unha cloaca ao aire libre, a ceo aberto. Así o poñen, literalmente, os investigadores da Universidade de Vigo. ¿Que lle parece a vostede esta situación? Recórdolle que vostedes xestionan as depuradoras da Foz do Miñor —Augas de Galicia—. ¿Que me pode dicir disto? Si, vai dicir que non, que é competencia municipal. Pero vostedes xestionan as depuradoras da Foz do Miñor.

E outra pregunta: ¿cando pensan vostedes facer o Plan xeral de saneamento de Galiza, que é competencia da Xunta de Galiza e está nos orzamentos da Xunta ano tras ano? Ano tras ano está previsto ademais no Plan hidrolóxico Galicia-Costa, cunha cantidade para esa finalidade que non gastaron.

En fin, podería falarlle tamén da ría de Arousa de novo, da ría de Ares e Betanzos, da situación do Eume... En fin, de cantidade de casos, e da contaminación por metais pesados —da que están alertando tamén distintos estudos científicos—; e da contaminación por mircroplásticos —que é a grande ameaza que temos tamén nos nosos ecosistemas mariños—.

Pero, señora conselleira, remato cunha pregunta: ¿vostede non cre que nun país que ten 1.500 quilómetros de costa, como é Galiza, que ten dezaoito rías, con centros de investigación de prestixio, co Campus do Mar, con titulacións universitarias de referencia, co Intecmar, non debería haber realmente un plan, un programa de monitorización, de seguimento, de control, de análise de todas as rías de verdade, de verdade, e non o que se está facendo? Porque se están facendo estudos illados por varios organismos e non se está facendo un plan global de análise e seguimento, de control, de monitorización de toda esa contaminación. Van saíndo illadamente estudos duns e doutros organismos pero non hai iso.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E o BNG o que quere propoñerlle aquí, señora conselleira, é un plan de rescate para as rías galegas. É o que necesitamos nestes momentos, un plan integral de saneamento e de rexeneración das rías de toda a Administración, non que faga unha cousa Mar, que faga outra cousa Medio Ambiente, que faga outra cousa Infraestruturas, Augas de Galicia, e que non saiba a man dereita o que fai a man esquerda. Necesitamos ese plan de rescate. ¿Que mellor proxecto tractor, señora conselleira —tractor de verdade, non o das empresas do Ibex do señor Feixóo e do señor Conde—, para unha factoría de riqueza como son as rías para miles de familias galegas que viven do mar, da pesca, da acuicultura e do marisqueo, e do que queren seguir vivindo por moitos anos? Creo que merecen esa atención, ese esforzo do Goberno galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Agradézolle, señor Bará, que poidamos falar hoxe do saneamento das rías galegas. Sabe que é unha materia que para nós é prioritaria. E de entrada xa lle indico que tamén lamento que non coñeza e saiba o que está a realizar Augas de Galicia. Por iso agradezo aínda máis a oportunidade de dicirlle e explicarlle que Augas de Galicia fai un control permanente e continuo da contaminación das rías galegas. Eu lamento que vostede non o saiba, pero é así.

Para nós é prioritario e así o temos demostrado dende o ano 2009. E coincidimos con que son unha factoría de riqueza todas as rías galegas. Estamos a falar non soamente da importancia ambiental senón da repercusión que ten na pesca, na acuicultura, no marisqueo, no turismo e mesmo na saúde pública. Polo tanto, é prioritario para nós, e aí están os feitos e os investimentos día tras día.

E volvo insistir nunha matización, en algo que digo sempre e que parece que non cala pero é así. O abastecemento, o saneamento e tamén a depuración son competencias municipais. É lei básica de réxime local. Nalgún momento coinciden comigo. Agora parece que se desvían, pero é unha lei básica estatal. E dígolle algo máis: os competentes nos vertidos nas redes de saneamento son os concellos. Isto non quita que poidamos colaborar, pero as competencias son de quen son. E non podemos invadir as competencias municipais. Tamén os concellos cobran as taxas correspondentes para manter eses servizos ben xestionados, ben mantidos, e para modernizar as redes e que se invista, que sexan investimentos e taxas finalistas.

Aclarada esta repartición competencial, volvo insistir en que non é incompatible a colaboración. E iso é o que estamos facendo: apoiando e axudando os concellos nas súas competencias, como é o saneamento das rías galegas.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde a Xunta estámolo a realizar, temos investido moitísimo co principal obxectivo do uso eficiente e responsable da xestión do ciclo integral da auga. E, señor Bará, nunca tivo Galicia un goberno con tanta implicación e con tanto compromiso para o saneamento das rías galegas coma este. Nunca o tivo, na historia da autonomía de Galicia, tan comprometido. Os 1.100 millóns de euros non son un dito, son feitos claros, investimentos concretos que están aí, no territorio. Invítoo a que vaia a pé de obra. Ás veces hai que ir máis ao terreo e ver as obras en marcha para que se vexan os investimentos feitos. Hai 300 actuacións de abastecemento en 165 concellos; 350 en saneamento; 45 depuradoras. Son dous terzos da poboación con depuradora. Pero a depuradora hai que explotala, hai que mantela, ¿sabe, señor Bará? Iso olvídase. Ao mellor o plan de rescate está na boa xestión e explotación dos investimentos que se fan. Non se confunda, ese é o plan de rescate —no que agardo que poidamos coincidir— para sanear ben as rías e os ríos galegos. O 90 % das aglomeracións teñen e cumpren a directiva europea, porque executamos todas estas depuradoras axudando os concellos nas súas competencias. E eu pregúntome onde están as deputacións provinciais —os concellos dos concellos—, que son as que teñen a obriga legal de axudar, si, os concellos de menos de 20.000 habitantes. ¿Onde están? Vostedes cogobernan nas deputacións. ¿Onde están axudando os concellos nesa competencia que teñen cos concellos de menos de 20.000 habitantes? O Goberno do Estado, que tamén ten competencias, ten unha conca hidrográfica en Galicia, ten as competencias de costas. Topamos con Costas para facer a depuradora de Foz, da que me falaba vostede. Pois a ver se poden falar con Costas para ver se axiliza os trámites, porque son eternos, e enléannos.

É unha mágoa, sinto que non faga extensible as súas vehemencias e esa énfase en pedirlle soamente á Xunta de Galiza, cando debemos estar todos axudando os concellos, todas as administracións. ¿Onde están as deputacións? Desde 2009, con firmeza e actuando de xeito eficaz, melloramos en sete puntos a calidade das augas e o seu bo estado; en zonas moi singulares, como son as rías. Porque volvo insistir en que son ecosistemas únicos —aí por suposto que coincidimos—, é unha peculiaridade, unha singularidade nosa, de Galicia. E aí pois temos a pesca, o marisqueo, a acuicultura, o turismo. As nosas rías son potencialidades que temos que ter moi en conta.

E, señoría, estamos mellorando a calidade das augas das nosas rías cunha ferramenta básica: planificación, planificación con investimento e con esforzos técnicos. Porque os plans de saneamento local foron grazas a este Goberno, analizando palmo a palmo. Pregúntello ao Concello de Pontevedra, porque ten toda a información de toda a súa rede de saneamento —que debería tela—. Esa é grazas á Xunta de Galicia, porque fixemos o plan de saneamento local. E o primeiro, señoría —estaba eu na dirección de Augas de Galicia—, foi o da ría de Arousa. Foi deste Goberno o plan de saneamento local —do que tanto falaba vostede— da ría de Arousa; tamén da ría do Burgo.

Investimentos na ría de Arousa: a depuradora de Ribeira, a de Corrubedo, tamén a do Grove —que, por certo, non quería explotala, quería escaquearse pero explotar, non—. As obras non as podemos facer cinco veces, hai que facelas unha e explotalas ben, como facemos as obras nas nosas vivendas. E, claro, veu a xustiza poñer en orde quen ten que explotar a depuradora. Tamén fixemos a depuradora de Ribadumia, obras en Rianxo —en execución, con 14 millóns de euros—; e estamos traballando no saneamento de Vilagarcía, de Vilanova, de

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cambados —61 millóns de euros estamos mobilizando na ría de Arousa—. Na ría do Burgo: depuradora de Bens, tanque de tormentas en Santa Cruz e o Temple —100 millóns de euros—.

E ¿que pasa coa dragaxe? Nós fixemos o que corresponde coa axuda aos concellos. ¿Onde está a dragaxe? Non se move ficha. E iso que xa foi en xaneiro de 2019 cando fixemos a solución de financiamento. E agora xa remataron todas as escusas, non hai máis escusas. ¿Que pasa coa dragaxe da ría do Burgo, do que creo que non lle escoitei nada?

Na ría de Pontevedra temos a única das grandes cidades que non explota a súa depuradora. ¡Fíxese vostede que interese por sanear as rías! Porque para sanear hai que explotar ben os sistemas. Temos 65 millóns de euros na ría de Pontevedra, no plan de saneamento local; 10 millóns de euros na mellora da dos Placeres —novo emisario submarino con máis de 8 millóns de euros—; dez novas actuacións que acabamos de propoñer a todos os concellos da ría de Pontevedra para sanear a ría, con 47 millóns de euros en total, dos cales temos en marcha 32 millóns de euros. Necesitamos e pedimos colaboración aos concellos. Non podemos facer o traballo que deben facer os concellos, porque teñen as súas competencias. E, señoría, levan anos para solucionar o problema do río Gafos. No 2019 foron 28 as inspeccións que tivemos que realizar no río Gafos —case todas foron no termo municipal de Pontevedra—. ¿Non terán algo que ver vostedes na rede de saneamento? Tamén é culpa dos demais.

E, mire, o Concello de Pontevedra recada en taxas de abastecemento —de depuración, non, claro, que non xestionan a depuradora—, de alcantarillado e de abastecemento, 6,3 millóns de euros ao ano. Con 6,3 millóns de euros ao ano, ¿cantos colectores e medidas de saneamento podemos facer? ¡Trinta e un quilómetros! E ¿que fan vostedes?, ¿onde invisten? Polo tanto, non veña dar lecciónns de eliminar vertidos, etcétera, etcétera. Creo que todo é máis complexo. E a ver se me pode dicir vostede onde invisten os 6,3 millóns de euros ao ano que ingresa o Concello de Pontevedra por taxas para xestionar o abastecemento e o saneamento.

Podemos seguir falando das rías de Cee-Corcubión, de Camariñas. Construímos a depuradora de Ponte do Porto. Tamén o Consello da Xunta deu onte, o outro día, a luz verde á redacción do proxecto para que poidan expropiar e evitar vertidos —5 millóns de euros—. En Muros e Noia, tamén 14 millóns de euros nos colectores e na EDAR —tamén nos colectores xerais de Esteiro—. No núcleo de Esteiro, outras actuacións de 7 millóns de euros. En Noia, 4,5 millóns de euros. En Porto do Son, os colectores xerais e a EDAR, 14 millóns de euros. En conxunto, 40 millóns de euros na ría de Muros e Noia.

Na ría de Vigo, na depuradora do Lagares, máis de 200 millóns de euros. Son cen 100 millóns de euros da Xunta de Galicia o investimento para a maior obra hidráulica para sanear a ría. E seguiremos o ano que vén co saneamento en Teis, axudando ao concello a exercer as súas competencias a pesar de que ingresa as taxas. Na depuradora de Baiona, 26 millóns de euros. Tratamos de impulsar o saneamento en Gondomar, pero, claro, logo interrómpenos o propio concello despois de pedirnos as obras.

Na ría de Ferrol xa contou vostede investimentos da Xunta de Galicia importantísimos, que se suman á última actuación de 7 millóns de euros na Malata.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nas Rías Altas, a depuradora de Ribadeo fíxoa a Xunta de Galicia. Pero, señoría, da explotación da depuradora de Ribadeo, onde gobernan vostedes, nada queren saber. Eu mandeille unha atenta carta ao alcalde, que pode asumir a explotación da depuradora, e nin se molestou en contestar. Eu creo que nin molestarse en contestar xa di abondo da falta de interese. En Foz e Burela queremos facer, queremos investir 8 millóns de euros en Foz e 10 millóns de euros en Burela. Pero o certo é que Costas nolo pon moi complicado.

Señorías, eu teño aquí un plano de Galicia-costa con todos os seus investimentos nas rías: Vigo, Baiona, Pontevedra, Arousa, Muros-Noia, Cee, Corcubión..., todo isto. Eu supoño que estará abrumado, porque isto hai que investilo pero hai que explotalo. Hai que explotar ben as infraestruturas hidráulicas que facemos. E aí está, invítoo a ese plan de rescate, que é unha sociedade para explotar ben o que está executado. Porque ese é o gran problema, sábeo perfectamente. Porque, como non quere saber nada da explotación da depuradora de Pontevedra..., 5 millóns de euros para crear esta sociedade. E eu agardo que este plan de rescate teña o seu apoio se de verdade quere dar un paso a adiante para sanear de verdade as rías galegas, os ríos galegos. Porque a asignatura pendente é a boa explotación dos sistemas do ciclo integral da auga.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Augas de Galicia fai control dos vertidos de augas, pero é que eu non lle falei dos vertidos de augas, faleille dun control integral do conxunto das rías como ecosistemas.

Pero, mire, mire que control fai —léolle os titulares—: «As rías de Vigo e Ferrol presentan unha elevada contaminación por cobre.» Isto non o mide Augas de Galicia, isto investígano as universidades galegas, pero vostedes non contan con elas. Mire: «Os microplásticos invaden as rías baixas». *(O señor Bará Torres amosa un documento desde o estrado.)* Isto non o controla Augas de Galicia, isto estano investigando as universidades galegas. Mire: «Investigadoras do Centro Oceanográfico de Vigo presentan un completo estudo para analizar os principais contaminantes nas rías galegas máis produtivas». Isto non o promove a Xunta de Galiza, que ten competencias en augas interiores. Isto promóveo a universidade, e vostedes miran para outro lado. Deberían estar á fronte de todas estas investigacións e ter un organismo público con competencias en todas estas materias para poder facer o seguimento, a vixilancia, o control, e poder facer despois, loxicamente, a rexeneración de todos estes grandes espazos. Pero non o están facendo.

Competencias. Vén vostede aquí coa matraca das competencias básicas. Pero é que vostedes puxeron na Lei de augas de Galicia cales son as competencias da Administración autonómica. E no artigo 32 di claramente que se declaran de interese da Comunidade Autónoma de Galicia

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as obras e infraestruturas de saneamento e depuración das augas residuais urbanas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si, si!, no Plan galego de saneamento que non fixeron, que non fixeron, que está sen facer. ¡Está sen facer.! Claro, así calquera. Non fan o Plan xeral de saneamento e entón non se encargan de nada. Pero a lei di que teñen que facelo, que teñen que encargarse desas obras de depuración urbanas. Polo tanto, lea ben a lei.

Taxas tamén as cobra Augas de Galicia, e teñen que explicarnos vostedes como invisten eses fondos e o sectarismo que utilizan para investilos. E despois fálolle tamén algo de Pontevedra.

Hai 1.100 millóns de euros e 1.600 puntos de vertido, e aumentando. ¡Algo estarán facendo mal! Deberían ter un pouco menos de soberbia e baixar un pouco máis á terra —ou ao mar— e ver como están as cousas.

Depuradoras. Díxenlle o da Foz do Miñor e non me falou deste tema. Hai tres depuradoras —Nigrán, Baiona e Gondomar— xestionadas por Augas de Galicia. E ¿sabe o que di ese estudo que fixo o grupo Ecotox da Universidade de Vigo? A maior cantidade de contaminación da Foz é a chegada polo río Miñor —onde está a depuradora de Gondomar—. «O río Miñor, ao seu paso polo punto do vertido da EDAR de Gondomar, presenta xa niveis intolerablemente altos de bacterias fecais», ¡nunha depuradora xestionada por Augas de Galicia! Polo tanto, tomen nota e fagan algo para resolver esta situación.

Planificación. Insístolle en que teñen que facer o Plan xeral de saneamento de Galiza, que está sen facer. Está consignado nos orzamentos, está no Plan hidrolóxico Galicia-costa. Téñoo aquí. *(O señor Bará Torres amosa un documento desde o estrado.)* Por certo, tamén está aquí, no Plan hidrolóxico Galicia-costa 2016-2021, o colector do Gafos, no concello de Pontevedra, que vostedes non fixeron por sectarismo, señora conselleira, ¡por sectarismo! Estaba adxudicado no ano 2010 e vostedes anularon esa adxudicación por sectarismo.

Pero é que ese colector —que vostedes poñen no plan local de saneamento que hai que facer— xa está feito. ¡Nin sequera fan ben os plans, non se enteran! Xa está feito. Fíxose mediante un convenio entre o concello e a deputación. Vostedes tíñano posto no Plan hidrolóxico e non o fixeron por unha decisión política. E vostedes na ría de Pontevedra empezaron a actuar, ¿sabe cando? Cando había unha ameza de multa da Unión Europea no ano 2016, unha ameaza de multa millonaria da que tiña que ser partícipe solidaria a Xunta de Galiza. Entón espabilaron e fixeron un plan local de saneamento, un plan moi mal feito e que, por certo, tardaron tres anos en facelo, ¡tres anos en facelo! Polo tanto, levan oito ou nove anos sen facer nada, sen investir un can. E agora están coa ampliación da depuradora, coa renovación da depuradora. Pero, entre tanto, ¿que fixeron? Fixeron un plan local de saneamento que lles levou tres anos facelo. Polo menos o concello nese tempo puxo 36 millóns en obras e fixo o colector do Gafos, que o tiña que facer a Xunta de Galiza.

Pero se queren de verdade facer algo na ría de Pontevedra, recoméndolle que fagan algo moi importante, que é sacar de aí a peste de Ence, que xa está ben, ¡xa está ben! *(Aplausos.)* ¡Xa está ben de utilizar as cloacas do Estado e as portas xiratorias para impoñer unha fábrica que ocupa 600.000 metros cadrados de terreos de dominio público marítimo-terrestre. ¡Non

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

hai dereito! E a peor contaminación de Ence non é nin a dos montes nin a das rías, é a contaminación democrática das cloacas do Estado.

Polo tanto, señora conselleira, tome nota destas cuestións —moitas delas non as respondeu, por certo—. Tomen nota da importancia que ten facer un plan integral de actuación de todo o Goberno, de todas as administracións —contando tamén coa colaboración das entidades científicas e tamén das universidades galegas—, para, primeiro, estudar e coñecer de verdade a situación das rías galegas e, despois, facer un plan de rescate e un plan de investimentos no seu saneamento e na súa rexeneración. Vainos moito niso. Vailles a vida, o futuro, a seguridade, o emprego, o traballo e as garantías de poder seguir vivindo e traballando nas rías galegas a moitos miles de familias galegas. Espero que tomen nota e que fagan isto que lles propoñemos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu non sei o que ve aquí de sectarismo. *(A señora Vázquez Mourelle amosa un documento desde o estrado.)* Viveiro, Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Vigo, ría de Arousa, Muros-Noia, Cee, Corcubión, Camariñas... Son investimentos realizados que están aí para ver. Cando queira vostede, imos ver todas as obras. Polo tanto, sectarismo, ningún; e investimentos, moitísimos: 1.100 millóns de euros dende o ano 2009; e no saneamento das rías, 600 millóns de euros que estamos mobilizando.

E, señoría, si que hai un plan de saneamento vixente, si que hai un plan de saneamento. Coñezo a Lei de augas, saberá vostede que a coñezo. Son de interese da Comunidade Autónoma as declaradas no plan de saneamento, non todas as que queira vostede, non as que diga o señor Bará, senón as declaradas e postas no plan de saneamento. Polo tanto, non son as que queira dicir vostede —que practicamente só é a depuradora de Pontevedra—.

Eu insisto en que a colaboración é imprescindible para apoiar os concellos nesa tarefa complicada que é a xestión do ciclo integral da auga, do saneamento e da depuración. Aí está a nosa aposta no saneamento integral das rías galegas, onde nos estamos deixando a pel traballando, deixando as pestanas traballando, si, aínda que non o queira ver vostede. Aí están os feitos e aí están as actuacións: 600 millóns de euros que estamos mobilizando soamente nas rías galegas dende o ano 2009. Porque para nós son importantes e delas depende a pesca, a acuicultura, o marisqueo, o turismo e por suposto que tamén a saúde pública, á que non fai referencia vostede. Tivemos oportunidade de falar aquí largo e tendido da xestión da auga falando do Eume. Ao mellor ese plan de rescate é coma o plan do Eume. Xa llo contei na interpelación do Eume.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero é importante que todas as administracións cumpran. E, señor Bará, fala vostede das 28 depuradoras que xestionamos. Escribinlles a todos os alcaldes e ningún me contestou —para a depuradora—. ¡Ningún! E practicamente todos son do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista. Ningún quere saber da depuradora. Polo tanto, ao alcalde de Ribadeo debería preguntarlle o que pensa da xestión da depuradora, se está ben, se está mal, por que non a leva el se lle importa tanto, se o vai facer mellor...

Polo tanto, eu creo que a xestión da auga é moito máis complicada que vir aquí a lanzar simplemente patadas á Xunta de Galicia porque si. E non é a forma de solucionar os problemas.

Non é unha competencia exclusiva autonómica, sábeo ben vostede. Creo que é unha materia —volvo insistir— complicada, e hai que axudar os concellos e apoialos pero non podemos invadirlles as súas competencias. Non podemos expropiar porque é competencia municipal, dío o decreto de colaboración técnico-financeira. Non podemos facer as informacións públicas, teñen que facelas os concellos. Non podemos ter as autorizacións das concesións, etc. É documentación que ten que facer o concello e ás veces eternízanse. Eu pregúntome: ¿non sabe que o Concello de Cabanas tardou máis dun ano en darnos eses papeis? Se non, teriamos avanzado máis. Por iso soamente están en licitación; se non, estarían executadas. Ou o Concello de Ferrol tamén tardou un ano para eses papeis que son sinxelos, pero complicados para os concellos. Polo tanto, non veña aquí a botarlle as culpas de todo á Xunta de Galicia, que é o fácil. Iso é o fácil e dende logo non serve para nada.

E cando teñen problemas para expropiar e nos piden axuda, aí estamos. Aí estamos cando queren expropiar e necesitan un convenio noso. Pregúntelle ao alcalde de Carballo se non lle fixemos un convenio para o tema das inundacións, para que poida expropiar. E tamén en Cee e Corcubión. Pregunte en Cee e mire a cor política. ¿Que me di da cor política destes dous concellos? Creo que somos bastante máis profesionais que outras administracións neste tema tan importante como é a auga. Unha cousa é falar, pero, cando toca, a ver quen fai. Dende logo, da Xunta de Galicia hai 73 millóns de euros para executar o ano que vén, e farémolo axudando os concellos nas súas competencias.

O saneamento da ría de Pontevedra xa o vimos. ¡É que nos veñen dar clases de como sanear! Obstruír para non construír é o seu lema, o lema seu é así. ¿Onde estaban en Pontedeume cando tiña problemas no saneamento? Da Deputación da Coruña axudando a Betanzos ou a eses concellos no saneamento nada sabemos. Burela e Foz están pendentes de Costas. Polo tanto, eu pregúntome que fan vostedes para realmente axudar nestas competencias.

Pero voulle dar a alegría da lexislatura a vostede, porque a semana que vén imos licitar o Plan galego de saneamento de toda Galicia, con 1,7 millóns de euros. *(Aplausos.)* Non é porque o pedira, senón porque queremos actualizalo. Polo tanto, doulle a alegría xa de toda a lexislatura para que poidamos entendernos e seguir traballando conxuntamente no saneamento, adaptalo ao cambio climático, á sustentabilidade e, dende logo, á eficacia e eficiencia, fomentando un modelo circular específico para estes servizos.

Eu, señor Bará, espero que estea abrumado por todos os investimentos que fixemos, que estou segura de que non o faría. Regalareille unha calculadora para que sume.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e Dª Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, aínda que non estea xa por aquí, aproveito para dicirlle que iso de sentirse abrumado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Xa, xa, xa, perdón! Non me quero meter no anterior, pero dígolle que iso de estar abrumado polos investimentos de Augas de Galicia parece unha cousa como de ciencia ficción. Xa que teño algo que ver tamén con vostede, aínda que non estea, dígollo.

Señora conselleira —agora si, refírome a vostede—, vou tratar de apelar esta tarde ao seu raciocinio, e ao do seu grupo, de xeito humilde, case suplicante. Porque o certo é que o único que pode facer o Grupo Socialista en relación con esta interpelación, ademais de preguntar, é pedir. Porque, por moito que lles exixamos a vostedes, vostedes teñen a maioría e van facer o que consideren. Tanto é así, que aprobaron vostedes, nunha resolución no debate do estado da autonomía do ano pasado, declarar a emerxencia climática. Foi unha resolución cicatera e falaz, na nosa opinión, pero que polo menos recoñecía a necesidade de declarar a emerxencia climática. E ¡que sorpresa a nosa que cando o Grupo Parlamentario Socialista presentou esta iniciativa o mes pasado aínda nin sequera se aprobara esa declaración pola Xunta!, un ano despois de ser acordada por este Parlamento. Non sei se hoxe está aprobada, francamente. E por iso lle agradecerei que mo aclare, porque me parece —parécenos— inaudito que un Parlamento aprobe que a Xunta faga algo tan transcendental como declarar a emerxencia climática e hoxe pareza que aínda non está declarada. A ver se mo aclara.

Estamos inmersos no sexto gran proceso de extinción masiva de especies que se produciu na historia biolóxica do noso planeta, que se remonta aproximadamente a 3.800 millóns de anos a atrás. Houbo cinco grandes extincións masivas en milleiros de millóns de anos, e estamos xustamente, neste preciso momento, inmersos na sexta gran extinción masiva. E seguramente moitos dos aquí presentes descoñezan —talvez non— que, diferentemente deste episodio actual —no que estamos participando directamente como especie causante—, os cinco episodios anteriores de extinción masiva na terra estiveron directamente asociados con situacións de cambio climático.

O ano 2019 foi o máis caloroso da historia en Europa, e o segundo no planeta. E os últimos cinco anos foron tamén os máis calorosos da historia do noso planeta. E por moito que a pandemia que padecemos neste momento nos pareza de enorme importancia —non cabe

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dúbida de que a ten, e moita— o cambio climático ou o quentamento global de orixe antropoxénico é na actualidade e en toda a historia da nosa especie —sen o menor atisbo de dúbida— a maior ameaza á que se enfronta ou se ten enfrontado a humanidade, na medida en que o clima determina directa ou indirectamente todos os aspectos das nosas vidas, dende a produción de comida ata as necesidades enerxéticas de vivenda, auga, etc. E retroaliméntase co resto do sistema biofísico planetario, o que produce a ruptura de equilibrios ecolóxicos a todos os niveis: perda de biodiversidade, incendios de intensidade e periodicidade inusitadas, fenómenos climatolóxicos cada vez máis extremos e un longo etcétera.

Hai exactamente un ano tiven ocasión de asistir á COP25, que se celebrou en Madrid, e alí o secretario xeral das Nacións Unidas, António Guterres, no comezo dese cumio dicía que a humanidade está destruíndo conscientemente o sistema que nos serve de soporte vital. E esa destrución afecta máis os máis pobres pero nin sequera os ricos poden escapar dos seus efectos: catástrofes naturais cada vez máis intensas e frecuentes, perda de cultivos e diminución dos seus rendementos, guerras pola auga, migracións masivas, inestabilidade política e un longuísimo etcétera.

A boa nova é que existen os medios para combater esa crise e que o noso país, Galicia, está ben posicionado para ser vangarda nesta revolución —esta vez si, non só na propaganda—, á diferenza do pasado. Temos excelentes condicións para as enerxías renovables, coñecemento e alta motivación, ou polo menos así debería ser na medida en que, dentro de Europa, España e Galicia van estar singularmente e especialmente afectadas pola crise climática, como zonas costeiras e de transición climática. Somos o primeiro país do mundo en ter unha estratexia de transición xusta —España— no marco dun ambicioso plan integrado da enerxía e clima. E temos un Ministerio de Transición Ecolóxica cun equipo de alto prestixio, que é parte dun goberno que toma moi en serio o problema, segundo é recoñecido explicitamente tanto pola Unión Europea como polas Nacións Unidas.

Os acordos de París do ano 2016 pretendían limitar o quentamento global a menos de 2 graos, coa intención de seguir avanzando ata reducilo por debaixo de 1,5 graos. Pero eses obxectivos tenden a quedar superados pola realidade do comportamento dos países e das sociedades e polo avance da ciencia. E as predicións son cada vez máis sombrías respecto da rapidez e efectos do cambio climático, o que chega a poñer en cuestión ou en dúbida o noso futuro e porvir como especie. Non debemos perder de vista que o cambio climático está en relación e forma parte do colapso gradual dos ecosistemas, que comezou a acelerarse no século XX e que está a acelerarse traxicamente moito máis no século XXI. E son moitos os científicos que afirman que a pandemia que padecemos actualmente é un efecto máis dese desequilibrio ecolóxico global.

A declaración de emerxencia climática é un movemento de alcance internacional que pretende que dende as institucións públicas se asuma a realidade do grave impacto do cambio climático, a urxencia de actuar contra el e, en consecuencia, o compromiso de facelo. Ducias de países e cidades están declarando a emerxencia climática. España declarou a emerxencia climática a principios deste ano. Cataluña e Castela-A Mancha, Aragón, Baleares, Canarias, a Comunidade Valenciana, o País Vasco, Asturias, Murcia, Cantabria, Estremadura, Navarra ou Asturias están en proceso ou declararon xa na súa maior parte —porque a declararon xa

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

practicamente todas— a emerxencia climática. Tamén decenas de concellos de todo o Estado declararon a emerxencia climática. Vigo foi a primeira cidade de Galicia en facelo.

En Galicia, a diferenza de todas as comunidades autónomas anteriormente mencionadas, quedou adiada, e non fixo ningún movemento nese sentido salvo sacar do caixón a Estratexia contra o cambio climático, do ano 2005, da que se lembrou aos quince anos. ¡Nada máis e nada menos que quince anos sen lembrarse de que había unha estratexia de cambio climático, toda unha vida en materia de cambio climático e de ciencia asociada a el! E foi retocada, remozada e maquillada no ano 2019, anunciando a bombo e prato que Galicia sería pioneira nesta materia; outra de tantas estratexias publicitarias do Goberno galego, que ten por costume afirmar que somos líderes en non sei que, ou primeiros en non sei que mais, cando a realidade é que unicamente somos líderes destacados en dicir que somos líderes.

En troques —como dixen—, España si conta dende principios do ano 2019 —niso si é pioneira, dado que foi o primeiro país en facelo— cunha estratexia de transición xusta no marco do Plan nacional integrado de enerxía e clima —insisto, o primeiro país en dispoñer dun instrumento dese tipo—. E o Goberno de España está facendo unha aposta decidida por esa transición ecolóxica que se demostra con feitos, pois aumenta o orzamento deste ano nada máis e nada menos que un 132 %. ¿Sabe vostede cal é o orzamento especificamente dedicado a cambio climático no seu proxecto de orzamentos para o ano 2021? ¡Son 8 millóns de euros!, oito millóns de euros, señora conselleira, para afrontar o maior problema da nosa especie, o maior problema para nós mesmos e tamén para os nosos fillos.

Por iso, señora conselleira, humildemente, suplicantemente, eu apelo ao seu instinto de supervivencia, apelo á súa ética e ao seu raciocinio. Dende o Grupo Socialista apelamos ao instinto de supervivencia, ao raciocinio de todos os aquí presentes e ao amor de todos os aquí presentes polos seus fillos e fillas para afrontar dun xeito serio e decidido o enorme problema do cambio climático facendo da necesidade virtude e meténdonos na nova economía verde, coidando os nosos espazos naturais, recuperando os nosos bosques, rexenerando as nosas rías e ríos, poñendo todos os recursos públicos á disposición do proceso de transición ecolóxica xusta e incluso dunha nova ética individual e colectiva. O tempo de actuar non é mañá senón que é agora mesmo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, a verdade é que, nunha tarde como a de hoxe, que vostede apele á humildade eu llo agradezo. Pero ser humilde tamén é recoñecer o traballo dos demais. E cando a

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xunta de Galicia presenta unha estratexia como é a Estratexia de cambio climático, ou a Estratexia de economía circular, non é algo que quite unha conselleira dunha chistera, nin sequera o seu gabinete, nin sequera o seu equipo. É que detrás diso hai moitos profesionais e están as tres universidades galegas; e, entre elas, cunha maior implicación aínda, a Universidade de Vigo. Co cal, a humildade é o que necesitamos os políticos, e sobre todo recoñecemento a aqueles que fan un traballo para que despois os demais poidamos expoñelo e que sexa bo para toda a cidadanía. *(Aplausos.)*

Se falamos de orzamentos, cando estes sexan reais, cando lle paguen a Galicia o que lle deben, entón poderemos falar seriamente. E, mentres, cando vostede mire os orzamentos galegos, a súa exposición —e aí non estivo vostede senón algunha das súas compañeiras—, verá que a Dirección Xeral de Cambio Climático, Sustentabilidade e Calidade Ambiental dispón de 53,5 millóns de euros. E verá que Sogama ten 119,3 millóns de euros. E poño o exemplo de Sogama *(Murmurios.)* —algún compañeiro ri— porque é que acabamos de mercar máis de 20.000 metros en Vilanova de Arousa, nun polígono industrial que é de SEA. E a súa compañeira Beatriz Sestayo saíu dicir que agradecía esa colaboración institucional, ¡faltaría máis! Entón, poñamos todo encima da mesa, sexamos tamén institucionais. E cando dicimos que Sogama dispón de 119 millóns de euros e a algún lle dá a risa —e séguelle dando e sobe para arriba a mascarilla—, ¡home!, cun pouco de respecto iriamos moito mellor, porque é para levar a cabo plantexamentos para avanzar no que é a economía circular, no que é a compostaxe, para dar servizo aos concellos e, polo tanto, para frear o que é o cambio climático.

Dito isto, Galicia vai máis alá de meras declaracións e intencións. Hai que pasar á acción e iso foi o que fixo Galicia, pasar á acción. E, efectivamente, situámonos, señor Arangüena, na vangarda, na loita contra o cambio climático, por diante doutras rexións e por diante do Goberno central.

Estamos dotándonos das ferramentas necesarias —iso é o que fai Galicia— para conseguir ser un referente e tamén conseguir —porque xa o temos conseguido— non ser un problema, senón ser unha solución. ¿Sabe vostede cantas emisións aporta Galicia a nivel mundial? O 0,06 %. Dígoo porque nos temos que poñer en contexto, e dá a impresión de que en Galicia se fai todo mal e este é o gran problema mundial. Non, nós aportamos solucións, nunca aportamos problemas.

¿Que é o que pretendemos conseguir, señor Arangüena? A neutralidade climática no ano 2050. *(Murmurios.)* Como non pode ser doutra maneira, dende o Goberno galego somos plenamente conscientes de que existe emerxencia climática a nivel global, a nivel mundial, non a nivel de Galicia. E por iso consideramos como obxectivo primordial activar as medidas que estean na nosa man, e así o estamos facendo. Imos máis alá de meras declaracións, o que facemos é accións, e xa pasamos á acción.

O movemento demóstrase andando e iso é o que está facendo a Xunta de Galicia: moverse e camiñar para lograr a neutralidade. Por iso preferimos defender e apostar pola acción climática, que, como debería saber, é a expresión máis actualizada e eficaz para definir a loita contra o cambio climático.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ás veces é que quedamos anquilosados e simplemente facemos relación a unha frase e, claro, se xa me pon de exemplo o Concello de Vigo, entón, botémonos a temblar. Se vostede me di que collamos o modelo do PSOE, e ese é o modelo de Vigo, tereille que dicir que o que fixo o Concello de Vigo foi adherirse ao Pacto de alcaldes no ano 2011, pero simplemente foi unha adhesión, foron boas intencións, foi asinar un documento. ¿E cal é o resultado? Pois que non presentou o seu plan. ¿E que pasou? Que se expulsou do Pacto de alcaldes polo clima. Por certo, hai un total de 229 adheridos; 170 xa teñen o seu plan, pero non é o caso de Vigo.

Polo tanto, temos un compromiso e os feitos falan por si sós. E voulle poñer exemplos. O primeiro, a aprobación hai un ano, en decembro do ano 2019, da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050. Como dixen anteriormente, non é un documento que se fixo dun día para outro, foron máis de 300 profesionais os que participaron; polo tanto, un mínimo de respecto.

Pero isto leva aparellado un plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023, no que se definen un total de 170 medidas en catro ámbitos de acción: mitigación, adaptación, investigación e tamén sensibilización; que supoñen un investimento de 1.250 millóns de euros. Unha estratexia que, polo que vexo, vostede despreza e que outros valoran e recoñecen. Simplemente ten que descolgar o teléfono e falar coa Consellería de Medio Ambiente de Asturias, que ten solicitado a nosa colaboración nos traballos preliminares na súa Estratexia de acción polo clima. Nós estamos dispostos a colaborar, ao igual que eles colaboran noutras accións con nós. Pero resulta que seguen negando o máis obvio. Descolguen o teléfono, verano e presuman un pouco do que é Galicia e dos actores que ten Galicia en canto a frear o cambio climático, e iranos moito mellor.

Adhesión dos concellos ao Pacto de alcaldes polo clima e a enerxía. Como lles dicía anteriormente, son un total de 229 concellos, e partimos dunha base, que é a base local, para despois elevala ao ámbito rexional. Aí ampliamos as axudas ata 1,5 millóns de euros para que teñan asesoramento individualizado e, polo tanto, o poidan sacar adiante.

En 2019 tamén demos luz á Estratexia de economía circular 2030, que nos marca os pasos a dar ao pasar dunha economía lineal a unha economía circular.

Onte mesmo comezabamos nesta Cámara a tramitación da Lei de residuos e solos contaminados, pero parece que tampouco lle servía en absoluto. Un texto co que nos adiantamos á normativa estatal. O que ten agora mesmo simplemente é un articulado, pero aínda non recibiu o visto bo do Consello de Ministros.

¿A vostede parécelle normal que nos teñamos que adiantar as comunidades autónomas, que non o faga o Goberno central e que despois, polo que sexa, teñamos que facer adaptacións? O que non podemos é quedar de brazos cruzados, senón que temos que camiñar, porque así nolo está exixindo a sociedade.

Elaboramos un exhaustivo diagnóstico baseado nos indicadores da Axenda 2020-2030 propostos pola ONU. Entre as súas principais conclusións figura xa o aumento do volume das augas residuais depuradas, como dicía antes a miña compañeira Vázquez —eu tamén son

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vázquez, pero ela tamén—. Os datos están cruzados, e aí están as conclusións, que as verán vostedes publicadas en breve.

Tamén a evolución positiva do turismo sostible ou a aprobación de estratexias como as que dixen anteriormente.

Tamén realizamos o primeiro estudo de pegada ecolóxica en Galicia; un indicador sostible a nivel internacional que permite recoñecer o impacto da actividade humana sobre a natureza, así como valorar a eficacia das políticas medioambientais. Este estudo fixa a pegada ecolóxica de Galicia en 3,35 hectáreas globais por habitante, medio punto por baixo da media estatal.

Pero, señor Arangüena, non só tomamos medidas, senón que tamén adquirimos compromisos e temos resultados. Galicia reduciu en 2018 as súas emisións de gases efecto invernadoiro. ¿E sabe vostede en canto o fixo? Pois en medio millón de toneladas CO2 equivalente, que vén a ser o 1,7 % respecto ao ano anterior.

¿E por que fago referencia ao ano 2018? Pois porque aí o produto interior bruto medrou un 2,8 % e, polo tanto, xa non temos que falar de se hai maior actividade industrial ou de se a economía vai mellor, pois as emisións tamén son mellores... Non. E aí deberían vostedes repensar e sobre todo darlle o recado ao Goberno central: transición ecolóxica xusta. E falar de transición ecolóxica xusta é falar dos esforzos que fan as empresas galegas, de aí os resultados de 2018 comparados aos do ano 2017.

Galicia mantense entre as tres comunidades que máis diminuíron as súas emisións respecto do ano 1990. Está case quince puntos porcentuais por debaixo do nivel do conxunto de España.

Imos máis alá e afondamos, ano 2019. As 47 instalacións industriais galegas que participan no comercio de dereitos de emisión de gases efecto invernadoiro emitiron 7,2 millóns de toneladas de CO2 menos que no ano anterior...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Este é o resultado dun traballo exhaustivo que fai a Administración, pero no que tamén colaboran outras como son os concellos —como exemplo, por suposto, non podemos poñer o de Vigo— e tamén as empresas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, o señor Arangüena.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, non me respostou vostede. Eu agradeceríalle que respostase a miña pregunta. Non ten por que facelo, non está obrigada, pero estamos nun parlamento e eu pregunteille: ¿declararon vostedes...? Ou, mellor dito, o Parlamento de Galicia no anterior debate do estado da Autonomía, o ano pasado, acordou declarar a emerxencia climática. Isto foi hai máis dun ano e, polo que deduzo, vostedes non declararon a emerxencia climática, a pesar de que se acordou neste Parlamento que se declarase; resolución —insisto— coa que nós non estabamos de acordo porque nos parecía cicateira e falaz, pero foi á instancia de vostedes mesmos. Vostedes mesmos votaron que se declarase a emerxencia climática nos termos nos que vostedes mesmos consideraron adecuado e oportuno facelo.

Por tanto, deduzo que un ano despois non se fixo o que o Parlamento de Galicia acordou que se fixera. E paréceme absolutamente inaudito que vostede non me resposte a isto. Pois eu agradecereillo, se isto é así, como parece que todo indica e todo apunta.

Mire, deume vostede unha serie de datos, pero creo que vostede veu aquí soltar cousas ao chou. É dicir, o tema non lle interesa nin o máis mínimo. Entendo que a materia que vostede xestiona, o medio ambiente, non lle interesa o máis mínimo, pero, claro, vén aquí botar unha serie de argumentacións peregrinas, a dicir que son vangarda... Pero o que máis me chama a atención é que algún asesor seu meteu a pata dun xeito escandaloso ou non sei... Ao mellor, non sei... Vostede non é de números, será de letras. Eu son de letras mixtas. *(Murmurios.)* Pero dixo vostede literalmente... *(Murmurios.)* Dígollo con respecto, ¡eh! Vou falar de números, non vou falar de vostede nin... En fin, vou falar dun número, dunha cifra que deu vostede. Dixo vostede que Galicia ten ou representa o 0,06 % das emisións do mundo mundial; ou sexa, do planeta terra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O 0,06 dixo. Moi ben, dime que si, o 0,06. ¿Pero vostede dáse conta do que significa iso? É dicir, Galicia ten o 0,0038 % da poboación e vostede di que representa o 0,06 das emisións. Iso non pode ser, é imposible. Dicir iso poríaa a vostede á altura de... non sei. Non se pode contaminar tanto, pero nin que Galicia se puxera a queimar, a montar aquí 25 centrais térmicas... Non se pode facer iso; é dicir, é un disparate dicir que Galicia produce o 0,06 % das emisións do planeta terra, do mundo. ¡Non pode ser! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non pode ser! ¡Non pode ser, señora conselleira! Insisto, fale vostede cos seus asesores ou revise vostede a súa capacidade numérica, porque algo falla aquí. *(Aplausos.)* Está vostede tirando pedras contra o seu tellado, eu estouna axudando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É dicir, é que non pode ser.

Entón, señora conselleira, incriblemente, once anos despois, estamos aínda lonxe, moi lonxe, dos 295 millóns de euros de orzamento do 2009, ascendendo para 2021 a 199 millóns de euros; 295 millóns no último orzamento do Bipartito, 199 millóns neste orzamento, que é o máis expansivo da historia e que, ademais, está asociado ao orzamento do Estado, que, como lle dixen, se incrementa un 132 %, e aos fondos europeos, que crecen dun xeito enorme e moi significativo.

Por tanto, nun ano orzamentariamente excepcional, cando pode dedicarse máis financiamento europeo que nunca e máis financiamento estatal, cun orzamento expansivo e cando

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no orzamento xeral do Estado medra un 49 % aproximadamente, o do Miteco medra un 132 %, 2,5 veces máis. É dicir, nin desta ocasión aproveitan vostedes para facer unha aposta decidida polo medio ambiente. E, nese sentido, teño que dicirlles que son vostedes negacionistas. Máis alá de estratexias e declaracións, que o papel aguanta todo, na práctica son vostedes tan negacionistas como o señor Rajoy cando dicía aquilo de que tiña un curmán que lle dicía que o cambio climático non era para tanto. Porque ata hai un ano o cambio climático nin lles importou, nin lles preocupou, nin lles ocupou en absoluto. E hai un ano —insisto— sacaron vostedes do caixón a Estratexia galega sobre cambio climático e a remozaron, pero estaba metida nese caixón dende o ano 2005. Quince anos en materia de cambio climático nos cales a ciencia, nos cales o coñecemento do cambio climático e o propio impacto do cambio climático se incrementaron case diría que exponencialmente.

Soamente a finais do ano pasado, ante o auxe da información sobre o cambio climático asociado á celebración da COP25, sacaron vostedes iso para dicir, como dixo vostede hoxe —que é unha afirmación disparatada, tan disparatada como a cifra que deu—, que son vostedes vangarda na loita contra o cambio climático. ¡Non se poden dicir estas cousas!

Eu esta mañá pedíalle a un compañeiro seu que, por favor, deixen de contar trolas. O que vostedes fan non é política medioambiental, é política de *greenwashing*, unha política de lavado de cara medioambiental. Pero non fan outra cousa, non teñen nin sequera plans de uso e xestión dos parques naturais. O Parque Natural das Fragas do Eume leva vinte e tantos anos sen un plan reitor de usos e xestión, e así todo. E co orzamento máis expansivo da historia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...non son capaces de facer vostedes unha aposta polo cambio climático. Por favor, dígame vostede se declararon a emerxencia climática, como se acordou neste Parlamento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, a palabra humildade sabe que existe, pero ponse vostede aquí e a verdade é que a esquece totalmente. É bastante predicible e é certo que pouco avanza.

Centrámonos no señor Mariano Rajoy. Eu estou orgullosa de que vostede o saque aquí á luz pública porque moitas veces vostedes teñen que agochar os que forman parte do seu grupo, incluso os que están agora con vostedes.

E pouco avanzamos; é dicir, sobran refugallos, efectivamente, e hai que facer prevención, pero falta humildade.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dito isto, os exemplos que poden dar son os mínimos. Alguén me recordaba os vagóns que tiraron ao río Sil. Había que pedir perdón por tirar eses vagóns, pero, lonxe de pedir perdón, o Ministerio dixo desentenderse e, entón, era Adif e non era Adif, que eran os outros... Bueno, ao final, o que houbo que facer é sacalo á luz pública porque, se non, continuarían alí os vagóns, e parece ser que non é a primeira vez que isto acontece.

Dito isto, o que facemos nós, señor Arangüena, é medir, poñemos medidas tanxibles, facemos comparacións, expoñemos os números, e a partir de aí hai unha realidade; realidade ante a que, por suposto, o que fan vostedes é pechar os ollos e unha e mil veces insultar a aqueles que sacan para adiante unha estratexia como a do cambio climático. Dálles igual que participe a universidade, son capaces de insultar os técnicos. Simplemente din que son catro papeis ou un disquete que está nun ordenador sen máis. *(Murmurios.)* Non, imos bastante máis aló, señor Arangüena.

Insiste vostede unha e mil veces no inmobilismo por parte da Xunta de Galicia en canto ao cambio climático, e lémbrolle que por máis que vostede repita unha mentira esa nunca se vai converter en verdade. Xa sei que non lle gusta que lle diga que Galicia está na vangarda das emisións, que se toman medidas para loitar contra este fenómeno. Xa sei que non lle gusta escoitar que a Estratexia de cambio climático que ten o Goberno central é do ano 2007, ¡do ano 2007!, e estamos no ano 2020. Aínda non viu a luz a nova Estratexia do cambio climático a nivel Goberno central. Cada comunidade autónoma estamos facendo a nosa, e veñen aquí darnos lecciónns, ¿lecciónns de que? *(Aplausos.)*

Presuma, señor Arangüena, pode presumir vostede da calidade do aire en Galicia, está medida, está comparada e é tanxible. Presuma tamén vostede da excelencia das nosas augas; tamén están medidas, por máis que despois poñan pequenos exemplos de cousas que tamén acontecen polo territorio. Presuma de que sexa Galicia unha das tres rexións nas que temos un observatorio meteorolóxico, e iso se falamos de predicións, pero non só de predicións, senón tamén de estudos. Teno Cataluña, teno o País Vasco e teno Galicia, ¿Por que nunca falan deles? E, grazas a iso, temos estratexias, e, grazas a iso, pasamos á acción. *(Aplausos.)*

España declarou a emerxencia climática, pero lémbrolle como foi, simplemente para que o saiba. En xaneiro deste ano o Consello de Ministros aprobou o acordo de Declaración ante a emerxencia climática e ambiental en España, algo que non pedían as organizacións ecoloxistas, xa que non é o mesmo facer unha declaración ante a emerxencia que declarar a España en emerxencia, *(Murmurios.)* que era o que tiñan que ter feito, e resulta que non o fixeron así. Levan as mans á cabeza e así é como fan, unha tras outra. Máis alá deste matiz, esa declaración poníalle deberes ao Goberno central. Mellor, mire cales son eses resultados, non lle vou quitar eu as cores, fágao directamente. Non sei o que pasa no resto, pero resultados son, por exemplo, os vagóns que acaban nos ríos. Así é como se actúa dende o Goberno central.

Os feitos falan por si sós e son facilmente comparables, pero tampouco quere recoñecer que Galicia vai por diante noutros ámbitos como é a Lei de residuos e solos contaminados. Non fan ningún tipo de aportacións, simplemente din: emenda á totalidade, que se devolva. Non participan. Participen vostedes, formen parte, seguro que a sociedade llelo vai agradecer

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis que estar aquí pasando o tempo e, ao final, con moi pouca humildade dicir que non se fai absolutamente nada.

Polo tanto, levamos unha década traballando para cumprir cunhas exixencias, exixencias europeas, e nós incluso imos moito máis alá do que nos están exixindo. Fágolle resumo. No ano 2010, aprobouse o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. Os resultados están aí á vista. No ano 2016 demos luz verde ao Plan de residuos industriais de Galicia —acaban de saír os seus resultados—. No ano 2019, aprobamos a Estratexia galega de economía circular e sacamos adiante a Estratexia de cambio climático e enerxía —170 medidas—; fixemos o primeiro estudo de pegada ecolóxica de Galicia; traballamos no cumprimento dos obxectivos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...de desenvolvemento sostible 2020-2030; deseñamos a futura Lei de residuos e solos contaminantes; impulsamos o Pacto de alcaldes; presentamos un orzamento de 53,5 millóns de euros para a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático; disporá Sogama de 119,3 millóns de euros para o vindeiro exercicio; e destinamos 1,2 millóns de euros para...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...continuar eliminando verteduras incontroladas e 2,3 millóns de euros para actuacións en materia de residuos de competencia municipal.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Dito isto, creo que xa non lle teño que dar máis explicacións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa chega ben; por hoxe chega.

Grazas.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do apoio que lle está a prestar o Goberno central ao corredor mediterráneo de mercadorías en detrimento do corredor atlántico

O señor PRESIDENTE: Señor Fernández Prado, cando queira.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Boas tardes, conselleira.

Volvemos falar hoxe —xa tivemos onte unha proposición non de lei do BNG sobre isto— do corredor atlántico de mercadorías. Que dous grupos traiamos iniciativas a este pleno sobre isto creo que é proba evidente da preocupación que existe nesta Cámara, que é reflexo, ademais, da que existe en Galicia e, en xeral, na sociedade sobre o compromiso do Goberno de España, o Goberno Socialista, coa rama noroeste do corredor atlántico.

Dende o Grupo Popular escoitamos con perplexidade e moita preocupación as declaracións que o ministro de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana vén facendo en distintos foros manifestando o compromiso firme e decidido do Goberno central polo corredor mediterráneo, pero non e con moito silencio sobre o corredor atlántico, e nin sequera se esforza en disimulalo.

Pese a que no acto de posta en servizo do AVE Zamora-Pedralba o ministro dixo que ía tratar coa mesma intensidade os dous corredores, vemos que as partidas recollidas nos orzamentos xerais do Estado para o 2021 demostran que esta equidade non se está cumprindo e vemos que, ademais, lonxe de ser comparables, moito menos o son aínda na atención ao corredor galego, á rama galega e á mellora das infraestruturas, como falabamos onte.

Isto, ademais, a pesar de que saben do enorme interese da Xunta de Galicia, do Goberno galego, en representación de todos os galegos, e do resto de comunidades do noroeste español, que queren e están de acordo —incluso a pesar de ser de distintas cores políticas— na modernización conxunta da rede ferroviaria de mercadorías. Quero recordar que un encontro que tivemos no ano 2017, onde estabamos representantes das tres comunidades autónomas, dos tres gobernos e de todos os axentes sociais das tres comunidades autónomas, foi creo que un punto de inflexión clave para avanzar neste recoñecemento do corredor noroeste e na importancia que ten este investimento non só para os galegos, senón para o resto de cidadáns do noroeste, esta necesaria mellora da competitividade do eixo noroeste, do eixo atlántico, do corredor atlántico.

Desde 2018 están parados todos os investimentos en Galicia. Onte coñeciamos que se anunciaba por parte do Goberno que se ían licitar as obras de Lugo-Monforte, que estaban no orzamentos de 2018, no presuposto de Mariano Rajoy —por certo, esa petición de 2017 tamén foi co Goberno de Mariano Rajoy—, que respondeu e por iso o meteu nos orzamentos do 2018. Pero, miren, desgraciadamente, e como ben dixo o BNG, eses orzamentos do 2018 van deixar de estar en vigor...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...e son moito peores que os orzamentos do Partido...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, xa tivemos a oportunidade de abordar nesta Cámara o negativo que son os orzamentos do Estado en Galicia para o ano 2021, e tamén neste contexto hai que situar o tratamento que dá o Goberno de España ao corredor atlántico de mercadorías. Dende logo, o Goberno de España ignora as potencialidades de Galicia, o interese; vemos un claro desinterese en mellorar a competitividade e en impulsar o desenvolvemento económico na nosa comunidade, e non é por falta de insistencia por parte deste Goberno nin por manter, dende logo, unha acción construtiva, dialogante e proactiva, porque non escatimamos esforzos e non escatimaremos, dende logo, ningún esforzo, seguiremos activos. Fareino ata que o Goberno de España escoite e mostre receptividade dunha vez por todas ás nosas demandas. Porque non é unha demanda de Galicia, é unha demanda de tres comunidades autónomas, que fixemos unha alianza e que levamos nesta andaina moito tempo. Fixemos oír a nosa voz, e esas imaxes do ano 2017, cando gobernaba Mariano Rajoy. Unha alianza de tres comunidades autónomas á que se sumaron axentes económicos e tamén outras autoridades portuarias. Somos moitos os que queremos facer do corredor atlántico unha ferramenta de progreso en Galicia. E durante meses insistimos, insistimos por activa e por pasiva, porque, dende logo, é unha importancia vital acceder a eses fondos non só do mecanismo Conectar Europa, senón dos fondos Next Generation. Unha oportunidade única que está deixando escapar o Goberno de España ignorando a Galicia.

Levamos moitísimo tempo pedindo unha planificación, unha planificación clara, completa e pormenorizada que concrete as actuacións importantes e que cumpra os requisitos fixados pola Unión Europea para poder acceder a eses fondos do mecanismo Conectar Europa para este fin dende Galicia-Asturias-Castela-León, como dicía, sumando esforzos. Solicitamos que se creara o nomeamento dun comisionado. Nada, todo é dar largas. Comisionado si que existe no corredor mediterráneo, pero non o queren no atlántico. O desinterese, dende logo, é máis que evidente, e nós queremos seguir sumando esforzos. Pedimos un maior equilibrio por parte do Goberno central que atenda non só o mediterráneo, tamén o atlántico.

Miren, non hai un plan director, e non o di a conselleira, é que o di o Eixo Atlántico, que aglutina os concellos de Galicia e os concellos do norte de Portugal. Non hai un plan director, hai un *power point* con moitísimas eivas, e non prevé a saída sur, nin a mellora da conexión de Portugal, nin o *bypass* de Monforte, nin o Manzanal, e son fundamentais e prioritarias.

Quizais pensou o señor Ábalos que como a Galicia aínda non chegou o AVE non sabemos o que se di en Valencia e en Madrid, pero sabémolo e o escoitámolo porque os galegos non somos parvos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleira, pola súa resposta e valoración.

Teremos que seguir presionando desde todas as institucións, con todas as asociacións da sociedade civil para que o Goberno Socialista e de Podemos escoite as demandas unánimes de Galicia e deixe de discriminar a galegos e galegas. Xa o fixo nos orzamentos xerais do Estado e volveuno facer co rexeitamento das emendas que presentou este grupo en Madrid. O único que pedimos é que non o faga por terceira vez e que financie con cargo aos fondos europeos do mecanismo Conectar Europa, do Fondo de Reconstrución, que ten que pedilo o Goberno, estas infraestruturas e que non lle falle por terceira vez a Galicia.

Espero que me desculpe a señora conselleira e a Presidencia se aproveito este último minuto da miña intervención —da que posiblemente sexa a miña última intervención neste Parlamento— para dar as grazas. Primeiro, ao meu grupo, ao partido e tamén aos empregados do grupo pola súa xenerosidade e cariño; sempre o tiveron comigo e sempre me deron moito máis do que eu merecía. Pero tamén aos grupos da oposición, cos que, a pesar das diferenzas, que motivaron moitas veces que nos deramos —como di o presidente—, o encaixamos con deportividade e creo que con respecto e recoñecemento mutuo, e, froito dese traballo, consensuamos temas importantes —o último aínda onte—. Se algunha vez me equivoquei, espero que me perdoen, seguro que foron moitas veces, pero poden estar seguros de que foi con ánimo de acertar.

Non podo tampouco deixar de dar as grazas tamén á Presidencia, á Mesa e a todo o persoal do Parlamento, que tamén tivo paciencia comigo, especialmente ás letradas —estou vendo á letrada—, coas que traballei máis cercanamente, pola infinita paciencia e axuda que tiven sempre da súa parte, e tamén a todo o persoal do Parlamento. Para min foi unha honra poder ser deputado, formar parte desta institución e colaborar en temas da importancia dos que se tratan aquí. Creo que temos que facer un esforzo por que a xente coñeza mellor o que fai o Parlamento, porque creo que é un gran traballo.

Eu puxen un pequeniño gran de area, e o único que podo desexar é que teñan moitos éxitos, porque os éxitos do Parlamento serán os éxitos de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Fortes aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Bueno, non sei se haberá réplica. *(Risos.)* Pero, en todo caso, ten un turno, conselleira, para pechar esta pregunta.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mourelle): En calquera caso, eu creo que si, que o corredor atlántico merece unha réplica, un pouquiño máis curta quizais, pero o certo é que non pedimos nada que sexa un capricho, senón que pedimos equilibrio por parte do Goberno de España, atendendo a unha repartición equitativa dos investimentos, porque o futuro de Galicia depende dos investimentos do presente,

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e está en xogo o futuro do porto de Langosteira, o futuro do porto de Vigo tamén, a competitividade de todo o sur de Vigo e as conexións coa eurorrexión. Polo tanto, estamos falando dunhas actuacións estratéxicas. E non é unha demanda exclusiva de Galicia, é unha demanda de Asturias, de Castela e León, do Eixo Atlántico, de todos os axentes empresariais, das autoridades portuarias e tamén dos partidos políticos. Polo tanto, é unha reclamación xa histórica, porque xa foi moi reforzada no ano 2017—insisto—, cando gobernaba Mariano Rajoy. E fixémolo, demandámolo —aínda que algúns o queiran agochar—, acompañados de todos os axentes económicos e políticos.

Queremos unha visión conxunta, e por iso acabamos de acordar co Eixo Atlántico esa comisión executiva, e queremos reforzar esa alianza e unir esforzos. Agardamos que se una tamén a Fegamp. É unha defensa na que tamén está comprometido o Goberno de Portugal —vímolo recentemente—. A súa ministra dá prioridade —en Portugal— á conexión atlántica Lisboa-O Porto-Vigo. É a nosa maneira de proceder, sumando esforzos, aglutinando todos os intereses e, dende logo, pedindo e facendo. Porque así o fixemos coa saída sur, e así impulsamos a estratexia loxística conxuntamente con Galicia, Asturias e Castela e León, para sumar e aportar a ese plan director inexistente, pero, polo menos, que vaian tendo información nosa para que teñan un plan director e que non haxa escusas. Oxalá nos convocaran para unha xuntanza.

Vemos que non hai cartos para a conexión ferroviaria e que non hai cartos para a saída sur, pero pedimos unha repartición equitativa e que non se agrande a brecha.

Eu aproveito o último minuto, sen estenderme moito máis, para agradecerlle ao señor deputado, a Martín Fernández Prado, todo o traballo feito, que foi moito, e para desexarlle moitísima sorte neste camiño, no que terá a colaboración e a man tendida da Xunta de Galicia. Estou segura de que, pola súa capacidade de entendemento, de traballo conxunto e de achegar posturas, será un bo presidente, un gran presidente da Autoridade Portuaria da Coruña. Dende logo, quero agradecerlle o traballo de todos estes anos no Parlamento de Galicia, da miña parte e da parte do Goberno galego.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da convocatoria das axudas posdoutorais correspondentes ao ano 2020

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Se mo permiten, direille, efectivamente, señor Fernández Prado, desde a distancia ideolóxica, que tamén lle teño que recoñecer que sempre puidemos debater nesta Cámara desde o respecto, desde a educación, e con moito humor, ademais, as veces que, polo menos a vos-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tede e a min, nos tocou falar. Iso é bo poñelo hoxe enriba da mesa. Desexámoslle —tamén llo digo—, desde o persoal, todos os éxitos.

E agora, indo a unha cuestión da que temos debatido, precisamente, o señor Fernández Prado e mais eu —boa tarde, señor conselleiro—, direille que hoxe desde o BNG lle preguntamos pola convocatoria dos contratos posdoutorais para 2020, porque da publicación desa convocatoria, señor Rodríguez, depende hoxe o futuro de 37 persoas que rematan o seu contrato da modalidade A este mes de decembro, pero tamén o futuro das doutoras e doutores, que non poderán continuar en Galiza coa súa formación e investigación se non se convocan. E fíxese que quedan pouco menos, ou pouco máis, de 20 días para rematar o ano.

Vou ser moi clara. O que lle pedimos desde o BNG é que de contado, de maneira urxente e sen perder nin un só minuto, se convoquen as posdoutorais e se asinen contratos ponte con esas 37 persoas, para que no tempo en que se tramita esa convocatoria non queden tiradas. Porque este país non se pode permitir perder máis talento, perder máis coñecemento, nin perder máis persoal investigador. Non podemos permitirnos que as 37 persoas da modalidade A vexan paralizada a súa carreira, a súa investigación, nin tampouco que outras tantas persoas non poidan iniciar a súa carreira este ano.

Dun tempo a esta parte, escoitámoslle ao Partido Popular e á Xunta de Galiza dicir, falar moito de que teñen que facer unha aposta decidida na ciencia, na investigación e no coñecemento. O que lle pedimos hoxe non son palabras, senón feitos, precisamente nesa liña. *(Aplausos.)* Non se pode dicir pola mañá que sen ciencia non hai futuro e pola tarde negarlles, precisamente, ese futuro a 37 persoas, deixalas tiradas, empurrándoas a elixir entre traballar gratis ou emigrar, se queren continuar investigando. Efectivamente, sen ciencia non hai futuro, pero tamén, sen condicións de traballo dignas, non hai investigación.

No BNG somos moi críticas coa política de I+D+i da Xunta de Galiza e tamén do Partido Popular polo pírrico investimento, pola destrución dos programas que avanzasen na definición dunha carreira investigadora co Plan Incite e tamén polo deseño de convocatorias coma esta, que hei de recoñecerlles —dicíao moitas veces o señor Fernández Prado— que eran únicas. Efectivamente, son únicas en dar problemas, en xerar inseguridade e mesmo en expulsar capital humano, despois de investir moitos fondos públicos na súa formación.

Insisto, convoquen as posdoutorais porque, sendo un mal programa, até o momento é o único que temos en Galiza para poder investigar despois de depositar a tese.

Máis nada de momento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil. *(Aplausos.)*

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bueno, eu quixera felicitar o BNG, sinceramente, pola gran capacidade que ten para darlle a volta ás cousas. É realmente unha capacidade sorprendente. Tamén se chama manipulación, *(Risos.)* porque, chegar aquí e dicir sen ningún rubor que a carreira investigadora en Galicia é pésima, expulsa a xente, que é mala, etc., etc... Eu preguntaríalle ou diríalle que mire o que se fai noutras comunidades autónomas e que compare.

Mire, nós temos en Galicia un sistema de predoutorais e de posdoutorais cunha modalidade A, que é a que vostede pon encima da mesa, e cunha modalidade B, que non é a mesma, e no medio hai unha avaliación e unha rendición de contas. É un programa, un proxecto, que se ten que avaliar, e posteriormente hai un programa de retención do talento. Somos das moi poucas comunidades autónomas en España que temos un programa de investigación tan potente, con arredor de 500 persoas que financiamos en toda a carreira investigadora, desde predoc a posdoc, nas dúas modalidades, e tamén en retención de talento.

E, claro, vostede di só unha parte, por iso a felicito, por dicir só unha parte e quedar tan ancha. Vostede sabe que a modalidade A é de 2 máis 1, dous anos no estranxeiro e mais un ano no exterior, e vostede sabe —porque estou seguro de que llo dixeron— que houbo unha prórroga automática durante a pandemia para que todos os investigadores do sistema prorrogasen os seus contratos —que remataban aproximadamente na primavera— ata o 31 de decembro, porque, se non, de non ser así, era moi difícil ou practicamente imposible naquelas condicións implementar e desarrollar as tarefas investigadoras e, por suposto, ir a centros de investigación no estranxeiro, que estaban pechados e non se podía.

Co cal digo que aí hai unha certa forma de xogar coa información que, obviamente, non se corresponde. E pódolle dicir con toda a claridade que os contratos de posdoc A e B teñen unhas características concretas, determinadas, que todos coñecen e que se fan sobre proxectos. E non existe un vencellamento directo, existe unha avaliación intermedia, que é a que posibilita fomentar e potenciar a excelencia da actividade investigadora. Isto é o que posibilita que ano tras ano se poidan ir formando e que se lles poida dar oportunidades a diferentes investigadores, tanto no 2 máis 1, na formación no estranxeiro de dous anos, nun centro de investigación estranxeira, e noutro en Galicia, como posteriormente, e despois dunha avaliación e dunha nova convocatoria, con proxectos diferentes, unha segunda. Co cal, creo, señoría, que... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten despois outro turno.

(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, ten outro turno despois. Xa esta, grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu, señor Rodríguez, teño que dicirlle que non sei de que me veu falar aquí para non falarme de se se van convocar ou non as posdoutorais do 2020 antes

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de que acabe o ano *(Aplausos.)* e de se van deixar tiradas a 37 persoas que están pendentes de que convoquen esas novas modalidades B, que están ligadas, como vostede sabe perfectamente —e intenta tomarnos aquí a todos por idiotas, pero non—...; é dicir, se van garantir que esas persoas que teñen que facer o tránsito e a avaliación da modalidade A á modalidade B poidan facelo, porque hai persoas que están a piques, a pouco máis de 20 días, de quedar nas rúas.

Efectivamente, vostedes prorrogaron durante seis meses eses contratos, e naquela altura o que lles dixeron foi que, en canto fose posible e a situación sanitaria o permitise, se convocarían as de 2020 para que non quedasen no ostracismo.

Eu o que lle podo dicir é unha cousa. A covid creou moitísimos problemas, quizais os maiores que vivimos por máis de cen anos no noso país, pero o bicho tampouco serve para tapar a incompetencia e a incapacidade dos gobernos. *(Aplausos.)* Porque non se pode escudar vostede detrás da covid, e póñolle exemplos de entidades poucos sospeitosas. A Comisión Europea convocou as Marie Curie, que tamén teñen esa estadía no estranxeiro como parte da formación desas persoas posdoutorais, e o Goberno vasco tamén puxo en marcha a súa convocatoria.

Eu voulle dicir unha cousa. Falaremos longo e tendido —hoxe creo que non temos tempo— sobre se Galiza é exemplo ou non de programas de investigación, de carreira investigadora; eu xa lle digo que non, e os datos aválano. Un país que inviste menos do 1 % do produto interior bruto en ciencia non está para dar exemplo de absolutamente nada. *(Aplausos.)* Señor Rodríguez, ¿van convocar ou non? ¿Van facer eses contratos ponte, si ou non? ¿Que vai pasar con esas 37 persoas e coa convocatoria das posdoutorais este ano? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señora Rodil, por enfadarse, non vai ter razón. *(Murmurios.)* Non vai ter razón por enfadarse.

Mire, creo que llo expliquei moi claramente, o que pasa é que non o quere entender. A modalidade A son 2 máis 1, *(Murmurios.)* e contra un proxecto, e a modalidade B son outros dous anos. *(Risos.)* Vostede parte dun suposto que non é certo. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non están ligadas; ese é o seu absoluto erro. E poden estar absolutamente seguros vostede e estas persoas de que nos inicios do ano 2021 sen dúbida ningunha se van convocar, ¡pero sen dúbida ningunha!, cando estea o orzamento aprobado.

Vostede debería poñer en valor o esforzo que fai e fixo esta comunidade autónoma —arredor de cinco millóns de euros—, que supuxo renovar automaticamente o contrato pre ou posdoutoral a practicamente 500 investigadores. Obviamente, a vostede dálle igual, vostede queda cunha parte da historia e non ten en conta que estamos falando de que, ao remate dun contrato, hai que avalialo e de que non é automático o segundo contrato, senón que son contratos moi competitivos, tremendamente orientados a fomentar a excedencia e que se

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

basean sobre proxectos. E iso que di vostede de «contrato ponte» é unha convocatoria diferente que ten que pasar unha avaliación. Non existe neste modelo, noutros pode habelo, pero neste modelo non existe ese vencellamento que vostede di. Hai unha convocatoria, señora Rodil, diferente; unha cousa é unha convocatoria para unha predoc e outra cousa é para unha posdoc, e dentro das posdoc hai dúas convocatorias diferentes. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostede di que non son diferentes. Bueno, pois, entón, estaremos todos equivocados e terá vostede a razón. Por iso a felicitei nada máis empezar a miña intervención, porque, realmente, a forma que ten de intentar darlle a volta ás cousas é algo inaudito.

Pode estar tranquila e absolutamente segura de que vai haber unha convocatoria para dar seguridade e certeza, e farase cando se poida facer, porque durante moito tempo estaba cerrada a posibilidade de plantexar saídas ao estranxeiro, de ir a centros de investigación estranxeiros, porque estaban pechados e non había mobilidade. E iso vai posibilitar, sen dúbida ningunha, que os contratos, tal como están plantexados, se convoquen co orzamento novo. Pero vostede entenderá que, se prorrogamos practicamente seis meses máis de 500 contratos para dar facilidades a poder cumprir os compromisos e os proxectos fixados nas convocatorias, hai que esperar a que rematen estes proxectos para empezar as novas convocatorias con novos orzamentos. A partir de aí, pode vostede darlle as voltas que queira, pero, en todo caso, garantimos...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...que nos primeiros meses, nas primeiras semanas do ano 2021, vai haber a convocatoria, sen dúbida ningunha. E Galicia mantén...,

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...no ámbito da investigación universitaria, un papel tremendamente relevante.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Imos coa seguinte pregunta.

Pregunta de Dª Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os principais resultados e conclusións da macroenquisa realizada pola Xunta de Galicia en relación coa percepción da cidadanía galega respecto da violencia de xénero

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora conselleira, a violencia de xénero constitúe a expresión máis cruel da desigualdade. Na nosa sociedade aínda temos infinidade de casos de violencia de xénero; algúns —a maioría— denúncianse, pero aínda quedan moitos que están ocultos, que están en fogares, que están baixo o medo das mulleres que os padecen. É unha responsabilidade de todos e todas, de todas as administracións, de todos os representantes políticos, seguir traballando cada día —non só o 25 de novembro, senón os 365 días do ano— para que cada día calquera muller que se encontre sometida a unha situación de violencia de xénero denuncie, para que cada día a sociedade teña máis sensibilidade con este asunto e, se coñece algún caso, tamén denuncie, para que cada día os profesionais que traballan na sanidade, nos corpos e forzas de seguridade do Estado, nos xulgados ou na avogacía teñan máis sensibilidade tamén con este asunto, máis formación e cada día se poida traballar mellor, previr a violencia de xénero e sacar a moitísimas mulleres dese círculo horroroso no que viven.

E para deseñar e implementar medidas eficaces é importante coñecer a realidade do país. Nese sentido, nesta Cámara, na pasada lexislatura, todos os grupos chegamos a acordos importantes, e un deles era que a Xunta de Galicia fixese unha macroenquisa para detectar e determinar cal era a realidade do país neste sentido e poder adoptar medidas eficaces na mesma liña dos resultados que nos arroxara esa macroenquisa. E nese ámbito da macroenquisa que tiña que elaborar a Xunta de Galicia o que pretendiamos era que a Xunta tivese unha foto fixa da realidade do noso país para, por unha banda, seguir apostando por aquelas medidas que son eficaces e que están avanzando na loita contra a violencia de xénero; e para suplir as eivas naqueles ámbitos onde se detectase que facía falta incorporar medidas ou ampliar as que xa existen. Por tanto, creo que neste sentido é importante coñecer os resultados desa macroenquisa para que a Xunta traballe nesa liña. Pero tamén nos veñen moi ben eses datos ao Parlamento, señora conselleira, porque temos un traballo da anterior lexislatura para acadar un Pacto galego contra a violencia de xénero. É un reto que nos propoñemos para esta e creo que a partir de xaneiro poderemos comezar.

Por tanto, queremos saber cales son os principais resultados e conclusións que arroxa a macroenquisa sobre violencia de xénero elaborada pola Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Prado del Río.

Para dar contestación á pregunta, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes.

Antes de nada, e tendo en conta o trasfondo que ten a pregunta, gustaríame recordar a memoria das tres mulleres vítimas de violencia de xénero mortas este ano na nosa comunidade: Soledad Rey, Manuela Iglesias e Clara María Expósito. E tamén, por suposto, ás súas familias.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como vostede ben dicía, señora Prado, as institucións e, dende logo, a Xunta de Galicia non imos e non podemos escatimar esforzos ata eliminar esta lacra que é a violencia de xénero.

Procedo a detallar un pouco os resultados da macroenquisa, que é, efectivamente, unha das ferramentas moi útiles que ten a Administración —os efectos—, e, por unha banda, a valorar aquelas medidas que estamos adoptando e que temos que prorrogar polos seus resultados positivos, pero tamén aqueloutras que temos que modificar, que temos que innovar, que temos que modular para traballar naqueles aspectos que resulten precisos.

Unha macroenquisa fíxose xa no ano 2005 e outra no ano 2012, pero é importante resaltar que esta do ano 2020 é moito máis extensa en canto ao ámbito de enquisados. En efecto, enquisáronse 3.874 persoas residentes en Galicia, sempre de 18 ou máis anos de idade, co cal, o tamaño da mostra aumentou un 287 %, porque no ano 2012 foron enquisadas 1.001 persoas. A distribución poboacional destas persoas foron: 2.156 mulleres e 1.717 homes; dos cales o 58,4 % das persoas enquisadas reside no ámbito rural e o 41,6 % reside en áreas urbanas.

Dos resultados da enquisa, sobre todo comparándoos cos do ano 2012, é moi importante sinalar que a sociedade galega se mostra particularmente concienciada coa problemática da violencia de xénero. O 80 % das persoas enquisadas considérao un problema social, 10 puntos máis que no ano 2012. Esta porcentaxe tamén conta cun matiz demográfico esperanzador no sentido de que aumenta ata un 97,4 % en persoas entre 18 e 29 anos. A cidadanía considera nun 88,3 % que a violencia de xénero pode erradicarse, un 56,9 % que é evitable mediante un cambio global de valores, e un 31,4 % que pode evitarse mediante unha mellor protección e prevención. O 85,2 % da poboación, é dicir, 5 de cada 6 persoas, afirma que, se coñecese algún caso de violencia de xénero, o denunciaría.

En canto á valoración das medidas dirixidas á protección da vítima e á erradicación da violencia contra as mulleres, é de salientar que o 93 % da cidadanía considera a principal medida dende unha perspectiva institucional que se incrementen os recursos; dende unha perspectiva cívica e social, que as familias eduquen en igualdade a fillos e fillas; e que as mulleres denuncien canto antes. Os recursos máis coñecidos da Administración autonómica son os centros de acollida para mulleres maltratadas, cun 82 % de coñecemento; séguelle o apoio psicolóxico ás mulleres, con preto do 74 %;277 e o apoio á inserción laboral.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas.

Para a réplica ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señora presidenta.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora conselleira, quero saudar os datos que vostede nos acaba de expoñer. Por unha banda, o incremento das persoas enquisadas, un 287 % —dixo vostede—, pasando de 1.001 en 2012 a 3.874; o cal dános unha visión moito máis ampla de cal é a situación.

Dixo vostede tamén que máis da metade das persoas que participaron nesta enquisa residían no ámbito rural, o cal tamén é un dato moi importante, moi interesante, de cara a implantar medidas neste ámbito, xa que para nós é unha preocupación, porque as mulleres do rural teñen unhas especificidades distintas ás do urbano e para elas hai que adoptar medidas diferentes.

E cremos que arroxa datos importantes, como que a sociedade galega se sente particularmente concienciada coa violencia de xénero. Dicía vostede que se incrementou un 10 % o número de persoas que considera que isto é un problema social, e isto é un síntoma de que se están facendo ben as cousas, de que as campañas de sensibilización están chegando á xente. Por iso a nós nos parece importante, porque o Goberno galego leva dez anos traballando neste sentido, e estes datos o que están é avalando o bo facer e a boa xestión do Goberno do Partido Popular.

Tamén falaba vostede dun incremento, sobre todo na xente máis nova, dun 97,4 %, e que 5 de cada 6 persoas din que consideran que, se coñecesen un caso, o denunciarían; o obxectivo é chegar a 6 de cada 6. O dato máis importante que nos di vostede é que todo está na educación en igualdade, efectivamente, e temos que empezar nós, os representantes políticos, por asumir un compromiso importante coa igualdade, por eliminar desta Cámara os micromachismos, os tics machistas que estamos observando ultimamente. Cremos importante que, como representantes públicos, temos que dar exemplo á cidadanía.

¿Que valoración fai vostede e a Xunta de Galicia destes datos para a futura adopción de medidas?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Para o peche desta pregunta, a conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Efectivamente, a macroenquisa amosa puntos, como vostede reflectía: que o 80 % dos enquisados recoñeza xa a violencia de xénero como un problema nesta sociedade pois implica que as medidas de sensibilización e que as medidas de información que se están a levar a cabo están dando froitos. Pero non podemos esquecer que tamén hai datos e que a valoración que saca a Xunta de Galicia nos indica cara a onde temos que orientar as nosas políticas e que aínda quedan determinados estereotipos, determinadas falsas crenzas, que hai que eliminar da sociedade. Por exemplo, nesta liña resáltase que os principais factores que provocan a violencia de xénero son os problemas psicolóxicos ou mentais dos agresores —así o

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

considera o 88 %—; o machismo ou o sexismo da sociedade —o 87 %—; e incluso o abuso do alcohol ou o consumo de drogas por parte do agresor —o 86,9 %—.

¿Que quere dicir isto? Que a filosofía do noso traballo debe de continuar, evidentemente, pero debe de continuar intentando eliminar este tipo de ideas e este tipo de estereotipos. Continuaremos traballando, efectivamente, nas dúas liñas que estamos a facer: por unha banda, dende a perspectiva da información e, sobre todo, da formación dos nenos e da formación das nenas, da concienciación da xuventude dende a escola, dende as universidades; pero, por suposto, tamén —e como non pode ser doutra maneira— aumentando e mantendo a Rede galega de recursos de centros de acollida, o Programa de apoio psicolóxico ás vítimas e os restantes programas que temos en colaboración, moitos deles, coas entidades locais. Mostra disto foi neste ano 2020 como a Xunta reforzou a atención ás vítimas de violencia de xénero ante a situación da emerxencia sanitaria covid-19, precisamente para adiantarnos a calquera evolución negativa en relación coa violencia de xénero. É dicir, que, con estes datos na man, coido que se pode resumir, dalgunha maneira, en que estamos no camiño correcto pero temos que seguir avanzando en políticas públicas dirixidas á totalidade da poboación galega, con mensaxes claras de concienciación e de sensibilización —que amosan que están dando resultados—, pero debemos pór o acento na prevención para desmontar os roles, as ideas e os estereotipos que aínda están moi arraigados na violencia de xénero. As mulleres que sofren este tipo de violencia na nosa comunidade deben saber e ter claro que non se atopan soas, que existe unha serie de recursos públicos que están aí e que poden axudalas a saír da situación na que se atopan.

Máis nada da miña parte.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da dirección sanitaria de Ourense para incoar un expediente disciplinario a un profesional do Hospital de Verín. (Procedemento de urxencia)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Noa Presas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor conselleiro, con este expediente a verdade é que comprobamos como o señor Feijóo e os seus secuaces —entre os que está vostede— se superaron realmente a si mesmos. *(Murmurios.)* Están tan borrachos de maioría absoluta que están xa instalados no absolutismo político. *(Aplausos.)* Se non lles gusta oílo, teñen que aguantarse. *(Aplausos.)*

Mire, falamos de feitos graves que puidemos coñecer grazas a que o *Diario do Támega* os sacou á luz. E realmente merecen unha explicación nesta Cámara. Porque, miren, vostedes, con Verín, non soportaron non ter razón, nin ética nin cientificamente. Non soportaron ter que dar o brazo a torcer e que non conseguisen pechar esa sala de partos en Verín. Non so-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

portaron que Verín se convertese na capital da dignidade, na capital da defensa da sanidade pública e tamén na capital do dereito que temos as mulleres a ser nais cerca das nosas casas con independencia de onde vivamos. *(Aplausos.)*

Tiveron que rectificar. E, lamentablemente, ante a falta de explicacións sobre esta cuestión, ante os feitos que estamos vendo e os documentos que se están sacando á luz, a única conclusión á que se pode chegar é que vostedes esperaron calculadamente a que pasasen as eleccións galegas para continuar con esta ofensiva, señor conselleiro. Hoxe vostede ten que explicar aquí o que non explicou o señor Feijóo pola mañá, que falou de retorcer, de manipular e de mentir. Faltoulle dicir que iso é o que el fai, porque dixo que non había expediente disciplinario —e haino—, ou dixo que a denuncia fora dunha pediatra —e o informe que motiva este expediente está asinado polo señor Rubal—. O señor Rubal é un cargo político, igual que vostede. Son cargos políticos dentro da estrutura sanitaria deste país nomeados polo señor Feijóo. Polo tanto, non se parapeten en criterios técnicos, non se parapeten nos profesionais, porque esta decisión está asinada por un responsable político. Iso é o que nos leva a pensar que é unha instrución política.

Teñen que explicar por que lle preocupa tanto á Xunta de Galiza un desacordo puntual entre profesionais e lle preocupan tan pouco outros feitos graves que coñecemos desta situación e doutras, como eses intentos de separación ou separacións forzosas de nais e de bebés no tempo no que intentaron pechar a sala de partos de Verín. É realmente lamentable que non nos vexamos preocupados por este tipo de cuestións e que vexamos isto que parece sinceramente unha cacería política. Creo que hoxe nos debe unha explicación, a que non foi capaz de dar o presidente da Xunta de Galiza pola mañá.

Creo que tamén Verín merece unha desculpa e creo que este país merece unha rectificación. Deixen de actuar como Torquemada. Rectifiquen, expliquen esta situación e asuman que en Verín perderon, porque non tiñan a razón nin desde o punto de vista ético nin desde o punto de vista científico. Asuman que rectificar foi acertar e que Verín xa non ten medo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non ten medo e isto non vai funcionar...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

(Aplausos.)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Antes de comezar coa resposta, quixera corrixir dúas inexactitudes na formulación da propia pregunta, máis alá do termo «secuaz». Din vostedes cales son as razóns de que a dirección sanitaria de Ourense presuntamente incoara, meses despois dun acontecemento aparentemente inocuo, un expediente a un profesional do hospital de Verín.

Ben, en primeiro lugar, a dirección sanitaria de Ourense non incoa o expediente. A proposta de incoación faise pola Inspección Sanitaria de Ourense e, posteriormente, pola Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria. É dicir, este expediente non pasou, en ningún momento do seu trámite, pola mesa da dirección sanitaria de Ourense nin pola mesa do conselleiro de Sanidade nin pola mesa do presidente da Xunta. En segundo lugar, o acontecemento que dá lugar ao expediente pode ser aparentemente inocuo para vostedes, pero se cadra non o é tanto para o profesional que o denuncia. Dende logo, eu non me sinto coa autoridade suficiente para dubidar da denuncia desta muller. Se vostedes queren facelo, é o seu problema.

Dito isto, a única participación que ten a xerencia de Ourense neste asunto é precisamente evitar interferir nel. Cando unha pediatra expresa unha queixa sobre o comportamento dun compañeiro ante a xerencia, tanto o xerente como o xefe de servizo deciden que non lles corresponde a eles entrar nesa disputa. Recomendan que ese acto sexa dirimido pola canle máis independente posible, que é a da Inspección Sanitaria. Por suposto, señoría, no ámbito da Administración esas cousas fanse por escrito. É iso o que lle recomenda o xerente e o xefe de servizo á pediatra, que o faga por escrito.

A Inspección Sanitaria de Ourense fai unha información reservada e propón a incoación. E agora o expediente pasou á fase de instrución, que lle corresponde a un profesional dunha área distinta. Nesta fase o expedientado pode ser chamado para comparecer —como xa fixo— e reclamar a práctica de probas —principio de contradición—. E, por certo, tamén pode acceder ao expediente unicamente el, e velo.

Finalizada a instrución, o expediente pode arquivarse ou converterse nun prego de cargos. Contra el, o acusado tamén podería alegar. Tras isto, habería unha proposta final sobre a que novamente tamén podería alegar. Polo tanto, polo que á Xunta respecta, este profesional é absolutamente inocente, e seguirá a selo agás que o expediente se resolva en sentido contrario. Por iso non escoitarán nin ao presidente da Xunta nin a min nin ao conselleiro Almuíña nin ao xerente da área dicir nin unha soa palabra sobre este profesional, porque respectamos as garantías e respectamos os procedementos. Unha presión política —como vostedes lle chaman— sería terse pronunciado sobre este expediente tratando de influír na instrución. Nós non o fixemos, vostedes si que o están a facer. *(Aplausos.)* Unha represalia sería inxuriar publicamente este profesional mentres está suxeito a un proceso absolutamente garantista, que será o que determine a súa responsabilidade. Ese non é o noso estilo. Teñen vostedes agora unha oportunidade para rectificar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Presas.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pois mire, señor Comesaña, non imos rectificar no noso exercicio da responsabilidade política de averiguar o que acontece neste caso e de certificar que non están empregando isto para mandar unha mensaxe ás e ós profesionais da sanidade pública do noso rural sobre que quen se move recibe consecuencias. *(Aplausos.)* Isto cheira que apetrena, señor Comesaña. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Claro, vostede vén aquí cunha serie de informacións —que imaxino que lle trasladou o señor Rubal oralmente— que nós temos que crer con fe cega. Nós guiámonos polas informacións escritas que saen na prensa e que atestiguan presuntos documentos que son reais. Se non son reais, remitan a este Parlamento toda a documentación, tapando os datos persoais, ou traian persoas a comparecer neste Parlamento e que se saiba o que acontece ou non. *(Murmurios.)* Porque isto é o que di que isto non é unha denuncia dunha pediatra por iniciativa propia. *(A señora Presas Bergantiños amosa un documento.)* Aquí o que aparece é que isto foi recomendado, segundo di vostede —iso é interpretable—, polo señor xefe da EOXI de Ourense, que é o señor Rubal. E vostede non explica aquí tampouco por que tardamos dez meses en ver o desenvolvemento deste tipo de cuestións. E tampouco explica aquí por que non se teñen en conta aparentemente cuestións como os testemuños do persoal de enfermería, que ten unha versión diferente dos feitos.

Efectivamente, nós somos prudentes na formulación das nosas preguntas. Pero o que non é prudente é que vostedes veñan aquí con acusacións de que presuntamente nós non tomamos en serio o persoal da sanidade pública, cando os que non están facendo iso son vostedes, os que non están sendo transparentes con esta cuestión —que o propio implicado denuncia como unha persecución política— son vostedes. A nosa responsabilidade é que este tema non pase sen pena nin gloria, que teña unha explicación pública, que teña unha rectificación e que non cometan un atropelo máis contra poboación de Verín. Porque o seu anterior ocupante do cargo dicía cuestións moi parecidas cando viñamos traer a este Parlamento o depauperamento da atención pediátrica na provincia de Ourense...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. Terminou o seu turno.

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas. Terminou o seu tempo. Isto é así.

(Aplausos.)

Peche da pregunta. O señor Conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señoría, de verdade, non sei que parte non se entende do procedemento. Alégrome de que vostedes saiban que houbo un incidente entre a pediatra e o xinecólogo. Acaba vostede de sacar parte do expediente —ao que, por certo, só ten acceso o xinecólogo—. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, eu non o teño, eu non vin ese expediente. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero quen

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ten acceso é o xinecólogo. E vostede acaba de ensinar unha parte do documento no que di que á pediatra, cando chega ao xefe de servizo e ao xerente da área sanitaria —que, por certo, se chama Rubial—, lle din que, se ten algo que dicir sobre o xinecólogo, o que ten que facer —como se fai na Administración— é escribilo. Iso é o que pon ese documento que vostede acaba de ensinar e que eu tamén vin, efectivamente, no periódico; pero só no periódico, non o vin noutro sitio.

Repito, vou volver facer a primeira parte da miña resposta. Este é un proceso garantista, que lle dá todas as garantías, neste caso, ao xinecólogo, que lle dá tamén todas as garantías á pediatra e no que, por suposto, se escoitou e se vai volver escoitar —se é preciso— as enfermeiras do paridoiro para que dean a súa versión; e no que unha persoa independente, neste caso un inspector médico, vai pronunciarse. Sobre ese pronunciamento, o xinecólogo terá a ocasión de alegar. E, cando este inspector faga unha proposta de resolución, o xinecólogo novamente volverá poder alegar. ¿Que máis queren? ¿Que máis garantías queren do proceso? ¿Queren que lles diga por que se fixo isto? Repito, vostede mesma acaba de mostralo: a pediatra reflicte un conflito cun xinecólogo e, como xa dixo o presidente esta mañá, agora mesmo hai vinte procesos similares. ¿Que pasa?, ¿facemos o mesmo cos vinte? ¿Que me está pedindo? ¿Estame pedindo que este proceso non siga? ¿Estame pedindo que o agochemos debaixo da mesa? ¿É o que me está a pedir?

O inspector rematará o seu proceso e —repito—, contra esa proposta inicial do inspector, o xinecólogo aínda poderá alegar o que considere oportuno. Creo que non hai máis. Se vostedes queren estirar isto como xa o veñen facendo dende hai moito tempo, pois é a súa decisión. Dende logo, nós imos ser respectuosos co xinecólogo, coa pediatra e co inspector médico.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do inicio do curso marcado pola covid-19 nas escolas infantís de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Elena Suárez Sarmiento, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora conselleira, como todos sabemos, en setembro abríanse de novo as escolas infantís en Galicia despois de seis meses de peche forzoso pola pandemia. Esta reapertura fíxose dun xeito programado, como sempre, pero este ano cunha implicación especial do Goberno da Xunta de Galicia co fin de adaptar os centros educativos á nova situación creada pola covid-19, xa que había que redactar un estrito protocolo de seguridade para protexer a comunidade educativa de posibles contaxios da enfermidade.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O inicio do curso supuxo unha inquedanza razoable nas familias do alumnado das escolas infantís de Galicia, pero desde o Goberno da Xunta considerouse imprescindible reiniciar a actividade educativa nas datas habituais. Por iso, o presidente Feijóo foi quen de transmitir a confianza necesaria tras poñerse unha vez máis na primeira liña da toma de decisións. Neste senso, Galicia encabezou a redacción do protocolo para o inicio do curso escolar co asesoramento do Comité Clínico —por suposto, o Comité Clínico de Galicia—. Unha vez máis, a nosa comunidade situábase por diante.

E digo que a reincorporación ás aulas era imprescindible naquel intre por varios motivos: pola necesaria conciliación da vida familiar e laboral unha vez iniciada a actividade económica, pola socialización, tan carente no confinamento; e pola volta á rutina, fundamental para os pequenos despois de tanto tempo nun ambiente de restricións e sen pautas rutinarias.

Señora conselleira, desde o Grupo Parlamentario Popular queremos agradecerlle ao Goberno da Xunta de Galicia —e, neste caso, máis concretamente á Consellaría de Política Social—, que non cedese ás presións da oposición, que, polo lado do BNG, a través do seu brazo sindical, pretendía atrasar o inicio do curso promovendo protestas e manifestacións e, polo lado do PSdeG-PSOE, lle exixía ao Goberno galego unhas condicións que non cumpren nin os seus compañeiros de partido noutras comunidades nin moito menos o Goberno de España, o que demostra unha vez máis o seu pouco interese en remar; máis ben ao contrario, denota un interese meramente propagandístico e de paus nas rodas, lonxe da colaboración que piden onde gobernan. Menos mal que quen toma as decisións en Galicia é o Goberno do Partido Popular.

Na actualidade, preto de cumprirse cen días desde o inicio do curso das escolas infantís, as familias están a comprobar o seu funcionamento coa máxima normalidade posible dadas as circunstancias. Esta normalidade é de agradecer, por unha banda, á xestión da pandemia por parte da Xunta de Feijóo, pero moi especialmente á implicación do persoal...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Suárez Sarmiento, ten outro tuno despois.

(Aplausos.)

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Suárez, como ben sabe, as escolas infantís de Galicia abriron de novo as súas portas o pasado mes de setembro para iniciar un curso escolar excepcional e sen ningún tipo de precedentes. Ao igual que para o resto das nais e dos pais de toda Galicia, a prioridade absoluta do Goberno galego foi en todo momento, e segue sendo agora, garantir sempre a máxima protección para a comunidade educativa, tanto para as educadoras e educadores como para os máis pequeniños da nosa casa, que son os nosos fillos. E, para iso, actuamos sempre con previsión desde varios meses antes do inicio do curso escolar, dotando todos os centros educativos e de atención á infancia dun protocolo de actuación fronte á covid-19 e dun ca-

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tálogo de medidas que levamos a cabo con esa posta a punto das instalacións para adaptalas á nova realidade, coa formación de todo o persoal e coa máxima seguridade e hixiene para os 4.800 profesionais dos distintos centros de atención á infancia e tamén a través da realización de probas PCR a todo o persoal antes do comezo do curso escolar.

Señorías, recordarán que, por precaución, durante seis meses as escolas infantís tiveron que suspender temporalmente a súa actividade. Isto supuxo un dobre reto. Por un lado, o reto para a Xunta de Galicia de poñer en marcha de forma urxente axudas destinadas ás familias para que puidesen conciliar a súa vida persoal coa súa vida laboral. E tamén supuxo un reto para os profesionais que xestionan as escolas infantís, e por iso aprobamos un paquete extraordinario de medidas para axudalos a facer fronte ás consecuencias económicas do seu cesamento na actividade.

Señorías, tres meses despois deste inicio do curso escolar, as cifras falan por si soas. Máis do 99 % das escolas infantís de Galicia funcionan nestes momentos con total normalidade. Só catro permanecen nestes momentos pechadas por indicación sanitaria, e o que nos din é que nos próximos días xa comezarán de novo a súa actividade.

En definitiva, señorías, a pandemia supuxo unha proba sen precedentes para as familias de Galicia e para os galegos e as galegas que forman parte da comunidade educativa das escolas infantís. E, se botamos a vista atrás por un momento, podemos concluír que a proba foi superada con éxito. Porque neste curso demostrouse que Galicia conta cuns excelentes profesionais de atención á infancia, que merecen sobradamente a confianza que demostran cada día neles os pais e as nais de Galicia ao deixarlles ao seu coidado e para a súa educación as persoas que máis queren, os máis pequeniños de Galicia, que son os seus fillos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Suárez Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Conselleira, unha vez máis noraboa pola xestión do inicio do curso nas escolas infantís de Galicia, pola eficacia nas medidas adoptadas e, como dicía anteriormente, pola confianza trasladada ás familias e á comunidade educativa destes centros.

Ademais do condicionamento directo que supón a pandemia na vida das escolas infantís, tamén é de xustiza facer fincapé nas medidas sociais adoptadas desde o seu departamento co obxecto de mellorar a vida das persoas, máis concretamente no que se refire ao coidado da infancia e á conciliación da vida laboral e familiar. As familias galegas son coñecedoras e beneficiarias destas medidas, máis necesarias ca nunca nos tempos que estamos a vivir e nos que nos veñen enriba.

Conselleira, agradeceríalle que nos fixera un resumo dos resultados da implantación destas medidas tan beneficiosas para as familias galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Suárez Sarmiento.

Peche desta pregunta pola conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

A actuación da Consellería de Política Social no ámbito das escolas infantís centrouse principalmente en garantir o mantemento e tamén a adaptación á nova realidade de toda a rede de recursos de atención á infancia, e tamén ese practicamente normal inicio do curso escolar nas escolas infantís dentro dun contexto tan excepcional como o que estamos a vivir, que é o dunha pandemia sanitaria. O protocolo elaborado conxuntamente polas consellerías de Sanidade e de Política Social non é só aplicable ás escolas infantís de Galicia, senón tamén ás casas-niño, aos puntos de atención á infancia, aos espazos infantís e ás distintas ludotecas.

E como xa indiquei na miña primeira intervención, o inicio do curso escolar estase a desenvolver con total normalidade grazas á aplicación estrita dos protocolos elaborados fronte á covid-19, grazas a esa subministración centralizada de material de protección que fai cada día a Xunta de Galicia e tamén grazas á implicación dos pais e das nais e dos distintos profesionais nesta tarefa tan difícil.

O compromiso do Goberno galego coas familias é un dos principais piares de traballo da Consellería de Política Social e o que permitirá que este curso sexa recordado non só pola pandemia sanitaria, pola pandemia da covid-19, senón tamén por ser o ano en que Galicia comeza a aplicar unha medida excepcional, unha medida sen precedentes, como é a gratuidade da educación infantil para os segundos fillos e sucesivos. É unha medida na que Galicia é unha vez máis referencia, na que Galicia é pioneira no conxunto de España, e que garante ás familias o maior dos apoios cando maiores son as necesidades.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Pasamos á última pregunta, porque saben que hai un aprazamento, que foi aprazada unha pregunta.

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún informe de carácter epidemiolóxico das vinte e cinco granxas de visóns existentes en Galicia respecto da covid-19

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Castro

A señora CASTRO REY: Señor presidente, ¿a quen lle fago a pregunta? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero non é dirixida a ningún dos dous ¿non?

O señor PRESIDENTE: Non, vostede faga a pregunta, que o Goberno lle respostará. Non se preocupe, hai dous conselleiros. Ten os dous, ademais, ao lado.

A señora CASTRO REY: ¡Vale, vale!

¡Ah! ¿É Sanidade? ¡Perdón, é que pensei que ía ser a conselleira de Medio Ambiente! ¡Perdón!

O señor PRESIDENTE: Non.

A señora CASTRO REY: Antes de empezar a miña pregunta, quería dende o Grupo Socialista tamén desexarlle ao señor Fernández Prado pois toda a sorte no camiño que vai emprender. E que tome nota algún dos seus compañeiros de bancada de que a actitude moderada e conciliadora dalgúns deputados pois ten a súa recompensa.

Creo que a estas alturas todos somos coñecedores das situacións acontecidas nas granxas de visóns do norte de Europa, e de que a finais do mes de abril a secuenciación do xenoma completo dos brotes de SARS-CoV-2 nunha granxa de visóns dos Países Baixos revelou a transmisión de virus entre humanos e visóns e viceversa. E a partir de aí detectáronse múltiples contaxios entre os animais e os traballadores e traballadoras destas granxas. Estes estendéronse a granxas de todo o norte de Europa —Holanda, Bélxica, Francia, Dinamarca— e tamén provocou que se decretara o sacrificio masivo de milleiros de visóns e o peche destas granxas. En España non fomos alleos a este problema, xa que no mes de xullo nunha granxa de Teruel, como consecuencia da aparición de varios gromos entre animais e persoal traballador da mesma, tivo que decretarse o sacrifico de 100.000 animais.

Galicia é a comunidade autónoma que máis cantidade de granxas de visóns ten de toda España, ten practicamente o 80 % das explotacións deste tipo. E competimos en explotacións con países como Rusia ou China. Non vou entrar agora en consideracións sobre a conveniencia ou non de permitir a existencia destas granxas, xa que creo que este é outro debate, e que se vai producir máis a nivel nacional. Pero si creo que é o momento de centrarse na prevención. Temos na nosa comunidade unha potencial bomba sanitaria que ten que estar controlada. E a Xunta, a pesar de ser coñecedora do acontecido nos outros lugares, non está a tomar medidas axeitadas.

En Galicia temos neste momento aproximadamente 500.000 visóns distribuídos entre 25 granxas, e non temos coñecemento de que exista ningún protocolo da Xunta de Galicia distinto ao que xa tiñan antes da pandemia. Temos que seguir as recomendacións da Organización Mundial da Saúde e implantar de forma urxente sistemas de vixilancia proactivos, como a toma de mostras sistemáticas en animais e humanos aínda que non presenten síntomas, a secuenciación do xenoma SARS-CoV-2 no caso de que aparezan brotes na contorna da granxa e comunicar e informar de calquera sospeita.

En Galicia ata agora só se fixo un seguimento pasivo, cando existían sospeitas de posibles casos, e só se realizaron pola Xunta análises en catro das vinte e cinco granxas de visóns en

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

funcionamento. É necesario un seguimento proactivo, como dicía, como se fixo en Holanda e como recomendan os expertos, que implicaría a realización de análises periódicas dos traballadores e traballadoras das granxas, así como dos visóns, tanto se presentan síntomas como se non. E tamén é necesaria a realización de autopsias aos animais que morren para coñecer as causas efectivas da morte.

Por iso plantexo as preguntas de se ten a Xunta previsto informar e facer un protocolo epidemiolóxico para estas vinte e cinco granxas, se cre a Xunta que pode existir un perigo de aparición dun gromo nas mesmas, se vai realizar algún tipo de medida en relación co perigo sanitario que supoñen estas granxas, se vai facer PCR de carácter periódico ás persoas traballadoras, como así se está a facer tamén a outros traballadores doutros eidos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Aplausos.)

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boa tarde, presidente.

Señoría, señorías, como saben, a Xunta de Galicia realizou un estudo dos gromos producidos en Galicia que determina que o ámbito no que estes se orixinan é principalmente familiar e social. Pero si coñecemos que, ademais da infección humana, nestes últimos meses se detectaron casos en visóns criados en granxas de varios países, como nos Países Baixos, nos que a transmisión de seres humanos infectados se considerou a principal fonte de infección para os animais.

Dende que foi comunicada oficialmente esta información polo Ministerio de Cultura, Pesca e Alimentación, a Xunta de Galicia, de inmediato, e os servizos veterinarios oficiais contactaron co sector peleteiro de Galicia para obter información de primeira man sobre a situación das granxas en relación con esta enfermidade. Tamén foron informadas dende a Xunta as persoas titulares das explotacións de visón americano sobre a situación dos Países Baixos, e trasladóuselles a necesidade de incrementar medidas de prevención para evitar a entrada do virus nas granxas, fundamentalmente no referido á transmisión da infección dende as persoas.

Dende o primeiro momento, a Xunta de Galicia estableceu, en coordinación co Ministerio, medidas encamiñadas á prevención e ao control da dita enfermidade nas granxas de visóns. Tamén establecemos unha canle de coordinación entre o Servizo de Sanidade Animal, da Consellería do Medio Rural, e o Servizo de Epidemioloxía, da Consellería de Sanidade. Puxemos en marcha o Programa de prevención, vixilancia e control fronte á posible introdución e circulación do SARS-CoV-2 nas granxas de visóns americanos en España, un programa elaborado polo Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación, coa aprobación e consenso do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, do Ministerio de Sanidade. Pero, ademais das accións recollidas neste programa, común para todo o Estado, a Xunta tomou a decisión de levar a cabo unha monitorización periódica da totalidade das granxas de visón

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

americano con actividade en Galicia, consistente na toma de mostras periódicas de animais para a súa análise por PCR no Laboratorio de Sanidade e Produción Animal de Galicia.

En consecuencia, están e seguirán a estar sometidas a vixilancia activa todas as explotacións de visóns en estado de alta, rexistradas no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia, que teñen actualmente animais presentes. O número de explotacións nesta situación é, efectivamente, de 25, tal e como figura na súa pregunta. Nelas realízase unha toma de mostras de animais polos servizos veterinarios oficiais da Xunta, acompañados —polo menos, nas primeiras actuacións— polo persoal veterinario da agrupación de defensa da seguridade gandeira á que pertence a explotación. E, ademais, por parte da Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta exíxese tamén a vixilancia periódica do persoal das granxas mediante PCR.

En definitiva, non só estamos a cumprir escrupulosamente o protocolo determinado polas autoridades sanitarias estatais senón que o estamos a ampliar na busca de dar a maior seguridade posible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señor Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, non pode falarse dun problema alleo que ocorre só nas granxas do norte de Europa, porque lle lembro, como dicía na primeira intervención, que 100.000 animais tiveron que ser sacrificados en Toledo por existir un gromo que contaxiou non só animais senón tamén os traballadores desta granxa.

Creo que se están á subestimar dende a Xunta os riscos para a saúde desas explotacións, e é posible que non se detecten posibles brotes e mutacións debido a non facer unha vixilancia preventiva, que é o esencial.

Nós tamén falamos coa Asociación Galega de Visóns (Agavi), e eles comunicáronnos que están a levar uns controis de carácter pasivo; isto é, indicar e informar sobre calquera actitude ou sobre calquera indicio de enfermidade. Pero non é do que nós falabamos, que é un labor de prevención, que penso que é o fundamental para evitar isto. Porque, ao mellor, cando nos deamos conta, isto xa se foi das mans.

Ademais, o que nos din tamén é que estas PCR e estes controis que están facendo a algúns animais estanos facendo eles e asumindo o custo. Dinnos que levan dende o mes de marzo sen poder realizar ningún tipo de venda internacional porque está parado o mercado internacional deste produto.

Entón, non se pode deixar á responsabilidade de terceiros unha cousa tan grave como pode ser unha situación sanitaria que se pode xerar non só entre a poboación de animais destas

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

granxas senón entre as poboacións cercanas. Creo que a Xunta ten que tomar unha actitude activa, ten que elaborar un protocolo, porque estamos falando dunha situación moi grave e que pode ter consecuencias nefastas na poboación, entre os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Peche da pregunta por parte do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, señorías.

Señora Castro, como lle indicaba ao comezo, a Xunta non só cumpre co exixido polas autoridades sanitarias estatais, senón que o incrementa. O programa nacional non establece a realización de test de vixilancia activa aos animais —é dicir, test programados de rutina en ausencia de calquera sospeita de enfermidade—, senón que os animais, segundo ese programa, só serían sometidos a probas diagnósticas no caso de detección de sintomatoloxía compatible coa presenza do virus na granxa, ou no caso de existencia de persoas en contacto con animais diagnosticadas como positivas.

Pola contra, a Xunta vai máis alá. Nós si eximimos test de vixilancia activa aos animais e ademais estamos a exixir unha vixilancia periódica do persoal das granxas mediante PCR. Ata o momento en Galicia foron realizados controis por sospeita en catro granxas da nosa comunidade —por existir algún síntoma que podería ser compatible coa infección da covid-19—. Estes controis foron realizados tanto con anterioridade á aprobación do protocolo estatal como a partir deste, e en todos os casos os resultados do laboratorio foron negativos.

Pero, por outra banda, dende que se tivo coñecemento da existencia das granxas infectadas nos Países Baixos, a Xunta exixiu probas de PCR aos traballadores das explotacións tras a volta das súas vacacións estivais. En todos os casos, de novo, os resultados foron negativos.

Na exposición da súa pregunta, vostede advirte de que estas granxas poden converterse nun perigo sanitario de non ter control exhaustivo polas autoridades competentes. Pois ben, as autoridades competentes do Goberno central ditaron un protocolo de control que estamos a cumprir, pero, dado que a vostede lle preocupa que as medidas estatais non sexan suficientemente exhaustivas —e a nós tamén—, a autoridade sanitaria da Xunta de Galicia tomou a iniciativa para reforzalas e evitar este perigo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Como se deron conta, prodúcese hoxe un feito que non é moi frecuente no Parlamento, que é despedirse de tres deputados, que son tres os que marchan nos próximos días. Son o señor Cores Tourís, o señor Fernández Prado e o señor Vázquez Almuíña. Eu quero despedilos e darlles as grazas polo seu traballo parlamentario. Pasan a ser vostedes agora embaixadores do Parlamento no destino que teñan —que xa sabemos cal é—. E eu pídolles que divulguen o traballo que facemos no Parlamento. Seguimos empeñados en que se coñeza cal é a misión

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Parlamento e como se traballa no Parlamento. A vostedes eu lles pido que sexan os nosos cómplices.

Eu non lles podo dicir o orgullo que se sente ao deixar de ser deputado, porque eu aínda ando por aquí, pero pódolles dicir que teño falado con moita xente que foron deputados e que todos me comentan o mesmo, que non hai nada do que se sintan máis orgullosos que de ter sido deputados do Parlamento galego.

Eu deséxolles moita sorte. Sei que os tres van a unha autoridade portuaria, e o mellor que lles podemos desexar é que teñan unha moi boa travesía, que teñan moita saúde e moita sorte.

Despedímolos con moito cariño, como merecen.

Moitas grazas.

(Fortes aplausos.)

Rematou o pleno.

Remata a sesión ás sete e trinta e cinco minutos do serán.

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGWX33PFmZg3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/